

A ESTRADA

miscelânea histórica e cultural




Núm. 24 [2021] • ISSN 1139-921X



A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



Vol. 24 (2021)

2021
Fundación Cultural da Estrada
Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural

ISSN 1139-921X

miscelanea.aestrada.com

Director

Juan Andrés Fernández Castro

Coordinador editorial

Juan L. Blanco Valdés

Consello Consultivo

Xesús Alonso Montero | Carlos Amable Baliñas Fernández | Xosé Luís Barreiro Barreiro | Roberto L. Blanco Valdés | Mercedes Brea | Manuel Cabada Castro | Francisco Díaz-Fierros Viqueira | Víctor F. Freixanes | Xosé Manuel Núñez Seixas | Vicente Peña Saavedra | Augusto Pérez Alberti | Ofelia Rey Castelao | Anxo Tarrío Varela | Xosé Manuel Vázquez Varela.

© Fundación Cultural da Estrada,
Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela», 2021

Edición

Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»
Aptdo. 78
36680 A Estrada
www.museo.aestrada.com
www.miscelanea.aestrada.com

Traducción de abstracts

Alexia Estraviz Loureiro
alexiaestraviz@gmail.com

Ilustración de cuberta

Marina, de Ángel Lemos.

Colección Museo Manuel Reimóndez Portela

Diseño de maqueta e maquetación

Rosa Costas Román

Impresión

Más Deseño Silleda S.L.
www.omeulibro.com

Dep. Legal: PO 188-2016

Índice

- 7 | O pintor Ángel Lemos de los Reyes
Andrés Fernández Sanmartín
- 157 | Sobre o viño ullao e a variedade de uvas ullao
Henrique Neira Pereira
- 163 | Cruz Gallástegui Unamuno: o fundador da *Misión Biolóxica de Galicia* no Pazo de Pousada (Boqueixón)
Manuel Redondo Mella
- 189 | Contribución al epistolario de Marcial Valladares: dieciséis cartas cruzadas con Andrés Martínez Salazar
Carlos Santos Fernández
- 253 | A historiografía da Estrada en cifras
Marcos Borrageros Vilela
- 265 | Reconstrucción de las iglesias parroquiales de San Xurxo de Vea y de Santa Baia de Matalobos durante el s. xviii
Javier García Gómez
- 291 | Codeseda e a Garda Civil
Luís Manuel Ferro Pego e José Manuel Bértolo Ballesteros
- 325 | Desde la parroquia compostelana de Santa María Salomé a la estradense de San Andrés de Souto
M. Carmen Folgar de la Calle
- 355 | A creación da parroquia da Estrada desde a perspectiva das fontes eclesiásticas
Juan Andrés Fernández Castro

- 365 | Os petróglifos da Quenlla dos Carballos na Estrada.
Un santuario rupestre cunha dedicatoria a Diana na
ribeira do Ulla

Colectivo a Rula e Juan Manuel Abascal Palazón

- 391 | Avelina Valladares, a muller sen rostro
Laura Filloy Martínez

- 403 | A conciencia do terror: sobre a derradeira carta
de Lago Búa

Emilio Francisco Grandío Seoane



O pintor Ángel Lemos de los Reyes*

Andrés Fernández Sanmartín
Andresfer15@yahoo.es

Resumo. Estudo da azarosa, rica e surprendente traxectoria vital e artística do pintor Ángel Lemos de los Reyes, desde o seu nacemento en Vigo en 1917, ata o seu falecemento no noso pobo da Estrada no 2002. Figura polifacética manifestamente desatendida e subestimada dentro do panorama plástico galego. O artigo profunda sobre aqueles episodios más coñecidos do artista, marcados polo seu cambio de bando do nacional ao republicano ao pouco de ser forzosamente reclutado para a guerra civil, e ademais recolle abundante información e obra inéditas, grazas á xenerosa posta a disposición pola súa familia da colección e fondo documental e ao labor de catalogación acometida polo Museo Reimóndez Portela da Estrada.

Abstract. Study about the eventful, rich and surprising life and career of the painter Ángel Lemos de los Reyes, born in Vigo 1917 and died in A Estrada in 2002. A versatile but clearly neglected and underestimated figure within the sphere of Galician plastic arts. This article deals with those best-known events related to the artist, marked by changing from the national to the republican side, shortly after being recruited for the civil war. It also collects abundant information and unpublished works, thanks to the collection and documents provided by the painter's generous family and the cataloguing work made by Reimóndez Portela Museum.

Infancia e mocidade en Vigo e Redondela

Ángel Casto Lemos de los Reyes nace o 1 de marzo de 1917 en Vigo, aínda que os seus pais non o inscribiron no rexistro civil ata un mes despois, o 1 de abril de 1917.

Fillo de Juana de los Reyes Pérez, natural de Vigo, de 27 anos, viúva dedicada aos labores do seu sexo, segundo a inscrición do Rexistro Civil, e de Antonio Lemos López, natural de Tui, panadeiro de profesión, solteiro de 23 anos.

A certificación rexistral indica que o seu avó paterno é descoñecido, pois nunca se formalizou oficialmente a filiación do seu pai. Porén, sabemos que se chamaba Jerónimo. A súa avoa é Concepción Lemos López, natural de Tui. Os seus avós maternos son José de los

* Tradución e supervisión lingüística, Celia Rozas Donsión, do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Reyes González, pintor, natural de Ferrol, e Emilia Pérez Hermida, de Vigo.

O bisavó materno de Ángel, Andrés de los Reyes, natural de Ferrol, era delineante. E a súa bisavoa chamábase Manuela González.

Juana, a nai de Ángel, contoulle que o seu avó José de los Reyes pintor e escultor ao que nunca coñeceu, pois faleceu por mor da varíola antes do seu nacemento era o autor de moitas das esculturas que áinda adornan as tumbas do cemiterio de Ferrol.

Os seus pais rexentan desde 1924 a confeitería e pastelería *La Tudense*, sita na rúa García Barbón, nº 55, de Vigo. O negocio familiar, fundado por Antonio antes de coñecer a Juana, é próspero durante a infancia de Ángel, o que lles permite levar unha vida economicamente acomodada, como demostra o feito de que na súa casa chegasen a traballar ata catro persoas, ademais dos empregados da panadería.

O seu pai, Antonio, dedícase a tempo completo á panadería, traballa longas xornadas de noite e descansa o que pode durante o día, polo que é Juana quen se encarga do coidado dos fillos e dos labores da casa. Cántanos Natalia Lemos, a filla de Ángel, que a súa avoa Juana era unha muller moi valente, con moito carácter e carisma. Con 16 anos, interpúxose nunha pelexa rueira a navalla, na que ao ferido lle meteron un gran corte no ventre, de onde lle saían os intestinos, e dona Juana meteulos dentro, envolveuno co refaixo, botouno ao ombreiro e levouno ao posto de socorro. Ángel Lemos e a súa nai Juana adorábanse. Tamén pasa moito tempo co seu irmán maior, José, por quen sente unha grande admiración e agarimo.

Ángel é o terceiro dun total de sete irmáns. O maior deles, José de los Reyes, nacido o 22 de novembro de 1908, érao só de nai. A primeira filla de Antonio Lemos e Juana de los Reyes, chamada Soledad, falece como consecuencia dunha afección pulmonar, sen alcanzar os dez anos de idade. Os seus irmáns menores son Antonio, Emilio, Eugenia e Margot.

En xaneiro de 1923, cando Ángel contaba con 6 anos de idade, o seu irmán maior, José de los Reyes, embarca cara a Bos Aires coa intención de reunirse co seu pai Luis Gallego, quen emigrara para traballar na construción da canle de Panamá.

Antonio Lemos e Juana de los Reyes co seu fillo Emilio. 1930.
Fondo familiar.¹

Esta partida terá unha gran reperCUSIÓN sobre o novo Ángel Lemos, pois José exercera unha grande influencia no seo da familia, ata o punto de que fora quen lle ensinou a ler ao seu padrasto Antonio Lemos, que traballaba na padeRería familiar desde os 8 anos e que, por tanto, carecía de formación académica básica. Juana, a súa nai, falseou o ano de nacemento de José e adiantouno a 1906 para que lle permitisen embarcar e comproulle un billete de terceira clase rumbo á Arxentina. Ángel

acudiou ao porto xunto á súa nai para despedir a José, o seu irmán maior e gran referente. Toda a vida lembraría as bágoas desconsoladas da súa nai que xamais volvería ver en persoa o seu fillo José.

O pequeno Ángel asiste en Vigo á escola de don Indalecio, onde se converte nun ávido lector e adquire tamén o gusto pola escritura. Desde moi pequeno, mostra facilidade para o modelado, a talla e o debuxo.

Aproximadamente no verán de 1925, os pais de Ángel envían o a pasar o verán coa súa tía avoa María Luisa Pérez Hermida, na súa casa de San Mamede de Moldes, parroquia do concello de Boborás,



¹ En diante, identifícanse como fondo familiar todas aquelas obras, fotografías e documentos que son na actualidade propiedade da familia de Ángel Lemos.



Ángel Lemos. *Lembranzas da miña infancia*. 1988. Óleo sobre lenzo. 59 x 50 cm.
Colección particular.

provincia de Ourense, onde tiña a súa praza como mestra. María Luisa, nai solteira, é unha muller culta, independente e de gran personalidade. Ángel séntese moi cómodo na súa casa, e a súa innata curiosidade vese alimentada por un ambiente moi distinto ao do seu fogar en Vigo. Alí ten ao seu alcance todo tipo de libros, revistas, xogos...

A súa tía Luisa establecería unha grande amizade con Antón Losada Diéguez e polo menos unha vez á semana visítalo no seu pazo familiar de Moldes, onde organizarían faladoiros xunto a outros invitados. Ángel acompaña sempre a súa tía e alí pasa as tardes cos fillos maiores de Antón: Miguel e Luis Losada Espinosa. Curiosamente, con Miguel reencontraríase moitos anos máis tarde na Estrada, onde era dono dunha farmacia, inicialmente situada na avenida de Fer-

nando Conde, nº 1, no local que fai esquina coa avenida de Leicures e, posteriormente, na avenida de Santiago, nº 16, fronte ao antigo ambulatorio, preto da casa onde se instalaría Ángel Lemos, na avenida de América.

Estas visitas estivais non volverían repetirse, pois Ángel comezaría pronto a traballar no negocio familiar. Sempre lembrará a súa estancia en Moldes con enorme agarimo e cun punto de nostalxia. En 1988, pinta o óleo *Lembranzas da miña infancia*, que recrea a cociña da súa tía Luisa en Moldes.

En 1928, con tan só 11 anos, os seus pais consideran que Ángel xa ten idade suficiente como para asistilos na panadería. É o fillo maior e o negocio atravesa un mal momento económico, de modo que toda axuda é pouca. Ángel deixa definitivamente a escola para comenzar a traballar na empresa familiar.

Na panadería, encárgase sobre todo dos labores ornamentais de pastelería, unha tarefa para a que mostra unha especial habilidade. Facía tortas e biscoitos con forma de casiñas, castelos, hórreos, cruceiros... As súas decoracións para as tortas estaban tan ben feitas que nunha ocasión o homenaxeado decidiu non comerse o hórreo recreado con pasta de caramelos e levalo como recorde para América.

Contaba a súa nai que Ángel, cando era adolescente, lle pedía que non tirase os ósos grandes do cocido porque os utilizaba como material para as súas tallas. Adoitaba desaparecer durante períodos longos de tempo. Nunha ocasión, a súa nai, preocupada por estas misteriosas ausencias, pediulle á súa filla Eugenia que o seguise para pescudar que estaba a facer. A súa irmá descubriu que Ángel sentaba debaixo dunha árbore e escribía.

Ángel emprega calquera material ao seu alcance: papeis, cartóns, madeira, caixas... para os seus traballos manuais. Acostumaba improvisar funcións con monicreques para os seus veciños, familiares e amigos.

O 21 de febreiro de 1932, Ángel, que neste momento ten 14 anos, escríbelle desde Vigo unha carta ao seu irmán José de los Reyes, que segue en Bos Aires. Cántalle que o estraña e que se alegra moito de que escriba nun xornal. Fálalle do seu soño de ser actor



Ángel Lemos. *1º y único dibujo hecho en la Escuela de Artes y Oficios de Vigo.* 1932. Lapis sobre papel. 30 x 22 cm. Fondo familiar.

e de triunfar no cinema e infórmao ilusionado de que lle acaban de comprar unha guitarra porque lle gusta moito a música, que cultiva de forma totalmente autodidáctica.

A panadería *La Tudense* sitúase moi preto da Escola de Artes e Oficios de Vigo, sita na rúa García Barbón, nº 5. Carlos Sobrino Buhigas, profesor de debuxo nesta, é cliente habitual do establecemento. En certa ocasión, no mostrador, observa un debuxo feito por Ángel sobre un papel de envelver. Intrigado pola calidade do traballo, pregúntalle ao pai de Ángel quen o pintou, ao que este responde afagado que o autor é o seu fillo Ángel,

de 15 anos. Carlos Sobrino advirte o talento incipiente do mozo, polo que persuade os seus pais de que o matriculen na Escola de Artes. Animado polo profesor, e co beneplácito dos seus pais, Ángel inscríbese en 1932 na EAO, onde asiste ás clases de debuxo impartidas polo propio Carlos Sobrino.

A familia aínda conserva un debuxo realizado por Ángel Lemos no cal, do puño do propio Lemos, figura escrito *1º e único debuxo feito na Escola de Artes e Oficios de Vigo.*

A estancia de Lemos na EAO resulta moi curta, pois en xullo de 1932, ao pouco tempo de incorporarse ás clases, a súa familia vese obrigada a mudarse a Redondela debido a motivos económicos, o que impide que continúe a súa formación artística nesta cidade.

Ángel sempre lle restou importancia ao feito de ter que abandonar a súa formación artística de forma tan abrupta e prematura. En máis dunha ocasión, manifestou que nunca chegara a estar moi con-

tento nas clases, pois os profesores deixábanos ao seu aire, moi libres e que para iso prefería aprender pola súa conta. Aínda que sempre se mostrou orgulloso de ser un artista autodidacta, a súa filla Natalia tamén sinala que a súa personalidade conciliadora e o respecto e agarimo que sentía polos seus pais probablemente o levaron a lles restar importancia ás circunstancias en que cesara a súa formación, algo que nunca lles reprocharía.

Xa en Redondela, no escaso tempo libre que lle deixa o seu traballo na nova panadería que alí rexentan os seus pais, comeza a tocar a guitarra e incorpórase a unha rondalla. Deste xeito, intégrase plenamente na vida lúdica e cultural redondelá, onde pasa a ser coñecido como Mojica polo seu parecido co actor e cantante mexicano José Mojica, e mesmo en ocasións, grazas ás actuacións co grupo musical, gaña algo de diñeiro.


Continúa tallando e escribindo, sobre todo poesía. Lemos tiña acceso á biblioteca dun pazo propiedade da familia dun dos seus amigos. A lectura dos seus libros alimenta o seu espírito soñador.

En Redondela, establece unha estreita amizade con Ignacio Arrondo Moro (ver apéndice), conxenan á primeira, ambos soñan con ser actores e comparten talento e inquietudes artísticas. Esta amizade perdurará polo resto das súas vidas.

Tanto Ignacio coma Ángel naceran no ano 1917 e ambos eran fillos de pasteleiro (o pai de Ignacio, o navarro Antonio Arrondo, abriu recentemente unha pastelería na rúa Policarpo Sanz de Vigo). Ambos desbordan aptitudes artísticas que na súa mocidade se dirixen cara á interpretación e que na súa vida adulta canalizarán cara á pintura, Lemos antes ca Arrondo.

Aos 17 anos, para desgusto dos seus pais, sobre todo da súa nai, escapa co seu amigo Antonio Ramonet Balado nun tren, coa intención de chegar aos estudios cinematográficos de Aranjuez, onde pretendían traballar como actores. Pero cando chegaron a León, Ángel empeñouse en se deter para contemplar a súa catedral, en contra da opinión do seu compañeiro de fuga, e nese momento a Garda Civil reconéceos, detenos e devólveos sen escolta a Redondela, onde son recibidos como celebridades, de xeito que mesmo se chegan a compoñer coplas sobre este episodio:

O pintor Ángel Lemos de los Reyes



Ángel Lemos fotografado por Ignacio Arrondo. 1933. Fondo familiar.



Antonio Ramonet, Simeón e Ángel Lemos nas festas de Reboreda. 1934. Fondo familiar.

También tenemos artistas
En este pueblo
En este pueblo
Que se fueron de turistas
Una mañana en el correo
En el correo
Según dicen se marchaban
A los estudios de Aranjuez
Como no eran pillos
Los detuvieron en el cuartel

O diario *El Pueblo Gallego* do 31 de agosto de 1934 publica:

Mozos que foxen. Hai algúns días, fuxiron dos seus domicilios os mozos menores de idade Ángel Lemos e Antonio Ramonet, os cales marcharon con dirección a Madrid, segundo din algúns dos seus amigos. Parece ser que tiñan proxectada desde hai tempo a súa fuga, pois xa estaban reunindo diñeiro desde hai bastante tempo, co propósito de dirixirse aos estudios cinematográficos de Aranjuez, onde pretendían dedicarse ao cinema. Os familiares destes denunciaron ante a Benemérita o caso.

Tamén en 1934 chega a Redondela unha compañía de teatro madrileña que representaba a obra de José Zorrilla, *Don Juan Tenorio*.

Durante a súa estancia na vila, enferma o actor que interpreta a don Diego Tenorio. Coa esperanza de non suspender as funcións programadas, a compañía realiza unha convocatoria pública para preguntar se algúen estaba interesado en substituílo. Ángel, cuxo soño por entón era o de ser actor, ofrécese voluntario, e incorpórase ao elenco de actores de forma inmediata. A súa interpretación é tan destacada que a compañía lle ofrece incorporarse a esta con carácter permanente. En contra dos deseños da súa nai Juana, e co consentimento de seu pai, quen está convencido de que pronto regresará a Redondela coa súa familia, Ángel parte coa compañía.


Con motivo desta viaxe, os seus pais, para levar as súas pertenzas, cómpranlle un baúl que o acompañará praticamente o resto da súa atarefada vida.

Non puidemos pescudar en cantas funcións participou Ángel, pero si sabemos que cando a compañía chega a Salamanca despídese e volve a Redondela. Neste curto período de convivencia, o noso protagonista pode comprobar que non ten nada en común co resto de actores e en ningún momento se sente cómodo nese ambiente. Os membros da compañía levan unha vida desorganizada, déitanse moi tarde e dormen durante a maior parte do día ata a hora da representación, un estilo de vida que Ángel detesta, polo que decide regresar coa súa familia, tal e como prognosticou o seu pai.

Por mor desta experiencia, a idea de gañar a vida como actor vai perdendo forza na súa cabeza; porén, o mundo dos escenarios, da interpretación, da música, dos monicreques e da comedia seguirán formando parte das súas afeccións, e proba diso é que máis adiante



Festas da Coca, Redondela. Magariños e Ángel Lemos (sentados), Castro e Generoso (de pé no chan), Ignacio Arrondo e outro amigo (de pé subidos ao avión). 3 de xuño de 1934. Fondo familiar.



Ángel Lemos. *Arlequín e Colombina*. 1992. Óleo sobre lenzo. 73 x 60 cm. Colección particular.

cerse na Arxentina. Alí escribe poesía, publica artigos na prensa, e ademais traballa como rotulista ou «pintor letrista», como din nese país. En definitiva, o estilo de vida que Ángel anhela mentres traballa na panadería da súa familia, un traballo que desempeñaba de forma obediente, pero que en realidade aborrece.

De novo, o seu propósito desbarátase ao ser descuberto pola tripulación do barco antes de chegar a Lisboa. Unha vez amarran no porto desta cidade, por orde do capitán, é entregado ás autoridades portuguesas, que o ingresan no cárcere do Limoeiro, á espera de que o barco faga a ruta de volta a España para recollelo e repatrialo a Vigo. Ángel trata de convencer o capitán de que o leve con eles á Arxentina e que non o deixe encarcerado en Lisboa, pero este mós-trase tallante e respóndelle que non se fía de que non escape en Bos Aires, e entón que explicación lle vai dar á súa nai?

No cárcere coñece a Xan da Costa, un exmilitar portugués de familia adiñeirada encarcerado pola comisión de delitos económicos, co que pronto conxenia. Maior ca Ángel, acólleo baixo a súa protección e manteno a salvo dos perigos da prisión durante os case-

serán temáticas que incorpore de forma reiterada á súa obra pictórica, como arlequíns, pallasos, bailarinas ou festas populares.

En 1935, Ángel volve ás andadas, esta vez cun plan máis ambicioso. Acabados de cumplir os 18 anos, consegue infiltrarse como polisón no barco de vapor francés *Massilia*, rumbo a Bos Aires, co obxectivo de reunirse co seu irmán maior José de los Reyes.

Ángel sente auténtica devoción polo seu irmán maior, con quen mantén un regular contacto epistolar. José lograra estable-



Agrupación Artística Redondelá, 1934. Ángel Lemos é o primeiro sentado comezando pola dereita. Fondo familiar.

trinta días que durou o seu cativerio. Aproximadamente ao mes da súa fuga, foi devolto á súa casa.

Así narraba o propio Lemos esta aventura nunha entrevista publicada en *La Voz de Galicia*, do 11 de maio de 1988:

Co mesmo abrigo de coiro con que marchaba con Ramonet, embarquei de polisón en Vigo no Massilia, pero tampouco tiven sorte. Fixen o que puiden para convencer o capitán, pero fun desembarcado en Lisboa. A miña cabeza xa estaba por entón chea de cores, debuxos; paseaba con Generoso Becerra, que escribía poesía, e eu admiraba igrexas e castelos, casas, pontes, árbores. Aquel mundo ocupaba a miña imaxinación.

De regreso a Redondela, retoma a súa vida cotiá na panadería e coa rondalla. Dúas noticias do diario *El Pueblo Gallego*, publicadas o 9 de febreiro de 1936 e o 14 de abril de 1936, dan conta de ambas as actuacións no local social do Centro de Cultura e Estudios Psicolóxicos Paz e Harmonía, sito na rúa Cervantes, nº 21, de Vigo, da rondalla redondelá Los Calaveras, á que pertencía Ángel. Ademais, este interpreta varias pezas en solitario.

En 1936, finaliza o seu período vital en Redondela, pois a súa familia pecha a panadería e mudiase de novo a Vigo. Cántanos Na-

talia Lemos que o seu pai lembra con enorme agarimo o curto pero intenso período de tempo que viviu en Redondela. Dicía que se mudou alí moi a contra gusto, por deixar Vigo, onde estaban a maioría dos seus amigos, e que os tres anos que pasou naquela vila foron «os mellores da súa vida».

De regreso a Vigo, xunto aos seus pais e irmáns, instálanse no barrio do Calvario, concello de Lavadores, no límite con Vigo e maioritariamente ocupado por veciños de clase obreira.

Ángel e o resto da súa familia vense obrigados a traballar como xornaleiros nos fornos doutras panaderías. A lectura, a escritura, a arte e o anhelo por coñecer cidades e países continúan ocupando a súa mente, alimentando un espírito inconformista que anhela evadirse da súa frustrante e anódina vida.

Ese mesmo ano, ao pasear pola rúa Hernán Cortés de Vigo, tropeza cun taller de carpintería que inmediatamente capta a súa atención. Co permiso dos seus donos, entra a esculcar. A talla non lle é allea, pois desde pequeno esculpe calquera material moldeable que cae nas súas mans, afección para a que demostra unha gran pericia. No taller observa con atención como traballan a madeira os profesionais e queda inmediatamente seducido por este labor artesanal. Alí coñece os irmáns Bardají, de orixe maña, tallistas e ebanistas a quen lles pide que o acollan como aprendiz. Aos poucos días incorpórase ao taller, compaxinando esta aprendizaxe coas súas obligacións como panadeiro, tarefa da que non pode desvincularse, pois a súa familia precisa dos ingresos que lle reporta. Ángel dedica todos os seus esforzos a traballar a madeira e descobre unha nova vocación que lle permite canalizar a súa creatividade e a súa gran destreza manual.

Os irmáns Barjadí regaláronlle a Ángel unha caixa de madeira feita artesanalmente para as súas ferramentas. Máis adiante, converteríase na súa caixa de pinturas, que o acompañaría ata o final dos seus días.

Neste período inmediatamente anterior ao estalido da Guerra Civil, coñece o escultor Camilo Nogueira Martínez, pertencente a unha familia de carpinteiros e tamén veciño do barrio do Calvario de Vigo. A súa casa está moi preto da dos pais de Ángel, na rúa

Doutor Carracido. Camilo Nogueira, trece anos maior ca Ángel, que traballa a madeira con mestría e xa goza de gran prestixio como artesán, esperta a admiración do mozo Lemos. Sempre que lle é posible, visita o taller de Camilo e do seu tío, onde é benvido; alí observa e trata de aprender todo o que pode.

O barrio do Calvario recibía o sobrenome da Rusia chiquita, a zona máis vermella de Vigo antes da Guerra Civil e berce do movemento sindical da cidade. Unha mañá, unha parella de gardas civís preséntase na casa de Ángel, pois recibiran a denuncia de que «escribía demasiado». Juana, a nai de Ángel, que era cristiá protestante, evanxelista, coa afouteza que a caracteriza, atende a Benemérita e, ao decatarse do contido da denuncia, descúlpase e vai buscar o seu Evanxeo, onde garda algúns dos poemas que lle escribe o seu fillo. Móstrallo amablemente á parella que, unha vez comproban o contido dos escritos, se despiden sen máis.

Os versos que compón o mozo Ángel teñen unha temática romántica, popular, mesmo dramática, pero carecen do máis mínimo contido político. Tal e como precisaría el mesmo en máis dunha entrevista, antes da guerra non era unha persoa moi situada politicamente, tiña outras inquietudes, como o teatro, a literatura, a música ou a historia.

En 1937, Ángel coñece a Celia Godoy Gil –con quen casarían unha vez finalizada a guerra– nun centro espiritual-cultural de Vigo ao que acudira por primeira vez por recomendación dun amigo. Celia, nacida en 1912 en Bos Aires, é cinco anos maior ca Ángel, filla de Constantino Godoy, un home de negocios de Vigo que foi secretario da asociación cultural *La Oliva*, e de Mercedes Gil que, xunto aos seus fillos, regresaran a Galicia tras un longo período na Arxentina.

Ángel descobre en Celia unha muller independente, culta, gran lectora e con inquietudes espirituais, que traballa nun banco en Vigo coa súa irmá Rosita. Namóranse e saen xuntos, apenas en dúas ou tres ocasións, antes de que Ángel fora chamado a filas, pero a parella queda socialmente formalizada. Celia intégrase na familia Lemos de los Reyes e visitará a Juana, a nai de Ángel, durante os tres anos nos que este permanece ausente.

A sacudida da guerra civil

En Galicia, controlada polo bando nacional, decretábase o estado de guerra o 20 de xullo de 1936 mediante o decreto de Enrique Cánovas.

Ese mesmo día, Ángel, que transita a pé polo centro de Vigo, ve como unha multitud de persoas se dirixe cara á Porta do Sol.

Intrigado, segue ese mesmo camiño e, xa na praza, comproba que un grupo duns cincuenta militares están situados no centro desta. Guiado polo seu espírito curioso e un tanto inconsciente, métese no medio do crecente xentío ata alcanzar a segunda ou terceira fila. Oe voces, pero non é capaz de distinguir o que din. O xentío arremuíñase ao redor do grupo armado e a tensión é palpable.

Pouco despois, un dos militares comeza a ler un bando, ata que un home se adianta e dun golpe arrebátallo das mans. Nese momento, o oficial ao mando dá a orde de abrir fogo. Unha muller próxima a Ángel é alcanzada por un disparo e o xentío, aterrorizado, comeza a fuxir. Ángel corre tamén, consegue abrirse paso a través da rúa López Neira e salta un portalón que pecha un soar. Alí resgárdase e, finalmente, resulta ilesa.

Este episodio, un dos máis sanguentos da Guerra Civil en Galicia, deixará unha fonda pegada no noso protagonista que, por primeira vez e de forma traumática, se topa de súpito cun conflito do que permanecera á marxe e que cambiará a súa vida para sempre.

Así narra Xoán C. Abad este suceso no libro *O soño crebado. Da República á Guerra Civil en Vigo na súa bisbarra*, ilustrado por Evaristo Pereira, e publicado polo Instituto de Estudos Vigueses:

A partir das once da mañá, as rúas da cidade vanse converter nun improvisado escenario do desfile dunha sección de Infantería fortemente armada que vai encabezada polo capitán Carreró Vergés. O centro de Vigo está a esas horas totalmente ateigado de xente. Curiosos de toda idade e condición saíron ás rúas, na súa meirande parte na procura de novas sobre a folga xeral que se proclamara ese meso día ás oito da mañá, como inxenua resposta obreira contra o traidor golpe militar que se vía vir.

A forza armada, cada certa distancia, fai un alto e procede a ler o texto do bando de guerra que, con posterioridade, vai sendo colocado nos diversos cruzamentos que vai atopando polo camiño. A derradeira parada que fai a tropa producíse na Porta do Sol, que está neses momentos a rebordar de cidadáns. A maioría dos presentes permanecen totalmente alleos ao que está a suceder, pero tamén moitos dos integrantes da forza armada ignoran cales son os verdadeiros moti-

vos da súa saída do cuartel. Algúns dos curiosos que están más preto da tropa decátanse, con dificultade, do que realmente está a acontecer; e isto é cando o oficial procede a unha nova lectura do bando de guerra no que claramente informa de que quedan totalmente anuladas as garantías constitucionais. Vai ser esta constatación da súa traizón o que faga que moitos dos traballadores alí presentes lles pidan a berros aos soldados que desobedezan o seu superior, que os está a levar a cometer traizón contra o pobo.

O medo inza totalmente na céntrica praza. Os soldados, medorentos, aférranse con forza aos seus mosquetóns cuxos canóns tremelican e vense totalmente superados por milleiros de persoas alporizadas que os teñen completamente rodeados; semellante caterva impídelles tanto seguir avanzando coma volver sobre os seus pasos. A multitud está tamén temerosa do que poída chegar a facer a tropa. Nun momento dado, e mentres Carreró tenta proceder a unha nova lectura do bando, apenas audible polos gritos e berros da xente que o tacha xa abertamente de traidor, un grupo de cidadáns bótase contra o capitán Carreró, tentando quitarlle das mans o bando, nun acto talvez de bravura, cando non de simple inconsciencia. O tumulto que se forma ao redor do oficial queda de repente oculto baixo o bruído dunha pechada descarga de fusilería. O propio oficial, ou talvez o segundo o tenente José Pavón, presumindo un gran perigo para a tropa, dálle orde a esta de que abra lume. Tras uns segundos de dúbida, acaba por se cumplir a orde e logo repetírse ata en varias ocasións. A descarga de chumbo que lanzan os máuseres dos atemorizados soldados vaise espalxear por toda a praza e sementa ao seu paso morte e dor.

(...) Calcular o número de mortos naquela matanza é totalmente imposible. Pódese tan só facer unha estimación en base aos ingresos de defuntos, por morte violenta, nos cemiterios nos días posteriores. Fálase de algo máis de 40, pero seguramente houbo máis, xa que algúns deles foron enterrados de xeito irregular.

A partir de entón, Galicia convértese en centro de reclutamento para o exército nacional, de modo que os mozos non teñen outra alternativa que alistarse, pois se non serán xulgados como desertores.

A Ángel o exército nacional non o chama a filas ata o 19 de maio de 1937. Aínda que non é unha persoa moi inclinada á política, a súa ideoloxía é máis afín ao bando republicano e o sanguento episodio da Porta do Sol deixou unha profunda pegada nun mozo de marcado talante pacífico.

Recibe un adestramento militar básico no monte do Castro e posteriormente en Camposancos, Vigo, desde onde, tras recibir a última visita da súa familia, a 2^a brigada, 198 batallón, 2^a compañía na que se integra, parte á fronte de guerra en Brunete.

De camiño, a compañía recibe noticias de que esta batalla xa finalizou, polo que continúan a marcha ata Añóver de Tajo, provincia

de Toledo. Alí, o 19 de xullo de 1937, Ángel, xunto a Luis Cabanas Santiago, un mozo ourensán moi activo politicamente (estaba sindicado e pertencía ás mocidades socialistas), escapa do campamento, crusa o río e pasa ao bando republicano. Inicialmente, foron cinco os soldados do bando nacional os que planearon o cambio de bando: Luis Cabanas, un galego apelidado Puga, Ángel e outros dous, aínda que finalmente só consuman o plan Luis e Ángel.

Esta decisión marcará o resto da súa vida. Ao preguntarlle sobre os motivos que o levaron a esta determinación, Ángel explica na entrevista publicada no xornal *Contrarretranca*, en febreiro de 1992 (nº 11), que «durante a guerra estiven, sempre en Madrid, no bando republicano, ao que pasei a pouco de que me mobilizaran, pero non por ideas políticas, de política non había nada, senón que foi a causa das barbaridades que vin nos primeiros días».

Sempre que lle preguntaban pola Guerra Civil –unhas viven- cias dolorosas das que lle custaba falar en profundidade– de partida deixaba moi claro que el «non pegara un tiro por Franco».

Na entrevista publicada en *La Voz de Galicia* do 11 de maio de 1988 tamén se aborda este suceso:

Nunca fun un home político como se entende normalmente, nin afiliado a un partido. Alistáronme e, nas filas de Franco, leváronme a Toledo. En canto puinden, con outro compaño falar en profundidade – de partida deixaba moi claro que el «non pegara un tiro por Franco».

Verificada a deserción, a autoridade redacta o 26 de xullo de 1937 o correspondente parte que lle remite ao Xulgado de 1^a Instancia de Vigo, distrito militar, 8.^a división. Reproducimos a descripción do soldado Ángel Lemos no devandito documento:

Oficio confeiteiro, idade 20 anos, estado solteiro, estatura 1,70; os seus trazos: pelo negro, cellas negras, ollos negros, nariz en punta, barba rara, boca regular, cor morena. Trazos particulares: algúns dentes da mandíbula superior chapados en ouro.

O xornal *El Pueblo Gallego*, do 4 de setembro de 1937, informa de que foron detidos pola Garda Civil de Lavadores Antonio Lemos

López e Antonio Lemos Reyes, veciños do barrio de Ceboleira, familiares do soldado desertor Ángel Lemos Reyes. Foron postos ao dispôr do delegado de Orde Pública.

Aínda que o seu irmán Antonio é liberado ao pouco tempo, o seu pai permanecerá encarcerado máis de medio ano como represalia. Deste abrupto modo é como a familia sabe que Ángel se atopa actualmente no bando republicano.

Xa integrado cos seus novos compañeiros, Ángel Lemos é asignado á Brigada 112, batallón 445. Estuda para sargento na escola da División, a v, e para tenente na Escola Popular de Guerra nº 3 en Paterna, Valencia. Permanece ás ordes do comandante Ángel Velázquez López.

A familia de Ángel conserva con cariño un conxunto de escritos nos que o noso protagonista relata en primeira persoa varios episodios das súas vivencias na Guerra Civil. Do mesmo xeito que o resto da súa producción escrita, atópanse completamente inéditos. Ademais do seu valor literario, achégannos datos de relevancia histórica e o autor consegue trasladarnos con eficacia á pel do seu protagonista. Agradecémoslle á súa familia a oportunidade de publicar por primeira vez un destes relatos titulado *Convento abandonado*, escrito por Ángel en castelán xa na última etapa da súa vida, coa axuda da súa esposa Viviana Geddo (Ver apéndice).

Aínda que por razóns obvias as circunstancias non son as más propicias, Ángel non perde o seu ánimo artístico e nalgúnha ocasión participa como actor en representacións teatrais, cómicas ou musicais, que se organizaban nas unidades militares.

A magnífica galería de imaxes contida na páxina web propiedade de Javier de la Puerta, profesor de Historia Contemporánea da Universidade Hebrea de Xerusalén (<http://www.javierdequintanar.sbhac.net/>), dedicada aos Traballois de recuperación da memoria histórica de Quintanar de la Orden e demais localidades do seu partido xudicial (Toledo), permitiuños acceder a dúas valiosas fotografías



Ángel Lemos. Expediente militar republicano. 1937.



Celebrando a Feira de Setembro. Convento Franciscano de Quintanar (Toledo). 1937.

propiedade de Joaquín Arau que dan testemuño da actividade do soldado Lemos como actor e guitarrista nunha das funcións organizadas polo bando republicano. Reproducimos a continuación as fotografías e o texto que as acompaña:

Esta foto está feita no interior da igrexa do convento franciscano de Quintanar, templo que fora transformado en teatro para acoller varias representacións de grupos cómicos, monicreques e actuacións musicais, con motivo da Feira de Setembro de 1937. Non sería a única actuación lúdico-cultural que tería lugar nestas festas nin no transcurso da contenda. As dúas veladas destes pallasos encheron por completo o recinto.

O actor cómico máis novo, o da dereita, era tamén guitarrista, con cuxo instrumento musical deleitou tamén o público local. Ademais, era un excelente pintor, que dedicou gran parte da súa vida aos pinceis e á arte. Chamábase Ángel Lemos de los Reyes e era natural de Vigo.

Despois de terminar a función teatral-circense na igrexa-teatro franciscana, os dous artistas-pallasos fotografáronse na horta do convento cos dous principais líderes da esquerda local: Clemente Añover, alcalde de Quintanar e líder do PSOE, e Ángel Vela, conceleiro e líder do PCE.

En Algete, un municipio español situado a uns 30 quilómetros ao nordés de Madrid, onde o seu batallón realiza os descansos, organiza a representación da obra de teatro *A importancia de chamarse Ernesto*, de Óscar Wilde.



Os dous principais líderes da esquerda local. Ángel Vela Gallego (primeiro pola dereita) e Clemente Añover (sétimo). 1937.

Ángel combate en primeira liña na Cuesta de las Perdices (a catro quilómetros de Puerta de Hierro e a dez de Madrid), un dos puntos más perigosos e disputados da fronte madrileña. Alí conseguen frear a ofensiva nacional en 1937 e alí tamén se prolonga unha encarnizada guerra de trincheiras ata o final do conflito. A Embaixada de Cuba estaba moi próxima á Cuesta de las Perdices, un terreo de ninguén tremendoamente exposto. Nunha escaramuza en solitario, Ángel consegue chegar ao exterior da embaixada onde, a través dunha fenda na parede, descobre un piano no medio da estancia aparentemente abandonada, poeirenta e chea de cascotes. Emocionado, non pode refrear o seu impulso curioso e de forma temeraria cóase dentro do edificio en ruínas ata conseguir tocar coas súas propias mans, áfnda que sexa de forma efémera, o precioso instrumento, deixando para a súa intimidade unha estampa digna das mellores fotografías de Gerda Taro².

Nas trincheiras do Pardo, en Madrid, o 15 de xaneiro de 1938 escríbelle á súa familia a seguinte carta cargada de tristeza e desesperanza:

2 Gerta Pohorylle, coñecida como Gerda Taro (Stuttgart, Alemaña; 1 de agosto de 1910 – El Escorial, España; 26 de xullo de 1937), pseudónimo de Gerta Pohorylle, foi unha pioneira xornalista gráfica de guerra alemá e parella do fotógrafo Endre Ernő Friedmann. Xuntos fotografaban baixo o alias de Robert Capa, sendo difícil saber que fotos son de cada un. É considerada a primeira fotoperiodista muller que cubriu unha fronte de guerra e a primeira en falecer ao levalo a cabo (Fonte: wikipedia).

Cando vos dei o meu adeus dixen: «Tede fe e esperade, que eu volverei» e, porén, se hoxe puidese volvervos ver, soamente diría: Tede fe e esperade. Toda a realidade da vida que nos rodea é para nós como unha ficción. Nada é certo aquí, nin o hoxe nin o mañá. Todo pode acabar en cada segundo que comeza. Tan só de certo temos esta morte que danza incansable fronte a nós noite e día. Que triste é vivir así!...

Como me asalta o temor de que o final tan desesperadamente anhelado desta loita cruel, cando todos volvan rir felices e chorar entre os brazos dos seus seres amados, nos cálidos fogares da paz, eu hei de ser tan infeliz que, despois de anhelalo desesperadamente, non terei para miña esa inefable ventura. Estou entre as tebras, e os meus pensamentos non poden ter a alegria da esperanza, porque esta é soamente luz. Estas paredes de terra que son as nosas trincheiras apertan o meu corazón e as miñas esperanzas. Foron a tumba xa de moitos dos meus compañeiros, nós nelas perdemos a noción da vida. Moitas veces preciso da palabra dun amigo para sentirme con vida. Mañá, estes campos han de quedar solitarios... A quen de nós lle estará reservada a ventura de recoller as bágoas da súa nai, a quen de nós lle deparará o destino cubrirse con esta humilde e cariñosa terra para que ninguén profane o seu último e desventurado soño?...

Cando o día da paz deixe mudos os canóns, as nais, as esposas, os fillos e as noivas cubrirán todos os camiños da patria para saír recibir as súas esperanzas. Moitos brazos quedarán tendidos sen ter a quen recibir.

Quizais mentres vós me agardades, despois de toda a hecatombe, a miña alma, en unión daquelas que seguiron a súa sorte, continúe nas noites a guerra, saltando e saltando trincheiras, atacando eternamente un inimigo incerto, vestido de sombras coma nós mesmos...

O 5 de marzo de 1939 iníciase o golpe de estado encabezado polo coronel Segismundo Casado que derroca o governo republicano de Juan Negrín, o que desencadea en Madrid un enfrentamento entre a forza casadista e os partidarios de Negrín. O seu amigo Luis Cabanas desprázase a Chamartín de la Rosa ao encontro de Ángel para persuadilo de que ambos se evadan a Francia. Porén, Ángel opta por quedar en España. Así o explica na entrevista de *Contrarretranca* de febreiro de 1992 (nº 11):

Para chegar ata Francia tiña que cruzar desde Madrid e logo atravesar as montañas. Era unha tarefa demasiado dura e, ademais, parecía-me absurdo. Aínda era más absurdo ver que ao escapar te metías na guerra europea. Así que fixen ben en quedar. Tampouco había medo de que te fusilasen porque de algo había que morrer e, neses tempos, todo che daba igual.

A maior parte da brigada 112 apoia o golpe de Casado, excepto o seu primeiro batallón, o 445, onde combate o noso protagonista, que se opón ás ordes da superioridade nos Novos Ministerios.



Fotografía do batallón 445. 1938. Propiedade de Constantino González Fernández. Identificados: nº 13, esposa de Constantino González Eiras, nº 14, Constantino González Eiras, nº 15, filla de Constantino González Eiras, nº 17, Jesús Herrera Mateos, nº 18, Pilar Solange (esposa de Jesús Herrera Mateos), nº 25, Luis Cabanas Santiago, nº 26, Constantino González Fernández, nº 28, Ángel Lemos de los Reyes.

Fonte: www.combatientes.es.

Chegados a este punto de inminente confrontamento cos casadistas, o 12 de marzo de 1939, Ángel, tenente e membro do batallón 445, decide non opoñer resistencia e entrégase en Chamartín de la Rosa xunto ao seu batallón, evitando así derramar máis sangue nunha disputa contra os que ata entón foran os seus compañeiros. Antes de entregarse esconde nunhas matogueiras a súa guitarra e un par de botas coa esperanza de poder recuperáelas no futuro. Profundamente desalentado proponse non volver disparar nunca máis un tiro, e así sería.

Feito prisioneiro, permanece preso polo bando de Casado nun antigo manicomio en Alcalá de Henares.

O mesmo 12 de marzo de 1939 Luis Cabanas falece en Chamartín como consecuencia dos enfrentamentos dentro do propio bando provocados polo golpe de estado de Casado. Ángel nunca viu o seu corpo sen vida, nin tivo constancia oficial da súa morte, pero a realidade é que Luis nunca retornou deste enfrentamento. A familia

Martínez, que os acollía en Madrid, estivo buscándoo sen éxito toda a semana que Ángel permaneceu capturado. Durante moitos anos, no máis profundo dos seus anhelos, Ángel mantivo a esperanza de que o seu querido amigo Luis sobrevivise.

Aos poucos días da súa captura, facendo gala da súa audacia e habilidade para o escapismo, consegue evadirse do seu cativerio.

En solitario, deambula por un Madrid aínda non ocupado polo exército nacional. Consciente de que a fin da guerra é inminente, e refugada a opción de fuxir a Francia, debátese entre a idea de entregarxe ou de permanecer oculto. Nesta encrucillada pesa moito a súa condición de desertor que probablemente pagaría coa súa vida en caso de quedar á mercé do exército nacional.

O 28 de marzo de 1939, Francisco Franco entra coas súas tropas en Madrid sen atopar resistencia e a Guerra Civil española finaliza despois de case tres anos de loita. A maioría dos soldados republicanos busca o modo de regresar ás súas casas, medorentos do que lles poida suceder.

Xunto aos tres irmáns Martínez, membros do seu mesmo rexemento, inicia o camiño de regreso ao seu campamento. Pouco despois de oír os canonazos que dabán por concluída a contenda, chegan ao seu destino e comproban que se atopa completamente baleiro e abandonado. Esfameados e exhaustos, permanecen ocultos en Madrid. O exército sublevado publica e pregoa bandos nos que se lles require a todos os que pertenceran ao exército vermello que se entreguen, coa ameaza de que se ateñan ás consecuencias os que non o fagan.

Finalmente, os tres irmáns e Ángel optan por entregarse e quedan recluídos no campo de concentración de Chamartín de las Rosas. Con todo, unha vez dentro, Ángel arrepíntese, pois está convencido de que en canto descubran a súa condición de desertor será inmediatamente executado. Comproba que regularmente entran e saen do campo pola porta principal soldados nacionais de forma descontrolada. Aínda vestido de militar (os uniformes de ambos os bandos non eran tan distintos), no medio do caos reinante, abandona o campo de concentración pola porta principal saudando con expresión de autoridade os soldados apostados nela.

Sorprénde o a noite no Paseo da Castellana donde é detido por unha patrulla moura. Xunto a outros sete soldados republicanos, permanece encerrado ata que os obrigan a saír coa intención de executalos, pero grazas á intervención in extremis dun oficial da Mehalia, que recrimina a patrulla moura, son conducidos a un campo de concentración en Leganés.

Atemorizado pola súa condición de desertor, foxe novamente deste campo de concentración e ocúltase en Madrid varios meses.

Durante a súa estancia na cidade, coñece unha muller que a inicios do ano 1940 dará a luz a primeira filla de Ángel, chamada María Luisa. Cando esta muller lle conta ao futuro pai que está embarazada, este proponlle mudarse con el a Galicia, pero ela decide quedar en Madrid e criar a nena xunto á súa parella estable quen, coñecedor da situación, a toma como filla súa para todos os efectos. Ángel respecta a decisión e, aguilloadoo polo seu precario estado de clandestinidade, pon en marcha o seu plan de regreso a Galicia, de modo que non chega a vela nacer. Ángel sempre mantivo o contacto coa súa filla e coa nai, incluso os fillos dos seus seguintes matrimonios coñeceron a súa irmá María Luisa, a quen lle prestou axuda e atención sempre que a precisou.

O noso protagonista logra organizar o seu regreso a Galicia escondido nun camión de peixe destinado a Vigo, onde por fin se reencontra coa súa familia.

Para facernos unha idea do que supuxo a reaparición de Ángel, temos que ter en conta que ningún dos seus familiares tivera noticias súas desde había meses, situación que acrecentou o temor polo seu posible falecemento na fronte ou nalgún campo de concentración. Os sentimentos de emoción e alegria polo regreso mestúranse coa preocupación pola súa seguridade. Nese momento, Ángel decátase de que o seu pai estivera encarcerado como represalia polo seu cambio ao bando republicano.

Permanece uns dous meses escondido no leñeiro da tinturería *La Viguesa*, en Vigo, situada na rúa Alfonso XIII, á beira da estación de ferrocarril, propiedade do seu amigo Francisco Bueno.

Durante ese tempo de clandestinidade, Ángel constrúe minuciosamente un relato dos feitos que considera que poden xustificar

aos ollos dos seus futuros xulgadores a súa integración no exército republicano. Sosterá que foi capturado por sorpresa polo exército republicano e que se viu obrigado a loitar no devandito bando. Memorízao e prepárase con esmero fronte ás previsibles preguntas e indagacions que puidesen xurdir durante o interrogatorio.

Ademais, neste período talla e constrúe un fermoso escritorio secreter que aínda conservan con agarimo os fillos de Francisco Bueno.

Antes de poñerse ao dispôr das autoridades, debe resolver unha última cuestión que lle preocupa. Para iso ha de asegurarse de que postura adoptará Narciso Mendos Martínez unha vez abertas as dilixencias na súa contra por deserión, pois este é o único oficial galego da unidade do exército nacional da que desertara, e con toda seguridade será citado a declarar. Anxo e Narciso tíñanse mutuo afecto e respecto polo que unha tarde presentóuselle na estación de tren de Vigo, e con total franqueza expúxolle a súa situación. Narciso tranquilizouno e manifestoulle que a súa declaración sería favorable. Chegado o momento o alférez cumplirá coa súa palabra dando conta da boa conduta do soldado Lemos.

Ao día seguinte, 18 de xaneiro de 1940, considerándose preparado, e dado que non quere prolongar a situación de risco para o seu querido amigo Francisco, entrégase no cuartel de Ferrol. Desde alí é trasladado ao castelo de San Felipe, fortificación destinada a prisión militar, onde permanece cativo á espera da celebración do seu xuízo.

O feito de que fose xulgado en Galicia, lonxe de Añóver de Tajo, onde se produciu o cambio de bando, o longo tempo transcorrido (case tres anos desde xullo de 1937), o enorme caos e a confusión xerada por un período tan convulso de guerra, os rudimentarios e escasos medios de investigación con que estaban dotados os exércitos, o barullo burocrático reinante, os abundantes casos de deserión en ambos os bandos, a enorme saturación dos xulgados foron todos eles factores que xogaron decisivamente a favor de Ángel.

Probablemente a súa declaración ante o xuíz fose unha das mellores interpretacions de Ángel Lemos. O oficial ao cargo da investigación, ao finalizar a súa declaración interpélaoo: «Lemos ou é vos-

tede moi listo ou di a verdade», ao que Ángel contesta sen vacilar: «Estou a dicir a verdade».

Reproducimos a continuación de forma literal o contido da Providencia do 7 de xuño de 1941 do xuíz de Ferrol, o señor Folgar Nebril, polo seu especial interese, pois non só contén a declaración de Ángel Lemos, senón que fai unha breve recapitulación das diligencias practicadas no proceso penal por deserción:

Aos folios 6 volto e 7 declara o procesado, quen manifesta que o 19 de xuño de 1937 e en ocasión de atoparse descansando, foi con outro soldado á Alameda, onde pasaron a tarde xogando ao billar e, cando regresaban, foron sorprendidos na estrada por dous guerrilleiros que os fixeron prisioneiros. Aos devanditos suxeitos uníronse outros varios, pasando ao escurecer o río Teixo e levándoo a diversas autoridades vermelhas e pasando por diversas vicisitudes, ata que foron encadrados nun batallón vermello, onde o colleu a terminación da guerra. Foi internado nun campo de concentración e, seguidamente, posto en liberdade, sen que se lle ocorrese presentarse ás autoridades e permaneceu en Madrid. Que unha señorita lle facilitou un salvoconduto para trasladarse a Galicia e presentouse en xaneiro de 1940 ao xuíz en Vigo, quen o trasladou a esta praza. Que para trasladarse á vila de Alameda non pedira permiso, debido a que andaban con total liberdade. Que o soldado que o acompañaba se chama Luis Cabanas Santiago. Que non se explica como puido ser feito prisioneiro debido a que a fronte vermella estaba bastante distante e que non coñecía a situación por que chegara facía poucos días. Que cando foi feito prisioneiro levaba armamento, pois tiñan orde de andar sempre con el e que lle foron lidas as leis penais. A continuación, procédese á lectura de cargos, sen que teña máis nada que alegar.

Ao folio 8 úñese un escrito da señorita Herminia Varela, que manifesta que o soldado encartado lle merece un bo concepto.

Aos folios 11 e 12 úñense copias de media filiación e folla de castigos, sen que conste que sufrixe correctivo ningún.

Ao folio 13 úñese un escrito da Garda Civil, sen que conste nada en contra.

Ao folio 17 úñese outro escrito da Garda Civil que informa de que a señorita do escrito do folio 8 é de dereitas e de bos antecedentes.

Aos folios 18, 19 e 20 úñense escritos relacionados con outro procedemento seguido ao soldado que nos ocupa e que ao parecer debeu sufrir extravío.

Ao folio 30 úñese un auto de procesamento contra o soldado Ángel Lemos Reyes, como comprendido no artigo 289 do Código de Xustiza Militar, o que se lle notifica a continuación.

Recíbeselle declaración indagatoria, sen que achegue máis datos.

Ao folio 31 úñese un escrito da Falanxe, que manifesta non existir nada en contra.

Ao folio 34 úñese un escrito da 108 División, relativo ao primeiro procedemento que se lle instruíu e que debeu sufrir extravío.

Aos folios 38 e 39 declara o alférez don Narciso Mendos Martínez, quen manifa que o soldado Ángel Lemos Reyes sempre observou boa conduta, polo que se lle daban cargos de confianza, que lle estrañou moito a falta polo bo comportamento e con respecto ao outro soldado nada pode dicir por non coñecelo.

Ao folio 40 úñese un escrito que sinala o número da presente causa.

Ao folio 50 úñese un escrito da Garda Civil que manifesta non coñecérselle antecedentes políticos.

Aos folios 51, 55 e 56 únense escritos e unha declaración en que parece ser que o procedemento anteriormente instruído sufriu extravío.

Úñese ao folio 65 un escrito do Rexistro Central de Penados e Rebeldes, sen que consten antecedentes.

Non obstante, é opinión do xuíz que subscribe que a presente causa se atrasou, creu imprescindibles as dilixencias que o orixinaron, tendo en conta que a declaración do soldado Luis Cabanas Santiago sería de bo resultado para poder sacar en consecuencia se o procesado desertara ou fora feito prisioneiro e, por outra banda, o extravío do procedemento primeiramente instruído que podería ser moi útil, polas declaracóns tomadas por mor do feito dificultou a marcha desta causa, tendo en conta que para recibilas novamente tropezou co inconveniente dos diversos cambios de destino, debido ao tempo transcorrido e ás moitas incidencias da campaña, como o demostra o poder localizar a residencia actual do soldado Cabanas Santiago que para obtela foi interesada a media filiación en diversas ocasións e, unha vez recibida, fanse os trámites pertinentes para chegar ao coñecemento do seu paradoiro.

Luis Cabanas, o seu único compañoiro de deserión, é citado como testemuña en reiteradas ocasións, pero todas as tentativas de localización resultaron infrutuosas. Obviamente, a devandita proba nunca chegaría a practicarse, pois Luis faleceu en marzo de 1939 e isto soamente o sabe Ángel.

O resto de dilixencias de investigación, especialmente as que pretenden localizar outros membros da 2^a brigada, 198 batallón, 2^a compañía ou posibles testemuñas resultan tamén infrutuosas.

Durante o longo período que permanece en prisión, o seu carácter aberto e conciliador, así como as súas habilidades artísticas, permítelle soportar mellor a situación. O propio Ángel reconoce nunha entrevista que no castelo de San Felipe o trajeron bastante ben. Alí comeza a traballar como ourive por encargo dos oficiais ou de quen ten algo de diñeiro para gastar. Utiliza como materia prima as moedas de prata e de dúas pesetas que transforma en aneis, pulseras, colgantes, e chegan a traballar baixo a súa dirección uns 30 reclusos. Eran os propios soldados que os vixiaban os que recollían as pezas elaboradas para levalas a soldar.

A principios de 1941, o xulgado autoriza breves permisos para que saia da prisión, períodos que aproveita para visitar a súa familia e, sobre todo, para retomar a súa relación con Celia Godoy, á que ao pouco tempo pide en matrimonio.

O 18 de marzo de 1941 publicase no diario *El Pueblo Gallego* a petición de man de «don Antonio Lemos e señora para o seu fillo Ángel aos señores de Godoy, da man da súa filla Celita».

En abril de 1941, o xulgado concédelle un permiso de 10 días para contraer matrimonio con Celia. Como anécdota, cando sae de permiso a fume de carozo do recinto carcerario

non se decata da presenza dun oficial ao que non saudou. Como castigo, obríganolo a pasar pola barbería para raparolle o pelo, motivo polo que en todas as fotos da voda sae cun chapeu posto. Son testemuñas da súa voda Francisco Bueno (que o refuxiaba na súa lavandería), Carlos Salgado Urtiaga e o xornalista Fernando Rey Alar³.

Por fin, o 14 de novembro de 1941, o xulgado de instrución, ante a ausencia de probas na súa contra, resolve o sobreseamento provisinal do cargo criminal de deserción.

Boa proba do caos reinante e da precariedade de medios cos que contaba o xulgado é que a resolución declara a Luis Cabanas en rebeldía cando este xa falecera facía case dous anos. O expedien-



Ángel e Celia o día da súa voda. 1941 Fondo familiar.

³ Fernando Rey Alar (1909-1973). Xornalista que desenvolveu a maior parte da súa actividade profesional na prensa escrita como cronista deportivo para *El Pueblo Gallego*, *La Hoja del Lunes* e *Faro de Vigo*. En 1960, foi elixido presidente do Sindicato de Papel, Prensa e Artes Gráficas de Vigo. Tamén foi secretario da Agrupación de Xornalistas Deportivos.

te incoado contra Ángel Lemos tras o seu cambio de bando nunca chegou a incorporarse a estas dilixencias penais. O devandito expediente abriuse en Madrid e estaba arquivado no Tribunal Militar Territorial 1.º de Madrid, onde constaban todas as investigacións realizadas en xullo de 1937. Afortunadamente, este expediente nunca foi localizado e remitido ao xulgado de instrución.

Transcripción da resolución de sobreseamento provisional:

P.4.561361

(Aqui, o selo do Rexemento de infantería nº 35. Xulgado de Instrucción)

Excmo. Señor,

Examinada a presente causa, e

RESULTANDO: Que os soldados Ángel Lemos Reyes e Luis Cabanas Santiago, no ano de 1937, cando se atopaban coa súa unidade no sector do Teixo e en ocasión de ir con permiso a unha das vilas situadas algo á retagarda das primeiras liñas desapareceron, sen que entón puidesen ser determinadas as circunstancias do feito.

RESULTANDO: Que, unha vez terminada a guerra, se presentouse Ángel Lemos Reyes, pero non así Luis Cabanas Santiago, que foi chamado en requisitorias e declarado en rebeldía.

CONSIDERANDO: Que do conxunto da proba practicada non pudo deducirse se realmente os devanditos soldados se pasaron voluntariamente ao inimigo ou, pola contra, se foron feitos prisioneiros como afirma o presentado, avogando a favor desta última posibilidade os bos informes que de ÁNGEL LEMOS emiten os seus superiores, quen manifesta que xeralmente lle eran confiadas misións de confianza, polo que non procede esixirlle responsabilidades de orde criminal.

Visto o artigo 538, 1.º do Código de Xustiza Militar e disposicións de xeral aplicación.

Estimo procedente que V. E. o sobreseamento provisional da presente causa polo que respecta ao procesado presente, quedando LUIS CABANAS na mesma situación de rebeldía en que agora se atopa ata que haxa motivo para outra resolución.

V. E. resolverá

A Coruña, 14 de novembro de 1941

Excmo. Señor

O AUDITOR

(Aqui, o selo da Auditoría de Guerra do Corpo de Exército de Galicia. 8.^a Rexión Militar)

A Coruña 26 de novembro de 1941

De conformidade co ditame que antecede: ACORDO, o sobreseamento provisional da presente causa para o procesado ÁNGEL LEMOS DOS REYES, quedando o outro procesado LUIS CABANAS na mesma situación de rebeldía en

que se atopa, ata que haxa motivo para outra resolución. Que os autos volvan ao seu instrutor para notificación e demais dilixencias de execución.

O CAPITÁN XERAL

(Aquí, o selo da Capitanía Xeral da 8.ª Rexión. Estado Maior)

O sobreseamento provisional da causa supón un grande alivio inicial para Ángel e a súa familia. Con todo, a causa non queda definitivamente xulgada, de modo que a aparición de calquera nova proba podería ocasionar a súa reapertura, situación moi preocupante na medida que a deserción se producira.

Ese mesmo mes de novembro do 1941, trasladárono ao cuartel Sánchez Aguilera tamén en Ferrol, onde é obrigado a completar o servizo militar.

En 1940, Franco ditara a Lei de recrutamento e substitución do exército, onde estableceu a duración do servizo militar obligatorio en dous anos. Con todo, se o home gozaba xa de instrución preliminar elemental, como era o caso de Ángel, permanecería 18 meses en filas, que poderían ser reducidos de forma xustificada a 12 meses.

No cuartel cumpre co servizo miliar e está sometido ao mesmo réxime de obrigacións que o resto dos soldados. Durante unha das súas gardas, propágase un incendio na residencia onde se atopaba a nai dun oficial. Ángel decátase e accede á habitación conseguindo evacuala a través da xanela. Este comportamento fai que gañe a simpatía dos mandos do cuartel, especialmente do oficial directamente afectado. Tamén continúa traballando o metal e a madeira e atende os encargos de diversa natureza que lle xurdían no cuartel.

O 24 de setembro de 1942, nace o seu primeiro fillo con Celia: Miguel Ángel Lemos Godoy.

Un coronel, coñecedor da destreza de Ángel para traballar a madeira, cítalo para preguntarlle se está disposto a traballar na construción do altar da Virxe de Carme. Ángel acepta gustoso a encomenda, non só porque goza realizando o traballo artesanal, senón porque iso implica gozar de xornadas fóra do cuartel. En compensación, prométtelle que ao rematar o traballo quedará en liberdade.

Así narra o propio Ángel Lemos este episodio na entrevista en *Contrarretranca* de febreiro de 1992 (nº 11):

Ao coronel que estaba ao cargo chamoule a atención o que eu facía e fíxome chamar para preguntarme, sabendo que era tallista, se me comprometía a facer o altar da Virxe do Carme. Eu aceptei e el dixo que podía quedar en liberdade ao pasar a ser un soldado máis, e así foi. Fun cinco días a Vigo buscar as ferramentas e fixen a talla, que foi máis ben unha talla de grilandas e adornos. Despois chegou un catalán escultor, un tal Moya, encargado de facer a imaxe e, cando rematei co meu traballo, dixéronme de servirlle de axudante. Nin recordo se a escultura quedou ben ou mal, pero ao final quedei en liberdade.

Desafortunadamente, coa información de que dispoñemos actualmente, aínda non puidemos identificar o altar no que traballou o noso artista.

Ao rematar estes traballos e unha vez cumplida a duración mínima reducida do servizo militar (12 meses), en novembro de 1942, queda finalmente en liberdade con carácter provisional.

De toda a obra de Lemos á que tivemos acceso non vimos ningún traballo que teña como temática a Guerra Civil. Consultada a súa filla Natalia sobre esta cuestión, indícanos que ela só ten constancia dunha pequena pintura sobre papel de acuarela, unha técnica mixta (acuarela e probablemente témpora) onde se podía ver o propio Lemos de costas, vestido de miliar, arrastrándose por unha pendente. Esta obra, xunto a un retrato do que falaremos más adiante, foron subtraídos do seu estudio na Estrada, polo que se desconoce o seu actual paradoiro.

A cuestión da repercusión da guerra na súa obra foi abordado nunha entrevista do xornalista Xoán Acuña no diario Atlántico publicada o 10 de abril de 1994:

Vostede naceu o ano da revolución rusa, viviu a guerra civil española... reflecte a súa obra dalgúnha maneira esas tremendas convulsión no mundo?

Non. Eu quero reflectir a espiritualidade, os sentimentos a través da figura humana. Do que menos hai que falar é das guerras. As guerras están aí porque nos querémolas. Deberíamos aprender da súa traxedia para non caer outra vez nos mesmos erros.

Posguerra en Vigo. Presentación artística en sociedade

Ao saír do cárcere en novembro de 1942, en réxime de liberdade provisional, aluga un piso na rúa Felipe Sánchez (actual rúa Areal) de Vigo polo que paga 80 pesetas mensuais, onde se instala coa súa esposa e co seu fillo.

O réxime de liberdade provisional implica que non pode saír do municipio onde está domiciliado, Vigo, sen a autorización oficial correspondente. Ademais, ten que presentarse todas as semanas ante a Garda Civil. As persoas en liberdade condicionada adoitaban ser detidos con frecuencia ante calquera indicio de actividade subversiva e vivían co medo de calquera denuncia que se puidese formular contra eles, moitas delas infundadas e utilizadas en ocasións co único obxecto de lle ocasionar dano ao denunciado. A esta precaria situación unímoslle o risco de que a súa causa se reabra en calquera momento, ameaza que o atormentará durante todo este período de posguerra.


Ángel extrema as precaucións desde a súa saída do cárcere, e o certo é que o seu carácter aberto e conciliador fai que estableza amizades de todo signo ideolóxico.

Comeza a gañar a vida como tallista no taller do carpinteiro Poceiro, sito na rúa Hernán Cortés de Vigo, onde se especializa na talla ornamental de mobles de estilo renacemento español, para evolucionar posteriormente cara á talla de figuras.

En 1943, incorpórase como modelista á empresa viguesa *Industrias Sancy, SL*, con sede en Sanjurjo Badía, nº 19, dedicada á arte decorativa: decoracións, rótulos, portarretratos, cornucopias, figuras, marcos de espello, lámpadas artísticas, recubrimiento metálico galvánico de toda clase de obxectos de madeira, escaiola, barro e cristal. Trátase dunha compañía punteira no emprego da galvanoplastia, importada polo industrial vigués Félix Santamaría García de Larenas (cuxa intervención tamén sería determinante para que a factoría de Citroën se instalase en 1958 en Vigo), quen ocupa un posto na dirección técnica e social de Sancy.



Talla elaborada dunha soa peza de madeira, sen encoladuras nin agregados, no taller de Poceiro na rúa Hernán Cortés de Vigo. 1943. Fotografía do fondo familiar.



Logo de Industrias Sancy. 1943.

Posteriormente, incorpóranse á empresa os seus irmáns Antucho e Emilio como modelistas e as súas irmás Eugenia e Margot á fábrica. Segundo lle contou Emilio á súa sobriña Natalia Lemos, o uniforme con pescozo mao que vestían os empregados de Sancy deseñouno Ángel.

A sede da sociedade está ocupada na súa planta baixa pola fábrica, dotada de traballadores e maquinaria con capacidade de producir en serie. Na planta alta, sitúase o departamento de modelado e deseño, así como os despachos da dirección.

Como empregado de Sancy, Ángel participa no deseño e execución da decoración do emblemático Teatro Cinema Fraga, sito na rúa Uruguai de Vigo, que abre as súas portas o 27 de marzo de 1948.

Pouco máis se prolongaría a vida desta empresa que produciu pezas de excelente calidade, pois en virtude de auto do 12 de xaneiro de 1949 o Xulgado de Primeira Instancia nº 2 de Vigo declarou a quebra da sociedade Industrias Sancy, o que motivou o cesamento da súa actividade (BOE nº 35, do 4 de febreiro de 1949).

En Vigo, recupera o contacto co seu íntimo amigo Ignacio Arrondo, e vive de primeira man a súa incorporación á prestixiosa compañía teatral madrileña de Fernanda Ladrón de Guevara en 1943, onde permanecerá ata o ano 1945. Ambos foran actores afeccionados antes da guerra. Arrondo conseguie cumplir o seu obxectivo

de converterse en actor profesional, mentres que Ángel se orienta, cada vez con máis decisión e ilusión, cara á talla, ao debuxo e á que en breve sería a súa gran paixón, a pintura, á que Arrondo tamén se dedicaría máis adiante.

O 20 de novembro de 1943 nace o segundo fillo de Ángel e Celia, nova da que se fai eco o diario *El Pueblo Gallego* na súa edición do 24 de novembro de 1943:

O pasado sábado deu a luz un precioso neno a señora dona Celia Godoy Gil, esposa do noso querido amigo, o empregado de Industrias Sancy, don Ángel Lemos de los Reyes. Ao acabado de nacer, que do mesmo xeito que a súa nai se atopa en perfecto estado de saúde, impoñeránselle os nomes de Fernando Rubén. Ao novo matrimonio facemos presente a nosa felicitación.

Durante a permanencia en Sancy, aprende e perfecciona múltiples técnicas de traballo con diversos materiais: madeira, metais, cerámica, escaiola, barro, plásticos... O seu talento artístico vaise nutrindo de todos os coñecementos técnicos que esta industria pon ao seu alcance. Ademais, fóra do traballo, comeza a frecuentar o contacto co grupo de artistas e intelectuais que se move nos faladoiros vigueses dos que pronto se converte en integrante asiduo xunto a, entre outros, Marcial Lafuente Estefanía, Mario Granell, Morera Garrido, Romero Archidona, Manuel Prego de Oliver, Mario González, Julio Sigüenza.

Na faladoiros da *Cafetería Derby* coñece a Laxeiro, con quen conxenia de inmediato e xorde unha relación de amizade e admiración mutua que se manterá ata o falecemento do artista de Lalín, mesmo durante o período que ambos pasaron na Arxentina.

En 1944, Laxeiro regálalle un precioso retrato a sanguina. Cónstanos Natalia que o seu pai lle tiña un enorme agarimo a esa obra; de feito, acompañarao durante toda a súa azarosa vida, incluída a viaxe á Arxentina. A finais dos anos 80, este retrato, xunto a algunha obra de pequeno formato de Lemos, foron subtraídos do seu estudio na Estrada, o que lle provocou un enorme desgusto a Ángel.

Sorprendentemente, este retrato sairía á luz no 2003 e exhibiuse como parte da mostra *Debuxos inéditos II*, promovida pola Fundación Laxeiro, do 17 de outubro ao 7 de decembro, e en cuxo catálogo figura incluído como propiedade dun particular.



Ángel Lemos co seu fillo Miguel Ángel en Vigo. 1943. Fondo familiar.

O 3 de decembro de 1944 nace o seu terceiro fillo con Celia, Francisco Javier Lemos Godoy.

En 1945, pola súa conta, comenza a traballar a pintura ao óleo e a acuarela, disciplinas que ata ese momento nunca experimentara.

Nos faladoiros do Derby, establece tamén relación con Marcial Lafuente Estefanía. Ambos loitaran no bando republicano e permaneceran presos por este motivo ao finalizar a guerra. A Estefanía visítalo no piso que este ocupaba nas Travesas, onde Ángel adoitaba lembrar que tiña colgado na

parede un enorme mapa dos Estados Unidos. Alí coñece o pintor tamén manchego Ricardo Illescas López (ver apéndice), que se instala en Vigo en 1948, onde residirá ata mediados dos anos noventa.

Grazas á súa traxectoria en Sancy e ao seu círculo de amizades, Ángel lábrase unha reputación en Vigo como grande artesán e debuxante, mentres continúa aprendendo de forma autodidacta a pintar con óleo e acuarela.

Este incipiente prestixio repórtalle unha invitación de Herminia Buceta García para traballar a pintura e o gravado sobre cerámica. Herminia, viúva do médico Miguel Sáez Mon, dispón dunhas instalacións na rúa Brasil, nº 4, de Vigo, onde produce cerámica baixo a denominación comercial de *Cerámica Gallega*. Segundo as propias tarxetas publicitarias, a pequena empresa dedícase á decoración á man de azulexos con cores cerámicas cocidas en mufla, confección artística de placas de calquera tamaño, segundo debuxo remitido polos nosos clientes ou ben de propia iniciativa.



Laxeiro. *Retrato do pintor Lemos*. 1944.
Sanguina sobre papel. 22,5 x 18,5 cm.
Laxeiro: *Debuxos Inéditos II*, Fundación Laxeiro.

Ángel acepta a oferta laboral e deixa a fábrica Sancy. Pronto lles imprime ás decoracións cerámicas o seu selo particular. O seu impulso creativo e gran capacidade de traballo son gratamente acollidos pola dona da fábrica, coñecida como a viúva de Mon. Ángel séntese moi a gusto nesta nova tarefa, tanto no eido laboral coma persoal, e ambas as familias establecen unha boa relación de amizade. En setembro, a viúva de Mon convídaos á festa de San Miguel de Tabagón, no Rosal, onde ten a súa casa, en cuxa romaría Ángel toma os apuntamentos que lle servirán como motivo para moitas obras posteriores.

O pintor Ángel Lemos de los Reyes



Ángel Lemos. Retrato de Herminia Buceta. Arredor de 1947.
Fotografía do fondo familiar.


Ángel Lemos. Retrato de Herminia Sáez
(filla de Herminia Buceta). Arredor de 1947.
Fotografía do fondo familiar.



Ángel Lemos. Apuntamento tomado nas Festas de San Miguel de Tabagón. 1949.
20,5 x 15 cm. Tinta sobre papel. Fondo familiar.

En 1947, xa se dedica plenamente a esta nova disciplina artística. Ángel desenvolve o seu propio método de gravado sobre cerámica fixado ao lume. Este proceso artesanal comeza mediante a aplicación sobre a peza branca (na maioría dos casos pratos ou azulejos de distintos tamaños) dunha capa de cor negra obtida duns pos negros que el mesmo fabrica cunha fórmula propia. Sobre esta superficie negra adherida á cerámica, e con punteiros de varios grosores tamén de fabricación propia, raia a capa superficial creando a imaxe á inversa, branco sobre negro, e nalgúns casos aplica veladuras de cor en fases sucesivas. A peza rematada cócese no forno de mufla a unha temperatura de 600 graos. As cores quedan firmemente fixadas ata o punto de que a peza é apta para a súa colocación ao exterior, pois resultaba moi resistente.

O 1 de maio de 1947, inaugúrase na galería de arte de Vigo *Foto Club* a súa primeira exposición pública, onde exhibe un total de 73 gravados en cerámica realizados tanto sobre pratos coma sobre azulejos. O anuncio da exposición ten unha gran repercusión. Ángel é xa unha personalidade coñecida nos círculos artísticos e intelectuais de Vigo, polo que se espera con grande expectativa a súa presentación artística en sociedade. Especial curiosidade xeran os seus gravados sobre cerámica. A exposición resulta un éxito tanto desde o punto de vista da crítica coma comercial. Julio Sigüenza escri-



Ángel Lemos. 1947. 11 x 8 cm. Debuxo a carbón sobre papel. Fondo familiar.



Ángel Lemos. Pórtico da Gloria. 1947. Ambos gravados sobre prato de cerámica. 40 cm. Fotografías realizadas por Pacheco (Vigo) pertencentes ao fondo familiar.

be sobre el no Faro de Vigo: «Pode chegar a onde se propoña».

A maioría dos gravados exhibidos recrean estampas de lugares galegos, como a Torre do Reloxo de Santiago, a igrexa do mosteiro de Armenteira, o pórtico de Santa María de Salomé de Santiago, o Berbés, a praza de Combarro, Santa María do Azogue de Betanzos, o mosteiro de Herbón

De forma case continuada, expón na Deputación de Ourense pezas en cerámica. O Concello de Ourense encárgalle un prato pintado a cor e con ouro e a propia Deputación de Ourense tamén adquire unha obra.

Debido á súa situación de liberdade provisional, para expoñer está obrigado a lles pedir permiso ás autoridades do réxime.

O 7 de xuño de 1947, inaugúrase unha nova exposición de gravados e pinturas sobre azulexo no local da Asociación de Artistas da Coruña, sito na rúa Rego da Auga.

Ángel Lemos. Santo Cristo de Ourense. 1947. Gravado sobre prato de cerámica pintado a cor e con ouro. 40 cm. Fotografía realizada por Pacheco (Vigo) pertencente ao fondo familiar. Propiedade do Concello de Ourense.



Ángel Lemos. 1947. Pintura sobre azulexo de cerámica. 15 x 15 cm. Colección particular.

O diario *Hoja del Lunes*, na súa edición do 9 de xuño de 1947, inclúe a seguinte recensión da exposición:

Desde o sábado último, está aberta a exposición de cerámicas orixinais do artista vigués A. Lemos de los Reyes, quen colgou no salón da Asociación de Artistas 35 obras que mereceron, nunha primeira análise crítica, o eloxio de cantes desfilaban xa polo local do Rego da Auga. Entre os gravados en mosaico, figuran fragmentos de famosos cadros de Goya, Velázquez, Murillo, Rotta e Von Blaas, ademais dalgunhas paisaxes galegas e diversas estudos de retrato e composición.

O Concello da Coruña, na sesión do 12 de xuño de 1947, adopta o acordo de contribuír con 500 pesetas á adquisición do gravado en cerámica *Almendros en flor*, para o Museo Provincial de Belas Artes.

O pintor Ángel Lemos de los Reyes



Ángel Lemos. *A Venus do espello de Velázquez*. 1947. Gravado sobre tres azulejos de cerámica. 20 x 30 cm. Colección particular.



Ángel Lemos. *O bo pastor de Murillo*. 1947. Gravado e pintura sobre azulexo de cerámica. 20 x 20 cm. Colección particular.

Logo de consultar no Museo de Belas Artes da Coruña, o 17 de xullo de 2020, sobre a existencia dalgunha obra de Ángel Lemos nos seus fondos, comunicácanos a súa resposta negativa, polo que se descoñece o actual paradoiro do gravado adquirido polo Concello da Coruña.

O 28 de setembro de 1947, nacen os fillos menores do matrimonio con Celia: os xemelgos Alberto e Armando. A familia xa se mudou a unha nova vivenda, sita na rúa Joaquín Loriga, nº 14, 1º, de Vigo.

Tamén en 1947, a emblemática Xoiería Ángel de Vigo decide abrir un establecemento en Santiago de Compostela, en plena praza das Praterías. Para a decoración interior o seu dono, Ángel Iglesias González, encárgalle a Lemos un ambicioso mural gravado en azulexos cerámicos cunha enorme estrutura de pórtico. Os donos da xoiería déronlle licenza a Ángel para que elixise o motivo que decoraría a porta traseira do local, para o que escolleu unha fermosísima figura da deusa Diana cazadora.

Lemos realiza e instala a súa obra a finais de 1947 e o 29 de febreiro de 1948 celébrase o acto de inauguración do novo establecemento, coa presenza de numerosos invitados e a bendición do bispo.

Este fermoso traballo constitúe un dos escasos murais cerámicos que, praticamente enteiro, sobrevive nos nosos días. Tan só desapareceu a Diana cazadora da porta traseira. Chama a atención que o vixente *Plan especial de protección e de rehabilitación da cidade histórica de Santiago* non estableza ningún tipo de protección para



Pedro Vidal Lombán (ver apéndice). Retrato de Lemos na Coruña. 1947. Lapis sobre papel. 26 x 19,5 cm. Colección familiar.

O pintor Ángel Lemos de los Reyes

esta obra, o cal deixa á vontade dos seus donos a decisión sobre a súa conservación ou eliminación.

Tras o peche da pratería orixinal, aproximadamente no ano 2011, o local acolleu distintos tipos de establecemento. Antes da pande-



Inauguración da Xoiería Ángel bendicida polo bispo. 29 de febreiro de 1948.
Autor da fotografía: Arturo.



Ángel Lemos. Interior da Xoiería Ángel na praza das Praterías de Santiago. 1947.
Gravado e pintura sobre azulexo. 280 x 380 cm.

mia, permanecía aberto como tenda de agasallos, cos murais visibles na súa maior parte. Tras case un ano e medio pechado o local abriu de novo as súas portas en setembro de 2021, de maneira que xa se pode visitar esta magnífica obra de mediados do século pasado.

Probablemente sexa este un dos momentos máis prolífcos do noso artista que, esporeado polo seu novo ímpeto e polo éxito comercial dos seus traballos sobre cerámica, planifica unha exposición en Santiago de Compostela, onde exhibirá por primeira vez as súas pinturas.

A exposición, composta de nove óleos (*Tabagón, El Tecla, De mañana, Barcas del Miño, Pinos, Frente a Portugal, Mariñeiros, El Miño e Cabanón*), cinco acuarelas, quince pezas de cerámica e varios retratos fóra de catálogo, inaugúrase na Sala da Dirección Xeral de Turismo de Santiago o 9 de marzo de 1948, e permanecerá aberta ata o día 20 dese mes. A resposta do público e da crítica é moi favorable.

Crítica publicada en *El Correo Gallego* o 10 de marzo de 1948:

Presenta Lemos varios cadros ao óleo e á acuarela, entre eles algúns retratos, e sobresaen as súas paisaxes e motivos de mar, nos que a luz constitúe un dos más destacados acertos. Sobre esta obra predomina o seu labor de ceramista, en pratos decorativos logrados na tripla sucesión do debuxo, o colorido e a cocción, para obter, tras o enigma do que haxa de conceder o forno, non o azulexo de vulgar coloración, senón o cadro con obtención de calidades, que entraña precisamente o procedemento empregado por este artista, no que hai que recoñecer unha orixinalidade que presta sinaladísimo atractivo á súa obra, más alá do plano do decorativo.

Fragmento da recensión de *El Correo Gallego*, do 14 marzo de 1948, asinada por MRP:

Ángel Lemos, apenas iniciado nesta arte, xa conseguiu fixar un selo que o distingue; marca que, se os acertos responden a este primeiro e seguro paso, pode sinalar a personalidade do novo artista galego.

O 18 de marzo de 1948, o catedrático Manuel Rabanal Álvarez (ver Apéndice) publica na súa sección Nebulosa do xornal *La Noche* a seguinte recensión sobre a exposición:

Quen ten a culpa de que os temas haxan de gardar cola para poder asomarse ao noso angosto e unipersoal balcón? Digamos, pois, na véspera da clausura o que deberíamos dicir por mor da inauguración.




Ángel Lemos. Detalle esquerdo do mural superior da Xoiería Ángel. 1947. Gravado e pintura sobre azulexo.



Ángel Lemos. Detalle central do mural superior da Xoiería Ángel. 1947. Gravado e pintura sobre azulexo.



Ángel Lemos. Detalle dereito do mural superior da Xoiería Ángel. 1947. Gravado e pintura sobre azulexo.



Ángel Lemos. Esquerda: bosquexo da Diana cazadora. 1947. Debuxo a carbón sobre papel. Colección familiar. Dereita: detalle da porta da Xoiería Ángel. Diana cazadora. 1947. Gravado sobre azulexo. 140 x 40 cm. Fotografías do fondo familiar.

Aínda penden dos muros do Turismo os óleos, as acuarelas e as pezas de cerámica de A. Lemos de los Reyes. Cando tivemos ocasión de contemplar a politécnica antoloxía plástica do actual expositor, aínda non asolagara a nosa cidade na onda de loito e de pesadume que agora bate contra os seus contrafortes e os seus prismas de granito.

Era, non obstante, unha mañá lazarina en que xa se rumiaban funestos desenlaces e prognósticos doutorais de suma gravidade. Para que unha exposición artística impresione en tal concxuntura, ten que ser moi recia a súa personalidade e moi destacadas as súas calidades.

E, con todo, o recordo que gardamos da nosa visita ao conxunto exposicional de A. Lemos, permanece vivo na nosa memoria e grato aínda no noso padal. Afortunadamente, non estabamos sós no nutrido recinto, senón moi ben acompañados. Tanto que os nosos covisitantes eran, pola graza de Deus, nada menos que o grande artista e catador pictórico señor Maside e o afinado crítico local señor Pola.

O primeiro mostrouse francamente admirado dos sorprendentes progresos alcanzados polo excelente gravador e decorador ceramista que aos seus contados anos leva o noso artífice dentro de si. O segundo reiterou oportunamente xuiños conceptos das súas recensións xornalísticas, coñecidas xa da maioría dos nosos lectores.

Pouco nos quedaba a nós que dicir pola nosa conta. O bastante, con todo aínda para que teñamos que proclamar publicamente que esta arte menor menor polos propósitos dos materiais, polas limitacións técnicas do artista do momento é un produto lindo, exquisito, apetecible, se os hai; consciente de quedar en seguidilla, romance de finísima factura, sen ambicionar para nada a opulencia da oitava real.

Non é pequeno este encanto. Outros, más puros e nobres, sonlle dados ao visitante por xeneroso engadido.

Ademais, a Universidade de Santiago de Compostela adquire unha obra en cerámica cuxo actual paradoiro resulta descoñecido.

O bo sabor de boca que deixou a súa exposición en Santiago proporcionalle varios encargos para decorar os interiores de comercios locais. Un deles, o do *Bazar de Villar*, naquel momento na súa localización orixinal na rúa Nova, nº 57, onde actualmente se sitúa a tenda da firma lalinense Florentino.

O mural elaborado por Lemos para o bazar, de temática xacobeira, compone de dous conxuntos de azulejos diferenciados. Chegado o momento da súa instalación, descobren que no traxecto entre Vigo e Santiago romperon dúas pezas, polo que os clientes tentan poñerse en contacto con Ángel para a súa reparación, pero non o conseguén pois este xa se marchou a Arxentina. Por este motivo o grupo



Ángel Lemos. Mural para o interior do *Bazar de Villar*. 1948. Gravado e pintura sobre azulexo de cerámica. 100 x 160 cm. Colección familiar.

de azulexos que compoñen o segundo mural queda coidadosamente amoreado sen colocar.

Uns anos máis tarde, o *Bazar de Villar* mudase á rúa das Orfas, e o mural permanece instalado no local da rúa Nova, que será ocupado por outros negocios que o cobren con andeis, co que queda completamente oculto durante todo o período que media ata finais do século XX. Lemos mudarase á Arxentina no 1950 e non regresará a Galicia ata 1977, polo que se pode dicir que as dúas partes do mural, das que non se conserva ningunha fotografía, caen no completo esquecemento.

Adiantamos o relato ata o ano 2001, non moito antes do falecemento de Lemos na Estrada. A súa filla Natalia, coñecedora de boca do seu pai da existencia deste traballo, convénceo para desprazarse xuntos a Santiago, coa esperanza de obteren algunha pista sobre o seu actual paradoiro. Comezan a súa indagación polo actual local do *Bazar de Villar*, na rúa do Villar. Para a súa alegría, a familia infórmaos de que aínda conserva nalgún lugar o conxunto de azulexos non instalados. En canto ao mural da rúa Nova, nada saben acerca da súa conservación, pois permaneceu tapado durante todos estes

anos, incógnita que se prolonga ata os nosos días. Tras unha agradable charla cargada de recordos e logo de intercambiar os teléfonos, despídense esperanzados, pero sen concretar nada.

Terán que transcorrer case vinte anos, cando unha tarde do mes de agosto de 2020 Natalia recibe unha chamada dun membro da familia Villar que lle conta que no 2019 pecharon o seu último establecemento no centro histórico, que localizaron o grupo de azulexos non instalados case completo e, o que é mellor, que lles gustaría que a obra volvese á familia de Lemos.

Coa mesma amabilidade, respecto, coidado e agarimo que durante dúas xeracións trataron os seus clientes en Santiago, a familia Villar conservou desde o ano 1947 ao 2020 a maior parte do conxunto de azulexos creado por Ángel Lemos que, nunha mostra de gran sensibilidade e xenerosidade, lle regala á súa familia para a súa conservación, gozo e difusión.

Regresamos ao ano 1948. Con motivo da clausura da exposición en Santiago, o xornal *La Noche*, na súa edición do 22 de marzo, publica unha entrevista con Ángel Lemos na que anuncia a súa intención de expoñer a súa obra en Madrid:

Máis adiante díxonos Lemos de los Reyes irei a Madrid para mostrar o que se fai en Galicia no aspecto da cerámica. Será a exposición más importante da miña vida artística engadiu porque Madrid é o feudo da cerámica, xa que o destacado ceramista señor Arrojo, madrileño, é o único que ata o momento logrou triunfar plenamente con esta modalidade de arte.

O 13 de abril de 1948 inaugura unha nova exposición que ocupa as salas 1 e 2 da Galería Foto Club de Vigo, onde ademais de cerámicas exhibe por primeira vez, na súa cidade e ante a súa xente, os seus óleos e acuarelas.

En setembro de 1948, chegan os seus primeiros recoñecementos en forma de galardóns. Dúas obras súas son premiadas no IV Concurso Provincial de Artesanía de Pontevedra. Na categoría de Artesanía artística, recibe un accésit 2 polo seu óleo *Mariñeiro* e, na categoría de Oficios artesáns, recibe o primeiro premio polo seu gravado en cobre *Venda de peixe*.

O Concurso Provincial de Artesanía estaba ligado ás festas da Peregrina de Pontevedra, en cuxo inicio se inauguraba unha sala na


cidade que acollía as obras seleccionadas no concurso e que recibían un enorme número de visitas durante todo o período en que permanecía aberta.

Lamentablemente, non se conserva ningunha fotografía das dúas obras premiadas e, como sucede coa maior parte da obra de Lemos correspondente a este período, descoñécese o seu actual paradoiro.

Con motivo da grave enfermidade que padece o seu amigo o debuxante vigués Mario González, en abril de 1948, Lemos doa unha pintura para a exposición benéfica e de homenaxe que organiza unha comisión liderada por Enrique Romero Archidona, á que tamén contribúen coas súas obras outros artistas, como Laxeiro, Torres, Lugrís, Garabal, Rodal, Carlos Sobrino, Bustamante, Morera...

O xornalista Luis Cambeda asina no xornal *La Noche* do 20 de setembro de 1948 un artigo titulado *Os faladoiros literarios de Vigo*, onde describe os distintos faladoiros que de forma asidua se reúnen nas cafeterías de Vigo, unha cidade industrial, pero non carente de intereses e preocupacións literarias e artísticas: «Nun café, o decano é Ferreira, un faladoiro ao que tamén asisten de forma asidua Antonio Otero, don Arsenio, Sigüenza. Asisten moito pintores da cidade e de fóra, Rodal, Granell, Oliveira, Lemos, Morera, de paso acostuman a vir Garabal, Méndez Pena, Rafael Alonso, Pesqueira Salgado, Folgar, Archidona, Vilarelle».

Ángel Lemos é un dos artistas de moda en Vigo. Os seus primeiros traballos pictóricos reciben eloxios tanto da crítica coma do público. Os premios recibidos na Feira de Artesanía –moi populares naquela época– prestíxiano e publicítanse no panorama artístico galego. Os seus característicos traballos sobre cerámica proporcionanlle un importante número de peticións para decorar sobre todo locais e mesmo algunas casas, especialmente en Vigo, onde é un dos habituais dos faladoiros intelectuais. Todo iso mentres prepara con enorme ilusión a súa primeira exposición en Madrid, prevista para maio do ano seguinte no *Centro Galego*, ao que remite un debuxo orixinal como obsequio e carta de presentación. A motivación por expoñer na capital é dobre, pois ademais do logro profesional Lemos anhela reencontrarse, aínda que sexa de forma efémera, con algúns dos seus amigos na cidade que non pisa desde a súa fuxida ao finalizar a guerra.



Ángel Lemos. Mural para o interior da *Editorial Cartel*. 1948. Gravado sobre azulejos de cerámica. 100 x 60 cm. Autor da fotografía: Carberry (Vigo). Fotografía do fondo familiar.

Vigo, cuxa exacta localización non puidemos concretar e que tamén coñecemos grazas á fotografía tomada no seu día. Ademais temos constancia de que Montse Vieira lle encargou un mural para a súa casa na rúa Pi Margal, do que lamentablemente non se conserva ningunha imaxe.

Durante o tempo que traballou a cerámica nos talleres de Hermínia Buceta, saíu das súas mans unha cuantiosa producción de pezas das que se conservan moi poucas ou, para ser más rigorosos, figuran

O xornalista Julio Sigüenza Reimúndez (ver Apéndice) encárgalle a realización dun mural en cerámica para decorar a sede da *Editorial Cartel*, sita na rúa Velázquez Moreno, nº 8, de Vigo, da cal era propietario e director. Lemos grava sobre un conxunto de quince azulejos unha escena clásica dun novo pastor nun bosque sentado baixo unha árbore. Lamentablemente, esta obra xa non existe e tan só a coñecemos a través da fotografía en branco e negro tomada polo fotógrafo vigués Carberry por encargo do autor, coidadosamente conservada pola súa filla Natalia.


A esta mesma etapa pertence outro mural gravado en cerámica para un local na zona de Bouzas,

localizadas apenas unhas poucas unidades, pois non é descartable que moitas delas coa firma Lemos decoren a intimidade das casas ou se conserven esquecidas nalgún faiado ou almacén. Con todo, si podemos confirmar que a maioría dos conxuntos murais instalados nas paredes de casas e locais se perderon como consecuencia das súas reformas, de cambios de propietarios e mesmo da desaparición das propias construcións que os acollían.


Á vista do éxito cultivado nas exposicións realizadas, e de que cada vez se atopa máis cómodo co óleo e coa acuarela, Ángel conclúe que para

avanzar na súa carreira necesita abandonar a fábrica de cerámica e independizarse. De forma moi cordial, desvincúlase laboralmente de Herminia Buceta, coa que continuaría traballando a cerámica xa de forma más esporádica, e comeza a súa relación profesional co seu bo amigo Manuel Lago Martínez (ver Apéndice), quen se converte nunha figura asimilable á dun representante, encargado de facilitarlle o seu labor como artista, de promovelo, de procurarlle exposicións e encargos e, en definitiva, de guialo desde un punto de vista comercial.

Coa axuda de Manuel Lago, en outubro de 1948, Ángel instálase no seu primeiro estudio propio sito na rúa Eduardo Iglesias, nº 5, 1.^o, fronte ao Teatro-Circo Tamberlick de Vigo.



Ángel Lemos. Mural instalado en Bouzas, Vigo. 1948. Gravado sobre azulejos de cerámica. 140 x 100 cm. Fotografía do fondo familiar.



Ángel Lemos. Autorretrato. 1948. Óleo sobre taboleiro. 41,5 x 33 cm. Fondo familiar.

mesturadas cos apuntamentos e bosquexos de Lemos. Se comparamos a obra de posguerra de ambos os artistas, descubrimos moitos puntos en común: as maternidades, o retrato da infancia, as escenas galegas, os rostros femininos. Pero como non todo é traballo, Laxeiro e Ángel son asiduos do *Bar Eligio*, na travesía da Aurora de Vigo, xunto a un íntimo amigo común, o exmodelista de *Sancy*, sindicalista e vicepresidente da Sociedade de Pintores Albaneis, Anacleto Gallego.

No seu novo estudio, Lemos tamén exerce de anfitrión do seu amigo Manuel Prego de Oliver, con quen comparte opinións sobre as perspectivas, as cores, os materiais e, en fin, sobre calquera cuestión relacionada coa pintura. Esta relación con Prego de Oliver tamén perdurará ao longo dos anos.

Ángel adoitaba lembrar con orgullo que polo seu estudio tamén pasaron outros grandes pintores, como Urbano Lugrís, Maside, Bustamante, Abelenda, Vidal Lombán.


Cunha maior dispoñibilidade de horarios e un espazo propio que pode dedicar integralmente ao desenvolvemento da súa arte, en pleno período de aprendizaxe e experimentación, estréitase a súa relación con Laxeiro.

O pintor lalinense adoita visitalo para pasar xornadas pintando no novo estudio de Lemos. Con frecuencia, cítanse para mostrarse os seus traballos ou un ao outro e para coñecer as súas respectivas opinións e a forma de traballar. A familia de Lemos conserva unha colección documental onde conviven os debuxos e notas de Laxeiro,


A finais de 1948, un grupo de directivos norteamericanos da produtora *Paramount*, de viaxe de negocios en Vigo, interésanse no *Café Derby* polo mellor debugante da cidade, pois teñen un encargo que lle facer. Na emblemática cafetería, indícanllles o nome de Ángel Lemos e procúranllles un encontro. Os directivos encoméndanlle con gran discreción unha serie de debuxos de alto contido erótico, traballo que Ángel realiza no seu estudio a porta pechada con tanto ou maior segredo. Unha vez terminado, entregado e cobrado o encargo, lévano aos Estados Unidos.

O 6 de febreiro de 1949, inaugura na galería *Foto-Club* de Vigo a exposición *Sintiendo o mar*, onde exhibe un total de 20 óleos, entre eles a obra *Mariñeiro*, premiada no Concurso Provincial de Artesanía; *N'a mentras, Xénio vivo, Tomando o vaso, Lavadeiras...* Ademais, expón catro debuxos, un deles un autorretrato, cinco acuarelas, dous gravados en cobre (incluído o galardoado co primeiro premio do Concurso Provincial de Artesanía), sete gravados sobre azulexo e tres gravados para decoración mural.

Baixo a fotografía en branco e negro do impresionante óleo do mariñeiro afogado que conserva a súa familia e que ocupa a portada




Laxeiro. 1949. Tinta sobre papel. 20,5 x 15 cm.
Fondo familiar.




Ángel Lemos. *Cousas do mar*. 1949. Óleo sobre lenzo. Autor da fotografía: Montalvo (Vigo). Fotografía do fondo familiar.

do catálogo, o propio Lemos escribiu da súa propia man a enigmática frase: «Xa non existes amigo, outro no teu lugar está!». Acaso o pintou por encima? Por que habería de facelo sobre unha obra que apreciaba ata o punto de utilizala como imaxe principal do catálogo? O certo é que nada se sabe sobre o paradoiro actual desta obra.

O 21 de abril de 1949, Lemos mudiase de estudio e arréndalle ao seu amigo o pintor e escultor Juan José Morera Garrido (ver Apéndice) o espazo que este ten aberto no nº 16 da rúa Felipe Sánchez, un piso terceiro con todos os útiles do estudio. Ambos os artistas pasan a compartir lugar de traballo e promóvense de forma conxunta baixo a denominación Lemos Mago. Dedicados, segundo indican nas súas propias tarxetas, á pintura mural, reproducción, restauración de cadros e obxectos de arte, carteis, marcas, cabeceiras e debuxos publicitarios, ademais de ao labor artístico propio que desenvolve cada un deles.



Ángel Lemos. Bosquexo para o óleo *N'a mentras*. 1945. Lapis sobre papel. 10,5 x 16,5 cm. Fondo familiar.



Ángel Lemos. *N'a mentras*. 1949. Óleo sobre lenzo. Autor da fotografía: Montalvo (Vigo). Fotografía do fondo familiar.



Ángel Lemos. Bosquexo para o óleo *Xenio vivo*. 1947. Técnica mixta. 10,5 x 16,5 cm.
Fondo familiar.

Dos seus traballos en colaboración tan só temos a referencia dun comedor próximo á praia de Patos de Nigrán, do que non existen fotografías e probablemente desaparecido.

Aproxímase a data de inauguración da esperada exposición do noso artista no Centro Galego de Madrid (sito na rúa Prezados, nº 29), prevista para o 14 de maio de 1949. Toda a obra xa foi enviada e coidadosamente disposta na sala de exposicións, pero para o seu enorme desgusto as autoridades denégáñlle a Ángel o permiso para desprazarse a Madrid.

A mostra inaugúrase sen a presenza do autor quen, impotente, permanece en Vigo á espera das noticias e comentarios que lle poídan trasladar. Asisten o presidente do centro, Constantino Lobo Montero, o da Comisión de Cultura e Arte e primeiro vicepresidente, señor Castro Gil, e demais membros da Xunta Directiva. En representación de Ángel viaxa á inauguración Manuel Lago.

A obra seleccionada compónese de acuarelas, óleos e dunha importante mostra de gravados e pintura en cerámica. Esta será a última onde Lemos exhiba as cerámicas gravadas que tanto éxito de crítica e público lle reportaron. O proceso de creación destas pezas,



Ángel Lemos. Esquerda: Bosquexo. 1945. Lapis sobre papel. 20 x 14 cm. Dereita: Entre 1945 e 1948. Óleo sobre lenzo. Autor da fotografía: Fotografía Tomás (Vigo). Ambos do fondo familiar.

para o que depende das instalacións alleas (especialmente o forno), resulta longo e laborioso e neste momento as súas preferencias artísticas decántanse xa especialmente polo óleo, motivos polos que decide dedicarse exclusivamente á pintura, o que converte as pezas de cerámica creadas durante o curto período que vai do 1947 ao 1949 en auténticas xoias, non só pola súa innegable calidade artística, senón tamén pola súa escaseza.

No que resta da súa lonxeva vida artística, só volvería utilizar esta técnica de gravado sobre cerámica na Estrada, onde creou unha composición de catro azulexos.

A exposición en Madrid clausúrase con boas vendas e unha grande asistencia de público, resultado que non mitiga a amargura que sente Lemos pola súa forzada ausencia. Aínda que a súa actividade profesional resulta frenética, convive permanentemente coa angustia xerada pola súa precaria situación de liberdade provisional, frecuentemente agudizada por este tipo de episodios que lle impiden desenvolver unha vida en plenitude.





Ángel Lemos. Entre 1947 e 1949. Gravado sobre prato de cerámica. 24 cm. Fondo familiar.

No ano 1949, realiza catro ilustracións (incluída a portada) para o libro de poemas de Emilio Crespo Cano (ver Apéndice), *Mary Rosa (Las bellezas de Vigo)*, editado por Tip, S. C. La Oliva, nº 12, de Vigo (1.^a edición de xullo de 1949).

O 18 de xullo de 1949, Emilio Crespo no Café Derby dedícallle o seguinte texto: «Haberá algo máis digno de admirar, amar, respectar e protexer que o pensador abstraído, que pluma na man e apoiada a ampla, optimista e soñadora fronte na súa man esquerda, ara os campos ermos do infinito da ignorancia, arrincando dos seus arrevesados sucos os froitos valiosos que agrandarán o inestimable acerbo do saber humano? Velaquí a perenne caricatura do gran Lemos».

No verán de 1949, recibe o primeiro premio na categoría de Artesanía artística, do Concurso Provincial de Artesanía de Pontevedra, por un retrato ao óleo do seu irmán Emilio Lemos.

O 20 de setembro de 1949, Manuel Lago xestiónalle a solicitude dunha bolsa á Deputación de Pontevedra para a ampliación dos estudos de pintura. Esta bolsa seralle denegada, pois D. Ángel Le-



Ángel Lemos. Ilustracións para o libro *Mary Rosa (Las bellezas de Vigo)*, de Emilio Crespo Cano. 1949.

Celia Godoy cos seus cinco fillos. 1949.
Fondo familiar.



mos de los Reyes, de 32 años de idade, «móstrase xa como artista feito», fóra do marco habitual da intención destas pensións.

O 1 de marzo de 1950, Lemos aluga un estudio na rúa Felipe Sánchez para el só, pois o seu ata o de agora compaño Morera Garrido abandona a cidade. Alí acaba de pintar a obra que exhibirá na que, sen sabelo áinda, será a súa última exposición en España antes da chegada da democracia. A mostra inaugúrase o 20 de abril de 1950 na rotonda do Casino da súa cidade natal, composta de 18 óleos e 4 acuarelas.



Ángel Lemos. Retrato de Mario González (ver Apéndice). 1949. Debuxo a carbón sobre papel. 23 x 15 cm. Fondo familiar.



Mario González.
Caricatura de
Ángel Lemos,
publicada no
xornal *El Pueblo
Gallego* o 29 de
marzo de 1950.

Julio Sigüenza na edición do *Faro de Vigo* do 25 de marzo de 1950 realiza a seguinte crítica:

Ángel Lemos de los Reyes, benxamín dos pintores vígueses, presenta na ronda do Casino unha colección de óleos nos que se evidencia o exuberante da súa fantasía creadora e nos que se acusan remarcados progresos técnicos de composición e empaste, en relación coa súa anterior mostra, de hai agora dous anos na sala Foto Club.

Pintor ambicioso e de vocación, ningún tema é alleo ao seu pincel. Retrato, composición e paisaxe teñen presenza nesta exposición que indubidablemente presenta o pintor, ben próximo e á meta do seu camiño. A mesma disparidade de escolas e de tendencias en que están realizadas as obras realismo, expresionismo, surrealismo mostran xa un temperamento desconforme, inquieto, que tropeza aquí e que se levanta alá, sen que tropezón ou caída resulten ser outra cousa que o esporeo perentorio dunha nova marcha cara á meta obsesiva, que é o achado da propia personalidade.

O seu amigo, o poeta e crítico de arte, Enrique Romero Archidona (ver Apéndice), a quen pide opinión sobre a exposición, escríbelle unha carta datada o 2 de abril de 1950:

Quero significarque, en principio, que o teu avance é tan notorio desde a última sala túa á presente que non é necesario remarcarque o proceso obtido, pois xa o coñeces polo resultado en todas as ordes, crítica e venda.

Agora ben. Encontro eu dúas traxectorias na túa actual fórmula de expresión pictórica que me falan moi directamente das posibilidades inmediatas ao teu alcance, estas son a sinalada en Muchachas lavanderas e na túa Maternidade, non catalogada. O primeiro destes dous cadros, xunto á chamada mal por ti Sagrada Cea, pois é máis ben un grupo de apóstolos ao redor de Cristo, presentan características de similitude á maneira de Cézanne, con fórmula impresionista e perfiles en negro, moi acentuados, pero con auténtica soltura e expresión propia. Este camiño, para o que te atopo moi preparado e con grandes disposicións interpretativas polo teu bo sentido do debuxo e da composición, é quizais o de éxito más seguro e o de resultados económicos más próximos, por ser comprensibles as súas esencias xa para todos os públicos e prestarse a temas moi gratos e variados.

Hai movemento, vida, palpitación nos teus dous sinalados lenzos de Muchachas e La cena (máis no primeiro) e moita forza de cor, a pesar dos tons apagados que empregas. O empaste é sobrio pero limpo, as gradacións amables e ben combinadas, o conxunto equilibrado e emotivo (que tampouco a arte pode considerarse actualmente deshumanizada en absoluto), o que nos dá unha cabal idea do que podemos esperar de ti nun futuro inmediato. Claro que son lexión os que cultiva esta faceta, pero isto non impide que ti o fagas moito mellor que a maiorfa, e poidas se insistes cunha maneira orixinal e bela, exclusiva.

En canto á Maternidade, é unha fórmula que pode levarte moi lonxe, tanto que non alcanzo a velo en perspectiva actual. O mesmo podes obter marabillas sen segundo, como perderte en estériles procuras desconcertantes. Aquí necesitas de todo o teu pulso, a túa sensibilidade e o teu innato sentido do belo e as súas formas, para lograr liberarte de tanto equilibrio como anda solto polo mundo, e alzarte cunha técnica persoal e cimeira. Non che recomendo este sendeiro como única expresión da túa arte, polo menos agora. Has de traballar sobre iso, que dúbida cabe!, pero non lles debes dar publicidade ás túas obras deste tipo ata contrastalas convenientemente, unha a unha, coa túa propia satisfacción demorada e ponderada, ben madura de repouso.

Sempre, isto xa cho dixen antes, me gustaron os teus pequenos lenzos bosquexados, de vago perfil e golpe de cor, ao estilo de Marinero del Berbés, onde obtés resultados soberbios cun esforzo menor. Creo que destes breves cadros podes sacar grandes realizacións e, sobre todo, estudos directos do natural, perfectos, e moitas fantasías novísimas da túa gran vocación.

O resto da exposición, áinda que discreto, non está á altura destas cousas que che apunto. Adoece de apresuramento, de nerviosismo, de presas e afáns diversos, de ensaios errados con grandes acertos illados ou parciais. En fin, falta de madureza nunha ou dúas traxectorias, as sinaladas máis arriba, que son as que, ao meu xuízo, poden cravar o teu nome, moi alto, no mastro da arte galega e universal.



Ángel Lemos. *Cristo de la Victoria*. 1950. Óleo sobre táblex. 56 x 81 cm. Colección particular.

En agosto de 1950, o xurado presidido por José Filgueira Valverde (director do Instituto de Ensino Medio e do Museo Provincial) concédelle unha mención honorífica no VI Concurso-Exposición Provincial de Artesanía, ao non poder ser premiado neste certame por obter o máximo galardón na pasada edición.

A este período corresponde o seu óleo *Cristo de la Victoria*, que se poxaría o 5 de novembro de 2019 na galería madrileña Ansorena, tan de actualidade nos nosos días pola inclusión nunha das súas poxas dun posible ecce homo de Caravaggio, non atribuído inicialmente ao mestre italiano, poxa que foi paralizada polo Estado español.

O Cristo de la Victoria é a imaxe relixiosa máis venerada de Vigo que, cada primeiro domingo de agosto, sae en procesión desde a concatedral de Santa María de Vigo, coñecida popularmente como A Colexiata.

Tamén pinta para a Xoiería Ángel de Vigo o óleo de gran formato *Berbés*.

Este período de prosperidade profesional e persoal de Lemos nunca o foi ao completo, pois convivía coa ameaza de que aparecesen novas probas que puidesen xogar na súa contra na súa causa por deserción.

Cando Ángel e Luis cambiaron do bando nacional ao republicano en Añóver del Tajo, foran varios os soldados que inicialmente planearon esta operación, entre eles un soldado galego ao que todos



Ángel Lemos. *Berbés*. 1950. Óleo sobre lenzo. 120x254 cm. Colección particular.

chamaban polo seu apelido, Puga. Porén, finalmente, só eles dous levaron a cabo o plan.

Unha mañá, a finais do mes de abril do ano 1950, nunha céntrica rúa de Vigo, Lemos crúzase arrepiado co seu antigo compañoiro no exército nacional, Puga, que tamén circula a pé con uniforme da Garda Civil.

Aínda que este non chega a velo, e Lemos non sabe exactamente por que motivo está Puga en Vigo, non pode evitar pensar que as probabilidade de coincidir novamente son moi elevadas, máxime ao ter que presentarse Lemos periodicamente ante a Benemérita.

Esta aparición inesperada aumenta os peores temores de Lemos. Obviamente, Puga coñece de primeira man o sucedido en Añóver del Tajo, e Lemos descoñece como reaccionaría este en caso dun reencontro. Non ten a suficiente confianza para abordalo e advertilo da súa situación sen risco de que o delate. O que resulta evidente é que, de revelar Puga o realmente acontecido, sería inexorablemente condenado por deserión e ingresado en prisión.

Este fatal encontro supón o detonante para que Ángel recupere o seu vello anhelo de abandonar o país e reunirse na Arxentina co

seu irmán José. A súa esposa, nacida en Bos Aires, tamén ve con bos ollos o regreso a un país que considera de liberdade e oportunidades. Ambos planifican que, xunto aos seus cinco fillos, Celia se unirá ao seu esposo unha vez establecido alí.

Desde a finalización da guerra, fora recalando en Bos Aires un importante grupo de artistas e intelectuais galegos: Luis Seoane, Arturo Cuadrado, Rafael Dieste e Carmen Muñoz, Ramón Rey Baltar, Lorenzo Varela, J. Otero Espasandín, José Núñez Búa, Elpidio Villa-verde, A. Alonso Ríos, Basilio Álvarez, Álvaro M.^a Casas, Suárez Picallo e A. Rodríguez Castelao.

En pleno apoxeo profesional, Lemos decide abandonar a súa cidade, os seus amigos e a súa familia, o cal nos dá unha idea do angustioso que lle resultaba a soa idea de quedar á mercé do réxime.

Un dos principais problemas aos que se enfrenta para executar este plan é que non pode comprar un billete e abandonar o país como calquera outro cidadán, pois precisa dunha autorización expresa das autoridades, permiso que, á vista da negativa para permitir a súa viaxe a Madrid, lle sería denegado. Descartada esta opción, conclúe que a súa única alternativa é embarcar como polisón e así o fará no transatlántico arxentino *Santa Fe*, que arribará ao porto de Vigo o 11 de maio de 1950.

O xornal *El Pueblo Gallego* desa data informa: Para esta noite ás once, segundo radio recibido na Axencia Aucona-González Alegre Hermanos, está prevista a chegada a porto en viaxe directa desde Bos Aires do transatlántico arxentino *Santa Fe*. Este buque que visita por vez primeira o porto de Vigo comándao o capitán señor Méndez Casariego, xa coñecido nestes medios marítimos por comandar outros da frota Dodero. O *Santa Fe* realiza con esta a súa décimo novena viaxe a portos de Europa, prestando ata o de agora servizos na liña do Mediterráneo dedicada ao transporte de emigrantes italianos desde Xénova a Bos Aires. Neste ano, segundo o itinerario da compañía, ten sinaladas tres escalas máis no porto de Vigo para tomar pasaxe completa para a Arxentina, con saídas o 28 de xuño, 10 de outubro e 28 de novembro.

Ademais da súa esposa, soamente o seu pai e un íntimo amigo da familia, Lino Muíños, de Redondela, que viaxará no barco e forma

parte do plan, coñecen as intencións de Lemos. Casualmente pouco antes de tomar camiño cara ao porto de Vigo atópase con Camilo Nogueira, que se despide del cun ata mañá ao que Ángel responde, para desconcerto do seu amigo, cun ben xa veremos.

O propio protagonista narraba na entrevista de *La Voz de Galicia* do 11 de maio de 1988 como accedeu ao Santa Fe no porto de Vigo o 28 de xuño de 1950:

Metinme tranquilamente no barco cunha caixa de pintura e un cabalete. Dixen que ía levarlos a un pasaxeiro. Non me deixaban pasar, insistín dicindo se crían que ía quedar dentro.

O pasaxeiro ao que se refire é o seu amigo Lino Muíños.

Unha vez no interior do barco, Ángel ocúltase no túnel por onde pasa o eixe da hélice e ensúciase por completo de graxa. Durante o tempo que permanece alí en solitario, consciente do duro que se faría a viaxe nesas condicións, sopesa seriamente abandonar o seu plan de fuga, pero conclúe que o feito de ensuciarse delataría o seu propósito de viaxar como polisón e deixaría exposto á opinión pública e, sobre todo, ás autoridades, previsión que o animou a perseverar no seu intento.

Ao pouco tempo de ocultarse, irrompen no túnel outros dous polisóns cuxas motivacións para embarcar son ben distintas –o mero afán de aventura–, o que os fai ser menos coidadosos, sobre todo menos ruidosos. Ángel centra os seus esforzos en silencialos e en disuadilos da súa actitude. Era plenamente consciente de que non ía aguantar alí toda a travesía e de que nalgún momento tería que saír, pero debían permanecer ocultos, polo menos ata pasar Canarias, para que non os obligasen a desembarcar no propio país.

Finalmente, son descubertos a unha altura da ruta que imposibilita o seu desembarco en España. Inmediatamente, son presentados ante o capitán do barco, Ricardo Méndez Casariego, a quen Ángel lle explica a súa situación, e resulta que este é unha persoa comprensiva que empatiza co noso protagonista. Os tres polisóns permanecerán no barco ata alcanzar o seu destino na Arxentina. Durante o traxecto, Lemos mantén un trato cordial co capitán, que mesmo lle encarga un retrato.

O 14 de xullo de 1950, o Santa Fe chega ao porto de Buenos Aires.

Na entrevista no xornal *Contrarretranca* nº 11 de febreiro de 1992, Lemos lembra:

Cando cheguei alí, como ía de polisón querían devolverme e tiven que escapar do barco coa axuda dun oficial, un catalán que me dixo: "Eu teño as costas moi anchas, así que se vostede sabe nadar poder saír nadando polo outro lado". Ofreceuse a distraer os outros oficiais e así puiden escapar. Portouse moi ben conigo, igual que se portaron ben en Ferrol, suponfo que influíria que eu ía con recortes de prensa, exposicións, ferramentas, caixa de pinturas. Ademais, no barco mesmo fixéralle un retrato ao capitán, de forma que o oficial non só me axudou a escapar, senón que incluso me deu algúns cartos. () Cheguei a Bos Aires e alí as autoridades tivérонse que facer cargo de min. Quedei retido no barco para volver a España se non conseguía que Eva Perón autorizase o meu libre desembarco. Como xa se chegara ao último día, un domingo, porque ao día seguinte, luns, partía o barco, o oficial catalán ofreceuse a axudarme, e así o fixo. Invitou un policía para tomar un café e díxolle que non facía falta que me pechase. O outro policía estaba na rampla de baixada do barco, xusto diante de onde estaba o meu camarote. Cando marcharon, conseguín burlar o outro garda e escapei. A verdade é que sempre fun un bo escapista, xa durante a guerra fuxín varias veces dunha morte segura, cheguei a ser famoso por iso.

Outro dos dous polisóns consegue, xunto a Ángel, burlar a vixilancia do barco e ambos alcanzan o peirao. Desde alí, vanse distanciando da forma máis discreta posible, ata que conseguén meterse nun autobús que os afasta definitivamente do porto e do perigo. O «descoido» na vixilancia dos polisóns custaríalle ao capitán do barco un expediente disciplinario.

Para fortuna de Ángel, o seu compañoiro de fuga ten un tío en Bos Aires que acode ao seu encontro e condúceos á casa do seu irmán nun humilde e apartado *ranchito* en Longchamps, provincia de Bos Aires, onde ás dúas da mañá quedan finalmente hospedados. Neste agocho permanece Ángel tres días, ata que se instala definitivamente na casa duns parentes da súa muller. Superados os primeiros días, consegue contactar co seu irmán José quen, tan sorprendido como emocionado, xunto ao resto da súa familia, o acolle uns días na súa casa.

Así nos narra este episodio o seu sobriño Hugo de los Reyes, que daquela contaba con dez anos de idade:

O meu pai recibía unha ou dúas veces por ano algunha carta de España, e esa era a forma como coñecía de algo do que alí pasaba. Así, ata que un día moi

frío de inverno do ano 1951 chegou á nosa casa un policía da comisaría da vila que lle notificou a meu pai que recibirían un radiograma enviado desde un barco proveniente de España e próximo a chegar ao porto de Bos Aires no que se informaba de que alguén que dicía ser Ángel Lemos estaba a buscar o seu medio irmán José para pedirlle a súa axuda, xa que tiña dificultades que lle impedían desembarcar e o capitán debería devolvélo detido a España.

Resolto aquel impedimento, por fin veu pasar uns días á casa, o que para min foi marabilloso, xa que admirei aquel home novo, tan bo mozo e tan simpático, chegado dun mundo tan estranxo e tan fantástico para os meus 10 anos cheos das fantasías de tantas novelas famosas que tiña lidas, agregadas ás que el me contaba da súa increíble vida. Despois duns poucos días, o meu tío despediu-se e foi vivir a Bos Aires.

A prensa arxentina informa sobre este suceso nun artigo do que a familia Lemos tan só conserva o texto, de modo que non é posible identificar o nome do xornal:

Con moita pasaxe chegaron dous vapores: tres polisóns. No porto de procedencia, Vigo, embarcaron de forma clandestina tres raparigos novos, chamados Ángel Lemos de los Reyes, Antonio Melón Rivas e Enrique Herbella Basado; o primeiro deles é pintor, o segundo mariñeiro e o terceiro manifesta ser simplemente xornaleiro. Durante a travesía, o chamado de los Reyes demostrou as súas condicións pictóricas, facendo o retrato de varios membros da oficialidade, entre eles o do comandante da nave, o señor Ricardo Méndez Casariego. Aínda que non foi posible entrevistar os polisóns, puido saberse que os tres abrigaban a esperanza de que as autoridades arxentinas, compenetradas no seu desexo de consagrarse ao traballo, haberán de tomar as medidas necesarias para permitir o seu desembarco.

En Vigo, a súa partida xera un grande impacto sobre a súa familia. Non todos comprenden que Ángel adopte unha medida tan drástica. A súa esposa, axudada polos seus irmáns, encárgase de atender todos os contratempos xerados pola repentina desaparición. Resolven alugar o estudio e venden a obra que quedara alí depositada. O tirón comercial do novo artista vigués permite colocar toda a súa producción con rapidez, co que se saldaron os pagos que podían quedar pendentes. A familia Lemos non conserva ningunha pintura correspondente a este período de posguerra.

Incumprida a súa obrigación de presentarse ante a Garda Civil, unha parella preséntase no seu domicilio para detelo. Contaba Antonio, o pai de Ángel, que no portal lle preguntaron ao porteiro por Ángel e que este lles respondeu: «O paxaro que buscan xa voou».

Preguntado na entrevista de *Capicúa* sobre os motivos que o impulsaron a adoptar esta difícil decisión responde:

Estaba en liberdade condicional, aínda tiña que presentarme na Garda Civil todas as semanas e non tiña documentación, tan só un papel onde tiñan os selos. Estaba nunha situación de total incerteza, co temor de que en calquera momento me metesen no cárcere.

O *Periódico de Vigo*, na súa edición do 28 de febreiro de 1951, informa sobre a entrega de premios da VI Edición do Concurso de Artesanía Artística no despacho do delegado sindical provincial e apunta que Ángel Lemos non pudo recoller o premio por estar enfermo. A realidade é que Ángel xa se atopaba a miles de quilómetros de Galicia nese momento.

E así é como se interrompe, ao noso xuízo de forma irreparable, a aínda incipiente pero moi prometedora carreira artística de Ángel Lemos.

Apenas tres anos despois da súa primeira exposición, o pintor Lemos desaparece como se o tragase a terra e non volverá a Galicia ata vinte e sete anos despois, caendo no máis absoluto dos esquecementos no ámbito artístico.

Esta abrupta e prematura quebra da súa progresión profesional explica en gran medida a súa ausencia das antoloxías de arte, catálogos, museos e coleccións públicas e privadas, ata o punto de que moitos dos seus coetáneos, mesmo algúns daqueles que eran os seus amigos, chegaron a pensar que falecera.

Exilio na Arxentina

Aínda que Ángel consigue entrar e establecerse na Arxentina, fai-no de forma ilegal, o que o obriga a levar unha vida clandestina, pois carece de permiso de residencia e non pode desempeñar ningún traballo nin recibir ningún servizo que requira unha situación regular no país.

Iso constitúe un importante obstáculo para obter o diñeiro suficiente que lles permita á súa esposa e aos seus fillos reunirse con el. Dado que Celia nacera na Arxentina, teñen a esperanza de que, unha vez retornada, esta circunstancia facilite a legalización da súa situación.

O 17 de novembro de 1950, o xuíz do Criminal e Correccional de Bos Aires cita a don Antonio Melón e a don Ángel Lemos (dous dos tres polisóns españoles) para que comparezan no xulgado como consecuencia da súa entrada clandestina no país, baixo apercibimento de declaralos rebeldes. Dado que Ángel carece dun domicilio para os efectos de notificacións, esta citación foi publicada no *Boletín Oficial da República Arxentina* e con toda probabilidade nin sequera foi consciente da súa existencia, polo que foi declarado en rebeldía. Afortunadamente para el, as autoridades arxentinas non puxeron especial empeño na súa localización, o que lle permitiu permanecer na Arxentina de forma irregular.

Ao pouco de establecerse, comeza a buscar traballo. Preséntase a unha proba para unha empresa de decoración ofertada na prensa, que o contrata para decorar cerámica. Cos ingresos que vai obtendo aluga unha casinha á que mudarse e pouco despois adquire unha parcela en San Antonio de Padua, unha zona rural e pouco poboada ao oeste de Bos Aires, co obxectivo de construír nella unha casa que acolla a súa muller e os seus fillos no futuro.

Ademais de traballar como decorador, Ángel tenta retomar a súa actividade artística, o cal non lle resulta fácil, pois ao carecer de permiso de residencia non pode participar en concursos e exposicións nin recibir axudas públicas. A pesar de todo iso, durante o ano 1951 realiza algúns traballos esporádicos, como as pinturas murais en cerámica e un óleo para a biblioteca dunha das dúas asociacións de vigueses en Bos Aires, *A Unión de Residentes de Vigo e Lavadores en Bos Aires* ou a *Asociación de Mutualistas Residentes de Vigo en Bos Aires*, sen que puidésemos precisar para cal delas traballou.

Ese mesmo ano, Ángel consigue un emprego como creador, decorador e modelista pola fábrica de cerámica de estilo oriental clásico *Manufactura Artística de Porcelana Oriental, SL*, coñecida como Mapo, con sede social en Rosario, nº 47, de Bos Aires, dirixida polo seu socio maioritario, o alemán Federico Plautt. Como veremos, Ángel consagrará praticamente toda a súa vida laboral durante a súa estancia na Arxentina ao traballo nesta empresa.

O 23 de xullo de 1951, o Centro Galego de Bos Aires inaugura na Sala de Exposicións Velázquez a Primeira Exposición Colecti-


va de Artistas Galegos na Arxentina, onde se expón a obra de seis pintores: Laxeiro, Julia Minguillón, Pesqueira, Díaz Pardo, Prego de Oliver, Carlos Maside e o escultor Faílde Gago, seleccionada por Valentín Paz Andrade e Francisco Fernández del Riego. O único artista de todos os escollidos que viaxa a Bos Aires é Laxeiro. Ángel ten noticia deste evento e asiste á inauguración, onde se reúne co seu amigo. Testemuña este reencontro o catálogo da exposición que a artista arxentina Estela di Paola conserva dedicado por Laxeiro e Lemos, e que moitos anos máis tarde esta lle enviaría escaneado a Natalia Lemos. Ademais, este catálogo contén ilustracións a lapis do propio Lemos coas que obsequiou a súa amiga, e cómpre destacar o rostro feminino debuxado na súa portada.

Por fin, o 22 de agosto de 1951 chegan a Bos Aires a súa esposa e os seus cinco fillos, embarcados no *Entre Ríos*. Certamente, non debeu ser unha tarefa fácil para Celia completar ela soa o traxecto cos cinco nenos: Miguel (8 anos), Fernando Rubén (7), Francisco Javier (6) e os xemelgos Alberto e Armando de 4 anos.

Aos poucos, sen máis axuda que a dos seus fillos maiores, Ángel consegue avanzar ata rematar a construción dunha casa de deseño propio na parcela de San Antonio de Padua. A vivenda de planta baixa dispón dun cuarto totalmente acristalada nun nivel superior baixo cuberta que destina ao seu estudio de traballo, ao que chama ba a súa «chabola». Ángel irá decorando os teitos das estancias da casa con frescos.

Aínda que existe transporte urbano, desprázase todos os días á fábrica de Mapo en Bos Aires en moto; primeiro nunha Bultaco e, posteriormente, nunha Gilera. Non obstante, adoita levar material da fábrica para traballar no seu estudio.

A construción da casa, a súa familia e o seu traballo absorben praticamente a totalidade do tempo de Ángel e, aínda que non esquece a súa gran paixón, a pintura, o certo é que apenas lle dedica tempo. Ademais, na Arxentina tampouco a enfoca como unha saída profesional, pois como el mesmo sinala nunha entrevista en *La Voz de Galicia* do 24 de xuño de 1998: «Alá non había artistas no pobo. Era xente con pouco diñeiro no peto que non apreciaba a pintura, non por falta de cultura, senón de espiritualidade».



Portada do catálogo da exposición de *Artistas Galegos na Arxentina* cun debuxo a lapis de Ángel Lemos. 1951. Propiedade de Estela di Paola (Bos Aires).

Páxina do catálogo da exposición *Artistas Galegos*. coas seguintes dedicatorias: «Para Estelita, a nena máis churrusqueira de Bos Aires. Laxeiro». 1951. «A Esteliña, a nena máis feitiña e agarmosa. Lemos, 26 de xullo de 1951». Propiedade de Estela di Paola (Bos Aires)

O seu fillo Miguel Godoy nárranos como en 1952 o seu pai, de natural espírito inquieto e creativo, acomete a construción na casa dun piano:

Un día, apareceu na casa cun bloque de ferro parecido a unha zafra, moi pesada, que eu non podía mover. El non soltaba palabra de para que era iso. Outro día apareceu cun dispositivo de madeira moi delicado e preciso. Aclarounos que formaba parte dun piano, era a peza que producía o son cando pulsabas as teclas. Máis adiante, construíu a arpa onde se ataban as cordas nas caravillas do piano. Finalmente, a arpa tiña que reforzala cunha chapa de metal, e entón vimos o uso que lle daba á pesada zafra. Dunha árbore colgaba unha roldana de albanería e cunha soga suspendía a zafra sobre un berbequí para facer a gran cantidade de buracos que levaba a arpa.

O 2 de decembro de 1955, á idade de 12 anos, falece vítima dun tumor cerebral Fernando Rubén, o segundo fillo de Celia e Ángel, o que sume a Ángel nun pozo de tristeza do que lle custará moito saír e que lle deixará como pegada física, aos seus 38 anos, un guecho de pelo branco na fronte.

Reproducimos a continuación o interesante texto redactado por Daniel Aníbal Galatro no seu blog <http://antiguoyvalioso.blogspot.com>, que narra o seu encontro, cando era aínda un neno, con Ángel

Lemos en San Antonio de Padua, pois trasládanos ao fogar da familia Lemos neses anos:

Cando coñecín a Ángel Lemos de los Reyes.

Nado e morto en Galicia, este artista cruzouse na miña vida case casualmente. Estou convencido de que era a fins de 1955, nun lugar próximo á cidade de Bos Aires que continúa chamándose San Antonio de Padua.

Os meus avós maternos radicáronse alí, nunha casiña á que me convidaron a pasar unhas semanas. Tiña eu once anos e ía ser a primeira vez que me afastase tanto tempo do meu fogar en Mar do Prata.

Foron uns días inesquecibles, non soamente pola cascarilla con leite que preparaba a miña avoa, senón porque no terreo lindeiro vivía unha curmá da miña nai co seu esposo e os seus fillos. Coñecelos e convivir con eles eses días deixaron en min recordos indelebles.

A súa casa era diferente a todo o que se podía ver nese barrio humilde ao que non chegaba nin a enerxía eléctrica suficiente para iluminarse cunha lámpada e había que usar farois a queroseno. E para un neno coma mim iso convertíase nun atractivo adicional.

Pero a miña atención centrábase no meu veciño, e por entón integrante da familia, o máis parecido a Leonardo da Vinci que puiden ver e gozar persoalmente.

O seu nome era, por entón, soamente Ángel Lemos. Ademais de decorar o interior da súa algo desconxuntada vivenda cun teito pintado como a Capela Sixtina, el construíra un taller de arte ao que o sol asolagaba a través do seu teito moi vidrado.

Nese lugar, pasei horas e horas aprendendo un pouco a decorar porcelanas, guiado por el e polo seu fillo maior, que creo que se chamaba Rafael.

Fóra de alí xogaba eu cos menores, Francisco Javier e os xemelgos, que anos despois foron probarse sen éxito no Celta de Vigo.

Desde aquel decembro do 55 ata hoxe, Ángel acompañou a miña vida, xa que me obsequiou cun debuxo a pluma que case sempre estivo nun lugar destacado das sucesivas casas que habitei.

En 1956, Mapo organiza na súa fábrica de Bos Aires unha exposición de pintura sobre cerámica e louza, onde Ángel expón varias pezas creadas e decoradas por el. De forma excepcional descoñecemos en base a que criterio, Ángel asinaba as súas decoracións para Mapo co seu habitual «Lemos».

En 1958, gaña as eleccións presidenciais da Arxentina Arturo Frondizi, quen á súa chegada ao poder acomete unha serie de importantes reformas lexislativas, moitas delas en materia de comercio e de estranxeiría, e aproba o mesmo ano da súa elección un decreto polo que se establece unha amnistía que permite a legalización dos



Decoración de Ángel Lemos para unha lámpada de cerámica producida por Mapo, asinada na parte inferior dereita.



Decoración de Ángel Lemos para un vaso de cerámica producida por Mapo. Fotografía do fondo familiar.

numerosísimos estranxeiros residentes na Arxentina. Esta medida viuse posteriormente complementada coa sinatura o 8 de xullo de 1960 do convenio de migración entre a República Arxentina e o Estado español, onde se establece que todos os traballadores españois que emigraron á Arxentina, calquera que fose a modalidade de emigración, quedan equiparados en canto a remuneración, condicións de traballo e seguros sociais cos arxentinos.

Grazas a estas reformas lexislativas, e despois de dez anos de residencia clandestina, Ángel regulariza a súa situación e queda identificado e rexistrado como cidadán español na Arxentina con permiso de residencia e traballo.

Practicamente a totalidade da súa vida laboral en Bos Aires desempeñouna na fábrica Mapo, onde grazas aos seus coñecementos,

creatividade e gran capacidade de traballo se converte no máximo responsable de producción da empresa.

A fábrica Mapo sitúase nun antigo edificio en Bos Aires, Ciudad de Caballito, rúa Rosario nº 47, e divídese en seis seccións distribuídas desde o fondo do local cara á fronte, articulando unha cadea de producción. Na parte traseira, por razóns de seguridade, atópanse os fornos para a cocción das pezas. A seguinte estancia destínase ao baleirado das pezas nos moldes e ao seu secado e pulido. A continuación, ármanse as figuras que, unha vez cocidas e vernizadas, pasan á fase de decoración á man, para volver a un último período de enfornado, onde a peza queda rematada e lista para enviar aos puntos de venda e exposición. O persoal da empresa alcanza nesta época de prosperidade comercial os vinte traballadores.

Ángel ocúpase do modelado, deseño e decoración das pezas. A principal liña de producción de Mapo é a dedicada ao estilo francés, con escenas tomadas dos grandes mestres da pintura gala do Barroco e primeiro Rococó, como Antoine Watteau, François Boucher ou Jean Honoré Fragonard, co seu estilo galante e voluptuoso de escenas de cortexo amoroso e lúdicas. A decoración realiza á man e xunto a Lemos traballan outros novos artistas como Estela di Paola ou Ángel Campal.

O socio maioritario de Mapo é o alemán Federico Plaut, con quen Ángel establece, co paso dos anos, unha estreita relación de amizade e confianza. O resto de socios, cunha participación conxunta menor, son o italiano Salvador Trentino Ditto, os arxentinos Luis Miguel Mondino e Luis Gerardo Prieto e o alemán Hugo José Plaut e Kaufman.

En tanto Ángel consegue o permiso de traballo, Federico Plaut non lle ofrece un contrato laboral, senón que lle propón incorporarse como socio á empresa, pois considerába unha peza capital do proxecto, oferta que o noso protagonista acepta de xeito que pasa a ter unha participación no capital social da entidade mercantil similar á do resto de propietarios minoritarios.

Durante a súa longa estancia na Arxentina, Lemos pinta de forma esporádica, sen ningún afán comercial, de modo que tampouco

se preocupa de exhibir a súa obra ao público. Á súa característica temática galeguista incorpora na Arxentina un motivo moi vinculado á cultura, historia e tradición arxentinas, como son os cabalos.

Cóntanos Natalia que o seu pai mesmo chegou a ter un cabalo que, con moito enxeño, rescatou ferido dun buraco no que caeu. Coidouno durante algúin tempo ata que se recuperou. Finalmente, regaloullo a un gaucho que ía á voda da súa filla que vivía na Pampa.

Na súa entrevista en *El Pueblo Gallego*, do xornalista Almagro del Castillo publicada o 23 de febreiro de 1978, con motivo da súa primeira exposición tras o seu regreso a España, Lemos fala sobre a súa pintura na Arxentina:

O labor que aquí presenta Lemos queda dito que é o traballo duns meses recentes, é por iso unha exposición netamente galega ou galeguista?

Si, a miña obra é netamente galega. Sempre o foi, aínda estando na Arxentina. Se exceptuamos as miñas pinturas de cabalos, que sempre gustaron moi, o resto é todo de aires galegos. Afnda que o cabalo é universal, eu considéroo como a miña única pintura arxentina.

Lamentablemente, a maioría das pinturas de cabalos permanecen, no mellor dos casos, en paradoiro descoñecido. Tan só podemos achegar a imaxe dun óleo que a súa familia conserva na Arxentina e que, dadas as expresadas circunstancias, adquire especial valor como única mostra da que el mesmo considerou a súa única pintura arxentina.

Resulta curioso que o noso protagonista, moitos anos despois, se establecese nunha vila tan vinculada aos cabalos como A Estrada, especialmente na súa parroquia de Sabucedo. Porén, non temos constancia de que durante esta etapa os incorporase de novo á súa obra.

Na entrevista publicada no diario *Atlántico* o 10 de abril de 1994 Lemos ofrece unha interesante resposta sobre a pegada de Galicia na súa obra:

Vostede seguiu pintando en América, pódese dicir que era un pintor de Galicia desde o exilio e a emigración?

Si, por suposto. Mesmo en Mallorca a miña pintura era absolutamente galega. Pintaba aos paisanos de memoria. Galicia ten carisma e un misterio ancestral.



Ángel Lemos. Entre 1955 e 1976. Óleo sobre lenzo. Colección particular.

As súas xentes, os galegos que eu coñecín polo mundo, posúen unha dignidade tal que poucas veces vin noutrós pobos. Un galego, en América ou en Madrid, pode ser porteiro ou sereno, pero cumpre coa dignidade dun xeneral.

En agosto de 1959, a familia Lemos Godoy acolle na súa casa a Hugo de los Reyes, fillo de José de los Reyes. O propio protagonista lembra con enorme agarimo esta etapa de convivencia na casa do seu tío Ángel:

Foi en ocasión dunha visita que realizou un irmán da miña nai, residente en Bos Aires, que me ofreceu un posto na súa empresa de turismo, o cal supoñía labrarme un porvir mellor ao que se supoñía podería lograr na miña vila. O tema era conseguir un lugar onde vivir ata acomodarme, e así foi que o meu pai lle escribiu ao seu irmán Ángel quen, sen perder tempo, lle manifestou a súa aprobación a recibirmee na súa casa para ocupar o baleiro que deixara a recente morte do seu fillo Rubén.

Así foi que un 2 de agosto de 1959 atopei en Bos Aires o meu tío Ángel, a súa esposa Celia e os seus fillos Miguel Ángel, Javier, Armando e Alberto (estes últimos xemelgos) e instaleime nese fogar que me permitiu coñecer e querer ese home xenial, mestura de talentos, valentía de ben, extrema xenerosidade e asombrosas habilidades manuais, algunas incríveis, como chegar a construír peza por peza un fermoso piano que non chegou a terminar, pero moi pouco lle faltaba. A súa hospitalidade posibilitoume comezar a andar este camiño que áínda hoxe sigo percorrendo.

Hugo tamén nos dá algo de luz sobre o ermo período pictórico de Lemos, do que case non dispoñemos información:

Durante todo o tempo que convivín co meu tío Ángel, que foi bastante, sempre o lembro decorando as súas xerras e viaxando cada unha ou dúas semanas ata a capital para entregar os seus traballos. Escasa e case nula foi a súa actividade pintando cadros e facendo exposicións.

Algunha vez pregunteille por que non explotaba as súas amplas calidades como pintor e retratista, e sempre me derivaba a conversación cara a outros temas. Ata que unha noite me contou que unha vez, antes de que estalase a Guerra Civil e nun momento no que estaba no seu taller de Vigo, subiu un home moi novo para retirar os residuos da súa papeleira e, ao momento de querer pagarlle, este simple recolledor de lixo pediulle por favor que en lugar diso lle deixase gardar un esbozo en carbón que el refugara un intre antes.

Anos despois, en Bos Aires, un personaxe que o visitaba, avaliando un cadro seu manifestoulle que llo compraría porque lle gustaba o marco.

Despois de contarme ambos os feitos, miroume aos ollos e xuroume que nunca máis pintaría un cadro na Arxentina.

Eu nunca souben ata que punto foron certos estes feitos ou se tería algunha outra razón que preferiu non contarme para que non lle preguntase máis. O certo é que nunca volvemos falar do tema nin nunca chegou a min noticia dalgunha exposición nin venda de cadro. Algunhas paisaxes mariñas que lle vin pintar sobre cartolinhas brancas levounas cando regresou a España, e recordo que as asinaba baixo o nome de «Gelo».

En 1960, o seu querido irmán José de los Reyes trasládase tamén a Merlo, desde Venado Tuerto, provincia de Santa Fe, acompañado de toda a súa familia, os seus fillos excepto Hugo: Celia Margarita, Soledad Elsa, Beba Beatriz Eugenia, José Luis e Ángel.

Ángel comeza a colaborar de forma moi activa coa *Sociedade de Fomento* de San Antonio de Padua, sobre todo a través dun teatro de monicreques. El mesmo elabora as marionetas de todos os personaxes, o escenario e os decorados, e ademais escribe os guións das obras.

A maioría das funcións celébranse no propio local da *Sociedade Fomento*, aínda que tamén realiza representacións fóra, sobre todo en colexiós e hospitais infantís. A familia conserva o guión dunha das historias. Ángel adoita incluír no espectáculo algún elemento de medo. Cando finaliza a función e os nenos saen polo costado da escalaire do local, que é unha zona máis escura, escóndese e desde arriba cun plumeiro e facendo ruídos fantasmagóricos dálles un pe-



Ángel Lemos. Esquerda: Pintura sobre cerámica. 28 x 7 cm. Dereita: Pintura sobre cerámica. 14,5 x 7 cm. Ambos do fondo familiar.

queno susto a cada neno a medida que van circulando, e ese é en realidade o final da función.

Un dos praceres dos que Ángel goza moi de cando en vez é o de saír só de ruta na súa moto e coa súa tenda de campaña, conducindo longos treitos polos interminables areais da costa.

Ademais do seu traballo en Mapo, de forma puntual Lemos realiza pola súa conta algunas decoracións sobre cerámica. Liberado das limitacións de estilo marcadas pola fábrica, crea pezas de gran beleza, onde conflúen os seus motivos predilectos (especialmente o mar) e os seus extraordinarios coñecementos na difícil obtención de cores. A pintura sobre cerámica ha de someterse a un proceso de cocción para que quede fixada á peza. A temperatura aplicada varía substancialmente a tonalidade da cor, de maneira que no resultado non só inflúen os pigmentos utilizados, senón tamén a temperatura, por iso resulta tan difícil a obtención dalgunhas cores, como o turquesa que Lemos tan ben dominaba.

O 19 de outubro de 1965 recibe con enorme tristeza a noticia do falecemento da súa nai Juana, coa que mantiña contacto periódico por carta, pero á que nunca volvreu ver desde maio de 1950, cando partiu cara á Arxentina.

En abril de 1967, os xemelgos Alberto e Armando, que xogaban ao fútbol afeccionado no Midland da Capital Federal Arxentina, viaxan a España para cumplir co servizo militar e aproveitan a súa estancia en Vigo para realizar unha serie de adestramentos co Celta,



Ángel e o seu fillo Miguel Ángel traballando no estudo da súa casa en San Antonio de Padua. Arredor de 1958. Autor da fotografía: Jorge (San Antonio de Padua). Fondo familiar.

adestrado por Pepe Villar, que mostrou interese por incorporalos ao cadro de xogadores. O 13 de abril de 1967, *El Pueblo Gallego* faise eco da chegada das potenciais fichaxes na súa sección de Deportes:

Nota destacada deste primeiro adestramento foi a actuación dos irmáns Lemos Godoy (...) Alberto e Armando, dianteiro centro e extremo esquerda respectivamente. Cumpriron coas ordes de Villar, realizaron os seus exercicios e, aínda que denotaron falta de adestramento, algunas cousas si se puideron albiscar, especialmente do dianteiro centro, que toca ben a pelota e sabe tirar ao gol. O seu irmán Armando, zurdo, estivo algo máis remiso nas accións, aínda que en verdade non se lles pode xulgar por un adestramento, xa que nin estaban en condicións de facer as cousas a plena satisfacción, nin por outra banda se lles podía esixir moito máis.

Tras un período de proba, o Celta só mostra interese en incorporar a Alberto, mentres que o Mallorca lles ofrece un posto no equipo a ambos os xogadores, polo que tras unha curta estancia en Vigo marchan a Mallorca para unirse ao seu cadro de xogadores. Finalmente, en 1968 ambos acabarán regresando á Arxentina que tanto estrañan.

Aos poucos, os fillos de Ángel e Celia van abandonando a casa e iniciando os seus propios proxectos profesionais e familiares. A estas alturas de convivencia, a relación entre Ángel e Celia distanciouse moito. Cando Javier, o último dos seus fillos que permanece con eles, decide mudarse a España, Celia marcha con el. Ángel queda só en San Antonio de Padua, e o matrimonio sepárase de forma definitiva.

En 1968, Ángel coñece na fábrica de Mapo a Viviana Geddo, unha nova publicista arxentina (32 anos menor ca el) que se incorporou a Mapo como decoradora por medio da súa irmá Alicia, tamén empregada da empresa. Ángel séntese inmediatamente atraído por Viviana, unha muller intelixente, culta e cunha enorme curiosidade e sensibilidade artística. Namóranse e deciden iniciar unha vida en común, que xa só separaría o falecemento de Ángel no ano 2002.

A parella aluga un apartamento en Bos Aires, onde se instalan, e o 25 de xuño de 1969 nace a súa primeira filla, Natalia Lemos Geddo.

En 1969, deseña e constrúe el mesmo unha nova casa en Villa Luzuriaga, partido da Matanza de Bos Aires. Como anécdota, Natalia cóntanos que o seu pai contratou un albanel para que botase a soleira de cemento, pero finalmente tivo que facer o traballo el mesmo porque a estaba facendo inclinada.

Entre os anos 1968 e 1969, falecen Federico e Hugo José Plaut, os socios alemáns maioritarios da mercantil Mapo, con quen Ángel mantiña unha relación de amizade. As súas herdeiras, Martha Elena Helia Kaufman de Plaut (viúva) e Paula Teresa Plaut (solteira), incorpóranse como socias a Mapo.

Xa instalados no seu novo fogar, Viviana continúa facendo traballos para Mapo desde a casa para ocuparse da pequena Natalia, mentres Ángel se despraza todas as mañás á fábrica.

O 9 de abril de 1974 nace a súa segunda filla, Juana, e o 26 de decembro de 1975 nace Rubén, o último dos seus tres fillos.

Entre os anos 1975 e 1977, Ángel continúa traballando en Mapo, pero xa desde a casa, de modo que pode ocuparse con Viviana do coidado dos tres nenos, á vez que realiza algúns traballos pola súa conta.



Interior da fábrica de Mapo. 1968. Na fila de abaxo: as irmás Viviana e Alicia Geddo e Hugo. Fila de arriba: Ángel, Hettel, Mondino, Paula, Ana, Carmen e Josefina. 1968. Autor da fotografía: Gerardo El Francés.



Cea en Bos Aires dos socios e algúns empregados de Mapo.

Entre os anos 1975 e 1976 –non puidemos precisar a data exacta–, uns importantes empresarios do lecer nocturno encárganlle un ambicioso proxecto consistente na elaboración dun conxunto de murais cerámicos para a decoración da discoteca (*boliche* para os arxentinos) *Camelot*, situada na localidade de Ramos Mejía, partido




Viviana e Ángel. 1972.

da Matanza, provincia de Bos Aires, que forma parte do aglomerado urbano de Bos Aires, na rúa Rivadabia.

Este enorme complexo, que máis tarde se chamaría *Casino* e na actualidade *Vinicius*, constrúese con estrutura e elementos arquitectónicos de castelo medieval, portón levadizo incluído, e decorado con motivos da época do rei Arturo. *Camelot* foi unha gran referencia na noite de Bos Aires dos anos 70, onde incluso se celebraban concertos en directo.

Lemos elabora un conxunto de murais cerámicos de grandes dimensións de temática medieval que se instalan nas distintas estancias do complexo e das que, lamentablemente, non puidemos obter ningunha fotografía. Unicamente conserva a familia un bosquexo dunha das pinturas, de 4,80 m de alto e 4,20 de ancho, e da que descoñecemos o seu actual destino.

Neste período, pinta o óleo *La Taberna*, ao que lle ten un enorme aprecio e que o acompañará na viaxe da Arxentina a España e ata



Ángel Lemos. Bosquexo para un dos murais cerámicos da discoteca *Camelot*. Arredor de 1975. Tinta sobre papel. 46,5 x 31,5 cm. Fondo familiar.

A Estrada, onde o vendeu a finais dos anos 90. Con todo, durante o seu longo período en Arxentina nunca realizou unha exposición da súa pintura, de feito a súa primeira mostra en América será en Venezuela xa durante a súa estancia en Mallorca.

O 20 de novembro de 1975 falece Francisco Franco e, coa aprobación da Lei 1/1977, do 4 de xaneiro, para a reforma política, o tránsito cara á democracia en España aparentemente é irreversible. O temor de que puidese reabrirse a causa na súa contra disípase por completo. Ademais, Lemos, cансo xa do seu traballo en Mapo, ansía recuperar a súa carreira como pintor, reunirse cos seus vellos amigos e coa súa familia e pisar a súa querida e estrañada Galicia. A familia, por fin, decide mudarse a Vigo.



Ángel Lemos. *La Taberna*. Arredor de 1976. Óleo sobre taboleiro. 48 x 68 cm. Colección particular.

Antes da súa partida, Ángel encárgalle ao seu fillo Alberto que venda a primeira casa que construíra e reparta o diñeiro obtido entre Celia e os seus fillos, tal e como finalmente fixo. A segunda casa transmíténta a Alicia Geddo a irmá de Viviana.

Xa sexa forzosamente, debido ás súas circunstancias persoais (a hipótese, ao noso xuízo, máis probable), xa sexa deliberadamente, o certo é que Ángel se mantivo á marxe dos círculos artísticos de Bos Aires, tanto dos locais coma das importantes figuras galegas alí exiliadas. Este illamento contrasta fortemente coa súa traxectoria no Vigo da posguerra, onde frecuentaba a compañía de artistas e intelectuais, as exposicións, galerías, estudos, faladoiros... é más se temos en conta que o seu íntimo amigo Laxeiro se mudou a Bos Aires en 1951, onde desenvolveu unha intensa actividade artística ata 1970.

Laxeiro refírese a este período na entrevista de Fernando Elo-rrieti Rey para o libro *Colección Laxeiro*, editado polo Concello de Vigo:

Pois claro que a min me valeu moito a miña estancia na Arxentina, porque cheguei a un país no que valoran a arte, e ademais chegou cando os arxentinos cultos empezaron a darse conta de que alí había moi bons pintores e empezaron a mercar obras de arte. Eu atopábame alí como na miña terra. Fixen moitas exposicións, fui vicepresidente da Sociedade de Artistas Plásticos Arxentinos, gocei alí de grandes simpatías no ambiente artístico, dei charlas e conferencias sobre pintura. Foi unha época moi boa para o meu espírito e para os meus sentimientos. Vivín a lume de biqueira e aquelas vivencias nunca as poderei esquecer. Si é certo, Bos Aires foi un xarope doce e inesquecible para mim como home, como artista e como galego.

No caso de Lemos, desde un punto de vista estritamente artístico, os vinte e sete anos de estancia na Arxentina podemos cualificálos de estancamiento no eido pictórico. Porén, ha de recoñecerse o extraordinario grao de especialización, mestría e prestixio que adquire na pintura sobre cerámica, ata se converter nunha figura de referencia no sector. Lemos domina como poucos o proceso de pintado, cocido e fixación das cores sobre a cerámica. As súas fórmulas de creación de cores (a tonalidade varía enormemente tras o proceso de cocción) incorporáronse ao proceso produtivo de Mapo como un selo de identidade e calidade. No mercado arxentino, as escasas pezas asinadas por Lemos alcanzan ánda elevados prezos de venda. Ademais, foi un gran mestre de ceramistas.

Regreso a España

No verán de 1977, a familia Lemos Geddo ao completo instálase nunha vivenda sita na Torre de Rocamar de Baiona.

Lembra Natalia que aterraron en Barajas, onde o seu pai buscoulle un taxi e, para sorpresa do taxista, indicoulle que os levase os cinco directamente a Vigo. A viaxe foi incómoda, longa e tremendamente cara. Así era Lemos para algunas cuestiós prácticas da vida, sobre todo as materiais. Probablemente poderían comprar un coche de segunda man co que pagaron polo desprazamento en taxi desde Madrid.

Xa en Vigo, realizan a primeira parada na casa da súa irmá Eugenia, en Coia, con quen se abraza emocionado nas escaleiras. Alí reencóntrase tamén con Antonio, o seu pai, xa moi enfermo (falecería ao ano seguinte), quen por fin pode abrazar os seus tres netos.

Na súa equipaxe trae consigo moi poucas obras: dous óleos (*La Taberna* e unha Virxe que conserva a familia) e algúns debuxo ou estudo entre os papeis.

Ángel regresa a Galicia con sesenta anos, unha idade á que moitos traballadores xa pensan na súa xubilación. En Arxentina, debido aos seus dez anos de situación irregular, non alcanzou o tempo mínimo de cotización para ter dereito a unha pensión, prestación á que tampouco ten dereito en España, nin pública nin privada. Estas previsións resultaban para Ángel algo prosaico e, polo tanto, non lles prestaba moita atención.

Unha vez instalados, pronto recibe unha oferta laboral do *Grupo de Empresas Álvarez* (GEA) en Vigo para incorporarse á fábrica de cerámica. Este camiño, sen dúbida máis estable e de maior seguridade económica, supoñería para Ángel prolongar unha situación similar á de Mapo na Arxentina, incompatible coa pintura. Centrado en recuperar o tempo perdido, rexeita a oferta de GEA e pronto comeza a traballar, co obxectivo de reunir a suficiente obra como para celebrar a súa primeira exposición en Galicia desde 1950.

O 14 de outubro de 1977, F. Puigdevall publica en *El Pueblo Gallego* un artigo de benvida titulado «Ángel Lemos de los Reyes. O reencontro»:

Como querendo reencontrar nas nosas rúas o sabor dos vellos tempos, a bohemia dun antigo café, as tardes de charla no Derby nas que republicanos, liberais, artistas e intelectuais pasaban os días entre ricas pinceladas de cultura, Ángel Lemos de los Reyes, pintor artista, volveu pasear, despois de vinte e sete anos, por un Vigo que, seguindo os ritmos marcados pola súa propia evolución, perdeu aquel entrañable sabor de antano.

Un vello caderno ateigado de recortes, apuntamentos e escritos dourados polos anos foi a súa carta de presentación na nosa casa, a mesma que moitos anos atrás publicaba críticas sobre a súa obra, artigos con matiz literario, nun tempo en que a prensa era afinda o nacemento dun novo modo de expresión.

É duro un reencontro deste tipo. Ángel Lemos volve cunha man chea de nada e outra cousa de ningunha. Volvín coa miña pintura, os meus soños e a miña familia dicíanos, mentres as súas mans nerviosas se lle escapaban un pouco entre os recordos para tentar expoñer este inverno aquí (). Desde as nosas páxinas, sen vivir os faladoiros de café do Vigo anexo, pero sentíndonosalgún xeito herdeiros daquela entrañable prensa, dámosselle a benvida a Ángel Lemos de los Reyes.

Tras meses de intenso traballo, o 20 de febreiro de 1978, inaugura a exposición do reencontro na Sala Anexa de Exposicións da Caixa

de Aforros de Vigo. *El Pueblo Gallego* desa mesma data recolle as palabras do artista:

Despois de 27 anos de ausencia, suponme un gratísimo acontecemento volver expoñer os meus traballos ao xuízo desta a miña cidade, onde moitos coñeceron os meus comezos e tiven o seu alento e a súa compañía inesquecible. Só desexo e é a miña esperanza que agora, como entón, a miña vila acolla coa mesma cordialidade a obra que expoño.

O 23 de febreiro de 1978, publícase a entrevista de Almagro del Castillo en *El Pueblo Gallego*, onde Lemos recoñece respecto ás acuarelas, témporas e óleos expostos:

Non é esta a miña obra que eu poida considerar como máis expresiva da miña forma de facer. É unha obra realizada cun pouco de precipitación polas necesidades de expoñer enseguida. É o traballo de sete meses, case todo realizado aquí. Pero co tempo espero recuperar o pouco nome que tiña entón e o que confío ter máis adiante.

Dedícase única e plenamente á pintura?

Si. A arte foi o que me ocupou sempre en todas as súas facetas, áinda que outras que non sexan a pintura foron a modo de hobby, como a música, escribir, escultir, e mesmo a cerámica. Con todo, a pintura é a expresión máis miña, na que me atopo e podo dicir o que sinto.

Influyeron dalgúnha maneira as súas vivencias en América na súa pintura?

Vin todos os movementos modernos que hoxe axitan o mundo, e non sei se estarei equivocado, pero non puiden saír con esas influencias novas. Non atopei nelas realidade e sinceridade. Pareceume que é unha procura ingrata.

Podemos entón encadrar a súa obra dentro da pintura realista?

Si, pero sen fixarse moito nos detalles fotográficos da persoa, da paisaxe; un realismo con certa soltura interpretando máis o movemento e a expresión. O que más me interesa é o colorido porque o pintor ten que ser ante todo colorista, xa que se non sería un debuxante que pinta. Eu esencialmente resolvo coa cor. A cor é para mim esencial en todo canto fago. Nunca trato de analizar a figura en si mesma.

Non obstante, nesta obra que presenta vostede existe unha combinación do estudo detallado con imperfeccións palpables. Son buscadas esas imperfeccións?

Si, búscoas para conseguir o efecto deseñado na expresión. Un rostro ás veces ten certa desfiguración, que é o que lle achega o sentido que o pintor quere darlle. Por exemplo, os borrachos que aquí expoño están tratados con certo abandono e deformación, o que lles dá unha grazia necesaria.

O Vigo ao que Ángel regresa pouco ten que ver coa cidade que abandonara de forma abrupta. Nesta primeira exposición, recibe o amargo golpe do esquecemento ao que a súa figura artística se viu

relegada. A mostra non é un fracaso, pero non alcanza nin de preto a repercusión social nin comercial que o pintor esperaba con enorme ilusión.

A familia regresou da Arxentina co diñeiro xusto para sostenerse os primeiros meses. Pagan oito mil pesetas mensuais de renda polo piso de Baiona, unha cantidade desacorde cos ingresos da familia. Sopezan a compra dunha casa nalgún dos barrios periféricos de Vigo, pero acaban desistindo.

Un tanto decepcionado e incómodo nunha cidade na que se sente forasteiro, Ángel recibe a chamada do seu fillo Alberto, residente en Palma de Mallorca, quen os convence de que se muden á illa, pois os alugueiros son máis baratos e a puxante actividade económica e turística local facilitará a venda da súa obra.

A finais de 1978, venden gran parte das súas pertenzas para reducir ao máximo a equipaxe e toda a familia se muda a Palma de Mallorca.

Tras uns primeiros meses complicados onde apenas subsisten instalados nun barrio conflitivo, Ángel comeza a traballar a tempo completo para un ourensán afincado na illa chamado Julio Santos, en cuxo estudio e sala de exposicións produce e exhibe pinturas destinadas fundamentalmente aos turistas.

As obras que Julio lle encarga son sinxelas, de elaboración rápida e en formatos pequenos ou medianos (mariñeiro, paisaxes, naturezas mortas, bodegóns, vistas da catedral...). Aínda que Ángel non pode pintar os temas que lle gustarían, nin dedicarlle o tempo e a atención necesarios, acepta de bo grao o traballo. Tras vinte e sete anos de esporádica dedicación á pintura, toma aquela tarefa como un exercicio de práctica e recuperación do oficio, que ademais lle permite dispoñer duns ingresos estables.

De todos os xeitos, as obras que pinta para Julio Santos non as firma como «Lemos», senón como «Seyer» (a maioría) ou «Somel», os seus apelidos ao revés. Grazas a este traballo, a familia pode mudarse a un piso moito máis espazoso e mellor situado dentro da cidade.

A produtora que roda en Mallorca a película para a televisión alema, *Ein Winter auf Mallorca* (1981), dirixida por Imo Moszkowicz, sobre o verán que pasou a escritora francesa George Sand na

illa xunto a Frédéric Chopin encoméndalle a Lemos unha versión do famoso retrato de George Sand coa cara da actriz que a encarnaba, Eleonore Weisgerber.

Un marchante de arte americana que visita periódicamente Mallorca para comprar pintura encárgalle varios espidos, a maioría a pastel, que recolle e comercializa en América. O éxito comercial desta obra fai que lle confíe novos encargos, o que dá lugar a unha numerosa serie de espidos femininos cos que organiza unha exposición itinerante por América que exhibe nos Estados Unidos (California, Novo México, Texas, Florida...), Venezuela, Colombia, e tamén en Mallorca. O

xornalista Carlos Herrera Rozo escribe un comentario crítico sobre esta exposición denominada *Eterno feminino*:

Lemos de los Reyes traballou para diferentes representantes da arte norteamericana e os seus mellores espidos atópanse en Hollywood. Foi versátil, traballa o pastel, a acuarela e o óleo coa mesma mestría. O retrato non lle foi alleo e os seus mellores esforzos pictóricos dedicounos a reflectir o contido costumista galego. A súa pintura figurativa, identificada coa realidade da súa terra, cos seus homes, co seu traballo, sempre espera un lenzo espido para cubrir con vida.

Os seus espidos, que hoxe nos ocupan, non son soamente unha homenaxe á muller, senón a exaltación da vida a través da arte. En cada obra hai beleza, sentido das proporcións e, sobre todo, o confrontamento apaixonado unhas veces, sosegado outras, que lle permiten coordinar mellor os seus esforzos técnicos. Calquera que sexa a evasión, o encadramento da figura, a esencia do debuxo e o trazo son características complementarias no esforzo por harmonizar o detalle.



Ángel Lemos, asinado «Seyer». Entre 1979 e 1981. Óleo sobre lenzo. 65 x 54 cm. Fondo familiar.



Ángel cos seus fillos Rubén, Natalia (na súa primeira comuñón) e Juana. 1979.
Fondo familiar.

Todo iso revela unha personalidade chea de interese e un manexo do debuxo que supera en vivencia o dominio dunha disciplina.

Dámoslle a benvida a Ángel Lemos de los Reyes nesta homenaxe ao Eterno feminino.

En 1981, falece Julio Santos e a galería herdaa o seu fillo. Esta circunstancia impulsa a Lemos a independizarse. Ese mesmo ano, abre o seu propio estudio na praza Virxe da Cabeza, do barrio de Santa Catalina.

O 22 de maio de 1981, participa nunha mostra colectiva na *Galería 19*, xunto aos artistas José Munar, M. Enseñat LLul e A. Mas. Esta será a súa primeira e única exposición en Mallorca, pois non consegue reunir suficiente obra, xa que lles vende praticamente toda a súa producción directamente aos marchantes de arte para a súa comercialización fóra da illa.

Finalizado o curso escolar, en xullo de 1981, a familia decide retornar a Vigo. Primeiro viaxan Viviana e os nenos, pois Ángel permanece en Mallorca ata agosto para rematar un encargo. Instálanse inicialmente na travesía de Vigo e, posteriormente, na rúa López de Neira, onde Ángel sitúa tamén o seu estudio de pintura.

Ademais, o noso protagonista comeza a impartir clases de pintura no seu estudio. Deste xeito, coñece a Puri Togariños, unha das



Ángel Lemos. Almendros. 1980. Pastel sobre papel. 37 x 51,5 cm. Colección particular.

súas primeiras alumnas en Vigo, con quen establece unha estreita amizade.

Neste período en Vigo retoma a súa relación con Arrondo, Laxeiro e Manuel Lago o seu círculo de amigos más próximo. En outubro de 1981, sorpréndeo o falecemento de Mario González, artista moi querido en Vigo que encarna como poucos aquela época de efervescencia artística e intelectual de posguerra.

O 23 de setembro de 1982, inaugura unha exposición individual de pintura na Sala Anexa da Caixa de Aforros Municipal de Vigo. Na súa columna de crítica artística en *La Voz de Galicia*, do 29 de setembro de 1982, Castro Souto mostra a súa opinión sobre a obra exhibida:

Un pintor que mostra oficio é Lemos de los Reyes, que expón na sala anexa unha obra densa en materia, rica de matices, un pincel que xoga ritmicamente e unha espátula áxil e vibrante, pero que con todo desaproveita as súas posibilidades, estacionado nunha obra sen inquietudes nin ambicións.



Ángel Lemos. Autorretrato. Principios dos anos oitenta. Pastel sobre papel. 38 x 30 cm. Fondo familiar.

Ángel dóalle á Caixa de Aforros de Vigo unha vista de Baiona a acuarela, de gran formato (55 x 75 cm) e pintada sobre un apuntamento que realizara en 1977. Esta obra estivo moito tempo exposta na sucursal aberta na rolda de Don Bosco en Vigo. Actualmente, forma parte da colección de arte de Abanca Corporación Bancaria, onde figura inventariada.

Pese ao desexo de permanecer na súa terra, a familia Lemos Geddo vese obrigada a retornar a Mallorca, pois en Vigo Ángel non logra obter as vendas necesarias para vivir exclusivamente da pintura. O mercado artístico mallorquino garántelles a estabilidade económica que neste momento precisan.

Unha vez na illa, pon en marcha un proxecto compartido co seu fillo Xavier Lemos Godoy (ver Apéndice), tamén pintor, que culmina en outubro de 1982 coa apertura do estudio conxunto *Lemos & Lemos*, na rúa Fortuny.

Un xornal de Mallorca (descoñecido, pois a familia Lemos tan só conserva o recorte), na súa columna sobre arte *Pinceladas*, dedícalles o artigo «Dúas xeracións galegas enriquecendo a arte balear», que nos achega algúin dato interesante sobre as peculiares características deste estudio:

Están nunha céntrica rúa de Palma, nun estudio onde traballan e expoñen as súas obras, e a xente pode entrar libremente a ver, comprar ou aprender, porque a diferenza doutros pintores cuxos prexuízos só lles permiten desenvolver a súa obra no retiro dunha bufarda, os Lemos pintan e dialogan cos amigos que os visitan, mentres poden apreciar o seu dominio sobre o lenzo. () En Ángel, o pai, brillan a nostalxia e o amor á súa terra galega. Coñece o espírito da rexión e das súas xentes, a paisaxe, e ata a humidade do ambiente queda plasmado nos seus cadros.



Ángel Lemos. Apuntamento do natural na costa de Baiona. 1977. Debuxo a carbón sobre papel. 21,5 x 32 cm. Fondo familiar.



Ángel Lemos. Baiona. 1982. Acuarela sobre papel. 55x75 cm. Colección Abanca.



Tarraxeta de presentación do estudio *Lemos & Lemos*. 1982. Fondo familiar.

Durante este período artístico, que se prolongará ata 1986, pinta Lemos as súas mellores obras en Mallorca. A produción rápida deixa paso a unha obra moito más pausada e traballada coa que o autor se sente máis cómodo e satisfeito. O seu estudio convertése nun referente dos galeristas e marchantes de arte non só mallorquinos, senón tamén cataláns e estranxeiros.

Ao seu imaxinario de referentes medularmente galegos, incorpora Lemos tamén elementos puramente baleares –do mesmo xeito que fixera cos cabalos na Arxentina– e chega a lograr un gran prestixio como pintor de paisaxes, especialmente de oliveirais.

Lemos, nacido na cidade olívica, alcanza a mestría recreando esta emblemática árbore, tanto coa acuarela coma co óleo. Nos seus oliveirais, emprega unha pincelada fragmentada de cor e luz que, en ocasións, mestura coa espátula. Obras vivas de lento e esmerado proceso que lle reportan unha gran fama na illa, á altura do prestixioso paisaxista mallorquino José Ventosa Domenech.

Sen dúbida, Ángel Lemos foi un gran colorista e o óleo permitíalle desenvolver toda a súa sensibilidade, talento e mestría á hora de mesturar e de obter o ton adecuado. A súa filla Natalia relátanos que o seu pai xamais utilizaba as cores básicas tal cal, sempre traballaba con mesturas en pequenas cantidades, pois segundo o motivo que



Ángel Lemos. *Olivar de Mallorca*. Entre 1982 e 1986. Óleo a pincel e espátula sobre lenzo. 70 x 130 cm. Colección particular.

estivese a pintar ía alterando lixeiramente o ton á súa conveniencia para dotar de maiores matices a obra. Empregaba como medio básico o aceite de liñaza e, en menor medida, a esencia de trementina, pois áinda que o aceite ten un secado máis lento permite que as cores se mesturen mellor e traballar con maior transparencia e gama de matices. No proceso creativo, volvía unha e outra vez sobre a obra para dotala da tonalidade ansiada e moitas das súas pinturas permanecían longos períodos de tempo no estudio, na busca da gradación e da luminosidade adecuadas.

A súa familia conserva unha valiosa nota manuscrita do noso pintor onde apunta as cores que utiliza para pintar as distintas partes das oliveiras:

Troncos: a base de siena tostada, lila e laranxa nos claros e prusia, marrón nos escuros.

Follaxe: prusia e cadmio amarelo, sombra natural...

E non continuamos para non desvelar a fórmula secreta do mestre.

En base ás cores, poden distinguirse perfectamente as súas oliveiras galegas, con maior presenza da cor verde (que pintará sobre todo no seu estudio da Estrada) que as mallorquinas.

O seu prestixio como pintor repórtalle frecuentes encargos de restauración de pinturas doutros artistas e chega a participar na recuperación dun Goya de pequeno formato e dun Picasso. Varios establecementos da cidade confíanlle a elaboración de murais decorativos e traballa tamén para confraría palmesanas.

En 1983, ilustra a portada do libro *Un camino en las Alpujarras granadinas*, escrito por Luis Fernández Cobo, editado por Imprenta Politécnica.

Ese mesmo ano, unha editorial mallorquina encoméndalle a elaboración de todos os retratos a tinta para un ambicioso proxecto sobre a *Historia de las Islas Baleares*, laborioso traballo que irá elaborando e entregando á editorial durante os tres anos que permanece en Mallorca. Finalmente, os libros nunca chegarán a ver a luz.



Gran parte destas ilustracións foron vendidas de forma unitaria a través dunha coñecida plataforma web de venda de arte e antigüidades entre os anos 2015 e 2018. O Museo da Estrada adquiriu un lote de sesenta e cinco deses debuxos orixinais a tinta en xullo de 2021.

En 1985, debuxa a portada do libro *Escorzos y cadencias*, da poeta María Francisca Moscardó e Ramis de Ayreflor, de 102 páxinas encadernado en tapa blanda, da Editorial Ilustrada, cun prólogo de Carobel Bermejo Torres.


Todos estes traballos compaxinábaos coa pintura no seu estudio aberto, á que lle dedicaba a maior parte do tempo.

En 1986, publícase o último dos seus traballos como ilustrador editorial en Mallorca, o libro *Sor Isabel Cifre (1467-1542). Fundadora del Colegio de la Crianza*, escrito polo académico de Belas Artes Gabriel Mateu Mairata, editado por Ediciones Cort Palma de Mallorca e prologado por Francisco Estebens García, de 107 páxinas, que contén 17 debuxos a tinta en branco e negro, así como a portada a acuarela en cor.

Gran parte da súa producción artística neste período mallorquino atópase xeograficamente moi dispersa, circunstancia que dificulta enormemente a súa localización. Con todo, aínda existen coleccións e marchantes baleares que conservan nos seus fondos obra de Lemos.



Ángel Lemos. Á esquerda, Margot; á dereita, o seu marido (un militar de identidade descoñecida). 1983. Óleos sobre lenzo. 55 x 46,5 cm. Colección particular.



Ángel Lemos. Ilustración para o libro *Un camino en las Alpujarras granadinas*. 1983. Tinta e acuarela.



Ángel Lemos. Retrato de Felipe VI de España (entón Príncipe de Asturias). 1983. Pastel sobre papel. 49 x 39,5 cm. Fondo familiar.



Ángel Lemos. Retrato de Bartomeu Estarás Lladó⁴. Entre 1983 e 1986.
Tinta sobre papel. 11 x 9,5 cm. Museo do Pobo Estradense
Manuel Reimóndez Portela.

Tras nove anos praticamente ininterrompidos en Mallorca, a morriña da súa terra condúceo a unha terceira e definitiva viaxe de retorno a Galicia, pero nesta ocasión non ao seu Vigo natal, senón, por azares do destino, a unha vila tamén da provincia de Pontevedra, A Estrada.

Coñecedora do desexo de Lemos de regresar a Galicia, a súa amiga nada en Cuntis, Puri Togariños, con quen mantén contacto desde a illa, suxírelle a posibilidade de instalarse na Estrada, onde lle propón abrir conxuntamente unha academia de pintura e ademais pode desenvolver a súa actividade artística.

Nunha nova mostra de vitalidade e espírito emprendedor, aos seu case setenta anos de idade, xunto á súa parella e aos seus tres fillos, Lemos inicia un novo proxecto vital na nosa vila, onde non sen dificultades, sobre todo de índole económica, atopará a estabilidade artística e persoal e vivirá ata o seu falecemento.

⁴ Bartomeu Estarás Lladó (1898-1984). Guitarrista e compositor musical natural de Valdemossa, Mallorca. Foi un dos fundadores da agrupación folclórica *Parada de Valldemossa*.



Ángel Lemos. *Cisterciense*. Entre 1983 e 1986. Tinta sobre papel. 30 x 23 cm. Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela.



Ángel Lemos. Ilustración para o libro *Sor Isabel Cifre (1467-1542). Fundadora del Colegio de la Crianza*. 1986. Tinta sobre papel.

A Estrada

No verán de 1986, toda a familia se muda á Estrada e permanece dúas semanas hospedada na casa de Puri Togariños, ata que alugan unha vivenda na avenida de Pontevedra. Posteriormente, módanse á avenida de América, nº 19, onde Lemos tamén instala o seu estudio.

O proxecto de academia compartida coa súa antiga alumna finalmente non chega a consumarse, polo que Lemos comeza a impartir clases de debuxo e pintura pola súa conta. Esta actividade proporcionalle unha pequena fonte regular de ingresos, á vez que lle permite integrarse e darse a coñecer na Estrada, tarefa que compaxina coa creación de obra con vistas a unha primeira exposición.



Ángel Lemos. Entre 1982 e 1986. Óleo sobre taboleiro. 92 x 65 cm. Colección particular.

Preguntado nunha entrevista sobre os motivos que o levaron a establecerse de forma permanente na Estrada (*La Voz de Galicia*, 11 de maio de 1988) explica:

As vilas pequenas conservan os encantos que se perden totalmente nas grandes cidades. Todo se masifica. Antes ata en Madrid erainxenua a xuventude. Os mozos soñabamos cun mundo fóra de aquí. Darlle un bico a unha moza era algo que había que pensar cambiaron tanto as cousas.

Ao longo de toda a súa vida, Lemos mantivo unha constante actividade como mestre. Sempre se sentiu cómodo compartindo

Ángel Lemos. *Meigas*. 1986. Tinta a pluma sobre papel. 30 x 20 cm. Colección particular.

os seus coñecementos, xa fose durante o seu encarceramento en Ferrol onde lles ensinou aos reclusos ao seu cargo técnicas de ourivería, na fábrica de Mapo como mestre dos novos artesáns ou nos seus distintos estudos de pintura, especialmente na Estrada. Gustáballe ensinar, tiña moita paciencia para iso e ningún reparo en transmitir a súa sabedoría.

O 31 de xaneiro de 1987, inaugura unha exposición de óleos, acuarelas e pasteis en Vilagarcía de Arousa, na Sala de Exposiciones da Caixa de Aforros de Vigo.

En maio de 1987, tamén expón nun local do seu Vigo natal.

O 5 de maio de 1988 inaugura na Casa da Cultura de Redondela unha exposición xunto ao seu fillo Xavier Lemos, acto ao que asisten o alcalde e o por aquel entón ministro de Transportes, Turismo e Comunicacións e actual alcalde de Vigo, Abel Caballero.

Ángel Lemos. 1986. Acuarela sobre papel. 26 x 19 cm. Colección particular.





Xavier Lemos e Abel Caballero (entón Ministro de Transportes, Turismo e Comunicacións) na inauguración da exposición en Redondela. 1988.

están decididos a permanecer no seu actual destino. Os seus fillos en idade escolar atópanse plenamente adaptados á vila e prefieren evitar a volta a unha vida itinerante.

Desde o punto de vista artístico, Ángel alcanza un período de plena madurez e de gran producción creativa.

Neste contexto de dificultades económicas Celia, profesora do colexio de Figueroa, e o seu marido Benito López de Abajo, forense no xulgado, axúdanlle a organizar e a promover unha grande exposición no Hotel Los Tilos, do concello de Teo.

Alí expón trinta e seis obras á venda e nove obras de coleccións privadas. Ao acto de inauguración, en abril de 1989, asiste un numeroso público e consigue vender a maior parte da obra. Lembra Natalia que esa exposición os sacou de moitos apuros.

Nesta mostra exhibe o óleo sobre lenzo *El camino de la vida*, de 73 x 60 cm, que pintara en 1986, unha das súas obras predilectas da que nunca quixo desprenderse e que hoxe se conserva na colección familiar. Recibe varias ofertas moi elevadas por esta pintura, a máis alta alcanza o millón de pesetas, pero o autor resístese a perdela e, finalmente, non a vende.

En maio de 1989, case sen obra que mostrar, celebra unha exposición na Sala de Xuntas do Concello da Estrada e, do 2 ao 16 de outubro de 1989, expón na Aula de Cultura da Caixa Postal en Santiago de Compostela.

O 1988 será un ano de dificultades económicas para a familia Lemos Geddo. A crise económica que vive o país a finais dos oitenta fai especial fincapé nunha familia de cinco persoas que vive exclusivamente da produción artística de Ángel.

A pintura non constitúe un ben de primeira necesidade e A Estrada non se caracteriza por unha gran demanda comercial de arte. Porén, Ángel e Viviana

Para esta última exposición pinta un espido ao óleo (que ocupa a portada do catálogo) do que se sente especialmente satisfeito. Destaca nesta obra a habilidade coa que o autor executa as veladuras da roupa que cobren parte do corpo da muller.

Na visita ao seu estudio, un dos seus clientes queda engaiolado desta pintura, pero dada a temática móstrase dubitativo sobre a compra, pois non sabe como reaccionará a súa esposa. Lemos dille que non se preocupe, que llo leve e se á súa muller non lle gusta que llo devolva sen ningún problema. No fondo, Lemos desexa que o cliente se presente no seu estudio coa obra de volta, pois tan pronto como a viu marchar arrepentise da venda.

Cando este matrimonio volve visitar o estudio –pois son clientes habituais e manteñen unha boa relación con Lemos–, este ofrécelles o cadro que escollan a cambio do espido que compraran. Pero a muller descarta calquera esperanza ao contestarlle que de ningunha maneira, que está namorada da obra que colo-



Ángel Lemos. *El camino de la vida*. 1986. Óleo sobre lenzo. 73 x 60 cm. Fondo familiar.



Ángel Lemos. *Maternidade*. 1988. Óleo a espátula sobre lenzo. 54 x 45 cm. Fondo familiar.

O pintor Ángel Lemos de los Reyes



Ángel Lemos. 1989. Óleo sobre lenzo. 54 x 65 cm. Colección particular.



Ángel Lemos. *El pintor*. 1992. Óleo sobre lenzo. 81 x 100 cm. Fondo familiar.

cou no seu salón e ademais «que lle ían dicir ás visitas cando lle preguntasen por ela?».

En abril de 1990, expón na Sala de Arte da Caixa de Pontevedra, na praza de San José en Pontevedra.


En marzo de 1991, expón no *Café Pub Studio 54*, na rúa Capitán Eloy, nº 34, en Ourense, organizada por Carlos Álvarez.

O Museo Municipal de Ourense adquire para os seus fondos unha versión de maior tamaño (40,5 x 50,5 cm) dunha das ilustracións realizada para o libro *Sor Isabel Cifre*, en 1986, onde se ve como a monxa bica na fronte unha nena.

En agosto de 1991, a Consellería de Cultura e Xuventude da Xunta de Galicia remítelle unha carta asinada polo subdirector xeral de Cultura, Xabier Senín, onde o informa de que:

...está a realizar unha recollida de datos exhaustiva arredor da arte contemporánea galega, co fin de sentar as bases documentais necesarias para a creación dun Centro de Documentación de Arte Contemporánea de Galicia.

Dado que vostede figura no Censo de artistas galegos contemporáneos, da Consellería de Cultura e Xuventude da Xunta de Galicia, agradeceríámolsle que nos envíe un dossier actualizado non que se inclúa unha relación de exposicións, así como unha listaxe de referencias bibliográficas detalladas. Calquera outro dato que vostede xulgue de interese seríanos igualmente de grande utilidade.



Ángel Lemos. *Tres en gracia*. 1990. Óleo sobre lenzo. 92 x 65 cm. Fondo familiar.



Ángel Lemos. *Maternidad marina*. 1991. Acuarela sobre papel. 54 x 39,5 cm. Fondo familiar.



Ángel Lemos. *Después de la tempestad*. 1989. Óleo sobre lenzo. 71 x 91 cm. Concello da Estrada.

Asistido pola súa esposa, Lemos prepara un dossier coa documentación solicitada e remíteo á consellería. Nunca máis volveu ter noticias desta iniciativa. Esta foi a única ocasión na que a Xunta de Galicia se dirixiu a Ángel Lemos interesándose pola súa obra.

O 13 de novembro de 1991, cando era alcalde Jesús Tallón Maceira⁵, o noso pintor dóalle ao Concello da Estrada unha magnífica mariña ao óleo. Seguramente a lembren porque ata hai poucos anos estivo exposta na parede das escaleiras da casa do Concello, o que probablemente explica o seu actual grao de deterioración, con importantes perdas de pintura, sucidade e gretas. A pesar diso, actualmente segue lucindo esplendorosa no despacho do tenente alcalde e concelleiro de Cultura, onde está moito más protexida.

Como bo vigués, Lemos amaba o mar e, grazas á súa extraordinaria memoria visual, levábao permanentemente consigo na súa cabeza.


5 Jesús Tallón Maceira foi alcalde da Estrada entre os anos 1991 e 1992.



Ángel Lemos. Retrato de Jesús Tallón Maceira.
1992. Pastel sobre papel. 40 x 30 cm.
Fondo familiar.

Desde moi pronto, os océanos convertérónse nun dos seus motivos predilectos. Dedicou unha vida ao estudo da luz, das texturas, dos volumes, dos movementos da auga, da atmosfera da costa; dedicación que se viu favorecido por unha vida nómade que o achegou aos mares de América, ao Mediterráneo e, sobre todo, á súa amada costa galega.


A súa mestría no uso da cor déixanos extraordinarias mariñas onde o mar se revela na súa enorme e variada policromía. O mar non ten unha soa cor, nin sempre a mesma cor, e Lemos plasmouno como ninguén. A escuma do mar embravecido, a forma das ondas que se desprazan ata golpear as rocas, os raios do sol filtrándose a través da auga, as algas que tapizan o fondo mariño... reflíctense nas súas pinturas en ocasións co hiperrealismo do que adoitaba fuxir, ata o punto de que parece que a auga se pode tocar.



Ángel Lemos. Acuarela sobre papel. 34 x 48 cm. Galería Guimart.



Ángel Lemos. 1999. Técnica mixta sobre papel. 49 x 62 cm. Galería Guimart.



Ángel Lemos. *Lobo de mar*. Técnica mixta sobre papel. 21 x 21 cm. Fondo familiar.

A primeira mariña que Lemos pintou regaloulla a Rosita Godoy, a irmá de Celia, ao finalizar a Guerra Civil. Descoñecemos se aínda a conserva.

A inicios dos 90 –non puidemos concretar a data exacta–, os donos da Churrería *Geli*, sita na esquina da praza da Igrexa, na Estrada, con quen mantén unha relación de amizade, encárganlle unha obra de tipo mural para decorar a parede maior do local. Ángel pinta sobre taboleiro unha paisaxe de aproximadamente catro metros de ancho e dous de alto que representa un motivo recorrente na súa obra, un sendeiro que discorre por un bosque polo que camiña unha anciá.

Esta obra permanecerá moitos anos instalada na churrería e, sen dúbida, será lembrada por moitos estradenses habituais deste co-



Ángel Lemos. 1992. Escultura de arxila obtida en base a un molde previo.
19 x 11 cm. Fondo familiar.



Ángel Lemos. 1992. Escultura de arxila obtida en base a un molde previo.
23 x 12 cm. Fondo familiar.

ñecido establecemento. Os donos da obra regaláronlla a un médico, en agradecemento pola súa axuda e atención. Desafortunadamente, non puidemos localizar fotografías desta pintura.

En decembro de 1991, participa nunha exposición de tarxetas do Nadal organizado pola Consellería de Cultura, do Concello de Ourense, que se expón no Museo Municipal.

No seu estudio da Estrada, Ángel volve traballar de forma esporádica a escultura, fundamentalmente utilizando a arxila. A partir das figuras modeladas con liñas sinxelas –na súa maioría maternidades–, obtén os moldes das pezas completas que elabora en tiraxes moi reducidas, que non adoitaban pasar de 10 unidades en cada molde. Algunhas delas, as menos, individualizábaas decorándoas de forma única. Non adoitaba asinar estas figuras, aínda que nos consta a existencia dalgúnha peza coa súa rúbrica.

Son moi escasas as esculturas localizadas e a maior parte delas conservanse na colección familiar.

De forma excepcional, ou máis ben única, Lemos volveu traballar o gravado sobre azulexo que tanto recoñecemento e éxito lle reportara nos seus comezos artísticos na posguerra. A súa filla Natalia tan só ten



Ángel Lemos. *A nena Natalia*. 1972. Escultura de arxila (peza única). 18 x 15 cm.
Fondo familiar.

constancia dun gravado sobre un conxunto de catro azulexos, onde representa un pai e o seu fillo que camiñan da man, traballo que levou a cocer ao forno de Fernando Porto.

A revista *Contrarreentrance*, no seu nº 11, de febreiro de 1992, publica unha entrevista do noso protagonista que nos deixa interesantes reflexións sobre a súa visión do mundo da arte:

Como entende a pintura, como a ve dentro do mundo en que vivimos?

Hoxe non se pode falar moito porque o mundo está ao revés, sobre todo o mundo das artes. Hai tendencias que se aceptan no eido oficial e mesmo se aplauden e o pobo queda simplemente mudo. A pintura require tamén uns coñecementos, unha preparación. Fai falla saber para ser médico e saber arranxar un coche para ser mecánico. Pero hoxe podes facer pintura sen saber debuxo ou sen saber se os materias que usas serven ou non serven. Non fai falla saber pintura para dedicarse a ela. Hoxe hai tantos pintores que se queres facer unha exposición tes que esperar un ano ou dous para ter unha sa, e isto porque calquera que quere ser pintor o é, sen dedicarlle a iso o menor esforzo. Celébranse cousas que non ves que teñan sentido.

Con isto refírese a algún tipo de pintura en particular?

Refírome a algúns pintores que se autoproclaman abstractos só por eludiren todos os problemas que poida ter a pintura. Nós estamos creados pola natureza, as súas imaxes, as súas formas, que podemos inventar?

Pódese negar entón a calidade de obras como a de Picasso, por exemplo?

Non, por suposto hai matices. O que pasa é que duns foi a outra cousa. De feito, se Picasso é bo, outros, evidentemente, non o son, porque non fan nada nin fixeron nada que teña unha técnica na cor ou no debuxo ou na composición. E, con todo, aí están, fan unha raia ou un cadro e din que isto é tal cousa, e xa está. E pouca xente poñería ese cadro na casa ou, se a pon, aí queda porque a fin de contas non é nada.

A quien admira vostede como artista?

Admiro os grandes pintores, os que están nos museos. Aquilo era pintura e, se queres estudar pintura, tes que ir buscalo en todos os pintores que fixeron o camiño. Para mim os grandes son os que todo o mundo ve como colosos: Velázquez, Rembrant, Rafael, Da Vinci, Tintoretto

Vostede é entón o que poderíamos chamar un clásico?

Non é que sexa un clásico, é que ata nos coches, que é unha cousa moi moderna, se busca o refinamento e a perfección dun motor. E a perfección require cada vez máis coñecementos, por que a arte ten que estar no outro extremo? Ténense presentado cadros en exposicións sobre papel de envolver, que nin a base nin o que está encima poden durar. Isto non é máis ca unha falla de respecto cara ao concepto que temos das cousas. Asistín a unha exposición de escultura que consistía nun rolo de papel hixiénico tirado sobre unha maceta, e iso era unha escultura, ou un lenzo cunha táboa cravada malamente con dúas bisagras que se abría e se pechaba, pero non había nada máis que iso. Todo isto é certo, é arte?

Pódese vivir da arte?

Non, pode vivir xente que se promove moito. Moita xente que se dedica á pintura busca chamar a atención e está por iso, por que se promove, pero a arte non está para ese uso. A arte, a pintura é para expresar un sentimento e transmitilo, transmitilo como o transmite un libro, un sentimento humano que pensas que pode valer para educar a persoa, para facela pensar.

Cre que hai moito mercantilismo na arte?

E que isto é o mercantilismo ao completo porque a un cadro pintado ao estilo clásico é moi difícil darlle un selo, un sentimento, un algo que faga que esa pintura non sexa só pintura de corpo morto.

E a actuación das institucións, considera que achegan o apoio debido a que este apoio está ben canalizado?

Non, o apoio non é real. Podes ir a un certame, pero un certame de pintura xa non debería existir porque a pintura non é unha xusta como un partido de fútbol. Así que dicir que este é o mellor pintor e leva a medalla é un absurdo, xa que pode gañar un individuo do que despois non quede nada, que non perdure porque non haxa mensaxe na súa persoa. Iso é o que hai que ter cando se pinta.

Un Picasso é xenial por este motivo, porque crea unha propia forma para transmitir, pero unha forma que non serve para outros. E tamén Dalí, a pesar de ser un home desequilibrado que vendeu a súa alma ao diaño e que deixou de ser un idealista; foi un home intelixente e iso sempre se impón. Isto son cousas que se ven, pero vas a outras exposicións que fan escapar a xente dos salóns porque xa non hai criterio para poder emitir un xuízo. Cando ves unha marca dentro dun lenzo que non che di nada, que podes dicir dela?

Non é tan fácil pintar como algúns pensan. Ademais, un cadro nunca se ve nun día, nin en dous, vese a través do tempo. Estes pintores teñen os seus cadros de cara á parede, non os queren ver porque nin eles os aguantan. Unha pintura equilibrada tamén pode ser fría, pode ser só a representación da figura humana no seu exterior, nas súas carcasas, porque a figura humana pode dicir algo ou non segundo sexa interpretada. Cando a traballas é cando transmite e a pintura ten que ter iso, a alma, o amor con que se fai. Se non se dedica a vida á arte, non pode saír nada, non tes nada que dicir.

O 11 de decembro de 1992 inaugura xunto ao seu fillo Xavier unha exposición conxunta na sala de exposicións do Banco Bilbao en Vigo.

En 1993, comeza a colaborar cunha empresa de cerámica que lle trae os vasos sen decorar á Estrada e el decora con motivos e temas galegos, un labor moi similar ao que realizaba na fábrica Mapo da Arxentina.

Na nosa vila, Lemos traba unha íntima amizade co pintor santiagués José Rafael Pereiro Miguéns (1928-2005) (ver Apéndice), establecido no veciño concello de Teo, amante e asiduo visitante das terras estradenses. Xuntos pasaron boa parte da súa senectude, enfrascados en proxectos comúns, excursións, obradoiros, amigables discusións De café diario no *Bar Tertulia* (onde aínda colga un marabilloso bodegón de Lemos), era frecuente velos xuntos pola vila paseando ou na furgoneta Citröen Dyane 6 de Ángel. Ambos formaban unha peculiar estampa, co seu aspecto decimonónico, recio e solemne.

En marzo de 1994, expón no *Café Xentes*, na rúa Areal, nº 12, de Vigo. Os donos desta cafetería, onde adoitaban realizarse exposicións de arte, encárganlle un óleo de gran formato no que figuren retratados dentro do seu propio local amigos e personaxes relacionados co mundo da arte. Lemos realizou o encargo e nel podemos distinguir a Laxeiro, Colmeiro, Manuel Lago, o propio Ángel coa súa pipa á esquerda, a súa esposa Viviana, o seu fillo Xavier, Manuel



Ángel Lemos. *Xentes*. 1994. Óleo sobre taboleiro. 125 x 180 cm. Fondo familiar.

Estévez ou o estradense Seve Chacón. Porén, o devandito encargo quedou frustrado debido ao peche do local, de modo que Lemos tivo que quedar coa obra que hoxe conserva a súa familia.

Ese mesmo mes publícase o cuarto número da revista viguesa *El rincón de los artistas*⁶ cuxa portada ocupa o óleo *Arlequines*, de Ángel Lemos, unha das súas obras máis apreciadas.

Este óleo foi pintado no ano 1991 e aínda se conserva na colección da familia, a pesar de que en varias ocasións recibiron elevadas ofertas de compra por parte de colecciónistas.

A revista dá conta da exposición colectiva organizada polos responsables da publicación no local de café-concerto e sala de exposicións El Rincón de los Artistas sobre a que Chelo Comesaña apunta:

Sorpréndenos a dimensión humana, a factura clásica dos Arlequíns de Ángel Lemos e, especialmente, A maternidade, en azulexo vidrado que nos aproxima

⁶ *El Rincón de los Artistas* foi unha revista dedicada á arte editada en Vigo durante cinco anos (do 93 ao 98) baixo a dirección de Daniel Alcalá, cunha periodicidade mensual e unha tiraxe de 20.000 exemplares.


ao fogar onde se sitúa. Tamén expuxo Lemos varias pezas de cerámica decorada con motivos galegos en lugar dos de inspiración francesa.

En 1994, o galerista vigués Carlos Vila, Alpide, influído por Xavier Lemos, visita a Ángel no seu estudio da Estrada e comeza a comprarlle pintura de forma regular, que incorpora á súa galería permanente e exposicións colectivas. Trátase normalmente de encargos de dez obras e, aínda que Ángel non se atopa especialmente cómodo con esta forma de traballar, proporciónalle uns ingresos periódicos e sitúao nunha galería de referencia en Vigo.

A súa filla Natalia coméntanos que as obras que entregaba para a Galería Alpide non eran as máis traballadas, pois vendíaas a un prezo inferior ao resto das súas pinturas, salvo que no momento pactado para a entrega non completase as dez obras, o que obrigaba a Ángel a incluír algúns dos seus traballos reservados para a venda directa no seu estudio.

Habitualmente, o proceso creativo dilatabase no tempo. Algúns óleos pasaban longas tempadas no estudio, volvía sobre eles unha e outra vez, engadindo múltiples capas de pintura, á espera da luz idónea para a súa revisión ou do momento de inspiración, ata que finalmente os daba por terminados.


Cóntanos tamén Natalia que o seu pai levaba unha vida moi ordenada. Non se deitaba nunca máis tarde das doce da noite, nin se levantaba máis tarde das oito, de luns a domingo. Traballaba toda



Portada do nº 4 da revista *El rincón de los artistas*, ocupada polo óleo sobre lenzo de 70 x 50 cm, pintado por Ángel Lemos en 1991, que conserva a súa familia.



Ángel Lemos. 1993. Pastel sobre papel.
58 x 48 cm. Colección particular.




Ángel Lemos. 1994. Témpera sobre papel.
42 x 32 cm. Galería Guimart.

a mañá, ás dúas facía unha parada para comer e descansar ata as catro e volvía pintar ata as oito, como mínimo. Durante a tarde facía algunha pequena paréntese para tomar un café ou un mate coa súa esposa Viviana e, cando terminaba de pintar, se non era demasiado tarde, tocaba a guitarra e o piano. Moitas das pezas que interpretada eran da súa propia creación, algunas delas mesmo plasmadas en partituras que conserva a súa familia. A única tarde que tomaba libre era a do domingo, que saía de paseo cos seus fillos. Tan só facía unha excepción en fin de ano, onde apenas se demoraba o xusto para tomar as uvas e brindar coa súa familia.

O 10 de abril de 1994 o xornal *Atlántico* publica unha interesante entrevista (da que xa reproducimos varios fragmentos) onde abordan temas como a importancia da muller na súa obra ou a súa visión da relixión:

Que expresan as súas obras? Creo que os meus cadros reflicten a alegria de vivir a través do amor, a sensibilidade, a tenrura das figuras... Os meus espidos non teñen nada que ver coa pornografia. Ese candor, esa pureza que inspiran, sobre todo as mulleres dos meus lenzos, era o que más gustaba en América.



Ángel Lemos. 1994. Acuarela sobre papel.
39 x 32 cm. Colección particular.



Ángel Lemos. 1994. Óleo sobre lenzo.
54 x 45 cm. Colección particular.



Ángel Lemos. *Intermezzo*. Anos noventa.
Acuarela sobre papel. 59 x 48 cm. Fondo
familiar.


Esta obra está inspirada nunha escultura que realizou en barro e da que existe outra versión de menor tamaño ao óleo.



Ángel Lemos. Entre 1990 e 1993. Óleo
sobre lenzo. 65 x 54 cm. Fondo familiar.



Ángel Lemos. *Maternidad zíngara*. 1991. Óleo sobre lenzo. 65 x 50 cm. Fondo familiar.



Ángel Lemos. *Adán e Eva*. Técnica mixta sobre papel. 70 x 50 cm. Fondo familiar.

A muller ten un gran protagonismo na súa obra... Así é. Admiro á muller. É básica para a vida. Creo que a maternidade é o más grande do mundo. Ela representa a tenrura, a sensibilidade, o amor... E ademais é máis forte que o home. Espiritualmente inflúe moito no home, desde o mesmo momento do nacemento. Por iso é fundamental na miña obra, é o eixo central. Aborrezzo aos que a manipulan converténdoa en muller obxecto. Iso faixe patente na publicidade en televisión, e tamén na obra de moitos fotógrafos e bastantes pintores.

Pensa que aínda ten moito que dicir a través da pintura? Por suposto. Morrerei coas botas postas. Sigo experimentando coa pintura. Para mim é algo místico, espiritual. Aínda que non me interesa o tema relixioso no sentido institucionalizado pola Igrexa católica. Só me interesa o home. Non creo na Igrexa pero, á miña maneira, creo en Deus. Nun Deus do amor e a bondade que non ten nada que ver co que nos venden mercantilizado. O gran problema do mundo é a perda desa espiritualidade profunda, na crenza e o respecto do home polo propio ser humano.

No verán de 1994, Lemos regresa cuns amigos a San Miguel de Tabagón, lugar que frecuentara na súa mocidade, de visita a Hermilia Buceta. Nunha camiñada por unha zona rural, atopa os restos dun antigo muíño invadido pola vexetación. Lemos fotografao e, posteriormente, plásmao en dúas acuarelas e un óleo. A familia con-



Ángel Lemos. *Ruinas en San Miguel de Tabagón*. 1994. Acuarela sobre papel. 46 x 66 cm.
Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela.

serva unha acuarela e o óleo e a outra acuarela foi adquirida polo Museo Reimóndez Portela en agosto do 2020.

O 7 de maio de 1995, a edición da Estrada de *La Voz de Galicia* dedícalle a Ángel Lemos un artigo escrito por Rocío García e ilustrado cunha fotografía de Xoanma Porto:

Aínda que a súa obra presenta unha temática variada, Ángel Lemos afirma que o seu tema favorito é a maternidade e explica que as mulleres son o más fermo-so. Hai que renderlles culto porque só elas son capaces de dar vida. Ademais, o pintor vigués sente preferencia polos espidos e polo mundo mariñeiro que lle lembra o seu lugar de orixe.

O pintor escolle a técnica en función do seu estado de ánimo e manifesta abertamente que se sente satisfeito de todos os seus cadros. Afirma que en cada lenzo pos algo teu e a todos lles colles agarimo e aclara que existen algúns cadros polos que sente especial predilección: Non me gusta vender os meus cadros sen gozalos antes, pero hai algúns que non vendería por nada.

Considerase un artista autodidacta?

Si, eu na escola só aprendía a ler e a escribir. No plano artístico non sigo a ningún pintor, senón que me sigo a min mesmo, ao meu propio eu. A técnica hai que adquirila a través dos anos e non en ningunha escola. Ademais, o auténtico

artista nace sendo artista, ten unha profundidade especial e crea co corazón. No meu caso, eu empecei por min mesmo a debuxar, a modelar e a escribir e fixen sempre o que quisen, sen importarme que as miñas obras fosen vendibles.

Como definiría o estilo da súa pintura?

A miña pintura é expresionista, sen deixar de ser realista. Penso que o hiperrealismo é demasiado crú e non transmite nada. Eu escribo cando pinto, pinto co corazón. Sempre busco o espírito, o sentimento, a alma daquilo que estou a pintar.

É fácil vivir da pintura na actualidade?

Soamente se es un comerciante e te achegas á xente. Pero non podo cambiar, son un bohemio sen sentido práctico.

Lembra Natalia Lemos que todas as obras que creaba o seu pai en principio estaban destinadas á súa venda. A pintura era a súa profesión e o único medio de subsistencia de toda a familia. Con todo, a medida que a obra ía cobrando vida, creábase un vínculo co seu autor que facía que con frecuencia lle custase moito vendelas.

Habitualmente, Lemos desculpábbase ante os seus clientes sinalando que algunha das pinturas non estaba á venda, «pois quería gozala polo menos un tempo». Era frecuente que antes de que chegasen os potenciais compradores ao estudio ocultase algunha obra para evitar a súa perda. En ocasións, estas obras regaláballellas aos seus fillos para asegurarse de que quedaban na casa.

O 11 de maio de 1995 dóalle un segundo óleo ao Concello da Estrada titulado *El Camino de Santiago*, unha escena xacobeira actualmente colgada no despacho do tenente de alcalde, xunto á mariña.

O 12 de maio de 1995, tras os traballos de rehabilitación e acondicionamento do edificio do antigo matadoiro, o novo Museo Manuel Reimóndez Portela acolle o seu primeiro acto cultural cunha gran mostra do pintor Ángel Lemos, onde exhibe un total de 42 obras.

No acto de inauguración, que reuniu un centenar de persoas, o alcalde Ramón Campos e o concelleiro de Cultura José Manuel Reboreda agradécenlle ao autor a doazón do óleo ao Concello. A este acto multitudinario asistiu o seu grande amigo Laxeiro que mesmo tomou a palabra para, en ton desenfadado, suxerirlle á corporación municipal que ademais do cadre doado lle compre algunha obra ao pintor.



Ángel Lemos. *El Camino de Santiago*. 1993. Óleo sobre taboleiro. 76 x 120 cm.
Concello da Estrada.



Ramón Campos, Laxeiro e Lemos o 12 de maio de 1995, na inauguración da exposición no Museo Reimóndez Portela da Estrada.

Deste xeito, a figura de Lemos irá sempre vinculada ao nacemento do antigo matadoiro como Museo da Estrada.

O programa da exposición reproduce o poema *Mirando atrás* composto polo artista dedicado á súa nai titulado:

Tengo ya cabellos blancos
contando años sobre mis sienes;
madurez de tiempos idos
componen mis pensamientos
y hay nostalgias en mis pupilas
de distancias hondas; de caminos viejos;
sendas trilladas de angustias;
de ilusiones y dulces sueños...!
¡Cuando amanecí a la vida,
en mil fulgores me vi envuelto!
¡Ay! Que la dicha no tiene
más duración que un parpadeo
como esos ojos de luz que nos miran
desde los cielos...
¡Cuánto hace ya que sus fulgores
dejaron sombras en mi sendero!
Piedras cierran mi camino
que con brazos vencidos voy abriendo
en ansias aún, de seguir ¡soñando
los dulces sueños...!
Aquellos que tendidos con amor
sembraron sobre mi pecho,
con la tibiaza de las caricias;
los cuidados y los besos.
Con ellos hice de la vida
aqueiros pasos primeros
¡¡entre los abrazos de mi madre!!
¡que ya tan lejos se fueron!
Para qué mirar atrás
si no están sus ojos celosos
cuidando tus sueños;
si el rumor de sus pasos
ya se perdió a lo lejos...

Ángel nunca deixou de escribir, desde a súa mocidade ata pouco antes do seu falecemento (xa asistido pola súa esposa Viviana), poesía, novelas, relatos curtos tanto de ficción coma autobiográficos e unha gran cantidade de proxectos inconclusos. Algunhas destas obras consérvaas ánda a súa familia e, sen dúbida, merecen unha atención que, do mesmo xeito que moitos outros aspectos deste polifacético artista, lamentablemente non lle puidemos dedicar neste estudo, polo que esperamos que este sexa o primeiro de posteriores traballos que nos acheguen máis á súa figura.



Ángel Lemos. 1995. Pastel sobre papel.
74 x 55 cm. Colección particular.




Ángel Lemos. Óleo sobre lenzo. 30 x 24 cm.
Colección particular.

O Concello da Estrada encárgalle a Lemos o cartel da XII Festa do Salmón (21 de maio de 1995) e o das Festas de San Paio (24 ao 27 de xuño de 1995).


O 21 de xullo de 1996 falece Laxeiro, con quen desde o seu regreso a Galicia retomara unha estreita relación. Dúas figuras na última etapa das súas carreiras artísticas moi desiguais en canto a recoñecemento e evolución que se apreciaban sinceramente. Eran frecuentes os seus encontros no Café Goya de Vigo, onde Laxeiro organizaba un faladoiro xunto ao resto dos seus amigos, ou eles sós con Arrondo, na súa cafetería e



Ángel Lemos. Acuarela sobre papel. 43 x 30 cm. Colección particular.



Ángel Lemos. XXII Festa do Salmón. 1995.
Técnica mixta sobre papel. Concello da
Estrada.



Ángel Lemos. Festas de San Paio. 1995.
Técnica mixta sobre papel. Concello da
Estrada.

pastelería síta na rúa Policarpo Sanz, nº 14. Lembra Natalia que alí, no contexto dunha conversación de marcado carácter nostálgico, o pintor lalinense lles confesou aflixido aos seus amigos: «Xa non me deixan pintar os meus nenos».

No ano 1997, exhibe as súas obras en exposicións colectivas nos palacios de congresos e exposicións de Vigo, Ourense, Lugo e Santiago e, no 1998, no *Centro Comercial Área Central* de Santiago. Todas estas exposicións foron promovidas por Carlos Vila, da Galería Alpide, en cuxo catálogo Francisco de Pablos, membro da Real Academia Galega de Belas Artes, escribe sobre o noso pintor:

...Agora, cando Ángel Lemos conta 81 anos, lamenta que a pesar da difusión constante da súa obra non conte o seu nome en repertorios, antoloxías, referencias de grandes coleccións. Os que indagabamos sobre o tema chegamos a crer que falecera en América. Felizmente non é así, de maneira que áinda estamos a



Ángel Lemos. 1996. Acuarela sobre papel. 25 x 32 cm. Colección particular.

tempo de recobralo, de valoralo xustamente. De recoñecer un artista de longa traxectoria, en cuxa pintura, a referencia, o documento, transcende para ser arte, evocador, sentido, emocionante. Porque é un gran debuxante e un gran colorista. É dicir, un artista moi notable.

Ese mesmo ano, os propietarios do *Pub Jaque Mate*, na Estrada, encárganlle que pinte dúas mariñas de grandes dimensíóns para decorar o local, unha na parede do baixo e outra un pouco máis pequena para o piso alto.

Aos seus 80 anos, Lemos acepta encantado o reto e, asistido por Guillermo Fernández (dono do taller e da galería *Guimart*), instalan varios paneis de madeira ancorados á parede, de modo que, chegado o momento, as obras poidan separarse do local e asegurar a súa supervivencia. O pintor, cheo de enerxía, móvese con soltura pola estada instalada para acceder cos seus pinceis a toda a superficie do soporte.

Vinte e tres anos despois, aínda se poden contemplar no local as magníficas pinturas (piso baixo: 2,30 x 5,20 m / piso alto: 1,20 x 2,42 m).



Ángel Lemos. 1997. Óleo sobre taboleiro. 230 x 520 cm. Pub Jaque Mate na Estrada.


O 29 de xuño de 1998, *La Voz de Galicia* publica unha recensión sobre o noso artista:

Decenas de lenzos empapelan as paredes. Sinálaos e preséntase: Este son eu. O artista non mente, a súa vida enteira foi dedicada á arte. Ángel Lemos, con 81 anos, continúa pleno de vitalidade. No seu estudio da Estrada, segue pintando a bo ritmo e conta con exposicións en locais da vila. Non me sinto acabado, para mim a vida é eterna. O que está por fóra é só un anaco de carne podreida, o que conta é o espírito.

En novembro de 1998, exhibe a súa obra no café pub *Studio 34*, de Ourense, xunto a outros artistas, como Fernando Álvarez de Sotomayor, Laxeiro, Lino Villafínez, Granell ou Urbano Lugrís.

No Nadal de 1998, Ángel Lemos doa unha acuarela á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, unha versión dunha preiosa maternidade ao óleo, que ilustra a tarxeta do Nadal da agrupación, nunha tiraxe limitada de 300 exemplares.

O 14 de marzo de 2000, falece o seu querido e vello amigo desde os tempos de Redondela, Ignacio Arrondo, con quen nos últimos anos seguía mantendo contacto periódico epistolar.



Ángel Lemos mentres pinta o mural do *Jaque Mate*. «Especial Festas San Paio» de *La Voz de Galicia*, 24 de xuño de 1998. Fotografía de Xoanma Porto.



Ángel Lemos e o alcalde Ramón Campos o 16 de xuño de 2001. *Faro de Vigo*, 17 de xuño de 2001. Fotografía de Bernabé.

En agosto do ano 2000, expón a súa obra na Casa da Cultura de Foz (Lugo).

O 16 de xuño de 2001, aos seus oitenta e catro anos de idade, o Concello da Estrada dedícallle unha más que merecida homenaxe, onde o alcalde Ramón Campos lle entrega unha escultura do artista estradense Vilaverde.

Carlos Vila, dono da Galería Alpide de Vigo, edita e publica ese mesmo ano a antoloxía *Galicia, Latidos de arte*, onde recolle unha

O pintor Ángel Lemos de los Reyes



Ángel Lemos. 2000. Acuarela sobre papel. 25 x 34 cm. Cafetería *Tertulia na Estrada*.



Ángel Lemos. Anos 90. Técnica mixta sobre papel. 32 x 24 cm. Fondo familiar.



Ángel Lemos. 2001. Óleo sobre lenzo. 50 x 60 cm. Colección particular.

sucinta referencia biográfica e artística de creadores galegos, como Camilo Díaz Baliño, Lodeiro, Laxeiro, Manuel Torres, Villafínez, Alfonso Abelenda, Laxeiro, Barreiro, Varela Guillot, Lugrís Vadillo, Peteiro ou Sucasas, entre os que inclúe a Ángel Lemos, do que Francisco de Pablos, membro da Real Academia de Belas Artes, apunta: «...a anécdota elevada a transcendencia, porque é evocación creadora, felizmente recuperada».

No ano 2002, cae enfermo e a súa actividade vese drasticamente reducida. A pesar da evidente perda de pericia, especialmente nas súas mans, axudado por Viviana e os seus fillos, Ángel continúa pintando, sobre todo acuarelas, ata os seus últimos días.

O 5 de decembro de 2002, Lemos falece na Estrada aos 85 anos e entérrase no cemiterio parroquial de Figueroa. A noticia da súa perda ten un importante eco na prensa local e entre os estradenses, pois tanto el como a súa esposa e fillos son veciños moi próximos e apreciados.



Ángel Lemos. *As mozas*. 1989. Óleo sobre lenzo. 92 x 73 cm. Colección particular.




Ángel Lemos. 1998. Óleo sobre taboleiro. 46 x 37 cm. Fondo familiar.

O 12 de marzo de 2003, Carlos Vila inaugura unha exposición en Vigo da obra de Ángel Lemos e Luis Seoane.

No número 7 desta revista, *Miscelánea Histórica e Cultural*, do ano 2004, publícase o artigo «Vermello, amarelo e morado: as cores de Ángel Lemos (*In memoriam*)», escrito por Héitor Picallo Fuentes.

O 25 de setembro de 2004, a Sala Guimart da Estrada organiza unha exposición colectiva na que se mostra a obra de Lemos.

Con todo, o guión da súa azarosa traxectoria vital aínda lle reservaba un xiro inesperado tras o seu falecemento: a Galería Alpide, na rúa López Neira de Vigo, dedícalle unha exposición monográfica á obra de Ángel Lemos, que permanece aberta desde novembro do 2005 a febreiro de 2006. Viviana, acompañada da súa filla Natalia, visita a mostra e decátase de que algunha das obras non foron creadas pola man do seu esposo. Este descubrimento dará lugar a unha das escasísimas condenas por un delito contra a propiedade intelectual en concurso cun delito de estafa relativa á obra de artistas galegos.



Ángel Lemos. *Escuchando el Concierto de Aranjuez* (rostro de Viviana Geddo). 1978. Técnica mixta sobre papel.

Dado que se trata dun suceso delicado, co ánimo de resultar o máis rigoroso posible na súa exposición, imos limitarnos a reproducir literalmente aqueles fragmentos da sentenza condenatoria nº 97/2013 do Xulgado do Penal nº 3 de Vigo, do 14 de marzo de 2013, que consideramos máis ilustrativos.

Natalia Lemos ratifica na vista do xuízo a denuncia formulada o 8 de marzo de 2006 na Coruña ante a Brigada Provincial de Policía Xudicial, Delincuencia Organizada:

...engadindo que, con ocasión da exposición monográfica da obra do seu pai que tivo lugar no ano 2006, exposición organizada pola galería Alpide da que o acusado Carlos Vila Rodríguez é xerente, acudiou durante o mes de febreiro a esta en compañía da súa nai e sacoulles unha foto ao cadro do seu pai denominado «Lavandeiras» e a outros máis antigos. Ao saír da galería de arte, sinala que a súa nai lle comentou que algúns dos cadros coa sinatura do seu marido non eran del. Termina por sinalar, a preguntas das partes, que un par de días despois cotexou as fotos que fixo no ano 2001 e outras que tiña do seu pai coas fotos do catálogo da exposición organizada polo acusado no devandito mes de febreiro e deuse conta de que había diferenzas notables, ao non corresponderse as fotos que tiñan dos cadros coas editadas no mencionado catálogo...

En base á devandita denuncia e ao apreciarse indicios de delito, o xulgado practica a correspondente proba pericial:

(...) o perito da sección de documentos copia da policía xudicial non soamente conclúe que as sete obras intervidas atribuídas ao pintor son copias fieis das obras orixinais de Ángel Lemos, senón que tamén o devandito perito con total seguridade se pronuncia na vista oral afirmando que os lenzos dubitados son de peor calidade artística ca os orixinais e que non foron realizados pola propia man do pintor, apreciando que hai diferenzas nas calidades pictóricas entre os lenzos dubitados e as imaxes obtidas mediante fotografía dos lenzos orixinais.

Tendo en conta a proba practicada, o xuíz declara os seguintes feitos probados:

Que Carlos Vila Rodríguez, entre os meses de xaneiro e febreiro de 2006, organizou unha exposición monográfica da obra do pintor galego Ángel Lemos na galería viguesa de arte Alpide da que o devandito acusado é xerente, poñendo á venda na citada exposición un total de sete pinturas ao óleo do pintor tituladas *Lavandeiras*, *Regreso del mercado*, *Fiesta de San Xoán*, *Meigas, Meigas (adornos en campaña)*, *En Santiago chovendo* e *Sendero*. As devanditas copias foron realizadas por el ou por outra persoa ao seu encargo e non chegou a vender ningunha de tales copias, que se exhibían para a súa venda na citada exposición por prezos comprendidos entre as 300.000 e as 350.000 pesetas cada unha delas.

Por todo iso, a sentenza condena a Carlos Vila Rodríguez como autor dun delito contra a propiedade intelectual (artigo 270.1 do Código Penal) en concurso medial cun delito de tentativa de estafa (artigos 248.1 e 249 do Código Penal). Ademais, condénao a que



Ángel Lemos. 1984. Óleo sobre lenzo. 60 x 81 cms. Fondo familiar (agasallo de Ángel a Viviana).

indemnizice os herdeiros do pintor Ángel Lemos na suma de 9000 euros e decreta o comiso e a destrucción das copias intervistas.

A devandita sentenza ten unha gran repercusión nos medios de comunicación, especialmente na prensa escrita. O diario *El País*, na súa edición do 15 de abril de 2013, titula: «Un pintor esquecido, obxecto da primeira sentenza galega por falsificación».

O 13 de marzo de 2013 falece Viviana Geddo, quen non chega a coñecer o contido da sentenza condenatoria que sería notificada tres días despois.

En xullo de 2007, o Museo da Estrada inicia as tarefas de catalogación da obra de Ángel Lemos, traballo que serviu de base para a redacción do presente estudo, e que aínda continúan abertas.

O 24 de novembro de 2010, pójase na Sala Durán de Madrid o óleo de Ángel Lemos *Naturaleza muerta, jarrón con flores*, de 54 x 45 cm.

Mediante a Resolución do 23 de setembro de 2013, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia incoa o expe-



Ángel Lemos. Óleo sobre lenzo. 54 x 65 cm. Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela.

diente para a declaración como ben de interese cultural (BIC) da Colección Nova Caixa Galicia, que inclúe a acuarela *Baiona*, doada por Lemos en 1982. Con todo, o Decreto 151/2015, do 8 de outubro, da Consellería de Cultura, que finalmente declara BIC a colección propiedade xa de *Abanca Corporación Bancaria*, lamentablemente exclúe do inventario merecedor desta consideración a acuarela de Lemos (xunto a unha gran parte das obras inicialmente incluídas). Con todo, esta obra permanece nos fondos desta colección.

O 8 de xuño de 2014, o *Recreo Cultural* da Estrada exhibe parte das obras propiedade da familia que, debido á resistencia do pintor para vender as súas obras máis apreciadas, sen dúbida reúne gran parte dos seus mellores traballos na Estrada.

O 6 de xuño de 2019, o Museo da Estrada adquire un debuxo a pluma sobre papel cun bosquexo a lapis pola outra cara integrante

dos traballos que Ángel Lemos realizou para o proxecto que non chegaría a publicarse da *Historia Ilustrada de las Islas Baleares*.

En xullo de 2019, o Museo da Estrada compra unha magnífica mariña ao óleo representativa da mestría do noso pintor na plasmación do mar sobre o lenzo.

O 5 de novembro de 2019, sae á venda na Sala de Poxas Ansoneira de Madrid o óleo sobre táblex titulado *Cristo de la Victoria*, de 56 x 81 cm, pintado en 1950.

O 19 de agosto de 2020, o Museo da Estrada adquiere para os seus fondos unha terceira obra de Lemos: a acuarela de 46 x 66 cm pintada en 1994 que reproduce as ruínas dun antigo muíño invadido pola vexetación en San Miguel de Tabagón.


En marzo de 2021, o Museo Municipal de Ourense exhibe o debuxo de sor Isabel Cifre, parte dos seus fondos permanentes, nunha mostra realizada con motivo do Día da Muller.

En xullo de 2021, o Museo da Estrada compra un lote de 65 debuxos orixinais inéditos do artista creados para o proxecto da *Historia Ilustrada de las Islas Baleares*.

Para rematar, só nos resta trasladar o noso agradecemento a todos os que, amablemente, durante estes catorce anos de traballo, facilitastes o fotografado e a toma de datos das vosas prezadas obras. Tarefa que nin moito menos finalizou.

Querémoslle mostrar unha especial gratitudade a Guillermo Fernández (Guimo), dono da galería e taller Guimart (punto de encontro dos estradenses amantes da arte), pola súa implicación e dedicación na localización da obra do seu amigo Lemos.

Finalmente, este estudo sobre a traxectoria vital e artística do pintor Ángel Lemos adoecería de lagoas insalvables sen a xenerosa colaboración da súa filla Natalia, quen nos abriu as portas aos fondos familiares (documentos, fotografías, recortes de prensa, obra) e aos seus propios traballos de investigación e recompilación de datos. Ela non só puxo toda esta información á nosa disposición nas mellores condicións posibles, senón que contribuíu a contextualizala e achegou referencias que serían inaccesibles a través de calquera outra fonte. Cada unha das súas palabras transmiten o amor e a admiración



Natalia Lemos. Óleo sobre lienzo. 100 x 81 cm.
Propiedade de Natalia Lemos.

que sente polo seu pai, de cuxa memoria e legado é garante, ademais de herdeira da súa sensibilidade humana e artística, tal e como se pode apreciar no marabilloso retrato que pecha este traballo.


Apéndice

Ignacio Arrondo Moro (Vigo, 1917-2000)

Sensibilidade artística moi acusada, foi actor afeccionado na súa mocidade e durante moitos anos mantivo na radio unha sección de poesía recitada. Formouse na Escola de Artes e Oficios, á beira do inesquecible Maximiliano Vidales. Excelente caricaturista. Na pintura, cultivava indistintamente o óleo e a acuarela e xéneros como a paisaxe e o retrato. Obtivo premio no Certame da Dotación de Arte Castellblanch de 1969 e concorreu ás Bienais de Pontevedra, onde na de 1991 destacou cun espléndido retrato do pintor Laxeiro. Figura en museos de Galicia e realizou numerosas exposicións individuais. A pintura de Arrondo parte de modos impresionistas e, sempre dentro dunha ampla liberdade, ten referencias formais. A súa paleta é quente, de intención lírica, con expresións moi ricas. O seu gusto pola poesía acúscase na pintura, con elementos idealizados dunha deliberada sinxeleza. (Fonte: <https://www.afundacion.org>)

Pasou dous anos da súa vida (1943-1945) na compañía de María Fernanda Ladrón de Guevara, á beira de figuras tales como as entón mozas Amparo Rivelles, que era Amparito nos carteis, ou María Asquerino (). Ao deixar o teatro profesional, contraeu matrimonio coa perito mercantil Esperanza Carballo Veiga, con quen tivo tres fillas: Esperanza, profesora de ballet; Rosa María, enfermeira e Luz María, filóloga. En Pontevedra precisamente, nunha exposición na Sala de Arte da Caixa, alá por xaneiro de 1991, deixouno moi claro: «Desde sempre a pintura foi a miña verdadeira vocación». (Fonte: *La Voz de Galicia*. Ignacio Arrondo, actor profesional con Ladrón de Guevara por Gerardo González Martín).

O seu pai, o navarro Antonio Arrondo, chegou a Vigo e montou unha pastelería en Policarpo Sanz, a principios dos anos 30. Tivo tres fillos –Ig-



Ignacio Arrondo. Caricatura de Ángel Lemos. 1950. Técnica mixta sobre papel. 30 x 19 cm. Fondo familiar.

nacio, Manolo e Carmen— e os dous primeiros seguiron os seus pasos. Un relevouno no local orixinal e outro montou un negocio propio, Marbella, na rúa Colón.

Segundo Luz M. Arrondo, a menor das tres fillas de Ignacio e Esperanza Carballo, a receita da torta Llanderás, que calou con éxito no padal local, tróuxoa un amigo do meu avó, que viña da Arxentina, e cambiouna un pouco. Cando el morreu, o meu pai relevouno e quedou». (Fonte. *La Voz de Galicia*. «Llanderás, a torta que herdou un artista», por Begoña R. Sotelino)

O convento abandonado

O que vou relatar aquí ocorreu en España durante a revolución.

Atopábame entón incorporado ao primeiro batallón da brigada 112 de choque. Facía un frío que martirizaba os nosos corpos e, en especial, os nosos pés, mans e narices. Marchabamos a pé cara á fronte para reforzar unhas posicións e a marcha facíamola de noite porque as liñas inimigas se atopaban moi preto.

Caía unha fina choiva xeada que aumentaba os nosos sufrimentos. Despois de varias horas de camiño, dispúxose a acampar. Chegaramos a unha zona elevada na que se atopaban os restos dun convento de frares, creo que capuchinos. Estaba parte do seu edificio aínda en pé daquel lado, de xeito que a artillería inimiga non o podía castigar. Aquí metémonos nós e pronto nos lanzamos todos na busca de canto anaco de madeira había para facer lume e quentarnos un pouco e secar as roupas.

Pouco despois, o patio do convento estaba iluminado por un sen número de fogueiras pequenas arredor das cales había outros tantos puñados de soldados apiñados, coas mans tendidas sobre as chamas e os pés case metidos dentro das brasas. Cando xa nos queimabamos por diante, dabamos a volta e colocabámonos de costas, coas mans cruzadas atrás.

Aquela fina choiva converteuse nunha chuvieira, buscamos un sitio seco onde durmir un pouco, eramos un grupo de tres amigos. En Madrid, eu residía na portería da rúa Lavapiés 17, onde os pais dos meus dous amigos, que eran irmáns, tiñan ao seu cargo a devandita portería.

Buscamos un lugar seco e atopámolo no altar do convento. Aínda estaba en pé e a tarima de madeira daba un alivio ao frío, pois a choiva non a mollaba. Dispuxémonos a descansar, pero a miña natural curiosidade levoúme a investigar e a observar o enorme retablo que estaba intacto. Quizais fose que me sentía seguro do lume inimigo ou a maxia daquela circunstancia que nos rodeaba, un momento de calma naquela tolemia da guerra. Ao amencer, debiamos facer unha ofensiva para recuperar Brunete,

xusto a vila na que eu chegara á fronte coas tropas de Franco pouco antes de pasar ás republicanas.

Volvo ao meu recordo daquel altar, daquel convento en ruínas, desde onde podía verse o Escorial. Chovía xa con moita intensidade, non quedaban fogueiras acesas, cada cal buscaba a calor apiñando corpos con corpos. Achegueime a unha esquina na busca dun sitio máis cálido e, con sorpresa, sentín nas miñas mans que se empuxaba o altar este cedía ao meu empuxe e abría. Pedinles axuda aos meus compañeiros, os irmáns Pepe e Ramón, e entre os tres abrimos un espazo suficiente para mirar detrás, vimos un oco na parede de pedra... unha porta... e decidimos entrar por ela, sempre buscando un acubillo mellor a esa fría e chuviosa noite.

A lanterna apenas alumaba, a escuridade enchía todo o espazo, excepto ese débil feixe de luz. En fila, moi pegados un detrás do outro, avanzamos cara a aquela negra boca socavada na parede da ladeira. Eu ía diante, cheo de curiosidade e tamén de medo. Pepe e Ramón ían pegados a min tremendo, pero xa non polo frío da xélida noite.

Iluminei de fronte a fenda que facía de porta, nada... pedras fronte a min. Só se oía a nosa respiración axitada e o son da choiva. Baixei a luz e vin unha estreita e longa escalaera que penetraba nas entrañas da terra, estaba tallada, esculpida na roca. Baixamos chanzo a chanzo con máis tento ca pasos. Onde nos levaría aquel túnel estreito e escalaerado?

Diante e soportando o peso dos corpos dos irmáns que se pegaban a min coma lapas, nunha man a lanterna e a outra pegada á parede, medindo os pasos para non caer. Agora todo era silencio, a choiva quedara detrás, só podía oírse con claridade o toc toc de tres corazóns que latexaban con moi ta forza. Iamos en silencio sepulcral, non falabamos, só respirabamos acele radamente. Unicamente aquel círculo débil de luz como guía, a escuridade podía tocarse, paseei a luz polas paredes e... contivemos o alento. Agora podíamos tocar o silencio. Ao noso lado dereito abríase un buraco na roca, algo que pretendeu ser algunha vez e nun ignorado futuro unha porta.

Coeime dentro abandonando a empinada escalaera. Pepe e Ramón quedaron fóra, as súas cabezas asomaban mirando con abertos, asustados e sorprendidos ollos a estancia onde eu me introducía. Fun rompendo a escuridade pouco a pouco e pasei coidadosamente a lanterna buscando que contiña aquela estancia a medio facer. Cando divisei un fino fío, fun descendendo... unha cabeza de longa melena, un corpo de muller espido, xa a curiosidade era más forte que o medo. Continuei baixando e vin que os pés descalzos non tocaban o chan,achegueime... Era moi novo, a súa pel acartonada, rasquei nunha das súas pernas e desprendín anacos de tecido de algodón, debían ser as súas medias que xa formaban parte da súa pel. Subín a luz ao seu rostro. Debía ser case unha nena!! Produciume tenrura aquela momia. Suxeiteille o queixo e levanteina comprobando así que aquel fino

fío do cal pendía o seu corpo era un arame que rodeaba o seu pESCOZO. Aparteille a longa melena e seguín buscando algunha resposta a aquilo. Xa non lembraba os irmáns, pero seguían alí, mirando, quietos e sen apenas respirar todo canto eu facía, sempre desde fóra, desde a escaleira.

A luz percorreu a estancia tramo a tramo ata topar cun cadaleito que estaba colocado sobre unha tarima fronte á pequena muller colgada na parede. Xunto á caixa mortuoria estaba a tapa que, sen colocar encima, xacía sobre a parede en posición vertical. Achegueime... iluminei o interior do cadaleito... unha carapucha... un hábito... un cráneo amarelado. Onde houbo ollos... dous enormes concas baleiras e o sorriso da morte na súa descarnada caveira. Seguín buscando coa miña lanterna guía. Unhas óseas mans aferraban unha cruz, falanxe entre falanxe no medio daquela cruz que, impulsivo, collín e tirei dela. Todo se esborrallou nunha nube de po que foi parar ao fondo do cadaleito nun estrondo que puxo ás aos meus pés e que me levou a saír, voando máis ca correndo, daquel espantoso, cruel e miserable escenario do pasado oculto tras un cristián altar.

Os irmáns correron moito antes e en plena escuridade, xa estaban arriba cando subín eu. Agora o frío, a choiva, a guerra, o presente, estaban outra vez entre nós. Non dixemos nada, o que tiñamos seguro era que non durmíriamos no altar aquel. Volvíñ pechar aquela enorme porta que era o retablo, non fora saír por ela un enfadado monxe de ósos e enorme carapucha.

Acabamos a noite e esta historia, tan real como incomprendible, baixo a choiva, recostados sobre unha ladeira pola cal corría o lodo, que nos facía escorregar cara abaxo, polo que me puxen a cachapernas sobre as raíces dunha árbore e, agarrados a cada unha das miñas dous pernas, colgaban Pepe e Ramón. A auga, como un caudaloso río, entraba polo noso pESCOZO, descendía por dentro da roupa e escapaba polas nosas botas bañándonos totalmente, ata o amencer en que se cambiaron as estratexias e volvemos todos a Madrid.

Ricardo Illescas López (Alcázar de San Juan, 1909-1999)

Profesor, pintor e restaurador. Aos once anos é apartado da escola para traballar en varios oficios, pero como Iles adoita ocorrer a case todos os artistas non callaba con ningún, sobre todo cando non existe creatividade. Finalmente, atopa traballo de aprendiz de pintor co gran mestre alcazareño Antonio Murat, do cal recibe as técnicas artísticas, como o dominio da cor e as influencias costumistas. Porén, a traxectoria co seu mestre queda frustrada ante o seu falecemento en 1925.

Catro anos máis tarde, comeza os seus estudos na Escola de Artes e Oficios de Madrid e obtén o Primeiro Premio Extraordinario de Debuxo ao

finalizar este. Tamén asiste ás clases libres de debuxo e pintura no Círculo de Belas Artes de Madrid e consegue o segundo premio.

Cara aos anos trinta, comeza a súa actividade expositiva en Madrid, en Alcázar de San Juan e noutras cidades de España. Despois da Guerra Civil, cara a 1945, inclínase pola paisaxe e polos recunchos típicos da serra abulense de Gredos dunha forma naturalista, captando a realidade e transmitíndoa con pinceladas suaves e cun esaxerado control da cor.

En 1948, trasládase a Galicia para pintar paisaxes e fixa a súa residencia en Vigo. En 1970, consegue ser nomeado profesor de debuxo artístico na Escola de Artes e Oficios de Vigo, actividade que remata en 1974 por mor dunha enfermidade. Posteriormente, dedícase á pintura ata os seus últimos días, residindo na cidade viguesa ata 1994, data en que regresou a Alcázar. (Fonte: Enrique Pedrero Muñoz, *Estilos y tendencias de las artes plásticas en la provincia de Ciudad Real (1900-2005)*).

Pedro Vidal Lombán (Ourense 1919-A Coruña 1977)

Debuxante e pintor. Nace en Ourense e cursa os seus estudos de bacharelato e maxisterio en Santiago de Compostela. Nesta cidade, asiste á Escola de Belas Artes, onde é discípulo de González del Blanco e de Tito Vázquez. Prosegue a súa formación artística na Real Academia de Belas Artes de Santa Isabel de Hungría en Sevilla e, posteriormente, comeza a traballar en Madrid.

Tras dez anos fóra de Galicia, retorna a Ourense. Alí compaxina a súa actividade artística coa formación de estudiantes na Escola de Artes e Oficios.

Máis tarde, mudiase á Coruña, onde desenvolve a maior parte da súa carreira artística. Ademais, no seu estudio imparte clases de pintura e debuxo, co que contribúe á formación de artistas, como Fernando José Prieto López ou Chelo Facal.

Na súa faceta como pintor, alcanza notable prestixio e popularidade como retratista. Destacan as súas pinturas do santiagués doutor Pereiro (1946) ou a que realizou do futbolista coruñés Luis Suárez Miramontes (1966).

Falece na Coruña en abril de 1977.

Manuel Rabanal Álvarez (La Magdalena de Canales, León 1914-Santiago de Compostela 1989)

Profesor, escritor, poeta e tradutor español. Estudou de 1928 a 1931 na Universidade Pontificia Comillas, rematou a licenciatura na Universidade de Salamanca en 1940 e doutorouse en 1948 en Filoloxía Clásica pola Universidade de Madrid.

Foi catedrático de ensino secundario en León, no Instituto Xelmírez e no Instituto Rosalía de Castro de Santiago e catedrático de Grego na Universidade de Santiago de Compostela.

Cofundou a revista poética *Espadaña* e fundou a revista *Gelmírez*. Colaborou en *La Noche* (onde levaba a sección «Nebulosas»), ABC, Ya, Diario de León, *El Correo Gallego*, *Cuadernos de Estudios Gallegos*... Foi membro correspondente da Real Academia Galega, así como da Real Academia Española.

Obras publicadas: *El cristo de Asorey* (poema), 1952. Porto y Cía. Editores. *El lenguaje y su duende (historias mágicas y lógicas de las palabras)*, 1967. *Hablas hispánicas; temas gallegos y leoneses*, 1967. *Grecia viva. Estudios sobre como los griegos somos nosotros*, 1972. *Haz de cuentos pavorosos*, 1980. *El teatro de Esquilo, visto desde Galicia y León*, 1984. *Maravillas idiomáticas*, 1987. *Nebulosas y otros escritos*, 1992. (Fonte: Wikipedia).

Julio Sigüenza Reimúndez (1898 A Coruña-1965 Vigo)

Foi un destacado xornalista e escritor da época. Sigüenza emigrou a Cuba en 1912. Na Habana viviu trece anos e, posteriormente, trasladouse á Arxentina e a Uruguai. Desde moi novo, comezou a escribir poesía ou artigos xornalísticos relacionados con Galicia e a partir, ademais, con artistas e escritores galegos na diáspora.

Tras un breve regreso a Galicia, volveu a América, nesta ocasión á Arxentina, onde traballou en diarios como *La Razón*, *Almanaque Gallego*, *El Despertar Gallego*, *El Heraldo Gallego* e *Céltiga*, revista da que foi director. Continuou a súa biografía en Montevideo, onde foi director da revista *Galicia* desa cidade, que era o órgano do Centro Galego que este dirixiu durante cinco anos. Na capital de Uruguai, onde viviu durante sete prolíficos anos, tamén dirixiu a revista *Cartel*, sendo codirector ou exministro de Facenda, Alfredo Mario Ferreiro, e foi fundador e primeiro secretario da Asociación Protectora da Cultura Galega. Ao longo de todos estes anos vividos entre Cuba, Arxentina e Montevideo, Sigüenza Raimúndez non deixou de traballar sobre os temas galegos.

No ano 1928, presentou *Cantigas e verbas ao ar*, o seu primeiro libro en galego, escrito en Montevideo e publicado na Coruña. Poucos anos despois, en 1922, casou coa galega María Angelina Fontela e fixou a súa residencia en Vigo.

Unha vez en Galicia, continuou traballando como xornalista e conferenciante en Institutos de Noia, Tui, no Círculo Recreativo e Instrutivo de Artesáns da Coruña, no Ateneo Santa Lucía da mesma cidade ou no Centro Mercantil de Ferrol. En Vigo, dirixiu o diario *La Tarde* e foi redactor xefe de *El Pueblo Gallego* e de *La Hoja del Lunes*. Durante a posguerra,

fundou e dirixiu as revistas *Cartel*, de arte e actualidade, e mais a revista *Nume*, en 1944, a única publicación de estudos poéticos editada en Galicia naquela altura. Colaborou tamén nas revistas *Cristal*, de Pontevedra, e *Alba*, de Vigo, ata ingresar en *Faro de Vigo*, onde escribiu ata o final da súa vida.

O 28 de xaneiro de 1956 ingresou na Real Academia Galega.

Sigüenza Raimúndez deixounos o legado da súa obra xornalística, pero tamén da crítica e da literaria, onde destanacan as seguintes publicacións:

Poesía: *De los Agros Celtas*. A Habana, Hermes, 1923. Prólogo de Jacinto Benavente; *Del amor y de la muerte*, A Habana, Nuestra Novela, 1924. Prólogo de Moisés Vincenzi; *La ruta aventurera*. Bos Aires, Editorial Céltiga, 1927; *Cantigas e verbas ao ar*. A Coruña, Nós, 1928. Prólogo de Juana de Ibarbourou; *Cuaderno del ojo sin dueño*. Montevideo, Cartel, 1931; *Las canciones extraviadas*. Vigo, Cartel, 1937; *Poemas del Imperio*. Vigo: Faro, 1939.

Novela: *El lobo*. A Habana, Nuestra Novela, 1924.

Ensaio: *Galicia cara y cruz*. Montevideo, Cartel, 1930; ensaios sobre tema galego con tres estudos sobre Curros Enríquez, Rosalía de Castro e Eduardo Pondal. (Fonte: Web da Real Academia Galega).



Ángel Lemos. Caricatura de Julio Sigüenza. 1950. Tinta sobre papel. 11 x 8 cm. Fondo familiar.

Manuel Lago Martínez (Vigo 1917-2007)

Erudito da filatelia española, publicou numerosas obras filatélicas e máis de vinte monografías relacionadas con Galicia e, especialmente, con Vigo.

A súa relación co mundo do selo levouno a ser a primeira persoa que solicitou oficialmente selos e cuños para Vigo e a súa comarca.

Na súa figura tamén coincide unha faceta divulgadora que adquire especial relevancia na súa pertenza como fundador do Instituto de Estudos Vigueses.

Coa colaboración de José María Álvarez Blázquez, escribiu *Presencia de Galicia en los sellos*, primeira obra dedicada á filatelia en Galicia. Ta-



Ángel Lemos. Retrato de Manuel Lago (detalle do óleo sobre taboleiro *Xentes*). 1994. Fondo familiar.

mén é autor de *Prefilatelia de Vigo 1716-1748*, un rigoroso estudo da historia do correo en Vigo, cando áinda non existían os selos, cuxo prólogo escribiu Camilo José Cela, e que foi galardoada co Premio Nacional José Gómis Segui.

Foi o presidente do Club Filatélico e Numismático El Castro, época na que dirixiu numerosos cursos de divulgación postal, tanto no local do club coma en colexios do municipio. Obtivo máis de dous mil premios. A súa colección *Cabalos* está considerada como a mellor do mundo e valeulle unha medalla de ouro temática. (Fonte: *La Voz de Galicia*. «O coleccionista de selos»).

Juan José Morera Garrido (Madrid 1914-1993)

Fillo de nai toledana e pai madrileño, tras os primeiros anos de infancia en Madrid, pasou a súa mocidade en Toledo, onde deu os seus primeiros pasos no mundo da arte.

A súa formación iniciouse cando áinda era adolescente ao ingresar na Escola de Artes e Oficios de Toledo, onde recibiu as súas correspondentes clases de pintura e escultura de Enrique Vera e Roberto Rubio, respectivamente.

Aos vinte anos, decidiu dedicarse profesionalmente á pintura, áinda que nos seus inicios debeu desenvolver traballos alternativos que lle axudaron economicamente.

Foi medallista e modelista en Vigo para a fábrica de porcelanas Casa Álvarez e realizou traballos de galvanoplastia para unha fábrica de Zamora.

En 1935, expuxo no Círculo de Belas Artes de Madrid, onde obtivo un grande éxito de crítica e venda.

En 1938, recibiu o Primeiro Premio Nacional de Escultura pola obra Monumento ao Ferroviario, que foi situada na Estación Norte de Madrid.

Ese mesmo ano, a República concedeu-lle o Premio 7 de Novembro de Escultura. Con todo, tras a fractura da Guerra Civil, abandonou profesionalmente a súa dedicación á escultura para centrarse sobre todo nos pinceis.

Establecido definitivamente en Toledo, situou a súa residencia e taller na calella do Salvador. Foron numerosos os premios e recoñecimentos recibidos desde entón, entre os que destaca o Premio de Carteis para o Corpus Christi de Toledo en 1983, a elección en 1989 como académico numerario da Real Academia de Belas Artes de Toledo e a homenaxe recibida polo Concello da Cidade Imperial en 1993.

As súas obras atópanse hoxe repartidas tanto en coleccións privadas coma públicas, entre as que podemos destacar a National Gallery, a Hispanic Society ou unha colección privada en Pensilvania, propiedade dun dos seus principais mecenas, o señor Sadowski.

Obras: decoración da igrexa dos Salesianos, Vigo; decoración da residencia da Obra Sindical de Educación e Descanso, Panxón (Vigo); decoración da Delegación Provincial de Toledo; tres lenzos para o museo da Hispanic Society, Nova York.

Fonte: Páxina web da Real Academia da Historia (www.rah.es).

Emilio Crespo Cano (Astorga...-Vigo 1984)

Mestre e fillo de mestres, naceu en Castrillo de los Polvozares, localidade do concello de Astorga (León). Foi destinado á escola unitaria de Navia en Vigo en 1924, onde exerceu o seu maxisterio ata 1951 gañando o agarimo e a admiración da parroquia, ata o punto de que a alameda e o centro vecinal levan o seu nome.

A pedimento do xesuíta padre Gómez, fixose cargo en 1951 da dirección do Graduado do Apostolado Social Católico, e alí xubilouse en 1962 aos setenta anos, onde foi nomeado o seu director honorario.

Foi autor de varios libros de carácter pedagógico, como *Ortografía razonada* e *Compendio de la ortografía razonada*, así como doutros manuais



Juan José Morera Garrido. *Lemos por Morera*. 1947. Debuxo a carbón sobre papel. 24 x 17,5 cm. Fondo familiar.

sobre matemáticas que utilizaba cos seus alumnos, pero que non chegaron a publicarse.

Escribiu con asiduidade para a prensa e revistas. Conta Manuel Alonso Figueroa que foi dos primeiros en promover no *Faro de Vigo* o daquela virxe Samil, como pulmón de Vigo.

Destacan tamén as súas facetas como publicista e poeta.

Obras: o libro de poemas *Mary Rosa (Las bellezas de Vigo)*, ilustrado por Ángel Lemos; a epopea en verso *El conquistador de la nueva España*, sobre a conquista de México; *Iniciación en la lengua internacional esperanto en cincuenta cuartos de hora e Babel, la confusión de lenguas y su solución*.

Mario González González (Vigo 1905-1981)



Mario González. Autorretrato. 1940. Publicado no xornal *El Pueblo Gallego* o 28 de abril de 1940.

Debuxante vigués moi popular nesta cidade, especialmente polas magníficas caricaturas que ilustraron a sección local dos diarios *La Noche* e *El Pueblo Gallego*.

Desde moi novo, mostra talento para o debuxo. Realiza en Vigo as súas primeiras exposicións antes do estallido da Guerra Civil, onde traballa como auxiliar de debuxo no instituto vigués.

Unha obra súa ocupa por primeira vez a portada da revista *Vida Gallega*, en febreiro de 1936.

Asiduo dos faladoiros das cafeterías viguesas, a súa actividade artística e expositiva concéntrase basicamente durante o período de posguerra ata o ano 1948, data na que cae gravemente enfermo. Mostra do agarimo que lle dispensa o mundo artístico vigués é a exposición benéfica organizada por Enrique Romero Archidona, onde participan a maioría dos seus coetáneos: Laxeiro, Torres, Lugrís, Arrondo, Garabal, Rodal, Ángel Lemos, Carlos Sobrino, Bustamante, Morera Garrido.

Julio Sigüenza nun artigo publicado en *La Voz de Galicia*, o 14 de marzo de 1948, dedícallle as seguintes palabras:

Mario González, debuxante e caricaturista que, entre todos os que en Vigo viven da arte ou pola arte, lograra obter unha ancha e certa aureola de popularidade. Todo Vigo o coñece. As súas caricaturas persoais, os seus debuxos, apa-

receron numerosas veces en xornais e revistas, e a súa figura coidada e pulcra tiña unha silueta inconfundible, sempre presente en todas as partes: no paseo, nos faladoiros, no teatro, nos cafés...

Era o home sempre disposto e sempre pronto para o servizo, e para o ben. Sempre en primeira fila da bondade, co seu cartafol de apuntamentos debaixo do brazo e co libro da última novidade literaria na man.

Desde a súa más afastada mocidade (anda polos corenta), pertence Mario González a esa minoría de homes escandalosamente anacrónicos, que no medio dun mundo cada vez máis colectivo e mecanizado, cunha sociedade na que só contan a cantidade e o rendemento, pintan, esculpen, escriben ou fan música cando lles dá a gana, sen suxección a horario, sen soldo nin escala, e forman a confraría dos homes libres que áinda quedan no mundo. Son os que áinda contan coa improvisación e o milagre na organización da súa vida material.

Lembrado polas súas caricaturas e retratos a tinta, menos coñecida é o resto da súa obra, onde o mar e as súas xentes, así como as escenas rurais galegas, figuran como principais motivos. Recuperamos un fragmento da recensión publicada o 13 de abril de 1946 en *El Pueblo Gallego* sobre unha exposición de acuarelas no salón de exposicións do Foto Club de Vigo:

... Mario González mostrou sempre, e segue mostrando, unha vocación decidida polas cousas do mar, e os seus cadros sobre esta temática tan ampla son característicos. O estudo de tipos e escenas mariñeiras, toda a riqueza de vida e cor que ofrece a nosa beiramar teñen representación adecuada nesta exposición de agora, que o artista complementou con motivos campesiños e cunha breve serie de recantos urbanos moi agradables.

Mario González, cunha visión xenuína da cor nos ollos, cun modo e unha maneira de facer inconfundibles, bríndanos xenerosamente este froito saboroso do seu espírito, vibrante de inquietudes estéticas. Porque todo en Mario é actitude e preocupación estéticas, meticulosamente sentidas, nunha vida absolutamente consagrada á arte, con exclusión total de todo outro quefacer. E é simpática e instrutora esa entrega vocacional que o sitúa na área tan restrinxida, pero tan marabillosa, dos elixidos.

Estas acuarelas que agora nos presenta (non nos explicamos por que el as chama debuxos coloreados) teñen aire, cor e sabor. Soubo captar esta varia tipoloxía, estas facetas múltiples do diario labor mariñeiro e rural, cun verismo sorprendente, con expresiva vitalidade. Acúsalose un notable avance na súa técnica e o debuxo –Mario González é, esencialmente, debuxante– signifícase como a primeira calidade da súa obra.

A mediados da década dos 50, abandona o seu querido Vigo para instalarse en Santander, onde traballará como profesor de debuxo.

Falece o 28 de outubro de 1981 nunha rúa de Vigo cando retornaba dun acto artístico.

Enrique Romero Archidona (Madrid 1908-Vigo 1959)

Xornalista, crítico de arte e poeta.

Fillo de pai galego e de nai madrileña, naceu na capital de España o 27 de xullo de 1908. (...) Cando aínda non cumprira os seis anos, instalouse en Vigo, onde aos 25 anos contraeu matrimonio con Amparo Serantes Romero, de cuxa unión naceron cinco fillos.

Archidona populariza a súa sinatura en xornais e revistas e a súa voz en radios de alcance rexional, en tribunas e ateneos e en innumerables recitais ao longo e ancho de Galicia.

Foi propulsor en Vigo de Amigos da Arte, como o foi igualmente do Ateneo de Vigo e do grupo teatral Martín Códax, que escenificou algunas das súas producións dramáticas, tamén inéditas. Realizou críticas e ensaios sobre a plástica en *Faro de Vigo* e en *El Pueblo Gallego*, onde desenvolveu un reiterado e longo labor crítico de todos os pintores que desfilaron polas súas galerías de exposicións, con acertos valorativos que aínda perduran. Foi designado presidente da sociedade La Oliva.

O poeta e xornalista Julio Sigüenza, cofundador con el de *Nume* –a primeira revista poética de Vigo–, soubo plasmar, en emotivas crónicas locais, a inxente tarefa cultural e artística realizada por Romero Archidona durante longos anos, e da que Vigo é debedora.

Como nos dixo outro poeta senlleiro –xa tamén falecido (aínda que non moito despois), nese rodar inexorable cara á morte–, Aquilino Iglesias Alvariño, con ocasión do deceso de Archidona: «O terceto de poetas financeiros, amigos, formado por Conde, Melero e Archidona, acaba de quedar coxo coa temperá morte do último representante do máis florido modernismo de Galicia, pero non tan afastado das vanguardas poéticas como estas poidan pensar. Modernista foi Antonio Machado e de Rubén é o famoso “Xa non hai princesa que cantar”, de tan vellas resonancias e tan próximo á vixente poesía». Fonte: Fragmento do prólogo de *La voz callada. Antología póstuma del poeta Enrique Romero Archidona* (1963), escrito por Jacobo J. Rey Porto o 25 de xullo de 1963.

Esta antoloxía de poemas, que recolle unha selección de poemas rea-lizada por Jacobo J. Rey Porto, foi publicada en 1963 a iniciativa de Julio Sigüenza e patrocinada pola Asociación da Prensa viguesa, coa axuda das achegas económicas de poetas, pintores, admiradores e entidades privadas.

Archidona tamén foi autor da obra *La pintura española de Domingo Gimeno*, A Coruña, 27 de novembro de 1953.

Xavier Lemos Godoy (Vigo 1944-)

Publicista e pintor, nace en Vigo en 1944, fillo do pintor Ángel Lemos e de Celia Godoy.

Crece nun ambiente de gran sensibilidade artística, rodeado de lenzos, pinturas e pinceis, o que contribúe decisivamente a espertar a súa vocación e talento artístico.

Na Arxentina, ingresa na Escola de Belas Artes, onde coñece grandes mestres como Castagnino, Orozco ou o muralista Sequeiros, que deixan gran pegada na súa formación.

Como artista, salta á fama a principios dos setenta, cando se celebraba en Bouzas a World Fishing, onde se instala sen permiso nun dos locais para exhibir a súa obra.

En outubro de 1982, abre o estudio Lemos & Lemos, compartido co seu pai na rúa Fortuny de Palma de Mallorca, cidade na que desenvolve gran parte da súa traxectoria artística. Durante este período, ten especial repercusión o encargo pola Escola de Turismo dun retrato do rei Juan Carlos para a nova sede desta institución.

Destacan varias etapas na súa carreira, desde a liña realista-costumista, ata a surrealista, pasando pola arte fantástica.

Ten obras que se enmarcan no realismo, cun toque romántico, e outras no realismo máxico. Destaca como retratista e, na súa faceta costumista, reflicte a vida do mar, os costumes e as tarefas da terra ou as festas populares, como a da reconquista de Vigo. (Fonte: Hergonarte.wordpress.com).

No 2019, o Concello de Redondela encárgalle catro óleos sobre a batalla de Rande, obras que actualmente forman parte dos fondos do Museo Meirande.

En marzo de 2020, realiza dous retratos protagonizados polo papa Francisco e o arcebispo natural de Lodoselo, en Sarreaus, José Rodríguez Carballo, secretario da Congregación para os Institutos da Vida Consagrada e Sociedades de Vida Apostólica, que se exhiben en dependencias vaticanas.

Aproveita o período de confinamento forzado pola covid e remata no seu estudio de Vigo o seu último proxecto: once lenzos de gran formato inspirados no sepulcro románico de Lope de Ventosa, en Agolada, para unha exposición itinerante a través do Camiño de Santiago, baixo o título *Tras as pegadas do Mestre Mateo*.

José Rafael Pereiro Miguéns (Santiago 1928-Teo 2005)

José Pereiro nace en Santiago de Compostela o 30 de xaneiro do ano 1928. Recibiu clases de debuxo de Francisco Asorey na Escola de Artes e Oficios compostelá e, posteriormente, en 1945, ingresa na Escola de Belas Artes de San Fernando, onde chega a ser discípulo de mestres tan ilustres como Eduardo Chicharro ou o retratista Julio Moisés.

Ao pouco de regresar a Compostela, construíuse unha deliciosa residencia de campo no val de Teo e, a partir dese momento, pasou a ter unha relación afectiva e directa co noso municipio.

Adoitaba abastecerse de pinceis, tubos de cor e demais ferramentas imprescindibles para o seu incansable labor de artista en establecementos como o de Pepe Neira ou nalgún outro.

No pazo de Oca, soubo captar fermosas perspectivas dos seus xardíns de outono. Na feira dos mércores facíase con animais vistosos (coellos, galos de bela plumaxe...) que logo trasladaría á tea mergullados nesa inquietante penumbras que distingue moitos dos seus lenzos, cunha influencia, máis ou menos afastada, de Ignacio Zuloaga, aínda que lles achega un efecto tebrossó moi particular que, a partir dunha ampla gama de cores cálidas, nos leva a pensar tamén nos nosos grandes do Século de Ouro.

(Fonte: «En memoria de José Pereiro», Javier Travieso, *A Estrada: Miscelánea Histórica e Cultural*, nº 8, 2005).



Sobre o viño ullao e a variedade de uvas ullao

Henrique Neira Pereira
valdoulla@yahoo.es

Resumo. O viño ullao aparece mencionado desde o século XIII en documentos galegos e co tempo esta denominación estendeuse a gran parte do viño producido nas terras do arcebispado de Santiago con destino ás clases populares, mentres o viño do Ribeiro era o preferido das elites e o que máis se exportaba para o exterior. Existe ademais unha variedade de uvas denominada *ullao* que supoñemos relacionada co viño e que posiblemente lle deu nome. Neste artigo imos expoñer algúns datos e hipóteses sobre a súa historia.

Abstract. Ullao wine was mentioned in Galician documents since the 13th century and over time this name spread to most of the wine produced for the working classes in the regions of the Archbishopric of Santiago de Compostela, while Ribeiro wine was the favorite of the upper classes and it was the most exported abroad. There is also a variety of grapes known as *ullao* which is supposedly related to the wine and its name. This article will set out some facts and hypotheses about its history.

Marcial Valladares Núñez, autor da primeira novela en lingua galega –*Maxina ou a filla espírea*– e bo coñecedor do val da Ulla desde a súa residencia de Vilancosta (San Vicenzo de Berres, A Estrada), define *ullao* ou *ullau* como «Variedad de uva negra llamada así» sen facer referencia á súa orixe e ponha como sinónimo de *tinto-redondo* no seu *Diccionario gallego-castellano* publicado en 1884 en Santiago¹. Mentres, no dicionario publicado en 1876 polo coruñés Juan Cuveiro Piñol *ullao* aparece coa definición de «Clase de uva negra castellana»².

Non podemos saber se os dous autores se referían á mesma variedade de uvas con ese nome, pois é frecuente en Galicia que dúas variedades de uvas diferentes son identificadas co mesmo nome.

1 Valladares Núñez, Marcial. *Diccionario Gallego-Castellano*. Santiago de Compostela, 1884, Imp. y Enc. del Seminario C. Central. P. 570.
2 Cuveiro Piñol, Juan. *Diccionario gallego. Con las voces antiguas... y su pronunciación*. Barcelona, 1876, Est. Tip. de N. Ramírez y Cª. Recuperado de: http://sli.uvigo.es/DdD/ddd_pescuda.php?lang=gl&pescuda=ullao&tipo_busca=lema, consultada a 20 de agosto de 2021.

Como exemplo disto sérvenos perfectamente o nome *espadeiro*, que é unha das denominacións equivalentes a *tinto redondo* pero que tamén designa unha variedade diferente da que é o nome principal –moi popular nas Rías Baixas³– dependendo da zona na que se utilice a palabra⁴.

Se o nome sempre designou o mesmo tipo de uva e esta era de orixe castelá como suxería Cuveiro o certo é que xa leva cando menos sete séculos e medio aclimatada ás terras galegas. Na actualidade, na Ulla seguen existindo cepas de tinto redondo, que de acordo con Valladares se poderían chamar ullao ou ullau. Pero o tinto redondo recibe outros nomes en Galicia, que son: cachiño, cachón, caíño do país, caíño gordo, caíño, espadeiro, caíño redondo, tinta femia, tinto redondo; no norte de Portugal, onde tamén se cultiva, é coñecida como borraçal, que é o nome máis coñecido internacionalmente⁵.

Podemos aventurar que hai séculos a variedade de uva denominada ullao era cultivada en maior medida que hoxe nas terras do curso medio do río Ulla e arredores, e quizais foi a partir desta variedade desde onde se estendeu o nome a todo o viño común producido nas terras do arcebispado de Santiago, pois este chegou a ser coñecido na Idade Media como ullao, tal como constata a historiadora Elisa Ferreira Priegue no seu estudio sobre o comercio na Galicia medieval. Pola contra, o viño do Ribeiro era o preferido das elites e o que máis se exportaba para o exterior, segundo a investigadora⁶.

Tamén, de acordo con Ferro Ruibal, observamos que a denominación *viño ullao* se estendeu especialmente desde finais da Idade Media a todo o que se obtiña nas proximidades das vilas e cidades do arcebispado compostelán, aínda que a experiencia non durou moito

³ Otero Pedrayo, Ramón. «Xeografía». En: *Historia de Galiza*. Buenos Aires, 1962, Nós. T. I. P. 32.

⁴ Véxase: Vilanova de la Torre, Mar (coord.). *O potencial aromático das variedades de vide cultivadas en Galicia*. Santiago de Compostela, 2017, Xunta de Galicia-ConSELLERÍA DE MEDIO RURAL. P. 27.

⁵ Vilanova de la Torre, Mar (coord.). *O potencial aromático das variedades de vide cultivadas en Galicia*. Santiago de Compostela, 2017, Xunta de Galicia-ConSELLERÍA DE MEDIO RURAL. P. 27. Faltaría nesa relación a denominación «ullao» recollida por Marcial Valladares no seu ‘Diccionario Gallego-Castellano’ publicado en 1884.

⁶ Ferreira Priegue, Elisa. *Galicia en el comercio marítimo medieval*. A Coruña, 1988, Fundación Pedro Barrié de la Maza. P. 183-184.



Acios de uvas da variedade tinto redondo en Socastro (San Mamede de Ribadulla, Vedra). De acordo con Marcial Valladares tinto redondo sería sinónimo de ullao. Foto: Henrique Neira, 9 de setembro de 2004.

porque probablemente as condicións do clima e dos solos non eran as axeitadas⁷:

Ese viño da terra ou viño ullán (tamén chamado illán e illao) corresponde á produción de cepas de baixa calidade e esixencias que a fins do século XV concellos como A Coruña, Santiago, Padrón, Muros, Noia e Pontevedra estimulaban que se cultivasen na súa contorna rural inmediata, poñendo mesmo dificultades á entrada de viño de fóra deses concellos. Pero cen anos despois a escaseza e baixa calidade do produto levou a autorizar que se arrincasen as cepas e que as terras se puxesen a producir cereal: documentouse isto en Noia, en Monforte, en Ribadeo pero tamén en Lérez (Pontevedra). Betanzos resistía esta tendencia e seguían o seu exemplo Pontedeume e A Guarda.

Nas nosas consultas de resumos de documentación medieval atopamos mencionado o viño ullao por primeira vez en 1276, nun do-

⁷ Ferro Ruibal, Xesús. «Maio come o trigo e agosto bebe o viño. A viticultura no refraneiro galego». En: *Cadernos de Fraseoloxía Galega*. N° 18. P. 44.

cumento sobre Saiar (Caldas de Reis)⁸. Nel, o mosteiro compostelán de San Martiño Pinario afóralle a Rui Fernández de Saiar, escudeiro, e a súa muller María Rodríguez durante as súas vidas unha oitava de pan anual e cinco canados⁹ de viño ullao por certa demanda que lle fixeran ó mosteiro sobre o casal de Curuxa de Saiar, do que se apartaba María Rodríguez doándolle ó mosteiro¹⁰. Saiar é como dixemos parroquia de Caldas de Reis, concello que linda con Catoira e Valga, os dous municipios ribeiráns do río Ulla.

No testamento do escudeiro Xoán Núñez de Isorna, señor das casas fortes ou fortalezas da Insua (San Miguel de Cora, A Estrada) e Rodeiro (San Vicente de Rodeiro, Pontevedra), datado no ano 1400, hai unha manda relativa a viños que tiña almacenados, entre os que se menciona o viño ullao, áinda que loxicamente non sabemos con que variedade se elaboraba nin este nin o branco¹¹:

It. mando que se venda a miña parte do viño branco et Vllao, et o que montar que o dem meus conprivadores ali hu viren que comple, saluo que dem da mina parte a meu heree dous ou tres tonees se os ouver mester.

O viño ullao está presente tamén nas grandes ocasións. Na primavera do ano 1506 visitan Santiago a futura raíña Xoana I de Castela e o seu esposo Filipe, que viñan de Flandres para tomar posesión do trono de León e Castela, unha vez morta a raíña Isabel a Católica. Na súa honra organizouse na praza do Obradoiro compostelá unha corrida con doce touros e dispúxose na mesma praza unha fonte de viño tinto ullao, como obsequio para os espectadores¹². O día 16 de xaneiro de 1508 o Concello de Santiago dá orde de que se lle pague ese viño –que custou 2.120 marabedís– á muller de Juan de Vigo e a seu fillo como herdeiros. Este documento dá idea dunha produ-

⁸ Lucas Álvarez, Manuel. *El Archivo del Monasterio de San Martiño de Fóra o Pinario de Santiago de Compostela*. Sada (A Coruña), 1999, Ediciós do Castro. T. I. P. 363.

⁹ O canado é unha medida de capacidade para líquidos, principalmente viño, equivalente a dúas olas ou trinta e dous litros. Véxase: González González, Manuel, coord. *Dicionario da Real Academia Galega*. En: <http://www.academia.gal>, consultada a 20 de agosto de 2021.

¹⁰ Lucas Álvarez, Manuel. *El Archivo del Monasterio de San Martiño de Fóra o Pinario de Santiago de Compostela*. Sada (A Coruña), 1999, Ediciós do Castro. T. I. P. 363.

¹¹ López Ferreiro, Antonio (ed.): *Galicia Histórica. Colección diplomática*. Santiago: Tipografía Galaica. P. 614-615.

¹² A.V. Compostela Vella. «Felipe I el Hermoso en Santiago». En: <https://avcompostelavella.wordpress.com/page/2/> consultada a 29 de decembro de 2017.

ción de viño relativamente abundante, pois tiña que haber bastante cantidade para atender o gran número de persoas que se xuntaría, e corrobora a afirmación de Elisa Ferreira de que o ullao era un viño destinado ás clases populares.

O nome de viño ullao figura nun bo número de documentos aínda despois da Idade Media, cultivándose as uvas das que se obtiña mesmo nas proximidades da cidade de Pontevedra. O investigador Juan Juega Puig descubriu un documento que constata a exportación por mar a Bilbao en 1610 dun total de 72 pipas¹³ de viño ullao, aínda que parece ser un caso único de acordo con este investigador¹⁴.

Antonio Casares, no seu traballo de 1843 sobre o cultivo da vide en Galicia, á hora de describir as variedades tintas indica¹⁵:

Castellana. Ullao. Sarmientos regulares, pardos, lampiños, con cañutos medianos, i nudos poco abultados: zarcillos opuestos ás hojas, ahorquillados i que se marchitan antes de Setiembre. Hojas medianas, verdes, palmeadas, con los senos laterales acorazonados, el de la base ensanchado de modo que los dos gajos se cabalgan; planas, lampiñas por encima, cubiertas de borra blanca y adherente en el embés; con cinco cajos, con dientes algo obtusos: cabillo algo rojizo, lampiño que forma ángulo obtuso con la hora. Racimos apretados, regulares, casi cilindricos con gajos cortos en la parte superior; pezon mediano; pezoncitos berrugosos, berrugas pequeñas, pardo-rojizas: rodete algo abultado rojizo. Uvas redondas grandes, algo achatadas en el ápice, con el estigma persistente, tintas, jugosas, con anillo redondeado, i tres ó cuatro semillas.

Este vidueño se cultiva con abundancia en el valle de Lemos i en la Ulla, en los demas sitios apenas se conoce. Es bastante productivo, pero de corta vida. En los otoños lluviosos rebienta la uva con facilidad i se pudre pronto, su vino es bueno pero malo de conservar.

Así pois, todo isto suxírenos que en séculos pasados as variedades tintas de uva tiveron unha importancia moito maior que hoxe na composición do viño elaborado nas terras do curso medio do río Ulla e nas ribeiras da ría da Arousa.

Finalmente apuntaremos que nas terras da Ulla a variedade tinto redondo podía utilizarse para facer viño branco ou tinto: tinto se se

¹³ Recipiente de madeira destinado a conter líquidos, especialmente viño, más pequeno ca o bocoi, cunha capacidade media entre doucentos cincuenta e cincocentos litros. Véxase: González González, Manuel, coord. «Diccionario da Real Academia Galega». En: <http://www.academia.gal>, consultada a 20 de agosto de 2021.

¹⁴ Juega Puig, Juan. *El comercio marítimo de Galicia, 1525-1640* (tese de doutoramento). Santiago de Compostela, 2012, Universidade de Santiago de Compostela. P. 360-361.

¹⁵ Casares, Antonio. *Observaciones sobre el cultivo de la vid en Galicia*. Santiago, 1843, Imprenta de la Viuda e Hijos de Compañel. P. 12-13.

deixaban fermentar as uvas prensadas coa pel no lagar durante un par de días para que «tintase» —é dicir que collese a cor escura propia do viño tinto—, pero se se prensaban as uvas —apartando así a pel— e se metía o mosto a continuación nos pipos, daquela servía para facer viño branco, áinda que un pouco máis escuro que o feito con outras variedades de uva branca¹⁶.

¹⁶ Indícanolo así Enrique Neira Parada, natural de San Miguel de Sarandón (Vedra), Eugenia Pereira Iglesias, natural de San Mamede de Ribadulla (Vedra) e Xurxo Cerdeira Louro de Santa Baía de Vedra (Vedra), tres parroquias da comarca da Ulla de longa tradición vitivinícola.



Cruz Gallástequi Unamuno: o fundador da *Misión Biolóxica de Galicia* no Pazo de Pousada (Boqueixón)*

Manuel Redondo Mella
manuelcamporrap@gmail.com

Resumo. Cruz Gallástequi foi un enxeñeiro agrónomo, xenetista e veterinario pionero en Europa en experimentar cos híbridos do millo e grande impulsor da mellora e da modernización da agricultura galega a través da Misión Biolóxica de Galicia, creada en 1921 e da que foi o seu primeiro director. No centenario da Misión recuperamos a súa figura ofrecendo unha breve biografía e dando a coñecer os experimentos que desenvolveu no Pazo de San Lourenzo de Pousada (Boqueixón), xunto co testemuño de quen tivo a honra de traballar baixo a súa dirección.

Abstract. Cruz Gallástequi was an agronomist, geneticist and veterinarian who pioneered experiments with corn hybrids in Europe and was the driving force behind the improvement and modernization of Galician agriculture through the Biological Mission of Galicia, created in 1921 and firstly managed by him. On the Mission centenary, his figure is remembered with a brief biography and the experiments carried out in Pazo de San Lourenzo de Pousada (Boqueixón), along with the testimony of those who had the honor of working under his direction.

Cruz Ángel Gallástequi Unamuno¹ nace en Bergara (Guipúzcoa) o 3 de maio de 1891, no seo dunha familia de clase media. Cursa o bacharelato no colexio dos dominicos da localidade e tras rematalo, por mediación de seu pai, chocolateiro e horticultor, trasládase a Limoges (Francia), onde traballou como peón nunha explotación de froita, á vez que aprendía francés e obtiña o diploma en xardinería e arboricultura.

Deixando o país veciño, marcha a Alemaña, onde a súa primeira dedicación é aprender o idioma; logo matricúlase na Real Escola Superior de Agricultura de Hohenheim, preto de Stuttgart. Nos intres

* Tradución ao galego e revisión lingüística de Henrique Neira Pereira.

1 En publicacións especializadas podemos encontrar interesantes artigos sobre a figura e a obra de Cruz Gallástequi.

En canto a libros, podemos atopar:

Portela Vázquez, Alberto Manuel. *Misión Gallástequi: la mejora genética agropecuaria*. Vigo, 2016.

VV.AA. *Homenaje a Cruz Gallástequi Unamuno: ciclo de conferencias organizado por la Academia Gallega de Ciencias*, Diputación Provincial de Pontevedra, Caja de Ahorros Provincial'. Pontevedra, 1985, Servicio agrario de la Diputación Provincial.

libres, dá clases particulares para financiar os seus estudos superiores, finalizándoos en 1914.

En Alemaña coñece a un lúncense chamado Juan López Suárez, estudiante de Medicina e persoa que influirá grandemente na súa carreira.

En 1915 presta servizo militar en San Sebastián, no rexemento de Artillería, onde acada o grao de sargento.

Despois de visitar Dinamarca, Suecia e Noruega profundando nos seus estudos, en 1917 Gallástequi trasládase a Nova York, onde o esperaba o seu amigo lúncense. Emprega dous meses para aprender inglés e anímano a especializarse en xenética, disciplina nova da bioloxía á que se lle augura un gran porvir. Pouco despois marcha a Boston, á universidade de Harvard, onde estuda xenética vexetal, especialmente a do millo. En 1919 vai traballar a Connecticut á estación de experimentación agrícola de New Haven, onde en colaboración con especialistas de ámbito científico consegue os primeiros híbridosdobres de millo.

No ano seguinte trasládase a México a visitar un irmán de seu pai, Teodoro Gallástequi, que ten unha explotación agrícola onde pon en práctica os seus coñecementos durante case un ano.

En marzo de 1921 doutórarse polas universidades de Harvard e Cornell, e abandona os Estados Unidos desembarcando na Coruña, coa intención de regresar á súa Bergara natal. Casualmente, na estación de Monforte de Lemos (Lugo) coincide co seu amigo Juan López Suárez, que o convence para que o acompañe a Madrid a entrevistarse con Santiago Ramón y Cajal a fin de promocionar ante a Xunta de Ampliación de Estudios a creación en Galicia dun centro de investigación biolóxica para o desenvolvemento agrícola, proxecto sobre o que o doutor López Suárez traballara nos últimos meses xunto cos amigos da Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, pois en 1920 a Xunta de Ampliación de Estudios e Investigación Científica (JAE) de Madrid acordara ampliar a algunas provincias a posibilidade de instalar centros de investigación.

O dinámico doutor López Suárez contacta con José Rivero de Aguilar, Jacobo Díaz de Rábago e Augusto Vaqueriza, da Económica de Santiago, e a eles entusiásmaos a iniciativa. A este proxecto sú-



Cruz Gallástequi. Foto: Real Academia Galega de Ciencias. RAGC.

mase o sabio veterinario anatómico-patólogo Abelardo Gallego, que consegue local e terreo para experimentar na Escola de Veterinaria compostelá, da que era profesor. Simultaneamente, o distrito forestal de Pontevedra pon á súa disposición os seus viveiros de Tui e de Chairán.

Creación da *Misión Biolóxica de Galicia* en Santiago

Santiago Ramón y Cajal, presidente da JAE, notifícale a López Suárez o 10 de maio de 1921 a creación da Misión Biolóxica en Santiago, con Cruz Gallástequi como director e un comité directivo formado polo presidente da Económica de Santiago, José Rivero; o enxeñeiro de montes Rafael Areses Vidal; o veterinario inspector de hixiene pecuaria, Juan Rof; e o médico Juan López.

O laboratorio instálase modestamente en dous amplos locais da Escola de Veterinaria (sede actual do Parlamento de Galicia) e na súa horta, unha parcela de media hectárea. Por acordo da JAE denominábase Misión Biolóxica de Galicia, que se converte así na primeira de España e a segunda de Europa: nesta época traballan sobre este tema 26 misións nos Estados Unidos e tres no Canadá.

O seu orzamento total é de 15.300 pesetas anuais para persoal e material, incluíndo o soldo do director. O equipo centra o seu traballo en dous obxectivos: a mellora xenética do millo e o logro dun tratamento para a enfermidade da tinta, que arrasaba os castiñeiros en Galicia e en toda Europa: os cultivos de millo e castiñeiros son de capital importancia na alimentación humana. Axiña fan as primeiras sementeiras de millo, con sementes recollidas por toda Galicia.

Así comeza a Misión Biolóxica, onde o doutor Gallástequi, cunha dedicación absoluta, comendo e durmindo no mesmo laboratorio e coa única colaboración do seu axudante, Manuel Martínez, obtén os primeiros millos híbridos de Europa.

En outubro de 1921, Gallástequi remite a primeira memoria de actividades á JAE, voluminoso documento que terá a súa continuación catro anos máis tarde.

O día 3 de maio de 1924 casou en Santiago con Elisa Fraiz Tafall, coa que tivo dous fillos: María Lourdes e Juan Antonio. Viviron na rúa Troia 10, á beira da Catedral compostelá.

En xullo de 1924, un decreto suprime a Escola de Veterinaria de Santiago, fundada en 1882, pasando as instalacións a ser do Ministerio de Guerra, servindo de acomodo a un Rexemento de Artillería. Gallástequi solicita permanecer nos seus locais, ocupando unha mínima parte do cuartel; conséguelo, pero únicamente ata xaneiro de 1927.

En outubro de 1925 celébrase en Lugo o Primeiro Congreso de Economía Galega, no que Gallástegui participa activamente, e en xullo de 1926, un terceiro Congreso Agrario Rexional en Pontevedra no que pronuncia unha conferencia sobre a gandería galega. Pouco despois, as deputacións de Pontevedra e Ourense acordan concederlle unha axuda económica á Misión.

En setembro de 1927, asiste ó v Congreso Internacional de Xenética celebrado en Berlín e en xullo de 1934, ó Congreso Mundial do Leite celebrado en Roma e en Milán, representando o Ministerio de Agricultura español.

A importancia do millo na Galicia rural

Para coñecer a transcendencia da obra de Gallástegui, debemos retrotraernos á Galicia rural das primeiras décadas do século XX.

O millo introduciuno en Galicia, traído de Florida (Estados Unidos), Magdalena de Luaces, esposa de Gonzalo Méndez de Cancio, que fora gobernador daquelas terras en tempos de Felipe II. Asturiano el, de Tapia de Casariego, e license ela, de Mondoñedo, cultivárono nas súas leiras galegas por primeira vez arredor do ano 1605.

Nos seguintes séculos o cultivo do millo en Galicia adquiriu un gran desenvolvemento, desprazando o millo miúdo, e integrándose na cultura gastronómica popular. Nunha época na que, por razóns climatolóxicas, algúns anos minguaba a colleita e había que recorrer á importación, a creación da Misión e a rápida propagación dos millos híbridos permitiron incrementar notablemente a producción local e reducir as necesidades de importación. Con moita paciencia e coa colaboración dos sindicatos da Federación Católica, Gallástegui estudou durante oito anos o rendemento da inmensa maioría dos diversos millos galegos.

Cruzando dúas destas liñas obtivo Gallástegui un híbrido sinxelo. Repetiu o proceso con outras dúas liñas, e cruzando por último dous híbridos sinxelos, obtivo un híbrido dobre, que foi a semente seleccionada para ser utilizada polos labradores.

A consecuencia económica deste avance xenético supuxo que, se en 1930 a produción media de millo por hectárea era de 3.000

quilos, tras a introdución do millo híbrido e en igualdade de condicións, a producción alcanzou os 8.000 quilos. Suficiente para atender as necesidades internas e non precisar importacións, e que ata nalgún caso se puidese exportar o sobrante. Ademais, Gallástegui redactou un manual que contiña as instrucións e métodos a aplicar para aumentar a producción de millo, manual que alcanzou gran difusión e confirmou o alcume que os aldeáns lle puxeran: «O mago das espigas».

No manual explicaba como fazer un híbrido: trátase de producir unha semente resultado da fusión de dúas variedades diferentes. Practícanse tres sucos: os dous laterais seméntanse coa mesma variedade de millo e márcanse cunha letra H (serán os destinados a oficiar de femias). O suco central seméntase cunha variedade distinta e marcámolo coa letra M (oficiará de macho).

Repetimos sucesivamente esta operativa en toda a parcela, e teremos unha sucesión de sucos en esquema: H-M-H H-M-H H-M-H...

Mentres medran as plantas, hai que facer continuos labores de arrincado de herbas, regado e vixilancia do seu desenvolvemento. O momento decisivo prodúcese na floración, a saída do que nalgúns zonas de Galicia se chama pendón.

Unha vez sae o pendón nas plantas, ás que chamamos femias hai que arrincarollo para que non produzan pole, e déixase o pendón só nos machos, de tal forma que estes fecunden as femias a través do seu pole: un pó azul que vai caendo nas barbas das espigas femias; nestas, cada gran destinado a ser fecundado ten o seu peliño de barba, imprescindible para o proceso de fecundación.

Das sementes das espigas, só valen para hibridar as das femias; as espigas dos machos van para o consumo.

O traslado da Misión a Pontevedra

A supervivencia da Misión Biolóxica de Galicia en Santiago non era posible por falta de medios económicos, instalacións e interese das autoridades coruñesas. Cando parecía todo perdido, Gallástegui entrevistase o 19 de xaneiro de 1927 con Daniel de la Sota, presi-

dente da Deputación de Pontevedra, conseguindo o seu apoio para instalar provisionalmente a Misión na propia Deputación o 1 de febreiro do mesmo ano.

En marzo de 1928 constitúese un padroado rexional para a Misión Biolóxica de Galicia, integrado por Daniel de la Sota, representando a Deputación de Pontevedra, e outras moitas autoridades, que nomean a Cruz Gallástequi director da Misión Biolóxica de Galicia. Ademais, a Deputación pontevedresa adquire o Pazo da Carballeira de Gandarón, de 10 hectáreas de extensión; e neste edificio, chamado Pazo de Salcedo, instalarase definitivamente a Misión en maio de 1928, co apoio económico das deputacións de Pontevedra e Ourense, que achegan 4.940 pesetas cada unha; a Xunta de Ampliación de Estudos, que achega 10.500 pesetas, e por último do Instituto de Cerealicultura do Ministerio de Economía, 19.980 pesetas.

En Pontevedra continúase co labor de selección do millo, iniciándose a distribución gratuíta de sementes; así, en 1928, repártense 900 quilos entre 115 labradores.

O ano 1929 marca un fito na Misión, tras incorporarse a este proxecto dous enxeñeiros agrónomos: Miguel Odriozola, que logo sería enviado a Inglaterra e Alemaña, e Vicente Boceta, procedente de Alemaña, pero tamén e sobre todo, por ser plenamente aceptado o labor da Misión polo Ministerio de Agricultura e comezar a ser subvencionada con regularidade.

En xaneiro de 1931 noméase un novo padroado, presidido polo reitor da Universidade de Santiago, Alejandro Rodríguez Cadarso, e apoiado por varios vogais. Gallástequi continúa como director da Misión.

A mellora da pataca e do centeo e as probas coa soia

A outra produción, case en réxime de monocultivo, que se alternaba na Galicia da época co millo, era a pataca, á que se lle dedicaban unhas 80.000 hectáreas. A súa introdución en terras galegas contou desde un principio co rexitamento dos agricultores; de feito, en Galicia as sementeiras masivas deste tubérculo só se xeneralizarían a partir da Primeira Guerra Mundial, sendo algunas variedades introducidas por emigrantes que regresaban de América.

Gallástequi, ademais de investigar e desenvolver os híbridos do millo e a epidemia da tinta do castiñeiro, quixo dedicar tamén as capacidades da Misión á mellora do cultivo da pataca de consumo, promovendo a semente de variedades de gran produción. Foi o primeiro labor serio e metódico realizado en España con vistas á mellora dun cultivo de tanta transcendencia alimentaria e económica.

A experiencia desenvolveuse coa colaboración do Sindicato de Produtores de Sementes, chegando a alcanzar unha producción de 40.000 quilos por hectárea, con variedades que ademais mostraban a súa resistencia ás viroses e hepifitias, dúas pragas moi habituais da época. Máis tarde, aplicáronse os mesmos procedementos de selección á pataca de semente nas instalacións da Misión Biolóxica. No campo de Vigo dedicaron unhas parcelas para o desenvolvemento dunha variedade de pataca temperá. Máis adiante, na provincia de Lugo, conseguiron a aclimatación e difusión doutras variedades diferentes das existentes ata ese momento, incrementando notablemente a produción deste tubérculo ata alcanzar uns 41.000 quilos por hectárea.

O investigador desenvolveu tamén un importante labor investigador co centeo, as hortalizas e as froiteiras, contando para iso co apoio de seu pai, Santos Gallástequi, e incorporando á Misión as plantas forraxeiras para mellorar a súa produtividade.

Nos anos 1932 e 1933 ensaiáronse tamén algunas variedades de soia, conseguíndose colleitas de 2.000 quilos por hectárea das variedades Illinois e Duranfield.

O Sindicato de Produtores de Sementes

En 1930, xunto a Daniel de la Sota, Cruz Gallástequi fundou o Sindicato de Produtores de Sementes, que lles facilitou ós labradoreiros sementes das diferentes variedades de millo, pataca e plantas forraxeiras logradas na Misión; por exemplo, no caso da pataca, difundíronse as variedades Reina Branca e Pebida de Ouro, así como novas variedades de patacas de sementeira.

O Sindicato naceu como necesaria proxección do labor da Misión Biolóxica; mentres esta era o centro técnico e de investigación,

o Sindicato asumía a función social, é dicir, a posta en práctica do traballo do laboratorio e a súa divulgación, no labor de apostolado; para poñelo en funcionamento, Gallástegui estudou a organización dunha entidade similar en Suecia: a Estación de Sementes de Swalof.

A obtención dos dobles híbridos de millo debía facerse todos os anos, porque cando se sementaba o seu produto este dexeneraba ostensiblemente, facendo necesaria a súa renovación. Velaquí o obxecto inmediato do Sindicato: recoller da Misión os híbridos e producir o dobre en cantidade suficiente para fornecer de sementes os labradores que seguían as instrucións da Misión.

Ademais, coa cota que abonaban os labradores socios do Sindicato, contribuíase a estender a obra da Misión e a financiar, nunha modesta parte, esta. O Sindicato funcionou ata 1936.

O interese polo gando vacún e porcino e o seu labor como veterinario

Fixando o seu obxectivo na mellora da producción láctea das vacas galegas, Gallástegui achegou a Galicia unha nova metodoloxía: o control leiteiro, que en esencia consiste en controlar a cantidade e calidade do leite dun elevado número de vacas durante o seu período de lactación, para buscar entre todas elas as de maior producción e ser apareadas con touros sinalados como mellorantes, controlar posteriormente as fillas destas unións e así sucesivamente, chegando no transcurso duns anos a dispor de vacas con producións de leite moi superiores ás das súas avoas ou bisavoas.

Gallástegui aplicou esta metodoloxía que, a partir dos anos 30 se aplicaría nos Estados Unidos e en moitos países europeos, especialmente tras a Segunda Guerra Mundial. Este foi un importante labor práctico que puido realizar a Misión Biolóxica na mellora do gando vacún.

Unha investigación sobre a alimentación do gando porcino –moi numeroso na Galicia daquel tempo– foi iniciada na Misión a partir de 1929, testando tres lotes de porcos: un, alimentado ó estilo tradicional: con patacas cocidas e fariña de millo; os outros dous, con ra-

cións elaboradas a partir de fariñas de peixe, de millo e de cacahuete en diferentes proporcións. Os animais nutritos coas fórmulas innovadoras ofreceron mellores resultados que o lote criado coa fórmula tradicional. Estes resultados, publicados en 1930, conduciron a que o Goberno lle encargase a Gallástegui un plan de mellora do gando porcino, dotándoo con 25.000 pesetas.

O investigador viu a posibilidade de situar na Misión un cortello experimental con vistas a mellorar a cabana existente en Galicia, e encomendoulle ó seu colaborador, o enxeñeiro agrónomo Miguel Odriozola, que se atopaba en Inglaterra, a adquisición dun lote fundamental, dándolle liberdade para concretar os detalles e elixir os exemplares máis idóneos, que foron da raza Large White.

Adquiríronse douce porcos e catro porcas preñadas que desembarcaron en Vigo en 1931. Foi todo un éxito de Gallástegui, demostrando as vantaxes da produción dunha nova tipoloxía de porco; entregaba unha carne máis magra e menos graxa, e o animal era un pouco máis precoz, criándose en menos tempo que a variedade ata entón predominante en Galicia.

Cruz Gallástegui afirmara que nunca chegaría a exercer directamente a profesión de veterinario, a pesar do respaldo de numerosos profesores da Escola que gozaban da súa amizade, e en especial de Antonio Odriozola, irmán de Miguel. Con todo, interveu nas assembleas do Colexio Oficial de veterinarios da Coruña, pronunciando conferencias sobre xenética e sendo distinguido como Colexiado de Honra daquela corporación.

No mesmo decreto do mes de maio de 1931 polo que se crea a Dirección Xeral de Gandería, faise mención á creación dunha comisión para que redacte o regulamento de servizos do novo organismo. Por decreto do 5 de xuño do mesmo ano nomeouse tal comisión, integrada por un selecto grupo de personalidades veterinarias, entre as que figuraba Gallástegui.

O seu labor no Pazo de Pousada desde a miña experiencia persoal

Nas primeiras décadas do século XX o Pazo de Pousada (Boqueixón) –propiedade da familia Fraiz– era coidado e as leiras sementadas por dous ou tres caseiros que vivían nunhas casas sinxelas, nos arredores da casa señorial. Era costume dos propietarios da época pasar as vacacións na aldea; levaban con eles unha criada ou dúas, os avós, os netos... e permanecían alí os meses estivais. En setembro regresaban á cidade osixenados. Nalgúns casas burguesas ou pazos era tamén habitual enviar á cidade produtos do campo, tales como patacas, legumes, leite ou mesmo leña para as cociñas e estufas.

A Elisa, a herdeira da familia Fraiz, víñalle moi ben un home vencellado á agricultura para xestionar as súas terras. Para D. Cruz –que é como eu o trataba– foi case unha lotería verse nun Pazo con leiras, xa que el, en datas anteriores, tivo que andar case mendigando para conseguir terreos e locais nos que realizar os seus experimentos.

Con todo, non foi un camiño de rosas; no Pazo había caseiros cos que houbo que negociar para que deixasen o edificio. Outro problema engadido era que xeograficamente o Pazo non estaba favorablemente situado para facer experimentos: un día, charlando con D. Cruz, pregunteille por que non se facían no Pazo sementes de híbridos; a súa resposta foi que o millo que se producía alí era para o consumo, e explicoume que o Pazo non tiña a localización perfecta para iso, pois había leiras de veciños nos seus arredores, e o pole veciño voaba moi lonxe cando facía vento e os experimentos do Pazo arruináranse.

Con todo, nunha ocasión tiña necesidade de facer un híbrido de millo e entón alugáronlle a un veciño apelidado Pedrouzo, de Pousada, unha leira que tiña case no monte, apartada doutras leiras cultivadas. Naquela tarefa participei eu, cousa que en certo xeito agradecín, porque obtiven algúns coñecementos básicos de como se fai un millo híbrido.

Nunha ocasión, falando de híbridos, selección de razas e sementes, eu pregunteille:

– Se no millo do país se lograse un tipo de híbridos cunha planta de dúas espiñas, conseguiríase obter varias plantas con dobre colleita?

Respondeume inmediatamente:

– Que non che caiba a menor dúbida. Está comprobado que, para conseguir mellor produción hai que empezar por seleccionar as mellores plantas e os mellores animais para ser reproducidores.

Logo, contoume unha anécdota que lle pasou cuns veciños:

– Mira, Manuel, ás veces non é fácil. Eu tentei ensinar dunha forma voluntaria, a uns cantos labradores de Pousada, como debían cultivar as leiras e sementar as sementes seleccionadas para obter mellores colleitas. José María, o encargado do Pazo, buscou os candidatos. Iniciáronse algunas charlas, e desde o principio daba a impresión de que os asistentes non prestaban grande atención; sucedéreronse os encontros algúns días máis, e puiden ver e comprobar o pouco interese e o pouco valor que para eles supoñía o uso de sementes seleccionadas. Aínda por riba, un díxome que o importante é estercar ben as terras, que as sementes eran o de menos. Ante este panorama e vendo o fracaso do meu ofrecemento, as charlas suspendéreronse; e aí seguen eses labradores coas súas ideas e métodos doutrora.

No Pazo, as sementes que regularmente se vendían eran de patacas e chícharos, e en menor proporción tamén de hortalizas e plantas forraxeiras, alcanzando gran popularidade as Semillas Gallástegui, que se comercializaban en feiras, mercados e establecimentos especializados, como a Drogería Bermejo de Santiago; o resto de cereais que se producían, tal como trigo e millo, vendíanse para o consumo. No Pazo tamén había viñedos, pero non se lles prestaba gran atención; de cando en cando, embotellábase unha partida de viño que ós poucos se ía levando a Santiago.

Eu saquei a conclusión de que o Pazo de Pousada, tal e como estaba concibido, non era rendible; más ben tíñao como un hobby, como unha maneira de conservalo e mantelo, e quizais tamén como refuxio para relaxarse e descansar. Nunha ocasión, D. Cruz comentoume que el non tiña tempo para pensar no Pazo, facer plans ou proxectos, que estaba moi ocupado coa Misión. O tempo da viaxe indo ou vindo de Pousada era usado por el como tempo dispoñible para pensar.

Na leira do Pazo traballaban cinco ou seis obreiros, que a pesar duns soldos baixiños, supuñan un gasto que o Pazo non podía asumir, xa que este non xeraba os suficientes ingresos para facer fronte a

eses pagos mensuais. De feito, cando se ampliou o galiñeiro, D. Cruz preguntoulle a José María, o encargado:

– E... con que diñeiro imos pagar esta obra?

José María respondeu:

– Pois hai no monte moitos piñeiros que se venderían ben, agora o seu prezo está en alza.

– Pois iso haberá que facer –sentenciou.

Nunca dedicou moito tempo exclusivamente a ese Pazo. Cando eu o coñecín en Valladolid, cara a 1952, estaba de director dunha granxa moi grande –aquilo parecía unha pequena vila– que se decicaba tamén a seleccionar e producir sementes (Semillas Prodes). Durante aquel tempo, eu creo que mesmo se mantivo alleo á Misión Biolóxica. Uns dous anos máis tarde, deixou Valladolid e regresou á Misión de Pontevedra.

A súa vida de entón repartiuse entre a Misión Biolóxica case toda a semana e o Pazo de Pousada algúns domingos e festivos acompañado en ocasións da súa esposa, apenas recalando na casa de Santiago, na que vivía ela coa compañía dunha ou dúas criadas.

Os meus inicios no Pazo de Pousada

José María de Ramalleiras, encargado do Pazo de Pousada alá por 1952, era coñecido de meu pai –este e meu avó traballaran para el en varias ocasións– e propúxolle á familia que un dos membros más novos fose traballar con el para o Pazo, en calidade de avicultor. Para iso, o elixido debería ir antes facer un curso duns catro meses a unha granxa de Valladolid.

Sendo eu un rapaz de 16 anos, sentíme contento e recoñecido por ser elixido; Luis xa era maior, ademais non era o desexo del ir a unha granxa. Ramón era demasiado novo e o seu estilo tampouco encaixaba co de coidar galiñas. Eu xa tiña na casa unha imaxe de mozo curioso e levaba ano e pico traballando con José para ser carpinteiro. O que máis me motivou para aceptar foi saír da aldea e viaxar a Valladolid; se non fose por iso, posiblemente non fose para o Pazo. Así, para min foi darrle á vida un xiro de 180 graos: foi o

principio e a base para canalizar a miña vida, ó serme moi útil para o futuro; ademais, a estadía como período de formación naquela terra de Castela, tan diferente e distinta a Galicia, sentoume ben: o tempo seco e asollado, o terreo chan, o río Douro á beira, a longa estrada asfaltada paralela á vía do ferrocarril... Era bonito e relaxante ver pasar o tren con aquela locomotora de vapor botando fume, cuxo chifre se ouvía en todo o val.

A Finca Retuerto parecía unha fermosa vila; compoñíase dunha corte moi moderna de vacas, un cortello de porcos, a granxa avícola –un enorme galiñeiro de catro naves–, unha vivenda para o encargado avicultor e outros edificios onde se aloxaban traballadores e obreiros. Mesmo había unha escola, un bar e unha pequena capela. Alí case sempre andabamos en zapatillas, non se usaban zocos, nin íamos por herba ou ó muíño. Os domingos adoitabamos ir ó cine a unha vila próxima, Quintanilla de Duero.

Nesas terras aprendín un pouco a tratar a xente e practicar o castelán. O Sr. Gallástegui encargouse de buscarme un amigo, o máis novo dos fillos dun matrimonio galego que vivía na granxa; o pai era albanel e facía equipo e cuadrilla cos seus dous fillos. Debeu de recomendarme moi ben, porque tanto el como a súa familia tratáronme estupendamente. Cando regresei desta viaxe sentía certa nostalxia de Valladolid; xa en Pousada, a lama dos camiños obrigaba a calzar zocos con ferraduras igual que os cabalos; pasar a Agra da Silveira chovendo e con vento cruzado era toda unha odisea.

Pero como ocorre case sempre na vida, unha de cal e outra de area. Eu era consciente de que tiña unha responsabilidade, que incluía traballar domingos e festivos, pero a cambio non tiña directamente ningún xefe, só o Sr. Gallástegui de cando en cando; José María era o encargado xeral do Pazo, pero a granxa avícola funcionaba un pouco á parte, xa que el non sabía nada de avicultura e esa sección só me ocupaba eu. Outro detalle que tiven en conta para deixar a casa familiar era que me liberaba de ter que levar as vacas a pacer no prado, de ter que ir por herba ou ó muíño, pois eu non era un mozo moi forte e eses traballos eran para min un calvario.

Daquela o básico era colocarse, o salario nin se preguntaba. Ós dous meses, un domingo estaban de visita D. Cruz e seu fillo Juan

Antonio, e pasou meu pai, que xa coñecía a D. Cruz por traballar de canteiro alí, e preguntoulle que tal o rapaz, se cumpría co previsto e canto ía ser o meu soldo. Comentáronlle que levaba pouco tempo, pero que nuns días tería a información. Lémbrome como se fose onte; na seguinte visita entregáronme un sobre cun folio escrito que dicía exactamente así:

El salario de Manuel Redondo no se puede señalar con carácter definitivo hasta que él vaya demostrando que es merecedor de él; por lo tanto, el 1º trimestre será de 10 pesetas diarias, el 2º trimestre, 12 pesetas y a partir del 3º será de 15 pesetas diarias.

Non se facía ningunha mención ás vacacións, Seguridade Social, etc. Eses detalles brillaban pola súa ausencia. Naqueles tempos así se facían os acordos de traballo e ata o viamos normal. Por tanto, tiven que esforzarme para facerme valer e que fose recoñecido o meu traballo profesional; creo que o conseguín e eles entendérono.

As miñas primeiras iniciativas de mellora do Pazo

Ó traballar de continuo nun mesmo sitio, un vai adquirindo coñecementos e acumulando experiencia. Co tempo, vaise distinguidando o traballo ben feito do non tan ben feito, e como pasa en moitas ocasións, un dáse conta das luces e das sombras dunha organización. Mesmo empecei a identificar o que para mim eran errores por parte de D. Cruz.

Por exemplo, ó pouco tempo de iniciar o meu emprego na granxa, recibíronse 200 pitos acabados de nacer enviados dunha granxa de Madrid, para os que xa prepararan como calefacción unhas lámpadas de raios infravermellos que dabán luz e calor; pero non tiveron en conta que naquel tempo a corrente eléctrica marchaba moi a miúdo, deixando as lámpadas sen enerxía. Para paliar isto, instalouse unha estufa de serrín que ninguén sabía manexar, salvo eu, porque era como as que tiñan en Valladolid. Unha noite fallou a luz a iso do tres da madrugada e ninguén se decatou. Para cando José María se deu conta ás sete da mañá, os pitos, co frío, amontoáranse a base de meterse uns debaixo dos outros para acubillarse, como o farían coa mamá galiña. Resultado: corenta e pico pitos asfixiados;

puxen inmediatamente en marcha a estufa de serrín, pero aínda así seguiron morrendo algúns máis.

No ano seguinte, instaláronse dúas estufas similares a un parau-gas metálico con patas, que na parte de arriba tiña unha resistencia eléctrica; eran efectivas en canto a dar calor, pero cando marchaba a luz repetíase a mesma canción; viñan co complemento dun chisqueiro de petróleo de chama azul, como solución B ante interrupcións eléctricas. Máis adiante explicarei os inventos que eu deseñei, todos cun funcionamento e rendemento satisfactorios.

Unha cousa que eu tiña a favor é que dispoñía de moito tempo libre, o que me permitía pensar e facer algúns traballos extra. A D. Cruz encantáballe esta faceta miña, e valoraba moito que eu tivese iniciativas persoais para mellorar os procesos da granxa.

O primeiro labor extra que levei a cabo persoalmente foi pintar toda a nave do galiñeiro. O teito era de madeira e pintei con cal vivo teitos e paredes. Nunha visita de D. Cruz, José María díxolle que Manuel lle tiña reservada unha sorpresa, a ver que lle parecía. Ó contemplar aquela construción toda branca, exclamou:

– Carai, Manuel, felicitote! Esta pintura, á parte de procurar un ambiente atractivo, é un desinfectante moi acorde para estes lugares. Moi ben, Manuel.

Dado que as aves beben moita auga debido a que comen penso moi seco, existían uns bebedoiros que se enchían carrexando caldeiros de auga. Eu presenteí un proxecto xunto cun bosquexo para facer unhas piletas alongadas e comunicadas entre si baseándose no sistema de vasos comunicantes, e cun nivel de auga que estaría automáticamente regulado por unha válvula e un flotador como o dunha cisterna de aseo. Cando lle mostrei o proxecto a D. Cruz, díxome:

– Carai, Manuel, vaia cousas que inventas! Consultareíno con meu fillo e cun fontaneiro que hai na Misión.

Na seguinte visita deu o visto e prace á obra, aínda que non foi sinxela, posto que houbo que facer unha gabia e meter un tubo desde a mina de auga ata o galiñeiro.

A esencia dun bo invento é que sexa sinxelo e á vez teña un bo rendemento. E neste caso, así foi: instalouse tal e como estaba

previsto cuns resultados satisfactorios. Tras uns meses, achegóuseme D. Cruz porque quería dicirme algo. Eu quedei pensando en algo negativo, pero non era así, e é que se estaba proxectando instalar no cortello da Misión eses bebedoiros que eu deseñara; aínda que alí xa había auga corrente e unha billa, era preciso encher os bebedoiros cun caldeiro. Para mim foi unha gran satisfacción e un recoñecemento ó labor que eu exercía na granxa.

A ampliación da granxa avícola

Pasou algúns tempo, e foi tomado forza a idea de ampliar a nave do galíñeiro; era necesario dispor dun lugar máis grande e adecuado para a crianza dos pitos e, á vez, facer un cuarto para as incubadoras. Despois dalgúns ideas e comentarios, un día dixo D. Cruz: -Ben, pois haberá que pensar de que forma se pode realizar a ampliación.

José María expuxo:

- Ben, Manuel xa ten un bosquexo do proxecto, a ver que lle parece.
- Ah... ben, pois a ver que se che ocorreu.

O proxecto consistía en ampliar a nave construíndo outra a continuación, pero levantando entre ambas unha torreta máis elevada, onde se situarían o almacén, o cuarto de incubadoras e unha zona de estar. Pasouse un intre mirándoo e logo dixo:

- Esteticamente véxoo bastante aceptable, pero pregúntome que utilidade ten esa torreta máis elevada.

Entón eu expliqueille:

- O primeiro é que rompe a monotonía, para que non apareza unha nave toda igual, moi longa e con pouca graza. A planta de arriba pódese utilizar para pór a mesa de escritorio, o ficheiro, o botiquín, as vacinas, leite en po e talvez caixas de ovos, e... o día de mañá se eu caso, serve de vivenda para o avicultor.

O xefe quedou un tanto pensativo e comentou:

- Ah... ti, Manuel, baseácheste no de Valladolid; pois si que alí había un piso para o Sr. Basilio, o avicultor.

Eu confirmeille que, efectivamente, de aí me veu a idea. Respondeume:

— Está ben, como é lóxico, isto hai que pensalo e ver se é factible; quero que o vexa meu fillo e consultareino cun arquitecto que ás veces nos visita na Misión.

Na seguinte visita comentoume que aínda estaban a estudar e valorando o proxecto, pero xa me adiantaba que o valoraban positivamente. Máis tarde, noutra viaxe, xa deu abertamente luz verde a ese proxecto, xa que tanto seu fillo como o arquitecto o vían razoable e executable.

Entón, ó choio: José de Rendo e Avelino de Ramalleiras eran socios albaneis e sempre eran eles os que facían as obras no Pazo. Pasamos un tempo medio revoltos entre ladrillos e galiñas. Un día Rendo trouxo chicharróns e á hora de comer fixemos unha tortilla con ovos e rixóns que compartimos, man a man; estaba excelente.

O proxecto foise desenvolvendo segundo o previsto e eu íao seguindo coma se fose algo meu. Unha vez realizada a obra, eu sentía-me a gusto na estancia superior; tiña tres ventás e podíase contemplar toda a leira, a igrexa e as casas limítrofes; montei alí unha estufa cunha grella para cocinar e nela facía as miñas comidas.

A estufa de leña

Pasei algúns tempo dándolle voltas a ver que solución atopaba para poñer unha calefacción que non fose afectada polos cortes de luz. Coa tempada da crianza de pitos, inaugurábase a parte nova da ampliación do galiñeiro e era moi importante dispoñer dunha calefacción estable. A idea foise forxando ós poucos para terminar chegando a esta solución: comprouse un bidón metálico reforzado —non lembro se de 100 ou 200 litros—, que o vendían na rúa das Trompas de Santiago, ó que se lle soldaron unhas patas nun taller de bicicletas que había no Empalme de Vilar onde había un equipo autóxeno de soldadura. Púxoselle arriba unha tapa (testo) dun pote vello e colocóuselle por dentro unha grella na zona inferior, deixando debaixo un oco para a cinza. Ái abríuselle unha ventaíña para colocar un dispositivo que tiña axustado un disco de dobre tapa —tiñámolo como reposto da incubadora— cheo dun líquido, éter, que coa calor se dilataba. Ese movemento de dilatación e contracción movería

unha pequena variña que á súa vez bascularía un prato que pechaba e abría o tiro do aire, autorregulándose así a estufa.

Fíxose unha cheminea composta de tubos de chapa de metal, que no canto de saír ó teito en vertical, daba a volta arredor da estufa para logo saír para o exterior en horizontal, xa que este tipo de tiro-cheminea aproveita mellor a calor xerada na estufa. O interior desta forreino eu con ladrillos macizos refractarios, que custa moito quentalos, pero unha vez que alcanzan temperatura conservan a calor por moito tempo.

Para construír este aparello calefactor, José María e mais eu fixemos un pacto de silencio: D. Cruz non sabía nada, fixémolo baixo corda e probámolo para asegurarnos de que funcionaba ben antes de comunicarollo ó xefe, o que foi para el toda unha sorpresa. O día que tocou a súa visita, puxemos a estufa en marcha, e cando estabamos a charlar como de costume, comentounos que se achegaba a data para a cría dos pitos, e preguntou se xa pensaramos que calefacción se ía a instalar. José María, sorrindo, respondeulle que xa estabamos niso, e que, de feito, Manuel ideara unha estufa de leña que parecía unha boa solución. D. Cruz pedíume entón que lle explicase en que consistía, pero adiantouse José María dicindo que era mellor que a vise en por si. Levámolo ó galiñeiro, e ó contemplala, exclamou:

– Vaia artefacto que preparastes! E... isto como funciona?

Tomeime o meu tempo explicando o dispositivo:

– Mire, este é o termostato –un recambio da incubadora– que pecha ou abre o tiro do aire, e que se pode regular para conseguir a temperatura desexada. O seu interior está recuberto con ladrillo refractario, a cheminea vira arredor da estufa para aproveitar a calor e a carga de leña ten autonomía para 8 ou 10 horas; praticamente, toda a noite.

D. Cruz quedou impresionado, e díxome:

– Vaia, vaia, Manuel, se isto funciona así de ben, téñote que felicitar; despois de comer baixarei coa máquina para sacar unhas fotos.

Tal e como dixo, despois de comer sacou unhas fotos e comentou:

– Teño que levarte un día a coñecer a Misión, alí coñécete algunha xente porque eu, nalgúns ocasións, fago algún comentario das túas fazañas.

Pasou o tempo e a D. Cruz, supoño que por estar moi atarefado, eu creo que esqueceu a promesa.

O secadoiro de millo

No Pazo existía un hórreo bastante grande, pero insuficiente para gardar todo o millo obtido na leira; entón pensouse facer un secadoiro –tamén o tiñan en Valladolid-. Este dispositivo consistía nun depósito de formigón, provisto dunha reixa integral horizontal a uns 25 centímetros do chan e dun forno de leña na cabeceira; de cuxa parte superior, ou sexa, na bóveda, saían uns tubos duns 8 ou 10 centímetros de diámetro, que na zona traseira se conectaban cun potente ventilador que lanzaba o aire quente do forno por baixo da reixa. Así, ó encher o depósito de espigas de millo, en dous días estas atopábanse totalmente secas e a punto para almacenar. O enxeño dispoñía dun termómetro para controlar a temperatura e dun higrómetro para regular a humidade.

Unha vez seco o millo, debullábbase e aventábbase para ser gardado nuns pequenos silos de formigón que estaban na casa grande. Despois, pasado un tempo para evitar algunha posible epidemia, como a couza ou o gurgullo, poñíase dentro de cada silo un recipiente con sulfuro de carbono, un líquido que se evaporaba e penetraba ata o último recuncho, eliminando todo parasito e preservando o millo para os meses posteriores. Había que selar a tapa de cada silo cunha papilla feita de fariña para que non houbese fugas do carbono.

O experimento do cornizó

O cornizó (cornezuelo en castelán) é un fungo e parasito que aparece nalgunhas espigas do centeo, e que contén certas substancias medicinais –alcaloides do grupo da ergotamina.

O experimento con este fungo foi o máis relevante que eu vi no Pazo. A Misión Biolóxica tiña certos contactos cos Laboratorios Zeltia do Porriño (Pontevedra); de alí viñan insecticidas –uns frascos cun líquido para sulfatar as viñas– e as vacinas da peste aviaria –Zoopestol.

O plan era facer que as espigas do centeo producisen moito cornizó. Para iso, sementouse unha parcela bastante grande de centeo e recibiuse unha visita dun directivo de Zeltia e de dous alemáns, cos que D. Cruz falaba no seu idioma.

A operación máis delicada foi na floración: chegaron nunha furgoneta dous empregados de Zeltia cun tipo de bombonas que cargaban con auga mesturada cun líquido desenvolvido por eles; a aquelas dábaselles presión cunha bomba e conectábanas a unha pequena mangueira cunha pistola que tiña varias agullas –12 ou 15–, para entón ir espiga por espiga inxectando ese produto que, como quen di, era o fermento para que brotase o cornizó, todo un traballo exhaustivo; tras unhas poucas semanas, o cornizó invadira as plantas, e empezábase a recollelo coas mans, espiga por espiga; máis traballo exhaustivo. Francamente, vendo o custoso e enrevesado deste ensaio, eu teño as miñas dúbidas de que resultase rendible.

Creación de híbridos en avicultura: unha nova tipoloxía de galiña

Na granxa avícola do Pazo desenvolveuse un pequeno experimento para lograr unha raza híbrida de galina a partir doutras preexistentes. Alí, a semellanza do resto do país, a chamada Leghor Branca era a raza máis habitual: un animal de plumaxe branca, tamaño mediano e pouco peso, grazas ó cal comía menos penso que outras razas más pesadas. A cambio, entregaba uns ovos brancos de tamaño mediano.

Había tamén na granxa un pequeno grupo de raza Rhode Island, ave americana máis forte e pesada, de plumaxe cor castaña. Moi xenerosa á hora de entregar carne, a súa producción de ovos non era, con todo, maior que a das Leghor Branca, pero si esixía un vinte por cento máis de penso que estas.

Nun principio, o ensaio tratou de cruzar estas dúas razas, pero houbo problemas de compatibilidade, e o experimento debeu ser cancelado.

Finalmente, foron cruzadas galiñas Leghor Branca con galos de raza Castelá Negra, de cor negra, dúas razas de peso e fisionomía bastante parecidos. O resultado foron uns pitos de cor castaña es-

cura que de adultos producían ovos de casca morena, más aceptables para o mercado que os de casca branca producidos polas Leghor Branca.

Luces e sombras no pazo

No Pazo existían dous grandes depósitos de auga alimentados por dúas minas, cuxa auga só se utilizaba no verán para regar patacas e millo; o resto do ano, era auga perdida.

José María quixo convencer a D. Cruz para dedicar unhas parcelas a prado, como forma de aproveitar esa auga sobrante e de paso dispoñer de herba próxima para o gando, pero el non valorou favorablemente esa idea; para o meu pensar, un erro pouco comprensible.

Unha vez que sabemos a partir de que momento se pode escribir sobre A Estrada, haberá que analizar toda aquela bibliografía que ou ben inclúe o nome da Estrada no seu título, ou ben aproveita o termo municipal para centrar o seu discurso. Finalmente, obtemos un corpo bibliográfico de 470 referencias (en continua expansión) nas que se dá conta das diversas olladas que se cinguiaron sobre o pasado do territorio a través de publicacións académicas, divulgadoras ou xornalísticas. Dentro deste inmenso mar de letras, poderemos testemuñar os contextos de elaboración de obras como *La Estrada* (1923) e *A Estrada Rural* (1990) de Pedro Varela e Reimóndez Portela, respectivamente, que constitúen tanto o primeiro libro de dedicación exclusiva á Estrada como, no caso do segundo, «el más completo estudio existente sobre el universo que conforma A Estrada con sus 51 parroquias»¹. Asemade, *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural* supón nos tempos recentes a principal vía de divulgación para artigos de índole estradense coma este dende a súa fundación no 1998 ata a actualidade coa súa publicación de carácter anual, razón pola que analizaremos o impacto que supón a súa creación no panorama de estudos locais.

A historiografía estradense, a estudio

Unha vez que coñecemos o volume de material co que imos tratar, organizaremos primeiramente todas as referencias segundo o ritmo de publicación que se foi desenvolvendo dende finais do XIX ata a actualidade e, paralelamente, clasificaremos todas as publicacións atendendo ao período histórico que tratan para intentarmos establecer tendencias de investigación propias dentro do panorama estradense.

¹ Concello da Estrada. (s. f.). Obras de Manuel Reimóndez Portela.
<https://www.aestrada.gal/index.php/es/cultura-2/cultura-127/persoeiros-das-letras/107-cultura/1704-obra-manuel-reimondez-portela>

Unha análise cronolóxica da historiografía estradense


En primeiro lugar, tal e como se recolle na táboa 1 que se inclúe más adiante, testemuñamos un total de 470 títulos sobre os que agora intentaremos arrostrar luz á hora de entender as súas dinámicas e estilos de creación. Inicialmente, a publicación que se refire ao século XIX correspón dese cun artigo anónimo publicado en 1884 baixo o título de «La cruz parroquial de Castro-Vite»² na revista *Galicia Diplomática*. Se ben se trata dunha entrada bastante temperá no índice bibliográfico, debemos tratar esta información con cautela atendendo á premisa de que sempre existe certo grao de ocultación no que a este tipo de publicacións se refire, é dicir, que non sempre se atopan debidamente recollidas ou conservadas todas as publicacións que abordan un caso tan específico, polo que sempre poden existir ampliacións para calquera dos períodos históricos e áreas temáticas que trataremos. Cómpre destacar, do mesmo xeito, que durante os primeiros 30 anos do século XX se editaron ata sete periódicos locais que, se ben non constitúen unha publicación historiográfica no seu conxunto, teñen a Estrada como centro de atención e inclúen entre as súas páxinas publicacións de autores como Pedro Varela Castro ou Antón Losada, que desenvolveron unha preocupación marcada pola historia e a etnografía do concello³.

Seguidamente, destacaremos un pico de publicacións entre as décadas dos anos 30 e 40 do século XX, compostas por un total de 19 publicacións das que doce proveñen da man de Fermín Bouza-Brey Trillo, autor que dedicou boa parte da súa obra ao estudio da Estrada como lugar de destino do seu oficio de xuíz e cuxas publicacións adquiren un valor engadido ao termos en conta que, das quince publicacións que temos recollidas do autor, cinco delas atópanse na *Revista Nós*, seis nos *Cuadernos de Estudios Gallegos* e outras seis nos *Boletíns da Real Academia Galega*. En definitiva, a obra de Bouza Brey déixanos constancia dunha producción historiográfica que sitúa

- 2 Anónimo. (1884). «La cruz parroquial de Castro-Vite» en *Galicia Diplomática*, tomo II, nº32, Santiago, pp. 232-234.
- 3 Para profundar no estudio destes xornais recoméndase o artigo sobre «Xornais da Estrada dos séculos XX e XXI» publicado no xornal *Faro de Vigo* de Luís Ferro e Héctor Vázquez, pero que tamén se recolle na publicación inédita da Asoc. Cultural Vagalumes sobre o centenario do periódico *El Emigrado*: Asociación Cultural Vagalumes. (2020). *El Emigrado. Centenario (1920-2020)*, (exemplar inédito), Deputación de Pontevedra.

á Estrada nalgunhas das plataformas de divulgación académica máis importantes da primeira metade do século XX e que dan conta da importancia dos estudos locais. Finalmente, observaremos un incremento no número de publicacións que se refire aos anos 90 (48 títulos), seguido por unha publicación aínda moito mais elevada entre as décadas dos 2000 e os 2010. Este incremento, que resulta certamente destacado, está provocado pola creación no 1998 da revista *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, que servirá como órganio de difusión do Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela. Para podermos analizar cal é a verdadeira contribución das misceláneas, faremos necesariamente un achegamento á producción bibliográfica estradense desatendendo as súas achegas e, consecuentemente, unha aproximación específica ao número e o tipo de achegas bibliográficas que supuxo a súa creación.

Táboa 1. Secuenciación cronolóxica da bibliografía.




FONTE: Elaboración propia.

Tal e como avanzamos anteriormente, observaremos na táboa 2 unha clasificación cronolóxica das publicacións recollidas ata setembro do 2021 sen incluírmos as achegas das misceláneas para percibir como, independentemente da súa creación, se produce un incremento considerable no número de títulos publicados a partir dos anos 90. Neste senso, merecen tamén especial atención

os catorce títulos publicados nos anos 80 que, a diferenza do caso estudiado nos anos 30 e 40 con Bouza-Brey, para este momento non proveñen da man dun único autor, senón que distinguimos ata dez autores e autoras que seguen un patrón de publicación distinto. Do mesmo xeito, as 29 publicacións recollidas para a década dos 90 responden a un modelo de difusión distinto ao anterior, na medida en que a maior parte destas referencias se compoñen de libros e obras individuais que non dependen tanto de plataformas de divulgación como eran a *Revista Nós* e os *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Todas esas publicacións, maioritariamente artigos, recóllense agora a través das misceláneas que publica o Museo Manuel Reimóndez Portela. No que ao tipo de publicacións se refire, achegarémonos agora á secuenciación temática das publicacións para entendermos que tipo de estudos se realizan e cales son os períodos que reciben máis atención na historiografía estradense.

Táboa 2. Secuenciación cronolóxica dos títulos publicados excluíndo os artigos das misceláneas.



FONTE: Elaboración propia.

Unha análise temática da historiografía estradense

Unha vez elaborada unha clasificación cuantitativa dos títulos publicados ao longo do tempo, procederemos a analizar que tipo de áreas cronolóxicas recibiron máis atención nas plumas dos investigadores locais. Nótese que se exclúen unha vez máis os artigos pu-

blicados nas misceláneas, pois o seu volume fai que sexa necesario un apartado específico deste traballo para intentar achegarnos ás dinámicas de investigación que se desenvolven dentro da revista.

Noutra orde de asuntos, tal e como como se percibe na táboa 3, as liñas de estudio da historiografía estradense amosan ritmos distintos no que á indagación dos períodos históricos se refire. En primeiro lugar cómpre destacar que, dos oito títulos que se refiren ao estudo da prehistoria estradense, tan só un deles constitúe unha publicación propiamente dita, representada na obra sobre os castros da Estrada de Olimpio Arca Caldas⁴, publicada en 1984. Pola contra, dos sete títulos restantes debemos salientar que a autoría de catro deles corresponde novamente a Fermín Bouza-Brey, converténdose, neste xeito, no autor con máis publicacións sobre o estudo da prehistoria estradense, centrado fundamentalmente no estudo dos castros⁵, gravados rupestres⁶ e elementos patrimoniais de orixe prehistórica. Deseguido, no que ao estudo da historia antiga se refire, non contamos máis que cunha única publicación da man do propio Bouza-Brey, que versa sobre a aparición dunha ara romana en Matalobos sobre a que se fai unha recollida das súas inscricións e o seu valor como elemento da relixiosidade romana aproveitada na igrexa parroquial⁷.

Conforme nos achegamos ao estudo da historia medieval, atopáremos con 16 publicacións repartidas entre a xa mencionada *Galicia Diplomática*⁸, ata os estudos publicados máis recentemente na *Enciclopedia del Románico en Galicia*⁹ que, tal e como indica o seu

- 4 Arca Caldas, Olimpio. (1984). *Castros de La Estrada*, Concello da Estrada, A Estrada.
- 5 Bouza-Brey Trillo, Fermín. (1944). «Castros de la comarca de La Estrada» en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Nº1, fascículo I pp. 7-38.
- 6 Bouza-Brey Trillo, F. (1942). «Grabado rupestre del castro de Codeseda» en *Boletín da Real Academia Galega*, Nº 265, Tomo 23, pp. 6-10.
- 7 Bouza-Brey Trillo, Fermín. (1944). «Ara Románica Inédita de Matalobos. La Estrada» en *Boletín da Real Academia Galega*, Nº 277-280, Tomo 24, pp. 122-123.
- 8 Anónimo. (1884). «La cruz parroquial de Castro-Vite» en *Galicia Diplomática*, tomo II, nº 32, Santiago, pp. 232-234.
- 9 Arca Somoza, Silvia. (2012). «La iglesia de San Lorenzo de Ouzande», en *Enciclopedia del Románico en Galicia: Pontevedra*, Fundación Santa María la Real Centro de Estudios del Románico, vol. 2; Arca Somoza, Silvia. (2012). «La iglesia de San Miguel de Moreira», en *Enciclopedia del Románico en Galicia: Pontevedra*, Fundación Santa María la Real Centro de Estudios del Románico, vol. 2, pp. 787-795; Ramos Díaz, M. I. (2012). «La Iglesia de San Jorge de Codeseda», en *Enciclopedia del Románico en Galicia: Pontevedra*, Fundación Santa María la Real Centro de Estudios del Románico, vol. 2, pp. 513-520.

nome, supoñen un estudo sobre algúns elementos do románico presentes sobre a xeografía local. Este será, en definitiva, o eixo central do estudo medievalista na Estrada, destacando a publicación do autor Xosé Luna Sanmartín sobre o románico estradense¹⁰. Proseguindo, dispoñemos de vinte e dúas publicacións que xiran arredor da modernidade estradense e sobre as que debemos destacar a colaboración entre Luís Manuel Ferro Pego e José Manuel Bértolo Ballesteros, que en oito artigos tratan o asunto máis estudiado deste período, a xenealoxía e a heráldica. Trátase pois, dunha serie de estudos publicados maioritariamente na *Revista de Estudios de Genalogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia* que culmina coa publicación conxunta da obra *Torres, pazos e casas fidalgas do Concello da Estrada*¹¹, que vén ser unha guía completa sobre os elementos arquitectónicos e simbólicos das casas grandes da Estrada, pero tamén un estudo xenealoxico das principais familias da modernidade estradense ata a contemporaneidade. Cómpre mencionar tamén, polo seu carácter, a publicación dunha tese de doutoramento de J.A. Fernández Castro, o director da *Miscelánea*, que abrangue a evolución da demografía estradense dende a modernidade até os inicios do século xxi¹². Para choer esta análise, atestamos 79 publicacións referidas ao estudo da contemporaneidade. Por mor do seu volume, resulta difícil acomodar as publicacións segundo o seu carácter ao trataren árees temáticas moi diversificadas, destacando os estudos toponímicos, biográficos¹³, etnográficos, patrimoniais, etc. Remarcamos, iso si, a presenza de Olimpio Arca Caldas nesta sección, autor de doce publicacións propias que o converten no autor mais prolífico fóra das misceláneas no que ao estudo da contemporaneidade se refire. Os seus estudos versan, fundamentalmente, sobre as biografías dalgúns dos persoei-

10 Luna Sanmartín, Xosé. (1999). *A Estrada románica*, Edicións Fouce.

11 Bértolo Ballesteros, J.M.; Ferro Pego, L.M. (2020). *Torres, pazos e casas fidalgas do Concello da Estrada*, A Coruña.


12 Fernández Castro, J.A. (2019). *Evolución demográfica del área estradense: 1650-2000*, tese de doutoramento dirixida por Ofelia Rey Castelao, Universidade de Santiago de Compostela.

13 Fajardo, Montse. (2020). *A vida incerta, biografía de Virxinia Pereira*, Concello de Pontevedra, Pontevedra; Garrido Couceiro, X. Carlos. (2002). *Manuel García Barros*, ed. Ferreira, A Estrada; Loureiro Rodríguez, Carlos. (2021). *Manuel García Barros. Vida, obra e pensamento*, Editorial Galaxia, Vigo.

ros mais destacados da Estrada e algúns dos oficios que levaron a que A Estrada fose coñecida como a «Cidade do Moble»¹⁴.

Para concluir, queda por ver cales foron as dinámicas de estudo dentro das misceláneas á hora de centrarse nos distintos períodos históricos e así observar se os seus artigos se sincronizan coa tendencia historiográfica xeral do concello ou se, pola contra, existen disonancias e correntes propias.

Táboa 3. Clasificación temática dos títulos publicados excluíndo os artigos das misceláneas.



FONTE: Elaboración propia.

A revista *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*

Iniciamos este achegamento á produción historiográfica da revista *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural* conscientes de que, tanto o volume das súas publicacións ao longo destes vinte e tres anos, así como a variedade temática e formal que imprimen cada un dos autores e autoras nos seus artigos, dificulta en boa medida unha análise profunda do carácter metodológico e temático de cada unha das publicacións. Deste xeito, recollemos os 314 artigos publicados para analizarmos cales foron algunas das dinámicas á hora de estudar os distintos períodos históricos do concello.

¹⁴ Arca Caldas, Olimpio. (2012). *De carpinteiros, ebanistas, fragueiros e torneiros Estradenses ata 1985*, Ed. Fervenza, A Estrada.

Primeiramente, recollemos na táboa 4 a presenza de seis artigos cuxo eixo central reside no estudo da prehistoria estradense. Neste senso, debemos destacar que a dinámica das indagacións prehistóricas segue bastante centrada nos estudos da época castrexia¹⁵, aínda que integrando distintos elementos de estudio sobre os materiais recuperados ou as prácticas agrícolas do territorio estradense. Así mesmo, destácanse os artigos sobre gravados rupestres¹⁶ por seren froito do recente redescubrimento dalgúns dos petróglifos do concello e o seu posterior estudo¹⁷. Deseguido, os estudos sobre a historia antiga demostran ser unha vez máis os menos numerosos dentro da historiografía estradense ao dispoñeren de tan só tres entradas ao longo de toda a publicación; sobresaen neste eido os estudos sobre a presenza romana no territorio a través das vías XX e XIX¹⁸, así como a aparición de sete estelas funerarias galaico-romanas dentro do concello¹⁹.

A continuación, seguen os vinte artigos sobre historia medieval, dos que destacaremos a preocupación polo estudo de fontes documentais primarias²⁰, así como outros artigos que se dedican ao estudo da arte románica no concello, o mosteiro de Aciveiro como

- ¹⁵ Calo Ramos, Nuria; Ladra Fernández, Xosé Lois; Pereiras Magariños, Beatriz. (2000). «Estudo de materiais procedentes do Castro de Viladafonso (Olives, A Estrada, Pontevedra)», en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, Núm. 3, pp. 9-33; Rey Castiñeira, Josefa; Rodríguez Calviño, Manuel. (2001). «Novas imaxes da arqueoloxía castrexia estradense a través das coleccións Bouza-Brey e Fraguas Fraguas do Museo do Pobo Galego», en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, Núm. 4, pp. 141-167; Carballo Arceo, L. Xúlio. (1998). «A agricultura en Castrovite (Orazo, A Estrada) durante a Idade do Ferro», en *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, núm. 1, pp. 9-25.
- ¹⁶ Fernández Castro, J. A. (2008). «Gravados rupestres na Estrada; da Idade do Bronce aos nosos días», en *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, núm. 11, pp. 209-230.
- ¹⁷ Fernández Guerra, Jorge. (2018). «Novos petróglifos do grupo galaico da arte rupestre no concello da Estrada», en *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, núm. 21, pp. 181-218.
- ¹⁸ González Crespán, César M. (2018). «Vías romanas XX y XIX», en *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, núm. 21, pp. 95-126.
- ¹⁹ Lago Somoza, Vanesa. (2015). «Las estelas funerarias galaico-romanas encontradas en el ayuntamiento de A Estrada», en *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, núm. 18 (2015), pp. 49-61.
- ²⁰ Ares Legaspi, Adrián. (2019). «Varios documentos medievais referentes a San Breixo de Lamas e Codeseda no tombo do mosteiro de San Xoán da Cova», en *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, Núm. 22, pp. 285-294; Fernández Castro, J. A. (1998). «A Estrada nos seus documentos antigos. Tres documentos do século XV escritos en galego relativos ó lugar de Gudín en Guimarei, A Estrada», en *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, Núm. 1, pp. 27-50; Sánchez Sánchez, Xosé M. (2014). «1445. Un documento medieval (case) estradense (e breves notas)», en *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, núm. 17, pp. 59-67.

figura de poder no medievo²¹ e algúns estudos sobre torres e fortalezas estradenses²². No que á modernidade se refire, dispoñemos de 37 entradas nas que salientaremos moitas semellanzas que se producen co resto da producción historiográfica na medida en que, das 37 publicacións, doce delas correspóndenlle aos xa mencionados Luís Ferro Pego e J.M. Bértolo Ballesteros, cos seus estudos sobre casas e familias sobranceiras. Así mesmo, temos outros nove títulos de J.A. Fernández Castro centrados particularmente en estudos demográficos e antropónimicos da sociedade estradense, destacando os artigos sobre a crise de mortalidade do 1769 en Ouzande²³ e as tendencias de casamento na comarca entre os anos 1650 e 1850²⁴. Sobresaen tamén, polo seu volume e calidade, os sete artigos de Damián Porto Rico sobre o estudo de catálogos documentais e o oficio de impresores das terras da Estrada²⁵.

Finalmente, cómpre observarmos a magnitude dos estudos sobre historia contemporánea dentro das misceláneas, que supoñen o 78,98 % de todos os artigos publicados e que, ao mesmo tempo, son os mais variados en canto a contidos e áreas de estudio. Por mor da magnitude cuantitativa, resolveremos en destacar os autores con máis entradas: J.A. Fernández Castro (16), M. Xesús Fernández Bascuas (13), Juan Fernández Casal (12), Juan Luís Blanco Valdés (12) Henrique Neira Pereira (11), Manuel Cabada Castro (9). No que ás áreas temáticas se refire, abundan os estudos biográficos de Olimpio Arca Caldas, os estudos sobre a xénese urbanística da Estrada de María Xesús Fernández^{26, 27} e, por último, as composicións de Juan

21 Bértolo Ballesteros, J. M. (2017). «O mosteiro de Aciveiro e o exercicio da xustiza», en *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, núm. 20, pp. 165-176.

22 Mosquera Agrelo, Manuel. (1999). «Aproximación ó mundo das fortalezas na Galicia medieval. As torres da Barreira en Riobó-A Estrada (Pontevedra)», en *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, núm. 2, pp. 109-149.

23 Fernández Castro, J. A. (2002). «A crise de mortalidade de 1769 en Ouzande (A Estrada-Pontevedra)», en *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, núm. 5, pp. 133-164.

24 Fernández Castro, J. A. (2003). «Irmáns casan con irmáns, 1650-1850. Aspectos demográficos desta singularidade matrimonial en terras de Tabeirós, A Estrada-Pontevedra», en *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, núm. 6, pp. 27-46.


25 Porto Rico, Damián. (2012). «Algúns impresores (e libreros) nas terras da Estrada», en *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, núm. 15 (2012), pp. 247-260.

26 Fernández Bascuas, María Xesús. (1999). «Aproximación á xénese urbanística da vila da Estrada I», en *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, núm. 2, pp. 49-62.

27 Fernández Bascuas, María Xesús. (2000). «Aproximación á xénese urbanística da vila da Estrada II. A transición urbanística (1901-1926)», en *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, núm. 3, pp. 101-125.

Fernández Casal e Mario Blanco Fuentes, que elaboran un discurso histórico do pasado recente da Estrada a través das súas vivencias como mestre e alcalde do concello, respectivamente.

Táboa 4. Clasificación dos títulos publicados nas misceláneas segundo períodos de estudio.




FONTE: Elaboración propia.

Uns apuntamentos finais

Para rematarmos co estudio bibliográfico das publicacións sobre a historia estradense, inclúese a táboa 5 como mostra das tendencias historiográficas que se establecen entre a publicación nas misceláneas e outros medios que, en definitiva, vén confirmar unha tendencia común en canto ás áreas que mais atención recibiron no estudo historiográfico da Estrada. A saber, existe unha devoción moito máis intensa cara os estudos de historia contemporánea que se nota especialmente nas misceláneas coa presenza de artigos autobiográficos, literarios e fotográficos²⁸ que dotan de variedade e ofrecen un novo espazo nas investigacións que as demais publicacións non puideron acoller. Pola contra, obsérvase unha tendencia común no que concirne aos poucos estudos elaborados sobre a prehistoria e,

²⁸ Fernández Castro, J. A. (2007). «O fondo fotográfico «Celestino Fuentes» do Museo Manuel Reimóndez Portela da Estrada», en *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, núm. 10, pp. 317-341.

Táboa 5. Comparación das publicacións segundo áreas de estudio.

FONTE: Elaboración propia

máis notablemente, a historia antiga, que dispón no seu conxunto de menos publicacións que calquera outra categoría por separado. Sobre os estudos medievais e modernos obsérvase unha tendencia estable que, tal e como vimos, se reflexa tanto no aspecto cuantitativo como temático a través dos estudos de xenealoxía, demografía e casas nobiliarias. A xeito de conclusión, podemos afirmar que a historiografía estradense resulta un campo de investigación moito máis complexo do que primeiramente puidera parecer e quedan pendentes de traballar aspectos como poden ser as metodoloxías empregadas nas obras mais sobresaíntes da historiografía estradense ou o perfil dos autores e autoras que conforman a familia de investigadores locais, cuestións que agardamos poidan recibir atención máis pronto que cedo.



Reconstrucción de las iglesias parroquiales de San Xurxo de Vea y de Santa Baia de Matalobos durante el s. XVIII

Javier García Gómez

terradefaro@hotmail.com

Resumo. Presentamos un pequeño trabajo sobre el proceso administrativo conducente a la realización de obras de reconstrucción y reforma acometidas en las iglesias parroquiales de San Xurxo de Vea y Santa Baia de Matalobos, a petición de sus respectivos curas capellanes; a través de la transcripción documental aportada por la Universidad de Santiago de Compostela, como entidad perceptora de parte de los diezmos y otros derechos propios de estas dos parroquias, durante la segunda mitad del siglo XVIII.

Abstract. We present here a small research on the administrative process leading to the reconstruction and reform works undertaken in the Galician parish churches of San Xurxo de Vea and Santa Baia de Matalobos, at the request of their respective chaplain priests; through the documentary transcription provided by the University of Santiago de Compostela, as an entity receiving part of the tithes and other rights of these two parishes, during the second half of the eighteenth century.

Introducción

La propuesta metodológica que presentamos como base de este trabajo, se articula en la transcripción de los registros documentales existentes en los fondos de la Universidad compostelana, referidos a distintas parroquias del concello de A Estrada. Este obligado recurso a las fuentes primarias originales nos permite desarrollar un sencillo corpus descriptivo que acotamos en el marco cronológico de la segunda mitad del siglo XVIII. Como se indica, la base utilizada procede del amplio patrimonio documental aportado por los fundadores de la Universidad como entidad propia, asegurando y garantizando así su particular legado patrimonial, rentas, concesiones y donaciones realizadas durante siglos; *Item ordenamos y mandamos que se haga inventario de todos los bienes y Hacienda de la Universidad, por menor, según anduvieren en renta, declarando los precios de los arrendamientos y cantidad de renta, firmado del Rector y Consiliarios, Escribano y Mayordomo, y se ponga en el arca desa Universidad*¹.

1 Constituciones, 1678:52. Constitución 33, 1º.



Portada del libro *Índices de Hacienda*.

Una gran parte del Archivo Histórico de la Universidad de Santiago de Compostela, se encuentra digitalizado en la actualidad y disponible para su consulta en línea, facilitando en gran medida el trabajo de investigación. El apartado que nos ocupa es el denominado Fondo Universitario, el cual abarca diferentes ámbitos como la administración, los centros docentes, las enseñanzas media y primaria, el gobierno y la hacienda. Es esta última sección la que contiene la documentación que veremos en el desarrollo posterior, bajo el epígrafe de Patrimonio y Rentas, dividido a su vez en dos sub secciones, por una parte los censos relativos al propio fondo y los bienes de la Universidad entre 1568 y 1818; y por otra las escrituras y títulos de propiedad, la cual contiene los bienes del fondo universitario con pergaminos desde el año 1237 hasta el s. XVIII, así como información sobre pleitos y rentas. Los índices de Hacienda abarcan desde el siglo XIII hasta 1825, y los índices de Tumbos y Registros desde el siglo XIV al XVIII². Versará pues, nuestro objetivo e interés, en conocer e indagar diversos aspectos basados en las relaciones socioeconómicas

² AHUS. Índice de la Hacienda. F.U., A-1.618. S. XIII - 1825. *Índice General Alfabético e Instructivo de todos los papeles e instrumentos relativos a la Hacienda y Derechos de esta Real Universidad de Santiago según se contienen en su archivo. Concluido en fin del año de 1825. Índice de Tumbos y Registros. F.U., A-18. S. XIV-XVIII. Extracto General de lo que se contiene en los Tumbos y Registros de escrituras y Documentos que se hallan en el Archivo de esta Real Universidad. Concluido en agosto de 1826.*

establecidas entre la Universidad y el entorno geográfico delimitado por el arzobispado de Santiago; vinculación asociada no solo con el disfrute de derechos y rentas como fórmula preferente de financiación, sino con las inherentes obligaciones a las que estaba sujeta como perceptora de los mismos, cuyo resultado será el aporte de una importante cantidad económica para reedificar las iglesias de San Xurxo de Vea y Santa Baía de Matalobos.

Rentas y derechos de la Universidad

Dentro del contexto económico-administrativo en el que desarrolla sus actividades la Universidad de Compostela durante el siglo XVIII, destaca sobremanera el relativo a su financiación, heredada de siglos anteriores, como resultado de numerosas percepciones de rentas, beneficios, prebendas y derechos, fruto de las donaciones de sus fundadores y patrocinadores, situación que se mantendrá hasta la definitiva pérdida de autonomía en 1845. Ya en sus inicios como institución académica de la mano del arzobispo compostelano Alonso de Fonseca y Acevedo en la primera mitad del siglo XVI y sus pretensiones ante el Papa Clemente VII, la financiación quedaba supeditada a la anexión de determinadas rentas parroquiales, justificadas en la escasa doctrina y formación general del colectivo eclesiástico, sumado a la socorrida excusa de atender a los escolares pobres; disposiciones y reglamentos aplicables a los curas de las parroquias subordinadas a su contribución, recogidos en el articulado de las Constituciones de 1678.

Ítem, ordenamos y mandamos que por el mejor orden que al Claustro pareciere, haga cobrar para esta Universidad los Mostrencos, y Luctuosas, y otros derechos que andan salvados de los arrendamientos. Y que la dicha Universidad y Claustro, no pueda arrendar ni arriende al Retor, ni Cura de ninguna Iglesia, por sí ni por otra persona alguna, ningún Beneficio, Sincura, ni Préstamo, que tenga en su beneficio el tal Retor, y Cura, y que pongan por condición en los tales arrendamientos, que los que los sacaren por puja, no los puedan ceder en ellos, directe ni indirecte³.

La principal fuente de financiación e ingresos de la Universidad de Santiago durante el Antiguo Régimen, hasta la llegada de las

3 Constituciones, 1678:59. Constitución 35.



Constituciones Reales de la Universidad de Santiago, 1678.

privilegios de juros, censos, fueros, apeos, visitas de hacienda, arrendamientos, procesos, y otros papeles tocantes a la dicha hacienda. Y en otro apartado se pongan las Bulas Apostólicas de la erección y creación de la dicha Universidad, Bulas de Anexiones, Estatutos, Provisiones, Reformaciones, Privilegios y Exempciones Reales de la dicha Universidad, para que en todo ello haya quenta y razón, y estén los dichos papeles y escrituras con la guarda que conviene⁴.

Las parroquias de A Estrada

Como ya hemos indicado, la Universidad de Santiago poseía derechos sobre rentas y bienes patrimoniales en diferentes parroquias

4 Constituciones, 1678:61. Resulta de la Constitución 38.


reformas liberales y la implantación del presupuesto regulado en el cobro de tasas académicas, se basaba en la participación en la producción agraria a través de los diezmos y otras rentas, como censos, propiedades, obligaciones, primicias, arbitrios y otras propias de las sinecuras parroquiales. A petición del arzobispo Alonso III de Fonseca, como hemos visto, el Papa Clemente VII certifica mediante bula otorgada el 25 de marzo de 1526, la fundación del Colegio de Santiago Alfeo, autorizando la participación en los diezmos, primicias, patronatos y otras rentas fijas en especie repartidas por numerosas parroquias incluidas dentro de los límites territoriales de la diócesis de Santiago de Compostela, todo ello debidamente registrado y archivado; [...] Y en otro apartamiento se pongan los

del actual municipio de A Estrada, que se remontan al siglo xv y finalizan con las reformas liberales del xix. Además de San Xurxo de Vea y Santa Baia de Matalobos que veremos en detalle, el vaciado de los registros documentales que hemos podido investigar, aporta numerosa información de su relación con las parroquias de Santa María de Frades, San Miguel de Moreira, San Pedro de Orazo, San Cristovo de Remesar y Santa María de Rubín⁵.

En Santa María de Frades se documentan unos autos judiciales con Pedro de Magariños y consortes, sobre el lugar de su mismo nombre, en 1667. En 1588 se registra la obligación por 42.600 maravedís en que se habían rematado las sinecuras de San Mamede de Ribadulla y San Miguel de Moreira en el Licenciado Saavedra. En 1492 el título de colación de la cuarta parte sinecura de esta parroquia, a favor de Alonso de Fonseca. En 1575 se registra la Bula del comisario papal sobre la exacción de annatas y quindenios debidos por la Universidad a la Cámara Apostólica en virtud de la unión a su favor, de la sinecura de Moreira y otras contenidas en la Bula de Clemente VII de 1526. De San Pedro de Orazo se documenta una ejecución sobre su renta en 1635; unas diligencias hechas por el agente de la Real Universidad sobre las rentas de esta feligresía en 1654; obligaciones y fianzas de las sinecuras en los años 1680, 1683, 1687, 1689, 1690 y 1691; un foro de la mitad del lugar del Iglesario en 1695; y la Bula papal antes mencionada.

Las parroquias de Remesar y Rubín se documentan en 1685, a través de un poder del Claustro para la toma de posesión de los bienes subastados judicialmente a Vitorio do Porto; así como el testimonio en relación a los autos efectuados contra este vecino sobre la hacienda de los lugares de A Devesa y Balseiros, tasados, liquidados y entregados a la Universidad en pago de 2.278 reales de principal y costas causadas, así como los instrumentos de la sentencia. En 1691 se detalla un poder del Claustro para aforar los bienes de A Devesa y Rubín, y el posterior contrato de estas casas y heredades subastadas judicialmente, como pago de la deuda del citado Porto.

5 AHUS. Índice de Bienes – F.U., A – 472.



Parroquias del valle de Vea.


San Xurxo de Vea y Santa Baia de Matalobos

La vinculación de estas parroquias con la Universidad de Santiago como entidad perceptora de parte de sus derechos, ya se documenta a principios del siglo XVII cuando el visitador arzobispal da cuenta de su detalle. *San George de Vea. Los fructos se dividen en dos partes, la una y un desmero lleva el retor, que valdrá como quarenta cargas de todo pan y la otra el Colegio Mayor de Santiago. En Santa Baia de Matalobos, con solo veintidós feligreses, sus derechos están más repartidos; Los fructos se hacen tres partes; las dos y un desmero y el iglesario lleva la cura, que valdrán, con el anexo San Salvador de Valoira, treinta cargas de todo pan y la tercera el Collegio Mayor de Santiago⁶.* Durante el Antiguo Régimen, estas parroquias pertenecían a la jurisdicción de Vea en la provincia de Santiago, ambas eran de abadengo, y su señorío y jurisdicción ordinaria estaba en poder del Arzobispo de Santiago de Compostela.

De la feligresía de San Xurxo de Vea, disponemos de registros documentales que se remontan al siglo XVI, como el apeo hecho de

⁶ Del Hoyo, J. 1607:486-487.

la mitad de la sinecura en 1556. En 1650 una Carta Ejecutoria de la Real Audiencia del Reino de Galicia, sobre las primicias de esta feligresía; en 1651 un contrato de foro del lugar del Iglesario de San Jorge, a favor de Domingo do Campo y Bartolomé Lois en cuatro cargas y media de centeno menudo o por mitad, puesto en Santiago; en 1657 una intimación de protesta a Pedro y Alonso Carballo, vecinos de Santa María de Couso, sobre los medios frutos de la parroquia; en 1747 testimonio de una visita hecha por el Ilustrísimo Señor Arzobispo de Santiago a la iglesia de San Xurxo, por la que manda su reedificación y que se avise a la Universidad; en 1798 una solicitud del cura párroco pidiendo ayuda de costa para componer esta iglesia, con las diligencias practicadas del asunto, que comprende la de Santa Baia de Matalobos; en 1799 se certifica el deplorable estado de esta iglesia de San Xurxo⁷.



Pila bautismal románica de San Xurxo de Vea.

Reconstrucción de San Xurxo de Vea y Santa Baia de Matalobos

A mediados del siglo XVIII las fábricas de las iglesias parroquiales de San Xurxo de Vea y de Santa Baia de Matalobos, se encontraban en una situación de verdadera ruina. En este contexto, tanto la Universidad como el Arzobispado de Santiago, efectuaban visitas periódicas a las parroquias sobre las que ejercían sus derechos señoriales y de las que eran beneficiarios de toda clase de rentas; *Item, por quanto la Universidad tiene vasallos, casares, foros, préstamos, sincuras, y beneficios, y otras suertes de hacienda, lo qual se disminuiría y perdería, si no se hiciese apeo y recuento de lo suso dicho; y de las presentaciones de beneficios, dezmerías y heredades, y de todo lo demás*⁸.

7 AHUS. Índice de la Hacienda, F.U., A – 1.618.

8 Constituciones, 1678: 61. Constitución 39. *Del apeo y visita de la hacienda de la Universidad.*

El 10 de octubre de 1747 el arzobispo de Compostela D. Cayetano Gil Taboada, visita personalmente la parroquia de Vea y atestigua de primera mano los desperfectos que amenazan la estabilidad del templo, bóveda, paredes, fachada y campanario; ordenando que tanto el cura, Alonso de Noboa y Gundín, como la Universidad, perceptores por mitad de los diezmos y otros derechos, dispongan de inmediato a su costa el arreglo de la iglesia, asignando cuatro meses para su conclusión y exigiendo certificación del avance de dichas obras.

Bea. Juan Esteban de Reboreda Notario Apostólico vecino de la feligresía de San Jorxe de Bea Certifico a donde convenga y a los señores que vieren la presente como en la última visita que hizo el Ilustrísimo Señor D. Caietano Gil Taboada Arzobispo de la Ciudad y Arzobispado de Santiago en diez de octubre próximo pasado de este año; según consta del Libro de fábrica nuevo de la Parroquial Iglesia de San Jorxe de Bea, a folio diez y ocho de él vuelta; entre otros mandatos y cláusulas se halla lo que se sigue. Y porque hemos reconocido que esta Iglesia se halla indecente y amenazando ruina por la parte de adentro posteada la bóveda de la Capilla Mayor, y por la de afuera desencajada la cantería, muy mal tratadas las paredes del cuerpo de la Iglesia especialmente la de la fachada, sin campanario por lo que la Campana se halla colgada en unos palos, con mucha fealdad, la entrada alta y desigual de suerte que este templo está tan de mala calidad que solo por la necesidad y breve tiempo se puede permitir en él la celebración del Santo Sacrificio de la Misa; por tanto conformándonos con la disposición del santo Concilio, no constándonos como nos consta, que comunidad o persona alguna tenga Derecho de Patronato en esta Parroquia por el cual perciba cantidad alguna y estando ciertos de que la Renta que tiene solo son nueve ferrados y medio de centeno mediado, y ferrado y medio de menudo, y estos por razón de sepulturas donadas y que el caudal existente en Dinero es de ochocientos y cinco reales los que consideramos muy necesarios y precisos para lastrar y componer con decencia así las sepulturas de la Capilla Mayor como del cuerpo de la Iglesia, comprar dos mesas de Corpus, un misal, y manteles para los Altares de que necesita; como así mismo de que la Insigne Universidad de Santiago, y este Cura, perciben de por mitad los Diezmos, primicias e Iglesario. Mandamos a este Cura, que dé noticia y entregue copia de este nuestro auto de Visita al Señor Rector de dicha Universidad, para que ésta juntamente con este Cura dispongan se repare y componga esta Iglesia de suerte que quede como corresponde y es debido a la casa en donde de día y de noche se conserva nuestro Señor Sacramento costeando la obra que fuese necesaria de por mitad, según llevan dichos Diezmos, Primicia e Iglesario, y para la fábrica de todo ello, asignamos cuatro meses de término, desde el día en que dicho Cura diere la referida noticia a dicho Señor Rector, y de lo que resultare, y de haber cumplido con este auto, dicho Cura nos escribirá certificación, y si en su cumplimiento hubiere omisión procederemos contra él como inobediente a nuestros

mandatos que se dirigen a la mayor veneración y culto de Dios Nuestro Señor. Y en esta conformidad, dio su S. Ilustrísima por finalizada la visita de esta Iglesia, y lo firmó de que yo, su Párroco Secretario de Cámara hago fe. Caietano Arzobispo de Santiago por mandado de su S. I. el Arzobispo nuestro Señor D. Juan Antonio Moreyras. Según todo ello consta de dicho Libro y Visita original en él escrita a que me remito que es para en poder de D. Alonso de Noboa y Gundín Cura propio del Beneficio Curado de San Jorxe de Bea referido, y de Santa Marfa de Frades su anejo; que recogió a su poder, y de su pedimento doy la presente que signo y firmo estando en la Casa Rectoral de dichos beneficios a veinte y un días del mes de noviembre de mil siete cientos quarenta y siete. En testimonio de verdad. Juan Esteban de Reboredo⁹.

Una inscripción en el dintel de esta iglesia, atestigua la reparación efectuada en 1746, el año anterior a la visita arzobispal, por el cura de la misma Alonso de Noboa y Gundín. Si la fecha de la epigrafía es correcta, debió de ser muy escasa la intervención realizada, pues el informe posterior detalla graves daños en toda la estructura del templo. Si tuviésemos que enumerar las posibles causas del deterioro de estas iglesias parroquiales durante el siglo XVIII, además del inexorable transcurso de los siglos y las escasas o nulas campañas de conservación, podríamos citar la actividad sísmica que desencadenó el gran terremoto de Lisboa (1 de noviembre de 1755), cuyo impacto sobre el patrimonio arquitectónico queda reflejado en sus graves efectos y daños estructurales. Un nuevo seísmo ocurrido en 1761 vuelve a actuar sobre los edificios que ya habían resultado debilitados por las réplicas precedentes, agravando sus daños. Las patologías descritas en los diferentes informes que veremos a continuación, son compatibles con los daños producidos por las actividades sísmicas, fachada, cuerpo principal, bóvedas, ábsides, cubiertas y torres campanario. Esto es consecuencia del característico sistema constructivo de las iglesias parroquiales, basados en bloques y sillares de cantería, muy resistente aunque carente de la necesaria flexibilidad estructural para soportar tales sacudidas, lo que a medio y largo plazo provoca un progresivo agravamiento de los daños iniciales.

A pesar de la amenaza de ruina y desplome de ambos templos, habrá que esperar a 1798 para retomar y continuar el largo y com-

⁹ AHUS. Bienes de la Universidad - F. U., S. H. 146 P4. Año de 1747. Mazo 6º. N° 4º. Bea, San Jorge. *Testimonio de la resulta de una visita hecha por el Ilustrísimo Señor Arzobispo de Santiago a dicha Iglesia por la que manda la redificación y para ello se avise a esta Real Universidad.* Dos hojas.



Dintel en San Xurxo de Vea, 1746.

plejo proceso administrativo para conseguir su reconstrucción. El cura de Santa Baia de Matalobos, José Varela y San Pedro, solicita al rector y Claustro de la Universidad, la ayuda y contribución de alguna cantidad económica para sufragar esta urgente obra.

Señor Rector y Claustro de la Real Universidad de esta Ciudad. 1798. Para que la Universidad de alguna cosa para componer la Iglesia de Matalobos como patrono de ella.

Don Joseph Varela y San Pedro, Cura de Santa Eulalia de Matalobos. Con el mayor respeto hace presente a V. I. que la fachada de la Iglesia Parroquial, espadaña y la pared del lado del Norte se hallan amenazando ruina, por lo que es indispensable fabricarlas de nuevo. V. I. percibe la tercera parte de Diezmos, la fábrica no tiene caudales, por lo que rendidamente suplica a V. I. se sirva librar alguna cantidad para ayuda de reedificar la Iglesia, en que recurra favor. Joseph Varela y Sanpedro¹⁰.

A continuación del expediente y con fecha 10 de junio, figura un breve informe de averiguación del representante de la Universidad y abogado del Claustro, el doctor Agustín Vales Vaamonde, por el cual contrasta la información del párroco de Matalobos con las de otros curas próximos de San Andrés y San Xurxo de Vea, confirmando al rector y Claustro la amenaza real e inminente de desplome.

Señor Rector y Claustro. A fin de poder informar a V. I. en orden a lo que representó D. Joseph Varela Cura de Santa Eulalia de Matalobos, escribí al Licenciado D. Joseph Mourelle, Cura de San Andrés de Bea, contigua a la de Matalobos y de San Jorge de Bea, me dijese si era cierto lo que exponían el Cura de Matalobos y de San Jorge, y con fecha de 14 de abril me respondió lo que consta de la adjunta carta, y de ella aparece que la fachada y espadaña perdieron el nivel, y amenaza desplomarse la espadaña sobre la tribuna, y que la pared del Poniente está falseada. Es lo que puedo informar a V. I. Santiago 10 de junio de 1798. Dr. Vales.

¹⁰ AHUS. Bienes de la Universidad - F. U., S. H. 161. Año de 1798. Mayo 1º. N° 1º. Matalobos, Santa Eulalia. Solicitud del Cura de esta feligresía pidiendo ayuda de costa para la composición de su Iglesia cuyas diligencias se hallarán unidas a otra igual del Cura de San Jorxe de Bea. Letra B.

El 2 de mayo de 1797, el párroco de San Xurxo de Vea, Benito Blanco Santos Domínguez, había remitido igualmente una misiva informando del mal estado de la parroquial. Manifiesta la entrada de lluvia en el interior del templo por el gran deterioro de la techumbre, imposibilitando la misa y la administración de los Sacramentos, ofreciéndose a colaborar en la obra de reconstrucción. Solicita a la Universidad, como perceptora de la mitad de los diezmos, el envío de un arquitecto para certificar esta urgente necesidad.


Señor Rector y Claustro de la Real Universidad de Santiago. 1798. Para reparos de la Iglesia de San Jorxe de Bea y Santa Eulalia de Matalobos. En Claustro de 15 de diciembre se acordó que este memorial pase al Abogado del Claustro para que informe sobre su contenido.

Don Benito Blanco Santos Domínguez Cura Párroco de San Jorge de Bea con la debida atención expone a V. S. que su Iglesia Parroquial está en el estado más indecente; porque el Altar está de tal suerte deteriorado que al más leve movimiento diariamente se hace polvo; el pavimento promete una total ruina, de modo que en tiempo de agua apenas se puede administrar el Santo Sacramento del Baptismo, ni aun celebrar el incruento Sacrificio de la misa, pues ya se verificó llover en la Sagrada Hostia a causa de la muchedumbre de aguas inevitable a no ser que se haga el techo de nuevo; en la entrada se origina un copioso arroyo de agua que unas veces inunda la Iglesia de suerte que casi se hace imposible la entrada, otras por este motivo están los fieles sin aquella modestia y compostura propia de tan Santo lugar.

Todo esto exige prontos y costosos reparos, la fábrica ni aun tiene para la cera necesaria, el exponente aunque se ve precisado a vivir con alguna estrechez por el socorro necesario de sus feligreses en estos años tan calamitosos, está por su parte pronto a cooperar todo lo posible a fin de que la casa del Señor esté con la decencia a lo menos regular; la Real Universidad lleva enteramente la mitad de los diezmos de esta Parroquia; tiene acreditado su celo con las Iglesias de otras Parroquias, aun no percibiendo igual porción por todo lo qual a rendidamente.

Suplica que qualquiera arquitecto que sea de la aprobación de V. S. pase aun con presencia de algún Señor Graduado a reconocer lo que se expresa, y siendo cierto conceder lo que V. S. juzgue conveniente para tan precisos reparos, en lo que Dios Nuestro Señor recibirá gran obsequio y el suplicante particular favor del muy sabio y justificado proceder de V. S. San Jorge de Bea mayo 2 de 1797. Señores B. L. M. de V. S. su más atento Capellán y seguro servidor, Benito Blanco Santos Domínguez¹¹.

11 AHUS. Bienes de la Universidad - F. U., S. H. 146. P. 5. Año de 1798. Mazo 6º. Nº 5. *Bea, San Jorxe. Solicitud del Cura de San Jorxe de Bea pidiendo ayuda de costa para comprender su Iglesia con las diligencias practicadas en el asumpto, en que están comprendidas las de Santa Eulalia de Matalobos.* En 12 hojas.



Firma autógrafo del cura de Vea, Benito Blanco Santos Domínguez.

El representante de la Universidad, Agustín Vales Vaamonde, considera, a la vista de las pretensiones del párroco de Vea, muy necesaria la reparación de esta iglesia, informando al Rector y Claustro que ante la justa petición deberían librar la cantidad que estimen conveniente para ayuda de la reconstrucción.

Señor Rector y Claustro. Procuré tomar los informes convenientes en orden a lo que representa a V. I. D. Benito Blanco, cura de San Jorge de Bea y de ellos resulta que la Iglesia Parroquial necesita reparos de consideración, aunque yo no puedo prefijar su coste, V. I. percibe en aquella feligresía la mitad de los Diezmos, y el cura ofrece concurrir poner parte a fin de que la casa del Señor esté con la decencia que corresponde, por lo que considero justa su pretensión, y que V. I. podrá librarle alguna cantidad para ayuda de reparos. Es lo que puedo informar a V. I. sobre todo podrá resolver lo que juzgue más acertado. Santiago 10 de junio de 1798. Doctor D. Agustín Vales Vaamonde.

Con fecha 13 de agosto de 1798, el Secretario de la Universidad, Manuel Fernández de Andrade, certifica documentalmente el acuerdo adoptado por el Claustro de día 14 de julio, en referencia a las peticiones de los párrocos de Vea y Matalobos para costear los reparos de sus iglesias. Vistos los informes presentados por el abogado representante del Claustro, señor Vales, se acuerda nombrar como

comisionado para este asunto al doctor Felipe Sobrino Taboada para que redacte un informe sobre el presupuesto necesario para acometer las obras, los ingresos de ambas parroquias y los beneficiarios de sus derechos, con la finalidad de conocer las cantidades que deberá consignar esta Universidad.

1799. Sobre los reparos de las Iglesias de San Jorge de Bea y de Santa Eulalia de Matalobos. D. Manuel Fernández de Andrade, Secretario de la Real Universidad de Santiago, su Claustro y General Estudio, etc.

Certifico que en Claustro celebrado el día catorce de julio próximo por los Señores Directores de dicha Real Universidad se acordó lo siguiente. Se han visto igualmente las pretensiones de D. Benito Blanco Santos Domínguez, Curia de San Jorge de Vea, y D. Joseph Varela San Pedro de la de Santa Eulalia de Matalobos, solicitando algún subsidio o ayuda de costa para los reparos de que necesitan ambas Iglesias. Y se vieron así mismo los informes sobre ello dados por el Abogado de Claustro, y se acordó comisionar como se comisiona al Doctor D. Felipe Sobrino para que averigüe como le sea posible el coste de la obra que más necesiten dichas Iglesias para su conservación; los caudales que tengan las fábricas y Cofradías de una y otra respectivamente y las cantidades con que contribuían los más partícipes en los Diezmos, y de echo informe al Claustro sobre todo ello y lo más que considere oportuno para deliberar el tanto que deba dar o señalar la Universidad. Así consta del Libro de Claustros a que me remito, Santiago y agosto trece de mil setecientos noventa y ocho. Manuel Fernández Andrade, Secretario.

Había en Codeseda coches de aluguer a cargo de J. Ferreira e un camión de transportes de Lino Cachafeiro, ademais dos autobuses de liña regular, o de J. Quibén e Sieiro e Rivas, que acudían ás feiras e mercados, como Santiago, A Estrada, Moraña, etc., e tamén cando se organizaban excursións. Desde Codeseda saía todos os días un autocar que facía o percorrido Codeseda-Pontevedra por Campo Lameiro, pertencente á empresa Ferro, que con posterioridade pasou a mans da empresa *Plus Ultra* e na actualidade pertence á empresa *Cuiña* (Rías Baixas), que fai o percorrido desde Silleda ata Pontevedra, pasando pola Estrada, Codeseda e Campo Lameiro. Outra empresa era *La Estradense* que facía o percorrido de Soutelo de Montes á Estrada pasando por Codeseda sobre as 8 da mañá, e logo enlazaba na Estrada cos que partían en dirección a Santiago e Pontevedra. Pola tarde facía o percorrido á inversa, é dicir, A Estrada-Soutelo de Montes pasando por Codeseda sobre as 19 horas. A mediodía había unha Estradense que partía da Estrada ás 13,20 horas para Codeseda, e saía da citada parroquia ás 14 horas para a capital da vila.

A Garda Civil carecía de seguridade social, pois esta non chega ao Instituto Armado ata principios dos anos oitenta. Eran atendidos en casos de enfermidade polo médico don José Fernández Ferrín, inspector municipal de Sanidade, de aí que en febreiro de 1955 este

dirixise unha instancia á alcaldía da Estrada, solicitando retribución pola atención á Garda Civil de Codeseda e familiares.

A Garda Civil deixou unha fonda lembranza entre a veciñanza de Codeseda. Algúns Gardas Civís contraerón esponsais con mozas desta parroquia ou da demarcación, como o cabo Francisco Enríquez Flórez e os gardas Ramón Rodríguez Porto, Ángel Vega Ranilla, Alfonso Fernández Salgado e Amancio Novoa González. Pero isto tiña un grave prexuízo, pois ao casar na demarcación do posto, se os familiares da moza eran comerciantes, industriais, etc., corrían o risco de ter que pedir novo destino ou ser destinados fóra de forma forzosa, ao aplicarlle a suposta incompatibilidade.

O posto da Garda Civil permanecerá en Codeseda ata o día 26 de outubro do ano 1968, sendo os últimos en formar parte desta Unidade o cabo Comandante de Posto don Aurelio Toresano Fenollosa e os Gardas Civís don Gerardo Crende Lago, don Antonio Fernández Rodríguez e don Ramón Sampedro Rivera. A demarcación do Posto da Garda Civil de Codeseda, así como os seus membros, pasaron a formar parte do posto da Garda Civil da Estrada.

O ingreso na Garda Civil facíase por un período de tres anos, podendo contraer outro novo compromiso cada catro anos. Este sistema permaneceu vixente ata finais dos anos 70 do pasado século. Moitos dos integrantes da Benemérita eran fillos de gardas civís, coñecidos como fillos do Corpo e, como consecuencia da absorción do Real Corpo de Carabineiros do Reino pola Garda Civil, por Lei de 15 de marzo de 1940, os fillos dos Carabineiros eran admitidos tamén como fillos do Corpo. Isto podémolo apreciar nos gardas civís que desempeñaron o cargo no cuartel da Garda Civil de Codeseda.

No que atinxo ao cargo de garda primeiro, o ascenso facíase a dedo. Mantendo a gradación dentro da Compañía á que pertencía o Posto, unha vez destinado fóra da mesma perdía o grao, e volta a exercer de garda segundo. Hoxe esta gradación está a extinguirse. Entre os membros da Benemérita era moi común comentar que os únicos que ascendían a dedo na Garda Civil eran os xenerais e os gardas primeiros.

As diferentes categorías de unidades eran o destacamento, no que o mando recaía nun cabo o un garda; o posto, do que estaba á

fronte un cabo, sargento ou brigada, segundo o criterio do mando; a liña, mandada por un tenente; a compañía cun capitán ao mando, e a comandancia na que o primeiro xefe sería un tenente coronel e de segundo xefe un comandante. O tercio, mandado por un coronel e, para rematar, a zona, baixo a autoridade dun xeneral.

Cabos comandantes de posto de Codeseda

Francisco Enríquez Flores

Nado en Valencia de Alcántara (Cáceres) o 18 de decembro de 1922, era fillo do Carabineiro do Reino Manuel Enríquez Machado e Peregrina Flores Estéllez, naturais de Valencia de Alcántara.

Contraeu matrimonio na igrexa parroquial de San Xurxo de Codeseda o 29 de maio de 1952 con dona Dolores Álvarez Fraíz tendo por testemuñas do enlace a Juan Rodríguez López, José Fuentes Rivas e Lisardo Caramés.

Ingresou na Garda Civil no Colexio de Gardas Xoves da Garda Civil, con data 1 de marzo de 1943. Procedía do posto de Catoira, e como cabo 1º da Garda Civil pasou destinado a Codeseda ao mando da unidade destacada nesta parroquia no ano 1948 e permanece no mesmo ata o ano de 1952, en que se lle aplica a incompatibilidade por ser os seus sogros propietarios do *Bar Manolo*, pasando destinado para o posto da Garda Civil de Cambados. Con data 1 de xuño de 1953 comeza a prestar servizo no posto da Garda Civil da Estrada, onde o concello lle concede a subvención de axuda ao aluguer dunha vivenda. Nos anos 70, primeiro de tenente e logo como capitán, estivo destinado como mestre na Academia da Garda Civil de Tráfico en Madrid. Logo foi xefe da Garda Civil de Tráfico na comandancia de Ourense. Retírase co grao de Capitán, en posesión de varias felicitacións e condecoracións. Finou en Ourense o día 10 de novembro de 2017.

Claudio Hermida Fernández

Nacido o 8 de xullo de 1913 en Asperelo (Rodeiro), fillo de Severino Hermida e de Carmen Fernández Conde, naturais de Santa Eulalia e San Martiño de Asperelo, parroquias ambas do concello de Rodeiro.

Procedente da Caixa de Recrutadas Pontevedra, o 18 de febreiro de 1934 causa alta no Rexemento de Cabalería Nº 2 da gornición en Alcalá de Henares. O 28 de outubro de 1935 pasa á situación de dispoñibilidade do servizo activo. Foi mobilizado o 9 de agosto de 1936 no servizo activo no Rexemento de Artillería nº 15 e o 12 de outubro prestou xuramento de fidelidade á bandeira en Pontevedra. Saíu para a fronte de Asturias e en 1937 segue na mesma situación, tomando parte en todas as operacións de guerra. En marzo é promovido ao ascenso de cabo de Artillería e logo a sargento provisional de Artillería o 18 de agosto de 1938. O 14 de febreiro de 1939 pasa a prestar os seus servizos en Vigo, onde permanece ata rematar a campaña. Con data 20 de marzo de 1939 foille concedida a Medalla Militar Colectiva. Por reorganización do exército, en outubro de 1940, pasa destinado ao Rexemento de Artillería nº 29, de nova creación en Pontevedra. O 27 de agosto de 1941 é destinado ao Rexemento de Artillería nº 30 de Tetuán (Marrocos).

O 8 de setembro de 1941 presenta instancia solicitando o ingreso na Garda Civil e con data 20 de xaneiro de 1942 foi destinado á Benemérita en concepto de garda segundo de infantería, causando alta en febreiro na Comandancia de Costas da Garda Civil de Xixón (Asturias), sendo destinado ao posto de Llaranes. O 30 de novembro de 1942 é destinado á Comandancia de Costas e Fronteiras de Pontevedra, prestando os seus servizos no posto da Ramallosa (Nigrán), onde se incorpora o día 19 de decembro de 1942. Destinado ao posto de Pontevedra o 1º de maio de 1943, en 1944 é destinado á Plana Maior da Comandancia Mixta de Pontevedra. O 22 de setembro de 1947 preséntase na Academia Rexional de Instrucción do Escorial para realizar o curso de cabo, regresando o 23 de decembro unha vez rematado o curso con aproveitamento e con antigüidade de 27 de decembro 1947. En febreiro de 1948 é destinado á comandancia da Garda Civil de Ourense, prestando os servizos no posto de Ourense onde é promovido a cabo primeiro por antigüidade o 30 de decembro 1948. Baixa na comandancia de Ourense o 29 de marzo de 1950, ao ser destinado para a Comandancia de Fronteiras da Garda Civil de Pontevedra, onde causa alta en abril prestando servizo no posto de Bouzas, cesando o 28 de marzo de 1952, pois é destinado ao posto

de Codeseda, a onde se incorpora o día 17 de abril. Concédelle o concello da Estrada unha gratificación para axuda da vivenda de 50 pesetas a partir do mes de maio de 1952. Entrega o mando o 28 de febreiro de 1955, pois causa baixa no posto de Codeseda e alta no posto de Pontevedra, incorporándose o 9 de marzo. Do 17 ao 29 de marzo de 1956 foi a Madrid en comisión de servizo. Examínase o 20 de outubro para prestar servizo en especialistas, resultando apto. Con data 2 de xaneiro de 1961 ascende a sargento e é destinado ao posto de Bueu, incorporándose e facéndose cargo do mando o 10 de febreiro. Concédelle a Cruz da Constancia ao Servizo, recompensada con 1.200 pesetas anuais a partir do 1º de febreiro de 1961. Pasa destinado para a Plana Maior do Terzo de Pontevedra o 28 de xuño, incorporándose o 5 de xullo do mesmo ano. É ascendido a sargento primeiro o 2 de xaneiro de 1964. Concédelle a Cruz da Constancia ao Servizo, que supón 4.000 pesetas anuais. O 9 de xuño de 1967 ascende a brigada. Pasa a situación de retirado o 20 de xullo de 1967. Acontece o óbito de Claudio en Pontevedra o 12 de febreiro de 1969.

En novembro de 1952 tivo un fillo nacido en Codeseda chamado Jesús Hermida González, que segue a profesión paterna de Garda Civil, na actualidade retirado.

Francisco García Cascallar

Viu a luz en Caldas de Reis o 28 de setembro de 1923, fillo de José Manuel e Manuela.

Cabo 1º da Garda Civil, estivo destinado en Codeseda entre 1955 e 1959, pasando destinado para o posto da Garda Civil da Estrada. Pasa a situación de retiro¹ o 1 de outubro de 1979.

O seu pasamento tivo lugar na Estrada o 30 de xaneiro de 2018 e foi soterrado no cemiterio de Tomonde (Cerdeiro).

Aurelio Toresano Fonollosa

Natural de Covelo, parroquia de San Cibrán de Padrenda (Ourense), onde naceu o 31 de xullo de 1933, fillo de Gregorio e Francisca.

¹ *Boletín Oficial do Ministerio de Defensa. Diario Oficial do Exército, Consello Supremo de Xustiza Militar*, no apartado de haberes pasivos.

Ingresa na Garda Civil o 1 de abril de 1954. Veu destinado de Cabo Comandante ao posto de Codeseda o 25 de marzo de 1960. Conta como anécdota que cando se incorporou foi tomar un café ao bar do Panadeiro e díxolle o dono señor Alfonso: *Que sorte a súa, vir destinado a Codeseda, aquí pode vivir e dormir tranquilo que nunca pasa nada.* Ao pouco tempo cometese un asasinato en Tomonde, parroquia que pertencía ao posto de Codeseda. E áinda tivo outro asasinato cometido en Parafita (Nigoi).

Foi o derradeiro cabo da Garda Civil en Codeseda, pois, ao cerrar o posto o 26 de outubro de 1968, é destinado ao posto da Estrada. Ascende a sargento o 24 de setembro de 1970, sendo destinado ao posto de Caldelas de Tui. Ascende a sargento primeiro², e a tenente con data 8 de xuño de 1977, pasando para a comandancia de San Sebastián. Ascende a capitán o 31 de agosto de 1983 e está ao fronte da Compañía da Reserva da 6^a Zona de León, e con data 17 de abril de 1986 pasa destinado³ á comandancia de Ourense. Pasa a situación de retirado no ano 1987. Condecoracións: Cruz da Constancia suboficial, Cruz de San Hermenexildo e Placa San Hermenexildo, ademais de varias felicitacións.

Gardas civís

Ramón Rodríguez Porto

Veu a este mundo o 30 de agosto de 1920 no lugar de Casás, parroquia de Santa Baia de Chamosiños no concello de Trasmiras (Ourense), fillo de Bonifacio Rodríguez Salgado e de Hermesinda Porto Colmenero, naturais da parroquia de San Salvador de Faramontaos, no concello de Xinzo de Limia.

Contrae esponsais na igrexa parroquial de San Xurxo de Codeseda o día 26 febreiro de 1949 con María Piñeiro López. Foron testemuñas do enlace matrimonial Primo Vilas Vázquez, Francisco Enríquez Flores, Emilio Eirín Torres e José López López de Vigo. Pasou a residir no lugar de Fontenlo, na parroquia de Codeseda, onde tiña alugada unha casa.

² *Diario Oficial do Exército* nº 204, de 23 de decembro de 1974.

³ BOMD nº. 73.

Ingrera no Rexemento de Infantería N° 31, de gornición en Astorga, o 26 de outubro de 1938 ata o 19 de novembro, que pasou a formar parte do 7º Batallón de Carros, estando de garda na Serra de Espasante. En 1939 pasa ao pobo de Chirivella (Valencia), onde permanece ata 1940. Xura fidelidade á bandeira do seu rexemento o 20 de xaneiro de 1941. E o 1 de xuño de 1941 causa baixa neste corpo por ter sido licenciado. Mobilizado, preséntase no Rexemento Infantería 56 en Vigo o día 1 de decembro de 1942. Con data 25 de maio marcha con licenza ilimitada.

Procedente do Rexemento Infantería Murcia N°42, ingresa no corpo da Garda Civil na clase de garda segundo de infantería con destino na 2º Comandancia do Primeiro Terzo Móbil (Madrid), firmando un compromiso de tres anos⁴. Con data 21 de abril de 1948 incorpórase á 139 comandancia da Garda Civil de Pontevedra, sendo destinado ao posto de Forcarei. Logo formou parte do destacamento da Garda Civil, creado en 1948.

En febreiro de 1951 foi dado de alta no posto de Especialistas de Vigo e en agosto do mesmo ano de alta no posto de Guillarei. En agosto de 1954 pasa ao posto de Pousa. No ano 1959 é destinado a 122 Comandancia de Ourense, pasando a prestar servizo no posto de Tamairón. En xuño de 1961 é destinado ao posto de Bermude. Causa baixa na comandancia de Ourense o 4 de abril de 1962 e alta na 143 Comandancia, sendo destinado para o posto de Portomoco. O 12 de febreiro de 1963 remite certificado de inutilidade en acto de servizo, expedido polo tribunal médico da 8ª Rexión Militar con data 15 de decembro de 1962, fixando a súa residencia en Ourense. A partir do 1º de abril de 1963, concédenselle gratificación de permanencia no servizo de 2.400 pesetas. O 30 de novembro de 1965 é dado de baixa na 143 Comandancia e alta na 140 Comandancia da Coruña, sendo destinado para o posto de Buño, e en maio de 1967 pasa a prestar servizo no posto de Arzúa. Por Orde 19 de xuño de 1967 concédeselle a gratificación de permanencia no servizo de 3.600 pesetas. Recibe a felicitación⁵ colectiva do Excmo. señor ministro da Gobernación en nome do goberno da nación ás forzas do

4 Orde Ministerial de 12 de decembro de 1947 (D.O. nº 284).

5 Orde Xeneral do Corpo N° 4 de xullo de 1968



María Piñeiro López e Ramón Rodríguez Porto. 1949. Cedida polos irmáns Rodríguez Piñeiro.

Corpo polas más altas calidades de valor, disciplina, honor e espírito de sacrificio. Pasa á situación de retirado no mes de setembro de 1970 por ter cumplido a idade regulamentaria.

Finou en Codeseda o 3 de xullo de 2008 e foi soterrado no cemiterio parroquial.

Ángel Vega Ranilla

Natural de Figueruela de Arriba (Zamora), onde nace o 21 de febreiro de 1921, fillo de Julián Vega Nogal e de María Cándida Ranilla Álvarez, naturais de Alcañices.

Forma parte dos primeiros gardas civís que formaron o destacamento de Codeseda no ano 1948.

Uniuse en matrimonio na igrexa parroquial de San Xurxo de Codeseda o 21 decembro de 1953 con Dolores Álvarez Andújar. Foron testemuñas do enlace o cabo 1º Francisco Enrique Flores, o garda civil Victorino Salinas Izcué e Dalmacio Díaz.

Os pais da dona, tiñan unha carnicería polo que lle aplicaron a incompatibilidade. Estaba destinado no posto de Forcarei no ano 1956. O seu pasamento acontece en Vigo o día 17 de agosto de 2010.

Adolfo Jesús Travieso Montero

O seu nacemento tivo lugar en Chantada (Lugo) o 29 de decembro de 1924, fillo do garda civil Julio Travieso Boén, natural de Ortigueira (A Coruña) e Consuelo Montero López, natural de Somoza (A Coruña). Garda civil destinado en Codeseda en 1948, formou parte do primeiro destacamento da Garda Civil nesta parroquia. Morreu en Ferrol o 7 de decembro de 1990 e foi inhumado no cemiterio de Narón.

Alfonso Fernández Salgado

Orixinario de Lamela de Pereiro de Aguiar, onde veu ao mundo o 12 de marzo de 1924, fillo de Lisardo e de Jesusa.

Contrae matrimonio na demarcación do posto de Codeseda na igrexa parroquial de Santa Mariña de Ribela o 15 de maio de 1954 con María Dolores Vázquez Borrageros, nada en Rivela o 4 de marzo de 1931, filla de Martín e Carmen. Finou o día 23 de xuño de 2001 e recibiu sepultura no cemiterio parroquial de Santa Mariña de Rivela.

Formou parte do destacamento da Garda Civil de Codeseda no ano 1948. En 1954 cando casou atopábase destinado en Gres (Vila de Cruces). Pasou case toda a súa campaña na Garda Civil na Comandancia de San Sebastián, onde estaba destinado no Servizo Fiscal na Sección de Mariños (estes Gardas Civís vestían de cor azul, camisa, guerreira e pantalón e gorra de prato da mesma cor e eran os responsables de facer a visita de fondeo nos buques), e nesa situación alcanzaría a Reserva Activa.

Ingresá como policía local no concello da Estrada, procedente da Agrupación Temporal Militar da Garda Civil, tomando posesión 29 de agosto de 1980 e cesa ao cumplir a idade regulamentaria con data 29 de agosto de 1984, que pasa a retirado.

Amancio Novoa González

Nado o día 9 de novembro de 1923 na parroquia de Santa Baia de Castro de Escudro, concello de Maceda (Ourense), fillo de José Ramón Novoa Vázquez e de Carmen González Crespo, naturais e veciños de Maceda.



Título de armamento, 1965. Foto cedida pola familia Novoa Sieiro.

Casou na igrexa parroquial de San Xurxo de Codeseda o 17 de agosto de 1953 con Dolores Sieiro Castro. Foron testemuñas do enlace o médico José Pena, o cabo 1º da Garda Civil Francisco Enríquez Flores e o industrial Alfonso Fernández Castro.

Os pais da moza eran propietarios do *Bar Isolino*, o que era un impedimento para continuar destinado en Codeseda, pola suposta incompatibilidade, sendo destinado ao posto da Garda Civil de Vilanova.

Ingresara no exército no Rexemento de Artillería Rías Baixas o 16 de abril de 1944, como soldado na clase de artilleiro de 2ª. Xurou fidelidade á bandeira o 31 de maio de 1944. Foi promovido ao emprego de cabo o 21 de decembro de 1944 con alta do día 1 de febreiro de 1945.

Ingresa na Garda Civil o 2 de xaneiro de 1948 en clase de garda segundo de infantería con destino na 2º Comandancia do Primeiro Terzo Móbil (Madrid), onde permanece desde o 1 de xaneiro ata o 31 de abril de 1948. Firma compromiso por un período de tres anos, renovable cada catro anos.

O 19 de abril de 1948 é dado de alta na 139 Comandancia da Garda Civil de Pontevedra, sendo destinado ao posto de Dozón,

logo, o 6 de maio de 1949, pasa destinado ao posto de Borraxeiros; o 1 de decembro de 1950 ao posto de Especialistas de Vigo; o 3 de febreiro de 1951 ao posto de Codeseda; o 1 de maio de 1953 pide destino para o posto de Amorín; o 9 de xullo causa alta de novo no posto de Codeseda e o 13 de abril é destinado ao de Vilanova por aplicación da incompatibilidade.

Foi promovido ao emprego de garda primeiro con data 1 de decembro de 1954. Con data 10 de xuño de 1955 é dado de alta no posto de Pontevedra e está concentrado no balneario da Toxa do 4 de xullo ao 1 de outubro de 1957. O 1 de agosto de 1959 é dado de alta na plana maior da 139 Comandancia de Pontevedra. O 29 de setembro de 1962 marcha para Madrid, para seguir un curso de formación de mecánicos elementais de máquinas de escribir, regresando unha vez superado o curso o 22 de outubro. Segue destinado na plana maior da Comandancia. O 2 de outubro de 1965 marcha de novo para Madrid para tomar parte no curso «Mecánicos Elementais de Armamento e Máquinas de Escribir», presentándose o día 4 na xefatura de armamento da Dirección Xeral do corpo.

O 19 de xullo de 1968 recibiu a felicitación colectiva do ministro de Gobernación. En 1972 ascende ao emprego de garda primeiro⁶. Con data 23 de maio de 1973 do centro directivo do Estado Maior, Xefatura de Armamento, remítelle «Título de Especialista en Explosivos» e é destinado na plana maior da comandancia de Pontevedra en armamento. O 14 de xaneiro de 1975 marcha para A Coruña con motivo de facer o «Curso Nacional de Información sobre Desactivación, Levantamento e Destrucción de Artefactos Explosivos non Regulamentarios no Exército», de onde retornou o día 5 de marzo como apto. Do 11 ao 15 de maio estivo en Madrid no Departamento Central de Explosivos.

Con data 9 de novembro de 1981 pasa á situación de reserva activa na plana maior da comandancia de Pontevedra ata o seu pase á situación de retirado o día 9 de novembro de 1988. Fixa a súa residencia en Codeseda, onde vivía coa súa dona, ata ter lugar o seu óbito, que acontece o 15 de decembro de 2020.

6 Orde Xeral N° 16 de 13 de abril de 1972



Certificado, 1975. Cedido pola familia Novoa Sieiro.

Victorino Salinas Izcue

Naceu o día 29 de marzo de 1916 en Eugui, pertencente ao municipio de Esteribar da Comunidade Foral de Navarra, fillo de Romualdo Salinas Vergara e de Getrudis Izcue Bronte, naturais de Murugarren, municipio de Yerri (Navarra.)

Ingresou na Garda Civil no ano 1941, sendo destinado ao posto de Mundaca, da comandancia da Garda Civil de Bilbao, onde permanece ata o ano 1944 que pasa destinado á comandancia da Coruña no posto de Cee, onde permanece ata incorporarse ao posto da Garda Civil de Codeseda o 1 de maio de 1953.

Recibe gratificación do Concello para axuda do aluguer da vivenda na sesión de 3 de xuño de 1953, pois tiña unha casa alugada no lugar de Barro. Causa baixa no posto de Codeseda no ano 1956, sendo destinado para o extinto posto A Pasaxe na parroquia de Camposancos no concello da Guarda, e do ano 1958 ata 1959 no posto de Baiona.

En 1959 pasa destinado para o posto de Collanzo en Asturias ata que en 1961 recalca de novo na comandancia da Coruña, sendo



Victoriano Salinas Izcue, 1955.
Cedida por Víctor Salinas.

destinado para o extinguido posto de Caión (A Laracha), onde se retira o día 29 de marzo de 1966. Ata que por cumplir a idade determinada no parágrafo 1º da Orde Ministerial de 14 de marzo de 1944, pasa a situación de retirado na 140 Comandancia da Garda Civil da Coruña⁷, onde se atopaba destinado. Finou na Coruña o 2 de outubro de 2008 e foi inhumado no cemiterio de Caión (A Laracha).

Vicente Corral Casal

Natural do lugar de Vilasuso, parroquia de Santa María a Maior do Val, no concello de Narón (A Coruña), onde naceu o 26 de maio de 1926, fillo de Manuel Corral López e de Asunción Casal Rodríguez, naturais da parroquia de Santa María a Maior do Val de Narón.

Ingresou no exército como voluntario o 1 de febreiro de 1946 no Rexemento Mixto de Artillería Nº 2 do Ferrol como artilleiro de 2ª clase. Prestou xuramento de fidelidade á bandeira o día 13 de xuño de 1946. No ano 1949 causa baixa neste corpo por finalizar o seu compromiso co exército.

En decembro de 1949 concédeselle o ingreso no Corpo da Garda Civil e está desde o 1 de xaneiro de 1950 na Academia Rexional de Instrucción da Garda Civil, en Madrid, ata finais de abril do mesmo ano. Foi considerado apto na clase de tropa como garda segundo de infantería, sendo destinado á comandancia de Pontevedra e por Orde de 30 de marzo pasa a ocupar destino no extinguido posto de Eiras (O Rosal). Con data de 15 de marzo de 1951 é destinado ao posto de especialistas de Vigo e en xullo do mesmo ano pasa o posto de especialistas de Bouzas. O 18 de marzo de 1953 é dado de alta con destino na Estrada e con data 11 de marzo de 1954 pasa a Codeseda, onde permanece ata o 22 de xullo de 1960, incorporándose á comandancia da Garda Civil da Coruña o 10 de agosto, sendo destinado para o posto de Malpica. O 12 de maio de 1962 pasa destinado ao posto de Santa Comba. O 27 de outubro do mesmo ano foise para

7 Diario Oficial do Exército, nº 71, de 27 de marzo de 1966, páxina 1.417.

o Pazo de Meirás, regresando ao seu destino o 29 de decembro. Realiza o Curso de Cabo por oposición na Academia para cabos en Madrid desde o 20 de marzo de 1964 ata o 20 de xuño que finaliza dito curso coa cualificación de apto. Concédeselle dito grao coa antigüidade de 20 de novembro de 1963, pasando destinado para a comandancia da Garda Civil de Pontevedra, prestando os seus servizos no extinguido posto de Eiras (O Rosal), facéndose cargo do mando o 8 de xullo de 1964. Ascende a cabo primeiro por antigüidade o 20 de novembro de 1964. Causa alta na comandancia da Garda Civil de León con dereito a indemnización por troco de residencia, incorporándose ao posto de Riaño o 24 de xuño de 1965. O 22 de xullo foi concentrado para a comandancia da Coruña con motivo da estancia da S.E. o xefe do Estado, retornando a Riaño o 26 de agosto.

Despois dunha longa enfermidade finou no Hospital Militar de Pontevedra o 19 de outubro de 1966, cando contaba 40 anos. Casado, pai de dous fillos gardas civís, un, José Corral Peón, que veu ao mundo no cuartel da Garda Civil de Codeseda e que ingresa na Garda Civil, retirándose co grado de comandante, sendo pai de Vicente, que foi o número un da súa promoción de oficial e que recibiu das mans da súa maxestade o rei Juan Carlos I o sable de oficial (tenente) e na actualidade ostenta o grado de tenente coronel. O segundo fillo, Jose Manuel Corral Peón, é tamén garda civil, destinado na Unidade de Policia Xudicial da comandancia da Garda Civil de Pontevedra.



Vicente Corral Casal, 1952. Cedida por José Corral Peón

Manuel Anselmo Soto González

Nado o día 31 de maio de 1922 na parroquia de San Xulián de Celagantes, municipio da Peroxa (Ourense), fillo de Constantino Soto Pandiello, natural da parroquia de Santiago de Carracedo, e de Elena González Quiroga, natural de Celagantes, ambas na Peroxa.

Garda civil, estaba destinado en Codeseda en 1957 procedente do posto de Crecente. Finou en Vigo o día 30 de decembro de 2005.

Luis Arenaz Alcaide

Natural de Cambados onde naceu o 9 de febreiro de 1924, fillo do Carabínero do Reino Manuel Arenaz Arenaz e de Juana Alcaide Porras. Finou en Pontevedra o 4 de xuño de 2003 e foi sepultado en Santa Mariña Dozo en Cambados.

O 1º de decembro de 1944 entra como recruta de caixa, artilleiro de 2ª no Rexemento Artillería nº 25.

Causa alta no corpo da Garda Civil con destino a 2ª Comandancia do Primeiro Terzo Móvil (Madrid), firmando por un período de tres anos⁸.

O día 28 de abril de 1945 efectuou a súa incorporación á 139 Comandancia Mixta de Pontevedra en calidade de garda segundo de Infantería, procedente da 2ª Comandancia do Primeiro Terzo Móvil (Madrid), sendo destinado ao posto da Garda Civil de Vilanova de Arousa.

Renova o compromiso de reenganche cada catro anos. O 1 de xaneiro de 1950 recoñéceselle o primeiro quinquenio (logo no ano 1951 os quinquenios pasan a trienios por Orden da Xefatura do Estado de data 19 de decembro de 1950).

Con data 14 de abril de 1954 é dado de alta no posto da Garda Civil de Codeseda, pertencente a 7ª Compañía da Estrada, procedente do posto de Vilanova de Arousa. Na revista de marzo de 1956 é promovido ao emprego de garda 1º por reunir as condicións que determina o artigo 2º do Regulamento de Ascensos das Clases de Tropa do Corpo.

8 D.O. nº 281. Orde do Ministerio do Exército de 11 de decembro de 1944.

O 19 de xaneiro de 1957 prestou xuramento de fidelidade á bandeira e estandarte do rexemento de Artillería de Costa Rías Baixas de garnición en Pontevedra.

Con data 17 de marzo de 1959 fíxose cargo, con carácter accidental, do mando do posto de Codeseda, cesando neste cometido o 31 do mesmo mes. Isto repetirase varias veces nos anos seguintes, xa que volve a facerse cargo con carácter accidental do posto de Codeseda en xuño-outubro dese ano, en abril-maio de 1960, en xuño de 1962, en novembro-decembro de 1964, en novembro-decembro de 1965, en xuño e en novembro de 1966 e en setembro de 1967.

Pola proximidade ao peche do posto da Garda Civil de Codeseda, na revista do mes de outubro de 1968, causa alta como garda 2º na Plana Maior da 631 Comandancia da Garda Civil de Pontevedra, á que se incorporou o día 5 do dito mes.

O 1º de xaneiro de 1970 recibiu unha gratificación de 3.600 pesetas por permanencia no servizo.

O Excmo. señor tenente xeneral director con data 2 de decembro de 1971 aproba a proposta para que desempeñe o cometido de escribente no Servizo de Estatística Militar da 631 Comandancia de Pontevedra.

Ascende ao emprego de garda primeiro⁹ e pasa á situación de Retirado a finais do mes de febreiro de 1974 por cumplir a idade regulamentaria¹⁰.

Manuel Rubianes Urcera

Natural do lugar da Lagoa (Vilagarcía de Arousa) onde veu a este mundo o día 11 de novembro de 1913, fillo de Enrique Rubianes Cardalda e María Alberta Urcera Vázquez, ambos naturais do lugar de Sobrán en Vilagarcía.

Ingresá na Garda Civil, sendo soldado da Agrupación de canóns antitanques. Por Orde 27 de xaneiro de 1941 ascende a Garda Segundo sendo destinado para a comandancia de Navarra¹¹.

9 Orde do 63 Terzo nº 218 de 28 de febreiro de 1973

10 Orde do Ministerio do Exército de data 23 de novembro de 1974

11 B.O.E. nº 52, de 21/2/1941, pág. 1272- Ministerio do Exército-Dirección Xeral da Garda Civil.



Comida familiar dos gardas Arenaz e Rubianes.
Foto cedida por Luis Arenaz Coronas.

Destinado en Codeseda desde mediados de 1950 ata o seu pase a situación de retirado en novembro de 1967. Xa retirado incorpórase a destinos civís. Finou o día 6 de outubro de 2007 en Vilaxoán (Pontevedra).

Benigno Fernández Álvarez

Nado en Teis (Vigo) o 12 de outubro de 1934, fillo do garda civil Benigno Fernández Estévez e de Carmen Álvarez Estévez.

Ingrésa na Garda Civil o día 1 de xaneiro de 1955. Estivo destinado en Codeseda a principios do ano 1960, procedente do posto de Goián (Tomiño). Pasa destinado para intervención de armas da comandancia de Pontevedra a mediados de 1968. Retirado¹² con data 12 de outubro de 1999, finou en Pontevedra o 10 de maio de 2008.

Gerardo Crende Lago

Viu a luz o 22 de xaneiro de 1920 en Santo Adrián de Cobres, concello de Vilaboa (Pontevedra), fillo do carabineiro do Reino, Pedro Crende Pérez e de Concepción Lago González.

Procedente do Rexemento de Infantería N° 57, ingresa na Garda Civil na Academia Rexional de Instrucción de Santiago de Compostela. Garda segundo¹³ con data 10 de febreiro de 1944. Desde o

¹² Boletín Oficial Defensa, nº. 116, de 16 de xuño de 1999

¹³ Diario Oficial do Exército, nº 35 de 12 de febreiro de 1944.



Gardas Arenaz e Crende. Foto cedida por Luís Arenaz Coronas.

desaparecido posto de Canido (Vigo) chega destinado en agosto de 1960 ao posto da Garda Civil de Codeseda. Unha vez pechado este cuartel, colle destino no posto da Estrada. Retirado en xaneiro de 1970, pasa a vivir a Pontevedra.

Tiña tres fillos gardas civís, o cabo 1º Gerardo Crende Rubiños, o garda civil José Antonio, e Pedro, que naceu en Codeseda en setembro de 1964 e foi garda civil auxiliar.

Gerardo Crende Lago finou en Pontevedra o 11 de abril de 1991.

Fernando González López

Veu destinado como garda civil a Codeseda a finais de 1967. Estando en Codeseda realiza o curso de cabo, ascendendo a primeiros de 1968 e sendo destinado dentro da Comandancia da Garda Civil de Pontevedra.

Antonio Fernández Rodríguez

Garda Civil destinado en Codeseda nos primeiros meses de 1968. Co peche do cuartel, pasa destinado ao posto da Estrada.

Morreu no Hospital Militar da Coruña entre 1975 e 1978, e foi sepultado en Parada do Sil (Ourense).

Ramón Sampedro Rivera

Nacido en Cerdeira no concello de Xunqueira de Ambía (Ourense) o 25 de agosto de 1943, fillo de Filemón Sampedro Gómez e de Manuela Rivera Simón.

Garda civil, incorporouse ao posto da Garda Civil de Codeseda o día 15 de agosto de 1968, pasando a residir na casa de Manuel Porto e Felicitas, que rexentaban un bar-ultramarininos. Co peche do cuartel a finais de outubro do mesmo ano pasa destinado para o posto da Garda Civil da Estrada.

No ano 1977 realiza un curso de transmisións e en xaneiro de 1979 é destinado á compañía de Noia (A Coruña) como operador de transmisións. En decembro de 1982 foi destinado á compañía de Santiago como operador de comunicacións CECOM. En maio de 1986 pasa á 1^a Zona de Madrid. No ano 1988 é destinado ao CECOM da comandancia de Lugo e no ano 1991 pasa ao CECOM da Comandancia de Ourense, onde se retira no ano 2001.

Pai de dous fillos Gardas Civís, Carlos Sampedro Meire, destinado no COS da Comandancia de Bilbao, e Begoña Sampedro Meire, primeira muller Tedax da Garda Civil, destinada no Grupo Especial de Desactivación de Explosivos da Comandancia da Garda Civil da Coruña.

Outros gardas civís destinados en Codeseda foron Severiano e Ovidio. Non encontramos datos sobre eles malia as intensas pescudas realizadas.

Codeseda sen cuartel

Velai que co peche da Casa-Cuartel da Garda Civil comeza a decadencia de Codeseda. Posteriormente, a xubilación dos médicos don José Pena Eirín e don José Fernández Ferrín –que abandona de forma definitiva a parroquia– leva a que a farmacia de Francisco Eirín Torres sexa pechada e se traslade á Estrada, onde na actualidade permanece co nome de farmacia Eirín, diante da praza do Concello. Esta farmacia rexentouna don Francisco Eirín, logo a súa filla Ana e na actualidade a súa neta, tres xeracións de farmacéuticos.

Co empobrecemento do rural chega a emigración cara a lugares, onde poder traballar e aforrar uns cartiños, de aí que uns se trasladen a Madrid, Cataluña, Asturias e País Vasco, mentres que outros emigraron por Europa, a Francia, Suíza, Alemaña ou Reino Unido, e mesmo a países de ultramar como Estados Unidos, Canadá, México, Arxentina e Venezuela, entre outros. Isto fixo que moitos dos nosos veciños se acomodasen á nova situación laboral emprendendo alí unha nova vida. Os empresarios fóreronse xubilando e pechando os seus negocios. Os únicos que seguen co mesmo establecemento son o taller de automóbiles Antonio Picallo, que agora rexenta o seu fillo Moncho Picallo e antes que despois pasará o relevo ao neto Brais Picallo; a panadería *O Panadeiro* de Codeseda rexentada na súa fundación por Alfonso Fernández Castro e a súa dona Elvira González Canabal, tres xeracións de panadeiros, continuando co negocio o fillo Juan José Fernández González e na actualidade polo neto dos primeiros panadeiros, Alfonso Fernández Muras; o café-bar *O Panadeiro* de Codeseda, hoxe propiedade de Alfonso Fernández Muras e rexentado na actualidade pola empresaria da hostalaría Esther Domínguez Castro, con atención excelente e unha calidade do produto que exalta a comida caseira, cunha extensa variedade de pratos e tapas, ademais dos seus famosos callos. Outros establecementos son a tenda de alimentación da señora Dolores da Regenga, Dolores Vázquez, que logo rexentou o seu fillo Manuel Vázquez Graña, xunto co súa dona, Lela Neira, e que hoxe dirixe a súa neta Rosabel Vázquez Neira. Carpintería de Manuel Leal Caramés que na actualidade dirixe José Fuentes co nome de carpintería de Codeseda.

Codeseda na actualidade carece de sucursal bancaria, aínda que ata hai uns anos contaba con Caixa de Aforros e unha oficina do Banco Santander, agora as dúas pechadas. Abanca, a través dun autobús, atende aos veciños unhas horas un día á semana.

En canto á sanidade, temos unha farmacia rexentada por Susana Rodríguez Lorenzo, un centro de saúde que é atendido polo popular doutor Oscar Rancaño Brañanova e unha enfermeira, en horario de mañá de luns a venres agás os mércores.

A alimentación conta cun supermercado, xa citado. Hai dous bares, o referido do Panadeiro e o outro situado na fermosa car-

balleira que, aproveitando o tirón do camiño xacobeo da Geira e Arrieiros, púxolle este nome. Dúas perruquerías rexentadas unha por Sandra Rivas de la Iglesia e a outra por Susana Rivas dos Santos. Unha tenda Taylo, onde se pode atopar de todo, incluíndo prensa e revistas, rexentada por Carmen López Eirín. Por outra banda están a dispor do público catro casas de turismo rural, *Casa Avelina Garrido*, pioneira en Galiza do turismo rural, rexentada por María Luz Sofía Constenla Garrido e na actualidade pola súa filla Maite Brea, *Casa do Avó*; *O Palomar*, dirixida por Francisco Liste e *Casa Vagalumes*, rexentada polo seu propietario Alejandro Sanmartín.

No eido da cultura conta cun CEIP que leva o nome do poeta de Codeseda, José Manuel Cavada Vázquez, onde acoden cativos de toda a comarca, mesmo da vila da Estrada. Conta con comedor e os niveis que se imparte son infantil e primaria. Conta esta parroquia con biblioteca, instalada nos baixos do antigo Grupo Escolar.

No que atinxe á relixión, a Igrexa católica conta cunha igrexa parroquial en Codeseda, unha ermita de San Antonio no lugar de Monteagudo e o santuario da Virxe de Guadalupe no lugar da Grela. A Igrexa evanxélica ten un centro evanxélico de retiros e campamentos no lugar de Quintas.

Desde a nosa modesta opinión, o rural tiña que recibir máis axudas das administracións públicas, facilitar á xente nova establecerse no rural, dotándoo de servizos e tecnoloxía hoxe en día imprescindibles, baixándolle os impostos e facilitándolle créditos de baixo interese para desenvolver pequenas industrias, gandeiras ou agrícolas, con produtos ecolóxicos, e a apertura de establecementos comerciais.

Non é atractivo para posibles veciños vérense establecidos nun mundo rural decadente, quizais polo abandono un pouco por parte de todos, porem é unha realidade que se palpa ao fixar a vista nas beirarrúas cheas de herbas, pistas sen limpar, carballeira da feira en total abandono, palco da música descoidado e escachado, colectores do lixo instalados na fermosa carballeira a carón do camiño da igrexa que deixan un cheiro fedorento, lixo por fóra, cristais no chan. Refuxio de pesca en total abandono, etc.

Malia todo, hai en Codeseda veciños que traballan para que a vila se recupere e se revitalice. Xente nova que a través de asociacións como a de «Mulleres Rurais», «Codeseda.com» e «Codeseda Viva» poñen todo o seu afán en recuperar as nosas orixes, en promover o que temos de valor, como pode ser o Camiño da Geira e dos Arrieros que atrae a peregrinos, a rota de sendeirismo percorrida por deportistas e camiñantes que gozan da natureza, un ábsida románica do antigo mosteiro feminino baixomedieval de Codeseda que capta a estudantes, investigadores e historiadores. Todo isto ofrece un ambiente familiar para que novas familias se instalen na parroquia.

Antes de pechar este artigo chega a boa nova de que a antiga Casa Cuartel da Garda Civil vai ser restaurada. Parabéns aos propietarios do inmoble.

Fontes orais

Membros da Garda Civil destinados en Codeseda: o capitán Aurelio Toresano Fernollosa e os gardas Amancio Novoa González e Ramón Sampedro Rivera.

Fillos deses gardas civís destinados en Codeseda: Victor Salinas, Luis Arenaz Coronas, irmáns Elvira e Manuel Rodríguez Piñeiro e Novoa Sieiro, Comandante José Corral Peón, cabo Gerardo Cende Rubiños e garda Jesús Hermida González.

Persoas vincelladas ao posto da Garda Civil: a madriña da entrega da bandeira Purificación Pena Chicharro e o seu irmán Genaro Pena Chicharro. Luís Álvarez Fraiz, fillo do dono do inmoble que ocupaba a Casa-Cuartel da Garda Civil de Codeseda.

Bibliografía

- AA.VV. Codeseda.com en papel, nº 2 Asociación Codeseda Viva (2020)
- FARO DE VIGO.- (Silvia Pampín) Ecos de un tiempo en el que Codeseda tuvo Benemérita. 27 xuño 2012.
- FERRO PEGO, Luís. (2008) *Galicia- Heráldica, Xenealoxía e Nobiliaria*, tomo LIX, Heráldica Institucional. Capítulo 6. «Forzas e Corpos de Seguridade». Hércules de Edicións. A Coruña.
- Nomenclátor de Galicia*, toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares.
- PENA, Genaro (2010) «Apuntes para una biografía: el médico Pena, José Pena Eirín y su esposa Manolita Chicharro» *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, Nº 13, Ed. Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela.

Fontes documentais

ARQUIVO MUNICIPAL DA ESTRADA. Documentos da Garda Civil de Codeseda, Libros Actas dos Plenos do concello e Libros de Sesións da Permanente do concello.

DIRECCION XERAL DA GARDA CIVIL, Sección Arquivo Garda Civil.- Madrid.

BOLETÍN OFICIAL MINISTERIO DE DEFENSA. Diario Oficial do Exército. (Bibliotecavirtualdefensa.es)

BOLETÍN OFICIAL ESTADO. N°52, de 21 de febreiro de 1941, páxina 1272

BOLETÍN OFICIAL DA GARDA CIVIL. Sección Persoal

BOLETIN OFICIAL DAS CORTES XERAIS. Senado 20 outubro 1995.

DIARIO OFICIAL DO EXÉRCITO, núm. 35 de 12 de febreiro de 1944, pax. 755
(bibliotecavirtualdefensa.es)

DIARIO OFICIAL EXÉRCITO. núm. 71 de 27 de marzo de 1966, pax. 1.417. (Biblioteca-virtualdefensa.es)

REXISTRO CIVIL de Caldas de Reis, Cambados, Chantada, Esteribar-Navarra, A Estrada, Figueruela deArriba (Zamora), Ourense, A Peroxa, Pontevedra, Rodeiro, Trasmiras, Valencia de Alcántara (Cáceres), Vigo, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa e Xunqueira de Ambía.



Desde la parroquia compostelana de Santa María Salomé a la estradense de San Andrés de Souto

M. Carmen Folgar de la Calle

mdelcarmen.folgar@usc.es

Resumo. Este artículo estudia el retablo mayor de la iglesia de San Andrés de Souto, que llegó a esta parroquia estradense, en 1833, procedente de la compostelana iglesia de Santa María Salomé; un retablo diseñado y ejecutado en 1712 por Miguel de Romay, un retablista considerado como uno de los grandes representantes del siglo XVIII español. Se analiza también el proceso constructivo de la iglesia, que culmina, siendo párroco don Andrés Díaz y Rodríguez, a comienzos de la década de 1830.

Abstract. This article studies the main altarpiece of the church of San Andrés de Souto, which arrived in this estradense parish in 1833, coming from the Compostela church of Santa María Salomé; an altarpiece designed and executed in 1712 by Miguel de Romay, an altarpiece considered one of the great representatives of the Spanish 18th century. The constructive process of the church is also analyzed, which culminates, with Don Andrés Díaz y Rodríguez being the parish priest, at the beginning of the 1830s.

San Andrés de Souto, anexo de San Miguel de Arca:
Tiene esta parroquia treinta feligreses. Los fructos todos
a la cura, que valdrán sin los de San Miguel de Arca, su
caveça, quarenta cargas de pan. Presentación también
según dicen de la casa de Goldar. La fábrica tiene de
renta dos ferrados de centeno.

Cardenal Jerónimo del Hoyo: *Memorias del arzobispado de Santiago*, 1607¹

El 27 de agosto de 1833, según consta en el *Historial e inventario de las Iglesias de Arca y Souto*², llega a la parroquial de San Andrés de Souto, coincidiendo con el final de la reedificación de su iglesia, el retablo que había presidido la capilla mayor de la iglesia de Santa

1 Edición de Rodríguez González, A. y Varela Jácome, B., *Santiago de Compostela*, s. f., p.491.

2 Este dato fue dado a conocer en el artículo publicado en 1958 por Otero Túñez, R.: «Miguel de Romay, retablista», *Compostellum*, vol.3, nº 2, 1958, p.198. Y el documento citado figura en el Archivo Histórico Diocesano. Santiago de Compostela (A.H.D.S.) Serie Administración parroquial, P001086, San Miguel de Arca, Historial e inventario de la Iglesia de San Andrés de Souto, Año 1750-1950, fol. 2r.



Fig.1. San Andrés de Souto, A Estrada, interior.

María Salomé de Santiago, y que desde esa fecha preside el presbiterio de la iglesia estradense.

La iglesia de San Andrés de Souto

La iglesia actual de Souto es una fábrica que empezó su proceso de renovación a finales de la década de 1760, aunque las obras pro seguirán lentamente hasta el año 1833, fecha en que adquiere su configuración actual (Fig.1)³. En los libros de Fábrica, conservados en el Archivo Histórico Diocesano⁴, han quedado registradas esas obras, que generalmente fueron realizadas siguiendo los mandatos que en sus visitas pastorales a la parroquial hicieron a los arzobispos de Santiago, o sus representantes⁵.

Así el año 1768 don Bartolomé Rajoy, en su condición de visitador general, manda:

- 3 Fotografías: José Mª Folgar, salvo las indicadas al pie de la imagen.
- 4 Agradezco a su Director Monseñor D. Salvador Domato Búa y a su archivero D. Damián Porto Rico su colaboración y facilidades para la consulta de la documentación.
- 5 En estas visitas, como señala Baudilio Barreiro, además de recordar las normas referentes a aspectos relacionados con la liturgia, también se recogen otras alusivas al arreglo y mejora de las iglesias (Barreiro Mallou, B.: «La diócesis de Santiago en la época moderna», en García Oro, J. (coord.): *Historia de las diócesis españolas. Santiago de Compostela y Tuy-Vigo*, T. 14, Madrid, 2002, p.293 y ss.

que se hagan por el menor coste que fuere posible los dos colaterales de la epistola y evangelio por hallarse sin ningün servicio, y que en el cuerpo de la Yglesia se abran dos tragaluces de cada lado el suio para que tenga luz. Que se reedifique la tribuna y haga lo mas preciso en la iglesia segun su caudal y todo con ynterbencion y a censo de los vecinos, que se cierren con puertas los atrios⁶.

Once años despues, en 1779, es don Juan Varela Fondevila, obispo de Tanes y auxiliar del arzobispado de Santiago, quien ordena que se:

repare el techo de la sacristia... Respecto al techo de la capilla mayor se halla muy deteriorada y sus paredes muy bajas y disonantes de las del cuerpo de la Yglesia, manda su Ylma que el cura se lo haga presente al patrono para que a termino de seis meses disponga alzar y reedificarla nuebamente a proporcion de dicho cuerpo de Yglesia y no lo ejecutando de quenta al Fiscal Eclesiastico Real de su majestad para que pidan lo conveniente a esta grave necesidad.

Indica tambien el obispo auxiliar que se:

Allanen las sepulturas y a lo adelante sea de quenta de los herederos de cada difunto el dejarla que se obre en la misma conformidad. Que los vecinos a termino de cinco meses allanen el atrio por la espalda y lado de la sacristia dando corriente a las aguas, pero de modo que no se escarben los cimientos en la iglesia. Haciendole Via Crucis de canteria, cerrando dicho atrio con cancel⁷.

En 1785 es el arzobispo Fray Sebastián Malvar y Pinto el encargado de visitar la parroquial, ordenando:

que respecto el crecido vecindario de esta parroquia, corta capacidad de su Yglesia, que es muy incomoda, baja de techo y hallarse amenazando ruina por la parte del solano, dispondra el cura se derribe y construya de nuevo de cuenta de los feligreses, o de la Persona que deba hacerlo segun derecho haciendolo constar en el Tribunal de Justicia y en atencion tambien a que el referido cura⁸ ofrece por su parte contribuir a la referida obra con trescientos ducados, desde luego se podra dar principio a ella con dicha cantidad, levantandose antes el correspondiente plano, y practicando las demas diligencias necesarias⁹.

Pero toda la obra planificada en 1785 no debió llevarse a término de inmediato, quizás por falta de medios, pues las Cuentas del año

⁶ A.H.D.S. Serie Administración Parroquial, P001114, Arca, San Miguel y Souto, Santo André, Fábrica 1748-1857, fol. 25 r. y v. Los folios citados, salvo otra indicación, corresponden siempre a la Fábrica de Souto, cuyos datos figuran en la segunda parte de este legajo, mientras los primeros folios se recogen los datos referentes a la parroquia de Arca.

⁷ A.H.D.S. Idem., fol. 35 r. y v.

⁸ En esta fecha el párroco de Souto era don Joaquín Pardo.

⁹ A.H.D.S. Serie Administración Parroquial, P001114, Arca, San Miguel y Souto, Santo André, Fábrica 1748-1857, fol. 43 v. y 44 r.

1798 todavía recogen lo gastado en el tejado de la iglesia por el estado ruinoso que presentaba:

en primero de octubre de noventa y ocho entrego Ygnacio Lorenzo doscientos reales que importo la madera del primer trozo de la Yglesia que segun posturas importo lo mismo, cuia cantidad se empleo en veinte y dos dias de jornales, clavos, herrajes para el tejado, diuision de la iglesia, sacristia, colocacion de campanas y otros reparos para su decencia por hallarse toda la Yglesia hasta el Arco toral derrivada¹⁰.

Y todavía las Cuentas del año 1800 registran 298 reales que se «entregaron al Maestro que trabaja en la reedificacion de la Yglesia de esta feligresía en virtud de escritura otorgada entre este y mas vecinos»¹¹.

No volvemos a encontrar datos sobre obras hasta las cuentas comprendidas entre los años 1829 y 1833, a las que luego me referiré.

Antes debemos recordar la presencia en esta parroquia de don Andrés Díaz y Rodríguez, al que debe mucho esta iglesia de San Andrés. Es este un personaje singular, por su posicionamiento en las circunstancias que en su época vivió Galicia. Figura como párroco de Arca y Souto al menos desde 1830¹², pero años después, en 1861, lo encontramos en Santiago como canónigo de la catedral¹³; y en esta ciudad muere en 1876, siendo enterrado en el claustro de la catedral, en cuya lápida se dice:

Andrés Díaz y Rodríguez, natural de Santa Eulalia de Arca, cura que fue de San Miguel de Arca y anejo Souto, Caballero de la Real y distinguida Orden de Carlos III, Capellán de honor de la S.M., Canónigo de la S.Y. de Lugo y Santiago. Falleció el 14 de agosto de 1876 a los 73 años.

Muy posiblemente don Andrés Díaz estaba ya al frente de las iglesias de Arca y de Souto cuando, en noviembre de 1830, la pa-

10 A.H.D.S., Idem., fol. 57 r.

11 A.H.D.S., Idem., fol. 58 v.

12 En el Libro de Fábrica de San Miguel de Arca, el 24 de diciembre de 1830 don Andrés Díaz se presenta como párroco de Arca y Souto. A.H.D.S. Serie Administración Parroquial, P001114, Arca, San Miguel y Souto, Santo André, Fábrica 1748-1857, fol. 66v.

13 En 1861 con motivo de los trámites para la construcción de la Iglesia de San Miguel de Arca se dice que es Sabedor del proyecto el digno Parroco que ha sido de dicha Yglesia Sr. Dr. Andres Diaz Rodriguez, hoy elevado por sus meritos a Canonigo de la Metropolitana de Santiago . A.H.D.S. Fondo General 1261 (1850-1865), Obras de construcción y reparación de templos. Mazo 19. Arciprestazgos de Tabeiro y Vea. Agradezco a D. Damián Porto Rico el dato facilitado.

rroquia recibe la visita del arzobispo Fray Rafael de Vélez. Y resulta curioso que, frente a lo que hemos visto ocurría en las actas de las visitas pastorales anteriores, en la de Vélez no aparece en el libro de fábrica ninguna referencia a posibles mejoras a realizar en la iglesia¹⁴. Estas se comprendían, a continuación del acta, en una nota bajo el epígrafe de «Cuentas de los años 1829 a 1833»:

Da *Gallaecia sueva* da segunda metade do século VI procede a *Divisio Theodomiri*, máis coñecida quizais pola denominación *Parochiale Suevum*, venerable códice onde se detallan as dióceses organizadas polo rey Teodomiro, así como as parroquias agregadas a elas. Cómprase fixar neste momento a orixe da división parroquial do territorio galaico, que acada, a finais da Idade Media, a súa definitiva conformación, especialmente no ámbito rural, chegando aos nosos días praticamente inalterada. O proceso de formación da parroquia da Estrada –bastante inusual polo serodio da súa execución–, responde ás aspiracións dunhas elites locais que, trala instalación da capitalidade municipal e cabeceira de partido xudicial no pobo da Estrada, emprenden un ambicioso proxecto de remodelación territorial. O seu obxectivo céntrase na reunificación do pobo da Estrada nunha soa entidade parroquial e a dotación dunha área rural circundante que lle asegurase unha futura expansión.

Como se sabe, o núcleo urbano da Estrada estaba repartido entre tres parroquias. A liña que conforman as rúas Avda. de América, Capitán Bernal, Peregrina, Calvo Sotelo, Ulla e Fernando Conde –todas elas denominacións actuais– servía de divisoria entre Figueiroa (á esquerda desa demarcación) e Ouzande-Guimarei. Entre estas dúas últimas a linde marcábaa a actual rúa Serafín Pazo-Bedelle. As tres freguesías confluían nun punto que podemos ubicar no centro mesmo da Praza de Galicia ou da Farola, auténtico quilómetro cero do territorio estradense.

Este proceso de reordenación pódese concretar da seguinte maneira:

1. Supresión da parroquia de San Paio de Figueiroa, que pasa a denominarse San Paio da Estrada.
2. De Guimarei anexionábase a porción ubicada entre Serafín Pazo e Calvo Sotelo-Ulla.
3. De Ouzande tómase o territorio situado entre Serafín Pazo e as rúas hoxe denominadas Peregrina, Cap. Bernal e Avda. de América.
4. A Matalobos suprímenselle os lugares de Pedregal e Río de Sapos, que pasan a formar parte tamén da nova parroquia da Estrada.

O Concordato de 1851, promovido polo Goberno de Isabel II coa intención de adaptar as demarcacións eclesiásticas á nova división civil¹, constituíu o marco xurídico das accions emprendidas por aquela burguesía emerxente, eminentemente urbana, que encontrou nos gobernos liberais a comprensión e apoio político que precisaban para lograr os seus fins.

Pola súa parte a Igrexa, que viña de pasar dous durísimos procesos desamortizadores, non ofreceu resistencia aos arranxos parroquiais estradenses, centrándose toda a oposición, desde o púlpito e os altares, nos párrocos que se vián privados dunha parte sustancial do seu territorio e a conseguinte merma de fregueses, coa mingua que isto

¹ *S.M. la Reina me ha enviado Real Cédula del tres de enero de este año, que contiene las bases convenidas con el M.R. Nuncio de Su Santidad para el nuevo arreglo de parroquias que debe hacerse en cumplimiento de lo estipulado en el Concordato. Carta do arcebispo compostelano Miguel García Cuesta. Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (AHDS), cartafol 1.218.*

supuña nas rendas ou beneficios eclesiásticos por eles percibidos. Houbo tamén descontento e reclamacións por parte dos fregueses das parroquias de Figueiroa e Matalobos; os primeiros queixábanse da supresión da parroquia e a traslación da igrexa² ao lugar da Estrada; os de Pedregal e Río de Sapos porque a distancia ao templo parroquial aumentara considerablemente. Mais en xeral encontraron satisfacción ás súas demandas os veciños de Figueiroa, Ouzande e Guimarei residentes no núcleo urbano estradense, ao veren considerablemente reducidas as distancias a percorrer deica os templos parroquiais que lles correspondían, alonxados nalgúns casos ata 3 km. das súas casas.

De seguido, conforme ao indicado no título deste artigo, ofrecemos unha breve mostra de documentos relacionados co proceso de remodelación parroquial estradense do século XIX.

Documento 1. Disposición do Goberno Eclesiástico do Arcebispado de Santiago autorizando a creación da parroquia de San Paio da Estrada no ano 1865.

Estrada, San Pelayo. Erigimos esta parroquia formada principalmente de la de San Pelayo de Figueroa, cuya iglesia se trasladó edificándola de nuevo en La Estrada, y de la pequeña de San Lorenzo de Ouzande, que tiene 90 vecinos, por su proximidad al punto llamado La Estrada. Se incorporan también a ella las aldeas llamadas Brea y Río de los Sapos, que hoy pertenecen a Matalobos, por separarlas de esta un río y hallarse inmediatas a La Estrada, como también las llamadas Bayuca y Bedelle, de la de Guimarey, con las casas que esta tiene en La Estrada, por estar también próximas a la nueva iglesia, viniendo así a resultar una parroquia de 147 vecinos o unas 700 almas [...].

Por esas mesmas datas vivían 900 persoas en Berres, 1.315 en Codeseda, 835 en Olives e 1.208 en Vinseiro, por citar só algúns exemplos. Cómpre salientar que aqueles 700 habitantes estradenses estaban distribuídos por todo o territorio parroquial, incluindo os denominados «núcleos periféricos» (Río de Sapos, Pedregal, Vilar, Cañoteira, Decoita, Pozo do Barro e Regueiro), constituindo a poboación estritamente urbana unha entidade bastante menor.

-
- 2 Á igrexa parroquial de Figueiroa, que se encontraba no interior do actual cementerio, prenderonlle lume e quedou destruída. A nova igrexa de San Paio da Estrada (hoxe desaparecida) encontrábase no solar que ocupa o coñecido como «Edificio Banco Simeón», na confluencia das rúas 56 e San Paio.
- 3 AHDS, serie *Arreglo parroquial*, cartafol 1.218. Enténdese por *veciño* cada unha das persoas que encabeza unha unidade familiar; un veciño equivale a unha ou varias *almas*, persoas individuais.

Documento 2. Carta do párroco de Olives, Manuel Gómez ao arcebispo compostelán Miguel García Cuesta, proporcionando información solicitada. Olives, 19 de maio de 1854

Excmo. e Ilmo. Señor Arzobispo.

Informados de los adjuntos estados producidos por los Sres. Curas y Ecónomos de este Arciprestazgo, debo manifestar a V.E.I. que los juzgo conformes en lo general, y que deben conservarse todas las parroquiales existentes en él, para administrar el pasto espiritual qual corresponde a los fieles; pues aunque parezca corto el número de almas de algunas parroquias, como en Lagartones, Agar y Ouzande, atendiendo a la escasez de sacerdotes, a lo montañoso y quebrado del país, edad y achaques de los curas, sus obligaciones de celebrar, rezar, administrar sacramentos, instruir a los fieles y preparación para esto necesaria, extensión de partidas, toma de cuentas, contestaciones, certificados y a la vigilancia continua que está el párroco obligado a practicar, corrigiendo a unos, alentando a otros y guiando a todos, con lo demás que la Religión y la piedad prescriben y está anexo a la cura de almas, es evidente que apenas cuenta un párroco con hora en que poder descansar en cualquier día de su vida, y mucho peor cuando atacan fiebres y otras pestilencias que se repiten con frecuencia. Y a la verdad, si 800 hombres de ejército cuentan 207 superiores, a nadie puede parecer excesivo que un solo párroco tenga a su cargo 300 almas.

No obstante es verdad que parece necesaria la rectificación de algunas parroquias, en las que convendría segregarles algún lugar o lugares y agregarlos a otras. Mas aun esto ofrece dificultades por el cariño que cada habitante conserva a la iglesia en donde recibió los Santos Sacramentos y existen los restos de sus antepasados. Y para hacerlo qual corresponde convendría ante todo examinar la voluntad de los vecinos que se hallen en tal caso sobre si quieren ir a otra parroquia o quedarse en la que están. Pues aunque haiga (*sic*) algunos que por tenacidad quieran ser vecinos de donde fueron siempre, habrá otros que aprecien en mucho estar próximos a su iglesia, por tener que ir a esta más de noventa veces al año.

Juzgo de necesidad absoluta, atendiendo el Artículo 13 de la Real Instrucción del 3 de Enero, de crear una parroquia en la capital del Partido Judicial de Taboirós, pueblo de Estrada, con lo que pueden suprimirse, por de pronto, la de Figueroa, hoy unida a la de San Pedro de Toedo, por quanto está ya arruinado aquel templo⁴; y cuando esté servible el que de nueva planta se construya en la dicha Estrada⁵, convertir en ayuda de parroquia la de Ouzande. El tal pueblo pertenece actualmente a las parroquias de Guimarey, Ouzande y Figueroa; esta tiene destruido su templo hace años; la de Guimarey, además de estar muy distante, tiene el tránsito difícil por los malos caminos y un riachuelo en medio que crece demasiado en sus avenidas; la de Ouzande y una capilla de la misma

-
- 4 Ardeu –verase más adiante en que circunstancias– no ano 1853, áinda que puideron salvarse algunas imaxes que pasaron ao novo templo parroquial.
- 5 Foi bendecido o novo templo por don Manuel Álvarez Monteserín, párroco de Figueiroa, o 25 de xuño de 1858.

erigida en el referido pueblo de La Estrada son los únicos templos a donde concurren a oir misa en los días festivos los vecinos de la capital y los de Figueroa que residen fuera de ella.

El pueblo de La Estrada es la mayor población reunida del Partido y no parece regular por los vecinos que tiene cada una de las tres mencionadas parroquias en este pueblo vaya todo el a una iglesia distante a cumplir con los preceptos eclesiásticos⁶ reuniendo en si más almas que las que tienen muchos de los actuales curatos. Puede que alguno de los tres señores curas y aun los patronos legos de las parroquias expresadas lo resistan, pero estos inconvenientes los salvará V.E.I. con su acreditada justificación.

Es cuanto con verdad debo informar a V.E.I. cuya importante vida suplico a Dios se digne conservar muchos años para el bien de este Arzobispado. Rectoral de Santa María de Olives, mayo 19 de 1854.

Excelentísimo e Ilustrísimo Señor: B.L.M. de V.E.I. el mínimo capellán Manuel Gómez (firmado e rubricado).

Emite o sacerdote Manuel Gómez a solución sensata e equilibrada que acabou imponéndose: crear *ex novo* a parroquia de San Paio da Estrada a costa de todo o territorio de Figueiroa e as porcions urbanas de Guimarei e Ouzante.

Documento 3. Carta dos veciños de Guimarei, Ouzande e Figueiroa ao arcebispo de Santiago, 14 de mayo de 1863

Eminentísimo Sr. Los que suscriben, vecinos de la parroquia de San Julián de Guimarey y San Lorenzo de Ouzande, en el arciprestazgo de Taboirós y de San Pelayo de Figueroa en el de Vea, a Vuestra Eminencia Reverendísima, con la más respetuosa consideración, exponen: que aunque de diferentes parroquias todos viven en un mismo pueblo, que es la villa de La Estrada, capital del Ayuntamiento del propio nombre y del Juzgado de Primera Instancia de Taboirós, en donde y a inmediaciones de las casas de los exponentes se halla situada la iglesia parroquial de dicha de Figueroa⁷, que hace de pocos años se construyó por orden de Vuestra Excelencia, estándolo al naciente y mediodía de la misma y a una distancia irregular las de Guimarey y Ouzande, por cuya circunstancia van a ella solo los días y actos de riguroso deber, asistiendo en todos los más y con regular y continua frecuencia a la referida de Figueroa, la que por hábito y por el mismo estado y ser de las cosas consideran como su parroquial.

La situación topográfica de dicho pueblo con sus limítrofes, su unidad y su mismo interés cristiano requieren que lo sea, y cada año que transcurra serán más

6 Só por poñer un exemplo: unha persoa que vivise na banda dereita (mirando cara o leste) da actual rúa Calvo Sotelo era fregues de Guimarei e para cumplir os preceptos relixiosos e asistir á misa dominical onde lle correspondía debía percorrer uns 3 km. de mal camiño, especialmente no inverno.

7 Non é ata 1865 que se crea a parroquia da Estrada, pasando a denominarse aquela igrexa de San Paio de Figueiroa San Paio da Estrada, onde se celebrou culto deica 1935, ano da bendición do actual templo parroquial.

afirmantes las circunstancias que lo exijan porque se va cimentando en el mismo considerablemente la población y a cada paso serán mayores las necesidades espirituales y más conveniente el que la dirección religiosa esté concentrada en un solo párroco.

En vano el interés individual se opondrá a tal resultado, porque acontecimientos de esta clase son efecto de circunstancias providenciales a las que todos contribuyen sin percibirse a veces de las consecuencias que producen, y dadas las cuales es tan necesaria la unión de los pueblos como el que los cuerpos físicos, obedeciendo a una ley de la Naturaleza, graviten sobre su centro. Impulsados por ellas y sin siquiera reparar en el fin a que conducían sus esfuerzos, contribuyeron todos los vecinos de La Estrada, cada uno según su posibilidad, y sin que fuese obstáculo pertenecer a diferentes parroquias, a la construcción de este templo en el que ahora desean confundirse como hermanos y como feligreses de un mismo párroco.

Inspirado, seguramente, por la Divinidad, ha designado Vuestra Excelencia el sitio en que se ha edificado esa iglesia que esta población debe en gran parte a la piedad y el auxilio de su dignísimo Prelado, a quien se envanece de contar como uno de sus fundadores principales.

Vuestra Eminencia ha estudiado ya esta cuestión sobre el terreno y con recto y seguro criterio puede apreciar la justicia de esta solicitud y la necesidad de su inmediato planteamiento, por lo cual los que representan, persuadidos de que ha llegado el día de completar la obra empezada y de que en esta ocasión les auxiliará con la protección que hasta aquí se ha dignado dispensarles, encarecidamente y con el más respetuoso acatamiento le Suplican se sirva disponer, como acuerdo preventivo y sin perjuicio de estar a lo que se resuelva en el Expediente de Arreglo General, la unión a la parroquial de Figueroa de todos los vecinos del referido pueblo y villa de La Estrada que pertenezcan en el día a las parroquias de Guimarey y Ouzande, inclusas las casas de La Bayuca y Bedelle dependientes del mismo; disponiendo que el párroco de aquella las atienda y administre espiritualmente como a sus más feligreses, circulando al efecto las más órdenes oportunas a quien corresponda.

Es gracia que se prometen alcanzar de la justificación y piedad de Vuesta Eminencia. Estrada, a catorce de Mayo de mil ochocientos sesenta y tres⁸.

Velaquí unha carta cunha boa redacción e perfectamente argumentada. Os declarantes, veciños do pobo da Esatrada, manifestan, en primeiro lugar, o absurdo de ter que desprazarse longas distancias para acudir aos seus templos de referencia, polo que o fan *solo los días y actos de riguroso deber*, tendo *a inmediaciones de las casas de los exponentes a igrexa parroquial de Figueiros*, logo da Estrada. O argumento é sólido e incuestionable. Cómpre decir que o cura de Ouzande, Juan Manuel Fontenla, para evitar precisamente esta dificultade e

⁸ Tan só dous anos despois, no 1865, estas aspiración vanse ver plenamente colmadas.

o absentismo dos fregueses de Ouzande veciños da Estrada, mandou construir, a carón do Cárcere de Partido, moi perto da actual casa da terceira idade, unha capela baixo a invocación da Virxe Peregrina, da que hoxe queda tan só na lembranza o nome da rúa.

Existira na Estrada outro centro de culto, a Igrexa do Espírito Santo, ubicada quizás no solar que despois ocupou a parroquial, isto é, o predio que hoxe ocupa o denominado «Edificio Banco Simeón». Consta que xa polo 1840 estaba arruinada.

Documento 4. Carta do párroco de Guimarei, Domingo Antonio Núñez ao arcebispo de Santiago, 9 de outubro de 1861

Muy Señor mío de todo mi respeto. Contestando a la favorecida de V.E. del 2 del corriente debo decir que cuando V.E. nos pidió a los tres curas de La Estrada nuestro parecer acerca de la traslación y edificación de la Iglesia de Figueiroa, ¿qué había de hacer yo solo, sabedor por voz baja de que los mandantes, auxiliantes y ejecutores de la persecución de los curas, su prisión, ruidosas causas formadas en clubs bacanales habían derribado la capilla del Espíritu Santo, quemado la iglesia⁹ con el siniestro fin de hacerla nueva allí? Tales sansculotes¹⁰ (sic) eran capaces de quemarme a mí, mi casa e iglesia.

Mi constancia, quebrantada ya con tan largo padecer, aflojó. Para consuelo de mi debilidad me viene a la memoria la flaqueza de un Liberio¹¹, de un Osio¹² en Sirmich y de otros tantos respecto de quienes soy un enano, un pigmeo. Corramos el telón y vamos al remedio.

El artículo 27 del Concordato y la palabra de V.E. son suficiente garantía para alejar de mi toda sospecha de parcialidad por ser actualmente cura de Guimarei en lo que voy a proponer cumpliendo el deber de satisfacer a V.E. Aún mas, no aceptaba yo espontáneamente y lo haría por obediencia solamente. Pero ¿cómo he de pasar por alto la riqueza de esta iglesia por la posición topográfica de la parroquia, que abraza el mejor terreno y del señor patrono bienhechor de ella en todos tiempos? Eran dos mil ferrados de maíz por quinquenio y casi otros mil de las demás especies que me valían las dos parroquias¹³ de diezmo, primicia y demás, excediendo ésta a La Somoza, cerca de una tercera parte. Su fábrica 1.200 rs., Cofradía del Santísimo 520 y la de San José 260.

9 Conforme a este testemuño autorizado, a igrexa de Figueiroa foi incendiada intencionadamente.

10 *Sansculottes*, sector más popular da Francia revolucionaria que se distinguiu polo seu activismo radical.

11 apa (+366), foi perseguido pola súa defensa da ortodoxia católica fronte á herexía ariaña.

12 Bispo cordobés (256-357) sufriu tamén padecemento pola súa oposición ao arianismo; faleceu en Sirmich, cidade da actual Serbia.

13 Guimarei e A Somoza.

Esta parroquia paga anualmente en la actualidad de contribución territorial 13.280 rs. La de Ouzande 5.476 por el mismo concepto, y la de Figueroa 4.920. Matalobos 4.796 , es decir, 1.912 menos que las tres juntas. El Patrono dio cien ducados en 1709 que se trasladó e hizo¹⁴. Para la de La Somoza 5.400; para una campana de esta, 2.000. Don José Mosquera, dos ornatos, uno de tesú (*sic*) y otro de terciopelo, una capa pluvial para difuntos, que ya no hay, y la corona de plata de la Virgen del Rosario que tiene.

El Excmo. Sr. Don Juan Ozores 935 rs. que le pedí para la viga y techo de la Capilla Mayor , más dos cortinas de damasco de seda que, con las que compré de damasco de lana, cubren y adornan las paredes de aquélla.

Pagaba a la fábrica 6 ferrados de mediado anualmente, que ahora lleva la Hacienda, todo consta del libro de fábrica. Por estas y otras consideraciones que emitiré quisiera me acompañase desde la tumba al sepulcro la buena fama de mi celo por el bien de esta iglesia y que viéndose aherrojada sin reivindicar sus derechos no se propalase la reforma como un nuevo lauro a las exageradas conquistas de la época y adelantos del siglo por descuido de su pastor, que no dudo se diría en alta voz por mediar otro agente principal en la designación de la capitalidad, que causó confinamientos y alguna muerte.

Esta iglesia de San Julián de Guimarey está en el extremo de la parroquia, al naciente, y La Estrada en el otro al poniente, siendo el trayecto intermedio de un cuarto de legua que lleva, en andando a las vueltas a un paso regular, media hora. Por consiguiente, a excepción de los lugares de Campos, Gudín, Cruz, Sangiao o de la Iglesia, que están en la misma línea de ella, los otros diez y seis se van aproximando a La Estrada, contribuyendo a la formación de aquel pueblo 25 (ya llegó a 29) vecinos, con ciento treinta y cuatro almas, los más ricos en su mayor número, no sólo de La Estrada, que es pobre en cultivo y ganadería sino de la misma parroquia y aun del Partido, cuatro por lo menos. Por cuya razón y la de ser el terreno de buena calidad se hacen menos casas al lado de Guimarey, y porque se presta para la formación de pueblo con más ventajas se trata de expropiación forzosa a cuyo efecto vino el ingeniero de provincia a formar el croquis por el terreno de esta parroquia tocando en la de Ouzande. Puede que no pase de proyecto pero es cierto que se trata de eso.

Toda La Estrada, compuesta de las tres parroquias, no es suficiente para formar una, e incapaz de sostener el culto con el esplendor y decoro propio de una capital de Partido. Las proposiciones evidentes no necesitan de prueba. Tampoco sirve Ouzande que es de Estrada, con 83 vecinos, inclusos 18 de La Estrada y Bedelle, que componen 372 almas. Toedo 56 vecinos y almas 195, de primer ascenso. Figueroa 90 vecinos, inclusos 40 de La Estrada y arrabales echas de nuevo la mayor parte y almas 396. Total de ambas parroquias 146 vecinos y 591 almas. Para hacer a esta iglesia de término no llega a las 801 para coadjutor ni para la dotación del máximo del Concordato, como lo expresa el Artículo 21 del Real Decreto de tres de enero de 1854.

¹⁴ No 1708 empezou a obra da nova igrexa parroquial de Guimarei, a actual, e rematouse a súa fábrica no 1709, sendo cura Feliciano Fernández de Boán. Contribuiu xenerosamente a sufragar o novo edificio don Antonio Michael Mosquera, señor da Torre e Pazo de Guimarei.

Era preciso engalanar a esta parroquia con los 25 vecinos de Guimarey y los 18 de Ouzande. En este caso esta iglesia quedaría, y ésta sin haber a dónde acudir para indemnizarla de la pérdida. A Guimarey, nada de Aguiones ni de Lagartones, solo por no distar más que dista La Estrada se le podrían agregar 17 casas pobres en su mayoría de los lugares de Mollarрабo y Viso de San Jorge de Cereijo de 84 vecinos; 6 del lugar de Jereliz (4 de ellos muy pobres) y 12 del lugar de Sandán, ambos de Santiago de Taberós. En este caso Cereijo quedaría muy desmermado y Guimarey de ascenso. Toedo de término¹⁵ por la regla de: quitarte tú para ponerme yo, que son las leyes del embudo, distando algo más que Guimarey de La Estrada.

Advierto que en La Estrada no hay casa rectoral, huerto ni terreno para ello a no mediar un precio fabuloso. Para obviar a todos estos inconvenientes propongo lo siguiente, que en mi opinión a nadie perjudica.

Muertos los actuales curas, antiguos poseedores, el de Matalobos ochenteno, el de Ouzande de 72 años cumplidos, el de Toedo 65 y el de Guimarey 64, únanse San Pedro de Toedo y Santa Eulalia de Matalobos con un cura y dos iglesias, pasando el anejo suyo, San Salvador de Baloira, de 26 vecinos, al de San Julián de Vea, de 83.

Guimarey, San Julián, de 157 vecinos y 837 almas, que es de término, San Pelayo de Figueroa y San Lorenzo de Ouzande, parroquia de término con dos iglesias, un párroco y coadjutor pagado por el Estado, quedando la iglesia de Ouzande en clase de capilla por ser la de menor importancia. Los lugares de Río de Sapos y Rigueiro, que serán 7 casas, pasan de Figueroa a Matalobos y las dos de Castrelo de Figueroa a la de Toedo. Somoza, San Andrés, anejo de la de Guimarey, de 118 vecinos y 561 almas, sola con un párroco. A este efecto debe reservarse la pieza de iglesario de 10 ferrados en sembradura pegada al atrio y casa de la iglesia para aumentarla y huerto. También puede unirse a Santiago de Taberós, con lo que se alegraría mucho el cura por la inmediación, buen camino y servicio de una parroquia aglomerada. Siendo mayor La Somoza que Parada, las seis casas del lugar de Jereliz se debían adjudicar a Guimarey inmediato.

San Pedro de Parada, anejo de la de Taberós, a Santa María de Nigoy, mucho más inmediatas que con las de Taberós, y aquí es claro el aumento de 115 vecinos, con 465 almas.

Estando en posesión y costumbre tradicional de no aplicar los curas que tienen anejo más que una misa *pro populo*, sería bien hacer una aclaración de que con estas uniones no se crean nuevos deberes para los párrocos.

No estoy por hoy bien informado del lugar de La Cruz, de San Verísimo de Arcos, y de otro de San Julián, y otro de Baloira acerca de los vecinos y distancias para unirlos a Matalobos y Toedo a fin de que no sufra perjuicio alguno esta parroquia. Si hace falta, con aviso de V.E. iría personalmente su más leal y afectísimo sacerdote y capellán Q.B. el A. de V.E.I.

Domingo Antonio Núñez (firmado e rubricado)

¹⁵ As parroquias, según a súa poboación e capacidade de xerar as rendas que percibían os párrocos delas, clasificábanse en: 1, de entrada; 2, de primeiro ascenso; 3, de segundo ascenso e 4, de término.

Debe recoñecerse que o párroco de Guimarei, Domingo Antonio Núñez, ademais de coñecer perfectamente a realidade demográfica e social do territorio estradense, tiña moi ben estudiados os decretos do Concordato de 1851. Maniféstase totalmente contrario á reunificación de parroquias porque ese arranxo supuña unha significativa reducción do ámbito da súa freguesía, precisamente na área urbana, alí onde vivían moitos dos veciños máis prósperos e ricos do pobo da Estrada. No seu afán de conservar o que di corresponderlle en xustiza, non deixa de argumentar *pro domo suo*, esquencendo quizás que as propostas que ofrece son irrealizables porque implican abondos cambios territoriais, costumes inmemoriais alteradas e dereitos menoscabados. Evidentemente a súa proposta non foi aceptada pola autoridade eclesiástica.



Os petróglifos da Quenlla dos Carballos na Estrada. Un santuario rupestre cunha dedicatoria a Diana na ribeira do Ulla

Colectivo A Rula

colectivoarula@gmail.com

Juan Manuel Abascal Palazón

juan.abascal@ua.es

Resumo. Estudo do xacemento rupestre da Quenlla dos Carballos localizado na parroquia de San Xurxo de Vea, no concello da Estrada. Achéganse datos de novos paneis gravados e unha nova interpretación dun conxunto rupestre considerado ata agora de época histórica. Os traballos realizados permiten identificarnos un espazo sacro cun uso moi prolongado ó longo do tempo, dende o período Calcolítico ou Bronce Inicial, representado polas combinacións de círculos concéntricos propios da Arte Rupestre Atlántica, ata o século I da nosa era, cunha inscrición votiva dedicada á deusa Diana.

Abstract. Study of the cave site in Quenlla dos Carballos, located in San Xurxo de Vea parish, in A Estrada city council. It provides information about new engraving panels and a new interpretation of the site. The carried out work allowed to identify a sacred space with prolonged use over time, from the Copper or early Bronze Age, represented by panels with Atlantic Rock Art, to the first century AD, with a votive inscription to the goddess Diana.

Introdución

As gratas sorpresas continúan no traballo de revisión que estamos a facer nos últimos meses dos xacementos rupestres da contorna inmediata da comarca de Santiago. Nesta ocasión cruzamos á outra beira do río Ulla para acercármonos ó Concello da Estrada e visitar a estación catalogada co nome de Quenlla dos Castiñeiros e a súa contorna que, malia a información previa dispoñible, revelouse como un xacemento de altísimo interese para a investigación da nosa arte rupestre prehistórica.

Achegamos aquí un primeiro informe dando noticia das novas descubertas e do grande interese que presenta este ben cultural, un conjunto rupestre considerado erroneamente como de época histórica (GA36017212).

Os traballos realizados permiten identificar un espazo sacro cun uso moi prolongado ó longo do tempo, comezando no período Calcolítico ou Bronce Inicial, representado polas combinacións de círculos concéntricos.

culos concéntricos propios da arte rupestre atlántica (unha delas de case un metro de diámetro), ata o século I da nosa era, segundo se desprende do exame dunha inscrición votiva dedicada á deusa Diana. Un enclave especial na paisaxe, cun uso continuo que perdurou ata épocas recentes, como reflicten a presenza de cruces cunha presumible intención de cristianización e como gravados de termo.

Alén disto, o emprazamento alíñase topoastronomicamente respecto do Pico Sacro no orto do luasticio maior norte, o que evidencia a existencia no lugar dunha adoración a unha deidade indíxena lunar que o sincretismo relixioso romano converteu na deusa Diana.

Outro elemento de especial interese é a presenza dun motivo barquiforme vinculado a un círculo con coviña central, que semella representar unha embarcación solar/lunar, representación sen paralelos coñecidos no corpus de arte rupestre do noroeste.


É un xacemento excepcional ó combinar a presenza de arte atlántica galega nun lugar de culto precristián posteriormente cristianizado. A análise dos diferentes paneis gravados testemuña a sacralización dun outeiro de grande simbolismo situado a rentes do Ulla.

Situación

O xacemento da Quenlla dos Carballos/O Viveiro sitúase na cima dun outeiro próximo á ribeira do Ulla, no lugar do Casal da parroquia de San Xurxo de Vea, no norte do concello da Estrada. Coordenadas UTM: 29 T 535475 4732011, altitude: 182 m.s.n.m.

O conxunto patrimonial da Quenlla dos Carballos emprázase nunha interesante contorna natural de bosque autóctono atlántico mais con certos matices de clima mediterráneo, no que destacan os numerosos exemplares de sobreiras, típicas da bacía do Ulla, que aparecen mesturadas con carballos. Non obstante, as recentes plantacións de eucalipto que chegan a escasos metros das rochas gravadas están a mudar esta paisaxe.

Este outeiro é un magnífico miradoiro natural sobre o río Ulla, a 450 m de distancia, nunha zona de canón con pendentes superiores ó 30%. Neste treito do río aínda poden verse antigas pesqueiras,




Plano de situación do xacemento.

como a de Bumio (Barcala), no concello da Estrada, ou a de Bustelo na ribeira teense, localizadas entre os coutos de Couso e Sindé, antes da zona coñecida como o Pozo Negro.

Asemade, dende este outeiro, dada a súa privilexiada situación no bordo da depresión meridiana, podemos albiscar as principais elevacións que conforman a paisaxe da bacía do Ulla: ó norte o Alto da Cruz de Cabanelas, o Monte da Cruz do Xastre, a aldea de Coira, na parroquia de Reis, e Rial do Mato, na de Rarís, todos no concello de Teo. Tamén podemos divisar a estivada do desaparecido mosteiro de S. Bieito en Padrón.

Cara ó poñente divísanse as aldeas da parroquia de Carcacía, e nun segundo plano a cordal que forman o Monte Miranda e os cumios do Meda, Castelo de Roque, Castelo Redondo e Monte do Castelo (Padrón), e máis o SO, o Castro Valente entre Padrón e A Estrada. Cara ó leste, o Souto de Vea, Couso e as terras altas de Pontevedra co castro de Santa Marta en Teo, a aldea do Vilar en primeiro termo e, por detrás, o gran faro da comarca, o Pico Sacro. A visión cara ó sur vese reducida pola maior elevación do veciño monte da Pedra Santeira que oculta a vista das aldeas da parroquia de San Xurxo de Vea.

Na súa contorna, a 700 metros ó leste, está catalogado un petróglifo histórico, a denominada Pedra Santeira, GA36017210, un pequeno panel a rentes do chan cun cruciforme e varios alfabeti-



Fotografía aérea do Outeiro da Quenlla dos Carballos e a súa contorna ó NO.

formes realizados por un antigo propietario do monte, canteiro de profesión, na segunda metade do século pasado (Fernández Castro: 2008). A 1500 metros ó sur, localízase o petróglifo da Costa dos Cabalos (GA36017211), xacemento con catro interesantes paneis graníticos con motivos xeométricos característicos da arte atlántica e, a 200 metros deste, a Pedra dos Cabalos, GA36017090, que comprende dous paneis con coviñas, cruciformes e outros motivos de máis difícil interpretación.

O petróglifo da Quenlla dos Carballos

Neste afloramento de xisto de considerables dimensións localízanse varios paneis gravados con motivos diversos que, inicialmente, podemos adscribir a varios períodos cronolóxicos, dende os más antigos, da Idade do Bronce, ata os más modernos, xa de época medieval/moderna. É un afloramento de penedas de formas irregulares e dimensións moderadas, rochas con formas de crista con superficies verticais irregulares que se apoian entre si formando pequenos abrigos ou agochos baixo delas.

A primeira referencia a este conxunto aparece na publicación *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural* do ano 2008, no artigo



Fotografía xeral coa distribución dos diferentes paneis.

«Gravados rupestres da Estrada: da Idade do Bronce ós nosos días» (páxs. 217-218), do investigador estradense Juan Andrés Fernández Castro. O autor atopa moitas similitudes entre os soportes pétreos desta estación e da veciña Pedra dos Cabalos, coa que considera que tamén comparte unha cronoloxía histórica. Nunha sucinta descripción indica a presenza nela de cruciformes, circunferencias e curvas abertas.

Na actualidade, o xacemento está catalogado no Plan Básico Autonómico da Xunta de Galicia e no inventario patrimonial do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello da Estrada (páx. 65) do ano 2013 co código GA36017212 coa denominación de Quenlla dos Castiñeiros. Na correspondente ficha de inventario clasifícano como un gravado de época medieval composto por tres paneis con diversos cruciformes e cazoletas e unha «cartela» non lexible con luz natural.

Analizada a toponimia catastral e a recollida en antigos planos da zona optamos por denominar o conxunto como A Quenlla dos Carballos ou O Viveiro, microtopónimos más próximos que o escoillido inicialmente polo catalogador para denominalo.

O outeiro, pese a súa reducida altura, destaca sobre o terreo inmediato, sendo de maior inclinación e lonxitude as pendentes que

caen cara o sur e o oeste e máis suaves as que descenden cara ó norte e o leste. Nestas pendentes abondan as penedas de dimensións e características similares ás do cumio, as únicas elixidas nesta ocasión polos gravadores.

Descripción. Os paneis prehistóricos

Nas visitas ó xacemento localizamos dúas estacións rupestres, a primeira formada por varios paneis, algúns non incluídos nas descripcións anteriores. En total contabilizamos seis superficies con gravados prehistóricos característicos da arte atlántica e do nomeado grupo galaico da arte rupestre. Trátase de motivos de temática xeométrica cun amplio repertorio integrado por coviñas, aneis, combinacóns circulares e sucos lineais.

Porén, cómpre salientar dúas figuras singulares, un motivo barquiforme e unha probable alabarda.

Alén dos gravados tamén debemos indicar a presenza dunha segunda estación, formada por un panel cun interesante epígrafe rupestre.

En xeral, todos os gravados presentan fortes erosións que dificultan a súa interpretación ó que se lle une a dificultade engadida que supón o soporte elixido, o xisto, con superficies irregulares de moita rugosidade e a presenza de numerosas diáclases.

Estación 1

Panel 1

É unha laxe de forma alongada e superficie horizontal lixeiramente inclinada cara ó NE de 3,80 m de longo e 1,40 cm de ancho e 70 cm de alto na parte máis prominente. Está orientada ó nordés, cara ó Pico Sacro co que ten unha visualización directa. Consérvanse nella ata 6 combinacóns circulares de diferentes tamaños distribuídas por toda a superficie da laxe, mesmo unha delas gravada no canto superior oeste do panel con continuidade na superficie vertical lateral da laxe.

A combinación de maiores dimensións ocupa unha posición central, lixeiramente desprazada ó oeste onde a superficie da rocha




Imaxe do panel 3 da estación 1. Pormenor da «embarcación solar».

acada maior anchura. Está formada por nove aneis, catro coviñas no centro e un suco de saída que parte do seu interior e chega ata o bordo inferior da rocha. Mide 98 cm de diámetro e, polo tanto, é unha das combinacións de maior tamaño das localizadas en Galiza elaboradas neste tipo de soporte pétreo.




Combinacións circulares do panel 1.



Fotogrametría panel 1.

Ó oeste desta combinación, case no bordo do panel, consérvase unha pequena combinación de dobre anel, moi erosionada e duns 25 cms de diámetro. O resto das combinacións sitúanse acaroadas á maior nos lados leste e nordés e, á vez entre si, case unidas pero sen chegaren a tocarse, a relación máis habitual entre motivos da nosa arte rupestre, a xustaposición. Están formadas por entre catro e dous aneis e teñen diámetros que oscilan entre os 45 e os 20 cm. Algunhas foron feitas aproveitando as protuberancias naturais da propia rocha. A maioría teñen coviña central e, polo menos dúas delas, radio de saída que se prolonga dende o centro cara ó bordo inferior da laxe. Noutros casos o suco de saída enlaza varios motivos. A combinación situada máis ó leste presenta dous apéndices no seu bordo nordeste, tamén presentes en numerosas estacións do Grupo Galaico rupestre como a de Narahio en Muros. Obsérvanse tamén varios aneis ovalados con coviña central moi degradados e restos doutras posibles combinacións case imperceptibles.

O conxunto configúrase como un verdadeiro monumento prehistórico ó «horror vacui», a superficie cóbrese case completamente mediante a acumulación de figuras entre as numerosas diáclases naturais da rocha que semellan integrarse na escenografía que procuraban plasmar estes gravadores de hai 4000 anos. Todo isto fai que



Pormenor das combinacións circulares do bordo inferior do panel 1.

a visualización dos motivos non sexa dodata, pero si se observa con axuda de luz rasante artificial, ou con boas condicións de luz natural e a superficie mollada, pódese contemplar un panel dunha gran plasticidade.

Panel 2


É unha pequena superficie situada a rentes do chan e inmediata ó borde sur/suroeste do panel 1 que se apoia nela parcialmente. Conserva tres cazoletas.

Panel 3. A embarcación

Sítuase inmediato ó suroeste do panel 1. Trátase dunha parede vertical de máis de cinco metros de longo por case tres de altura que presenta gravados de diferente tipoloxía. Como o panel número 1 está orientado cara o Pico Sacro, ó nordés.

No extremo leste do panel, á esquerda do espectador, dous cruciformes históricos, unha cruz latina de 27 x 12 cm e unha cruz grega potenzada de feitura moi irregular e erosionada duns 25 x 11 cm.

Á dereita destes motivos ocupa unha posición central unha combinación circular de 30 cm de diámetro formada por dous aneis e



Fotogrametría do panel 3.


coviña central da que parte un trazo radial de saída que se prolonga fóra da figura cara ó borde inferior do panel.

Trátase dun motivo clásico da arte atlántica coa particularidade de que, nesta ocasión, gravouse nun panel totalmente vertical, algo pouco habitual. Presenta un suco máis estreito e mellor conservado cós outros sucos dos motivos de maiores dimensíons do mesmo panel.

Na metade oeste do panel, á dereita do observador, un círculo duns 50 cm de diámetro con coviña central. Está elaborado cun suco ancho (3 cm) que facilita a súa localización e semella feito mediante piqueteado sen o habitual proceso de abrasión posterior. Inmediato, por debaixo deste círculo, atópase un dos motivos máis singulares do xacemento, un deseño sinxelo de evidente forma barquiforme pero con detalles de difícil identificación/interpretación. Está elaborado cun trazo similar ó do círculo contiguo. Dous pequenos trazos curvos ó final desta liña do casco semellan representar o que serían a proa e a popa. No interior da embarcación obsérvanse uns sucos máis finos de difícil interpretación.

Sobre o que sería a proa do casco (ó leste), atopamos outro interesante deseño, unha posible alabarda con mango e folla triangular con nervio central.

A pesar do regular estado de conservación xeral do panel, os motivos conservados son figuras ben definidas, de orixe claramente antrópica e de grande interese, tanto pola súa singularidade como



Panel 3 con luz natural.

polo soporte empregado. A alabarda sería a primeira representación desta tipoloxía no concello da Estrada e na zona norte da provincia de Pontevedra. Porén, a maior novidade, é o deseño barquiforme, gravado na peneda dun outeiro moi próximo ó Ulla xa que cremos abre as portas a novas interpretacións e liñas de investigación. A relación entre un motivo barquiforme e o círculo tamén ofrece grande interese simbólico.

Panel 4

É unha pequena superficie horizontal situada na base do panel 3, nun pequeno rechán que serve de chanzo para acceder ó cumio do penedo. Figuran dúas coviñas duns 5 cm por 2 de profundidade.

Panel 5

Sítúase no cumio do afloramento da cima do outeiro, inmediato ó oeste do panel 3. A superficie mide 245 x 220 cm e conserva numerosas coviñas de diferentes tamaños e, no lateral surleste, unha combinación circular de 50 cm de diámetro formada por 3 aneis e unha agrupación de pequenas coviñas no seu interior.

Panel 6

Sítúase no cumio do afloramento, inmediato ós paneis 3 e 6. Posúe forma alongada de 5 x 1,50 m. Os gravados consérvanse na parte



Pormenor da combinación do panel 5.



Vista xeral
do panel 6.




Figura 1. Dedicación a Diana de la Quenlla dos Carballos (foto J. M. Abascal)

máis prominente da rocha e os únicos motivos representados son co- viñas e cazoletas, preto de vinte furados de diferentes dimensións e formas, uns redondeados de apenas 3 cm de diámetro e 1 de profundidade e outros alongados de 14 cm de ancho e 4 de profundidade.

Estación 2. A inscrición romana

Incluímos o estudo elaborado polo especialista JUAN MANUEL ABASCAL PALAZÓN¹ que xenerosa e meticulosamente realizou en resposta a nosa petición e a quen desde aquí agradecemos de novo o seu traballo.

La inscripción rupestre para Diana en la Quenlla dos Carballos (San Xurxo de Vea, A Estrada, Pontevedra)

Uno de los últimos testimonios incorporados al catálogo de inscripciones romanas de la provincia de Pontevedra es el texto rupestre situado en el paraje de A Quenlla dos Carballos, un promontorio boscoso cercano a la margen izquierda

¹ Estas líneas se han escrito en el marco del proyecto de investigación «Poblamiento de época romana y evolución del hábito epigráfico en Hispania citerior y norte de Lusitania», PID2019-106169GB-I00 del Ministerio de Ciencia e Innovación del Gobierno de España. La revisión del texto objeto de estas líneas tuvo lugar el 24 de septiembre de 2021 en compañía de Martín Almagro Gorbea (Universidad Complutense), de los componentes del Colectivo A Rula, de Alberto López (Fundación Luis Monteagudo), de M.^a Pilar González-Conde (Universidad de Alicante), de Héitor Picallo y de otros amigos, a quienes agradezco la noticia sobre la existencia del texto y la ayuda para su documentación

del río Ulla, unos 3 Km al suroeste de Ponteveda y dentro de la jurisdicción administrativa de la parroquia de San Xurxo de Vea (concello de A Estrada, Pontevedra).

El texto está grabado sobre un gran bloque de esquisto que antiguamente estuvo protegido por una visera hoy perdida y que, gracias a ello, han llegado en un regular estado de conservación hasta nuestros días. La inscripción (Figuras 1 y 2) está formada por cuatro líneas grabadas con una cierta profundidad y en las tres superiores, las que contiene la dedicación propiamente dicha, los caracteres oscilan entre los 6 y los 9 cm. No hay evidencias de interpucciones. En el margen izquierdo superior se encuentra grabado un crismón, que fue añadido *a posteriori* varios siglos después de escribirse el texto.



Figura 2. Transcripción de los trazos visibles en la dedicación a Diana de la Quenlla dos Carballos (dibujo: J. M. Abascal).

Los caracteres de la parte derecha del epígrafe están muy gastados y los de la última línea se han perdido en parte aunque permiten hacer una propuesta de lectura. La letra A carece de trazo horizontal en todos los casos y la E está escrita con dos hastas verticales paralelas en un formato cursivo que es habitual en inscripciones antiguas de comienzos del Principado.

Con las salvedades propias derivadas del estado de la roca, el texto parece decir lo siguiente:

<i>Arciṣus</i>
<i>T(itus) Aulius</i>
<i>Diān<a>ę ἔξ</i>
<i>yışu a(nimo) l(ibens) p(osuit)</i>

Es decir: Titus Aulius Arcius realizó libremente esta dedicación para Diana como consecuencia de una visión (un sueño, algo revelado).

La dedicación a Diana en un contexto rupestre en ámbito boscoso no debe extrañar, puesto que con frecuencia se asoció en la antigüedad a este tipo de espacios e, incluso, se llegó a invocar mediante inscripciones para convertir en lugares de culto algunas canteras abandonadas. Un buen ejemplo de ello es el



Fotogrametría da inscrición votiva.

santuario de Diana de Segobriga (Saelices, Cuenca)², un espacio sacratizado en una antiguo centro de extracción de piedra. En Galicia hay varias dedicaciones a Diana, entre las que se pueden citar a modo de ejemplo las de San Lourenzo de Muimenta (conc. Lalín, Pontevedra)³ o la de *San Pedro de Baroña* (conc. Porto do Son, Coruña)⁴

La fórmula «ex visu»⁵ es corriente en la epigrafía votiva de Galicia, en donde conocemos ya un buen número de testimonios, entre los que se pueden citar el altar para *Lahus Paraliomegus* en Lugo⁶, el de *Verore* de la misma localidad⁷, otro a un *Lar Pemaneiecus* en la capilla de San Pedro (San Vicente de Reádegos,

- 2 M. Almagro Basch, «El “Delubro” o Sacellum de Diana en Segobriga, Saelices (Cuenca)», *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos* 79, 1976, 187-214; G. Alföldy, *Epigraphica Hispanica* 6. Das Diana- Heiligtum von Segobriga, *Zeitschrift für Papyrologie und Epigraphik* 58, 1985, 139-159; M. Almagro Gorbea, *El Lucus Dianae con inscripciones rupestres de Segobriga*, en: A. Rodríguez Colmenero - L. Gasperini (Ed.), *Saxa Scripta (inscripciones en roca). Actas del Simposio Internacional Ibero-Itálico sobre epigrafía rupestre. Santiago de Compostela y Norte de Portugal, 29 de junio a 4 de julio de 1992 (Anejos de Larouco 2)*, Coruña 1995, 61-96.
- 3 G. Baños Rodríguez, *Corpus de inscripciones romanas de Galicia I. Provincia de Pontevedra*, Santiago de Compostela 1994, 209-210 n.º 88.
- 4 *CIL* II 5638.
- 5 L. Fernández Fuster, «La fórmula ex-visu en la epigrafía hispánica», *Archivo Español de Arqueología* 23 n.º 80, 1950, 279-291; A. Balíll Illana, «Otra inscripción con la fórmula “ex visu”», *Archivo Español de Arqueología* 26 n.º 87, 1953, 181-182; M. Vázquez Seijas, «Un ara más de la fórmula “ex visu”», *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 36, 1951, 300-301; id. M. Vázquez Seijas, «Un ara más con la fórmula ex visu», *Archivo Español de Arqueología* 24, n.º 83 84, 1951, 236-237; A. M.ª Vázquez Hoys, «La estela de la confusión. CIL II 6338v y los fantasmas», *Espacio, Tiempo y Forma* (serie 2) n.º 25, 2012, 207-244; D. Serrano Ordozgoiti, «Sueños e incubatio en la epigrafía hispana: las fórmulas ex visu y ex iussu», en: S. Montero Herrero, J. García Cardiel (eds.), *Santuarios oraculares, ritos y prácticas adivinatorias en la Hispania Antigua*, Madrid 2019, 305-342.
- 6 F. Arias Vilas – P. Le Roux – A. Tranoy, *Inscriptions romaines de la province de Lugo*, Paris 1979, 41 n.º 15.
- 7 *CIL* II 2576.

conc. Vilamarín, Ourense)⁸, y más ejemplares en San Lourenzo de Muimenta (conc. Lalín, Pontevedra), San Xoán de Bardullas (conc. Muxía, A Coruña), etc.

El nombre céltico «Arcisus» aparece en Hispania en testimonios de La Aliseda (Cáceres)⁹, de Conquista de la Sierra, también Cáceres¹⁰ y, sobre todo, en un epígrafe descubierto cerca de Celanova (Ourense)¹¹ que es el más próximo a este nuevo testimonio. Lo mismo puede decirse del nombre latino «Aulius», del que conocemos otros ejemplos en la península Ibérica¹².

La peculiaridad del nombre personal en esta pieza radica en la presencia del *cognomen* antes del *nomen*, un fenómeno ya identificado en ejemplos de São Salvador (Viseu)¹³, en donde se lee *Rufinus Rifi f. Aelatius*, o Campillo de Altobuey (Cuenca)¹⁴, en donde aparece un C. *Vandus Aemilius*, en Faro¹⁵ con el testimonio de *Spes Domitia*, o en la propia Mérida (Badajoz)¹⁶, en donde leemos el nombre de *Fausta Coelia*, lo que demuestra que no es un fenómeno restringido a zonas rurales.

Las características del texto, especialmente el modo de escribir la letra E, aconsejan una datación temprana en el siglo I de nuestra era, quizás en su primera mitad o a mediados de la centuria, teniendo en cuenta que el dedicante ya presenta *tria nomina*, es decir, ostenta la plena ciudadanía romana.

Análise xeoastronómica do emprazamento

Revisada a localización deste outeiro obsérvase o seu aliñamento xeoastronómico co Pico Sacro, na posición do luasticio maior norte, nun azimut de 50,8° e 1,2° de elevación.

Isto significa que, vista desde este lugar neses momentos do seu ciclo, a lúa no seu nacemento excede grao e medio o cumio do monte pola súa esquerda, de modo que o seu disco pode apreciarse completamente libre cando ascende sobre o monte ó amencer.

Debe lembrarse que o disco da lúa ten un tamaño aparente de medio grao, e que en cada ano do seu ciclo de luasticios a súa posición aparente desprázase unha media de grao e medio, precisamente o necesario para que só durante o ano do luasticio maior poda

⁸ AE 1974, 409.

⁹ CIL II 733.

¹⁰ AE 1993, 942.

¹¹ CIL II 2520.


¹² W. Schulze, *Zur Geschichte lateinischer Eigennamen* (1904). *Mit einer Berichtigungsliste zur Neuausgabe von O. Salomies*, Zürich – Hildesheim 1991, 73; H. Solin – O. Salomies, *Repertorium nominum gentilium et cognominum Latinorum*, Hildesheim – Zürich – New York 1988, 28.

¹³ AE 1990, 502.

¹⁴ CIL II²/13, 1092.

¹⁵ CIL II 5148.

¹⁶ AE 1994, 859.



Mapa de posicións xeoastronómicas.

contemplarse nacer a lúa á esquerda do Pico Sacro, mentres que no resto de anos do ciclo farao sempre á dereita do seu cumio.

Esta medición topoastronómica é coherente coas posicións acadadas pola lúa nun rango entre o 2.500 a.C. e 500 d.C., xa que, debido ó fenómeno da precesión dos equinoccios, a variación é inferior a un terzo de grao, máis ou menos, segundo consideremos as últimas ou as primeiras datas referidas.

É, por iso, que pode dicirse que a Quenlla dos Carballos representa un marcador astronómico do horizonte ideal para monitorizar o rango de variación das posicións da lúa nas súas fases novas e cheas ó longo de todo o ciclo de lunasticios de 18,6 anos de duración, xa que o Pico Sacro proporciona unha magnífica referencia para comprobar canto tempo falta para chegar ás principais datas sinaladas.

Para contextualizar este feito cómpre considerar o mapa de posicións xeoastronómicas que se acompaña, no que pode comprobarse que a posición relativa do Pico Sacro configura tamén outros relevantes marcadores astronómicos do horizonte respecto das localizacións doutros importantes petróglifos da Idade do Bronce nas terras de Compostela e arredores.

Así, o petróglifo do Castríño de Conxo en Santiago de Compostela alíñase exactamente co Pico na posición acadada polo Sol durante o solsticio de inverno (Bouzas Sierra, A.; 2009). Paralelamente, o petróglifo de Bouza Badín marca no Pico exactamente a posición acadada polo Sol 40 días despois do solsticio de verán, o que se corresponde coa data da festividade céltica de media estación do Lugnasad (Colectivo A Rula, 2021).

Finalmente, respecto da posible interpretación da simboloxía dunha hipotética barca solar ou lunar, compre non esquecer que, xunto ó petróglifo do Castríño de Conxo atópase o lugar onde foi edificada a catedral de Santiago de Compostela, que representa outro punto ideal para a monitorización do ciclo de lunasticios. Esta última posición xeográfica alíñase perfectamente co Pico Sacro no lunasticio maior sur, dato obxectivo que apuntaría a unha continuidade e readaptación de crenzas ó longo dunha «longue durée» (Bouzas Sierra, A.; 2013), cando menos en Galicia dende a Idade do Bronce ata a alta idade media, hipótese que xa foi anteriormente proposta para o fenómeno xacobeo (Bouzas Sierra, A.; 2015).

En resumidas contas, o aliñamento de Quenlla dos Carballos co Pico Sacro durante o lunasticio maior norte semella resultar particularmente esclarecedor por vincular un culto á deusa lunar Diana co mítico monte da Raíña Lupa, testemuñando unha continuidade cultural indubidable desde a Idade do Bronce (representada polas súas típicas combinacións circulares) e nos inicios da romanización ata chegar ás tradicións populares. A pervivencia do culto a Diana na Gallaecia do século VI, denunciada por San Martiño de Dumio, e a relación testemuñada desta deidade romana coa gran deusa galai-ca trifuncional Navia, así como a súa simboloxía lunar compartida (Brañas Abada, R.:2021) falan por si mesmas.




Fotografía aérea do Outeiro da Quenlla dos Carballos e a súa contorna ó E.

Isto podería vincularse tamén coa posible representación dunha nave solar da Idade do Bronce, que eventualmente constituiría un antecedente da milagreira *translatio* da barca de pedra que trouxo o apóstolo Santiago ata Galicia e Compostela, precisamente seguindo o eixe marcado pola ría de Arousa e o val do Ulla ata a cidade. Nesta perspectiva podería tratarse dunha navegación marabillosa en sentido oposto ó movemento natural dos astros, que no ceo se moven aparentemente de leste a oeste. Polo contrario, o que estaría aquí representado sería o tránsito nun sentido sobrenatural de oeste a leste, ou sexa un regreso triunfal atravesando as augas do inframundo para renacer no Pico Sacro ó día seguinte.

A navegación polo río Ulla

O río Ulla foi en tempos antigos moito máis navegable do que é na actualidade no que só se emprega o último treito, os últimos 15 km dende Pontecesures. As fontes clásicas xa documentan a navegación



Fotografía nocturna da «embarcación solar» do panel 3.

polo Ulla. Ptolomeo sinala a existencia do río *Via* (pronunciado ‘uia’ ou ‘ulla’) e a incursión das naves río arriba chegadas dende o sur da Península, ata Iria Flavia, importante centro comercial próximo á foz do río.

No medievo as crónicas compostelá sinalan a chegada dos saracenos a través do Ulla para saquear as terras de Santiago. No ano 858, durante o reinado de Ordoño I unha grande flota viquinga saquea a diocese de Iria. Segundo algúns historiadores, son estas expedicións as que provocan que a sé episcopal sexa trasladada a Santiago de Compostela.

No ano 968 o *Cronicón iriense* dá conta dun novo confrontamento cos saqueadores nórdicos chegados pola ría de Arousa, a batalla de Fornelos (posiblemente na parroquia de Rarís, Teo) onde o bispo de Iria, Sisnando Menéndez, trata sen éxito de defender o seu territorio e morre dun frechazo na contenda deixando vía libre a incursión viquinga que ocupa a cidade. Nesta data, o historiador Vicente Almazán sinala:

Un diploma do arquivo catedralicio ourensán, redactado dez anos despois dos feitos (978), conta que o mosteiro de San Xoán da Cova, situado á beiraña do Ulla, sufriu tales horrores que ficou «ad nihilum reductus», reducido á nada por causa de «gens pessima Lotomorum».

Arquivo da Catedral de Ourense, *Pergamiños Monacais* C120.

Esta invasión foi a causa de que este mosteiro tivese que ser restaurado, como sinala un documento do ano 978 que recolle o investigador Manuel Rubén García Álvarez na súa obra *El monasterio de San Sebastian del Picosagro*.

No século XVIII, troncos de carballos e piñeiro das numerosas «dehesas reais» da ribeira do Ulla, documentadas no catastro de Ensenada, eran transportados polo río para subministrar á mariña de guerra, representada polo intendente do Departamento de Ferrol. Aínda no século XIX varias novas de prensa dos xornais *La Voz de Galicia* e *Gaceta de Galicia* (1883) documentan o transporte de grandes troncos flotando polo río dende diferentes puntos da Vedra ata Pontecesures para logo seren embarcados e transportados ó seu destino final dende Carril.

Conclusións preliminares

Son varios os aspectos que fan excepcional a este conxunto de arte rupestre que, ata o de agora, ten pasado un tanto desapercibido, e que o fan merecente de maior atención. A continuación destacaremos algúns deles.

En primeiro lugar as evidencias que indican a existencia no lugar dun santuario de longa tradición. A presencia de gravados de tipoloxías e cronoloxías diversas, así como a presenza da inscrición romana, evidencian unha continuidade na presenza humana no lugar e lévanos a pensar nunha longa pervivencia no uso deste outeiro como espazo sacro e/ou ritual durante a Prehistoria recente e a Idade Antiga.

A singularidade e diversidade dos gravados, xa que a pesar do esquematismo do seu deseño a presenza do motivo barquiforme debe chamar a atención dos investigadores e abrir novas liñas de investigación. Alén dos barquiformes rexistrados no Norte de Portugal, en Galiza só temos novas de deseños de barcos en Borna (Meira), Rio



Combinacións circulares do panel 1 da estación 1.

Vilar (Oia) e Laxe Escrita (Carnota), territorios afastados deste promontorio da bacía do Ulla. De igual xeito, débese salientar a posible presenza dunha alabarda compartindo o mesmo panel con gravados atlánticos e co citado deseño barquiforme.

A elección dun soporte non moi habitual. A natureza do soporte empregado supón outra particularidade deste complexo rupestre, pois a diferenza da grande maioría dos petróglifos do grupo galaico da arte rupestre non se trata de granito senón dun afloramento de xisto, moi pouco habitual. Neste sentido, a diversidade e a presenza de motivos de grandes dimensións, cunha combinación de case un metro de diámetro, neste tipo de rocha incrementa o valor e a excepcionalidade do xacemento. Atopamos afloramentos de rochas granítoides moi próximas ó lugar. A 200 metros na Pedra Santeira hai restos e memoria dunha canteira. Así, nesta ocasión, parece que primou a elección do lugar e a elección do soporte quedou supeditada a esta.

A inscrición dedicada á deusa Diana supón a constatación da continuidade dun culto vivo cando menos desde a Idade do Bronce ata tempos históricos e, ó mesmo tempo, aporta luz ó pechado signifi-

ficado do grupo xeométrico de motivos da nosa arte rupestre prehistórica, ou cando menos a súa utilización en espazos sacrais rituais.

A elección dun lugar aliñado topoastronómicamente co lunasticio maior norte no Pico Sacro vén evidenciar a existencia dalgún tipo de elite con coñecementos astronómicos empíricos, cuxa obtención, adquisición e aprendizaxe require dunha transmisión entre varias xeracións con coñecementos especializados.

A pesar dos moitos aspectos que fican sen pechar consideramos esencial dar xa a coñecer o valor deste xacemento ás autoridades para que garantan a súa protección, así como darlle difusión para que os especialistas poidan afondar no seu estudio. Agardamos que nun futuro próximo, unha limpeza e unha intervención arqueoloxica poidan dar respostas a moitas das interrogantes que hoxe permanecen abertas e presentamos aquí como hipóteses de traballo.

Agradecementos

Agradecermos ó propietario desta parcela, A.G. as facilidades prestadas para o estudo deste excepcional ben cultural na bacía do Ulla e a todas as persoas que colaboraron co Colectivo A Rula nesta primeira aproximación ó conxunto rupestre da Quenlla dos Carballeiros, en especial, a Alberto López, M.^a Pilar González-Conde, Héitor Picallo, J. M. Abascal, Jorge Fernández, Juan Andrés Fernández, Damián Porto, Fernando Alonso Romero e Ana Ruiz Blanch.

Bibliografía

- ALONSO ROMERO, Fernando, «Hallazgo de un petroglifo con representaciones esquemáticas de embarcaciones de la Edad del Bronce», *Zephyrus* XXV, páxs. 295-308, 1974.
- ALONSO ROMERO, Fernando, «Las embarcaciones en el período germánico del arte rupestre de Carnota A Coruña», en *Galicia, da Romanidade á xermanización*, Museo do Pobo Galego, 1993.
- ALONSO ROMERO, Fernando, «La embarcación del petroglifo Laxe Auga dos Cebros (Pedornes, Santa María de Oia, Pontevedra)», *Actas del xxii Congreso Nacional de Arqueología* 1993, Vigo, 1995.
- ALONSO ROMERO, Fernando, «Las embarcaciones prerromanas del área atlántica europea», en *Brigantium* núm. 34, páxs. 93-158, 2011.

- BOUZAS SIERRA, Antón, «Aportaciones para una reinterpretación astronómica de Santiago de Compostela. El ladrón y el Libredón. Si te llamaras Pelagius o Teodomiro», *Anuario Brigantino*, 32, páxs. 47-92, 2009.
- BOUZAS SIERRA, Antón, «Espacios paganos y calendario céltico en los santuarios cristianos de Galicia», *Anuario Brigantino*, 36, páxs. 43-74, 2013.
- BOUZAS SIERRA, Antón, «Etnoastronomía del calendario céltico en Galicia», *Anuario Brigantino*, 38, páxs. 67-90, 2015.
- BOUZAS SIERRA, Antón, «Aliñamentos astronómicos nos petróglifos de armas da Idade do Bronce», *Anuario Brigantino*, 39, páxs. 45-72, 2016.
- BRAÑAS ABAD, Rosa. «Navia, la gran diosa galaica», en *Memoria del agua, la tradición y el imaginario galaicos*. Editorial Andavira, ISBN 9788412365719. Páxs 133-220. 2021.
- CASTANHEIRA SANTOS, Ana Filipa, *A Laje da Churra, Paço, Carreço, Viana do Castelo, Estudo monografico de um lugar gravado*, 2004.
- COLECTIVO A RULA, «Os Xinetes de Bouza Badín. Arte rupestre no Ayuntamiento de Dodro». Ed. Deputación da Coruña (Edición no venal) Depósito legal: C-325-2021.
- <https://colectivoarula.com/2020/09/18/os-xinetes-de-bouza-badin-arte-rupestre-do-Ayuntamiento-de-dodro/>
- COSTAS GOBERNA, F.J., NOVOA ÁLVAREZ, P.; SANROMÁN VEIGA, J. «Sta. M^a de Oia.- Sus grabados rupestres». *Actas del xxii Congreso Nacional de Arqueología* (Vigo 1993), II. Vigo, 1995.
- COSTAS GOBERNA e PEÑA SANTOS, «Los barcos de los petroglifos de Oia. Los tesoros del hechicero y una nueva embarcación, Glaukopis», *Boletín del Instituto de Estudios Vigueses*, núm. 12, páxs. 277-292, 2006.
- COSTAS GOBERNA e PEÑA SANTOS, *Los Barcos de los petroglifos de Oia. Embarcaciones en la Prehistoria reciente de Galicia*, Autoridad Portuaria de Vigo, 2011.
- FERNÁNDEZ CASTRO, Juan Andrés, «Gravados Rupestres da Estrada: da Idade do Bronce ós nosos días», páxs. 209-230, *A Estrada Miscelánea histórica e cultural*, volume 11, 2008.
- GARCÍA ÁLVAREZ, Manuel R. «El monasterio de San Sebastian del Picosagro», en: *Compostellanun*, Santiago, t. VI, vol. 2, pax. 181-224, vol.2, 1961
- MEDEROS MARTÍN, Alfredo, *Chipotras o micénicos. Naves y cargamentos mixtos en el Mediterráneo central (1300-1200 a.C.)*, Academia de España en Roma, páxs. 85-88, 2002.
- MEDEROS MARTÍN, Alfredo, «Auga dos Cebros (Pontevedra, Galicia): Un barco del Bronce Final II en la fachada atlántica de la Península Ibérica (1325-1050 a. C.)», *Saguntum*, 2019.
- MORGADO, García Alfonso, GARCÍA del MORAL, BENAVIDES, RODRÍGUEZ TOVAR e ESQUIVEL, «Embarcaciones prehistóricas y representaciones rupestres, Nuevos datos del Abrigo de Laja Alta, Jimena de la Frontera, Cádiz», en *Complutum* 29, 2018.
- PEREIRA MENAUT, G. *Corpus de Inscripciones romanas de Galicia*, Volume 1. Provincia de A Coruña. Consello da cultura Galega, 1991.

- RuÍZ-GÁLVEZ PRIEGO, M., *Representaciones de barcos en el arte rupestre: piratas y comerciantes en el tránsito de la Edad del Bronce a la Edad del Hierro*, páxs. 307-339, 2005.
- SANTOS-ESTÉVEZ, Manuel e BETTENCOURT, Ana, *O conjunto de gravuras rupestres de Santo Adrião (Caminha, Portugal): embarcações, armas, cavalos e ex-votos*, páxs. 1055-1070, 2017.
- SIMS, L.D. «Interpretation through emergence: reconstituting the lost complexity of the late Neolithic/Early Bronze Age cosmovision by multi-disciplinary method». *PhD thesis, University of East London* 266 pp. (<http://hdl.handle.net/10552/1885>), 2013.
- THOM, A., «Megalithic Lunar Observatories». *Clarendon Press*. ISBN-10: 0198581327 / ISBN-13: 9780198581321, 127 pp. 1971.



Avelina Valladares, a muller sen rostro

Laura Filloy Martínez

filloy.laura@gmail.com

Resumo. Unha muller insigne. Así se podería definir a Avelina Valladares, unha poetisa estradense, nada no século xix, que dedicou boa parte da súa vida á escrita e ao coidado dos demás. Máis alá do recoñecemento colleitado polos seus poemas, a autora do Ulla salienta por ser unha das primeiras mulleres en escribir artigos de opinión na prensa. Ao longo desta investigación farase unha aproximación á figura de Avelina como articulista e enxalzarase o seu talento literario e a súa valentía como muller.

Abstract. Avelina Valladares could be defined as a notable woman, a poet from A Estrada, born in the 19th century, who devoted her life to writing and caring for others. Beyond her poems recognition, this author stands out because of being one of the first women to write opinion pieces in the press. This research will approach us to Avelina's figure as a columnist and will praise her literary talent and her courage as a woman.

Nunca tivo nome propio. Sempre foi a tíia, a madriña, a irmá. Irradiaba luz, mais vivía na sombra, escondida na súa casa de Vilancosta. Non queda dela unha soa imaxe. Unha soa fotografía que debuxe o seu rostro, que nos recorde o brillo dos seus ollos ou a forma, talvez delicada, que tiña de sorrir. O único que sabemos dela é que foi poetisa, que viviu na Ulla, que dedicou o seu corpo e espírito a coidar da familia, que foi a irmá de Marcial e que era unha fervente católica. Mais todo é vago, impreciso e xeneralizado. Avelina Valladares era moito máis ca unha muller sen nome; ca unha muller sen rostro.

Aínda que o seu recordo chegue a nós con vaguidade, a súa figura era ben recoñecida na época. Un século xix marcado pola inestabilidade política e pola recuperación do galego na escrita. As voces do seu tempo eloxírona ata a saciedade. Cando ela morreu, alá polo 1902, as plumas de García Barros e de Álvarez Ínsua, dous estradenses ilustres, comparárona con tres sobresaíntes mulleres: Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal. Pero se algo había que destacar de Avelina foi, sen dúbida algúnhha, a humildade.

«Uña de las buenas poetisas de su tiempo, cuya innata modestia le impidió brillar como merecía», diría Manuel Amor Meilán. Un brillo que, aínda apagado, loita por chegar aos nosos días.

Quen era Avelina?

Avelina Valladares viu a luz, por primeira vez, en Vilancosta. Unha pequena aldea da parroquia de Berres, na Estrada. Corría o ano 1825. O século XIX estaba comezando a andar, marcado xa dende aquela por unha forte convulsión política. Guerras, cambios, transformacións. Un constante desequilibrio entre o liberal e o conservador. Mais Avelina vivía allea ao mundo, naquela casona do interior galego, xogando cos seus irmáns e aprendendo a amar a cultura. Ela non era máis ca unha nena fidalga, acomodada, e grande amante do rural ás beiras do Ulla.

A traxedia, como en todas as familias galegas do momento, marcouna dende antes de nacer. A alta taxa de mortalidade infantil da época provocou que morresen tres dos seus irmáns. Os que quedaron, outros sete, criáronse no seo dunha familia culta e con poder: os Valladares. Iso permitiu que Avelina puidese medrar nun contexto onde a escrita, o debuxo e a música eran imprescindibles. Grazas á iso, dedicou boa parte da súa vida á arte, sen que iso supuxese nunca un impedimento económico.

A súa educación era boa, mais non suficiente. Había algo que a diferenciaba dos seus irmáns Marcial e Serxio: ser muller. Os estudos universitarios eran, para ela, unha meta inalcanzable. Mentre eles accederon á Universidade de Santiago de Compostela, Avelina quedou na casa. E aínda así, tivo sorte. Puido aprender a ler e escribir, uns obxectivos moi afastados para a meirande parte da poboación da época. Máis aínda para as mulleres, sempre relegadas. Estímase que no 1860, o 94% das mulleres eran iletradas fronte ao 63% dos homes.¹ Por iso Avelina era afortunada. E tamén unha persoa encomiable. Co seu talento e enxeño –calidades que tamén destacaron os seus contemporáneos– foi capaz de cultivar a escrita, de deixar composicións musicais e de debuxar con destreza.

1 Así o recolle Carlos Ferreirós n'*O legado dos Valladares de Vilancosta*.

Pouco se sabe da súa infancia e dos seus anos de adolescencia. Carlos Ferreirós retrátaa como unha muller doce, de ollos claros. Unha muller que non destacaba pola súa fermosura, pero si pola súa intelixencia. Que pasou a súa vida consagrada á familia e ao coidado da casa, posto que Avelina aprendeu o que debían aprender as mulleres: como era iso de levar un fogar. Así é que sempre dedicou o seu tempo a coidar os demais: primeiro as súas irmás máis pequenas, logo os pais e os sobriños e, despois, a xente máis necesitada.

Non casou porque non quixo. Non tivo fillos. Mais dise que si estivo namorada cando tiña 18 anos, antes de se mudar a Zamora coa súa familia. Deixou escritas media ducia de poesías nas que se queixaba do desamor. Pouco máis se sabe. Os seus descendentes² pensan que ese foi o motivo polo que Avelina renunciou ao matrimonio: porque a decepción amorosa foi tal, que decidiu deixar de amar. Iso nunca se saberá: nin a quien quixo nin como o fixo. Pero a Avelina hai que entendela no contexto literario do momento: o Romanticismo. Un movemento cultural onde as emocións e a irracionalidade se sobrepoñían á razón. Pode ser que Avelina, ademais de ter o corazón roto, estivese influída polas correntes do momento. Ou tamén hai unha hipótese que nunca se baralla: que a solteiría fose a escolla de vida de Avelina. Con premeditación, con decisión e con valentía.

Sexa como sexa, e fuxindo das elucubracións, Avelina partiu a Zamora con 19 anos porque así o fixo a súa familia. Mais alí sentíase afastada do único anaco de mundo que ela amaba: Vilancosta. Os testemuños escritos reflecten a saudade que padeceu ao estar afastada da casa natal e os seus desexos de volver. De feito, cando volve a Berres farao para quedar. Nunca máis sairá de Vilancosta, tan só en ocasións moi puntuais. Ancorarase naquela casa, ás beiras do Ulla. O seu fogar.

Os anos seguintes xa virán marcados, de novo, pola traxedia. Ná decade dos 50 morren a súa irmá Xacoba e o seu home, dous sobriños, a súa nai e o seu irmán Serxio. Tantas perdas familiares, case todas elas de xente moi nova, construirán unha fonda cicatriz

² Segundo as declaracóns de Mari Carmen Ferreirós no documental *O Rexurdimento de Avelina Valladares*.

na pel de Avelina, destrozada pola desgraza. Mais non hai mal que cen anos dure. Despois de longas temporadas de tristura, casa a súa irmá Luisa. Ela terá un fillo, Laurentino, que será afillado de Avelina e consideraraa sempre como unha segunda nai. De feito, cando ela morra, dedicaralle estas palabras: «Yo te quería: te quería tanto, que no hallo frases con que demostrar la magnitud de este cariño».

A finais dos 50 Avelina tamén estará inmersa na Xunta de Beneficiencia de Berres. De feito, por recomendación da sección de Pontevedra, chegará a ingresar na Orde Civil de Beneficiencia. Esa vertente filántropa e de axuda aos demais era ben coñecida na época, e nos retratos que os seus contemporáneos fan de Avelina, tamén se salienta esa virtude. Será Álvarez Ínsua o que sexa categórico ao afirmar: «Nadie llamó a sus puertas buscando amparo o consuelos que no las encontrase abiertas».

Consagrada á súa familia, a vida de Avelina transcorreu en Vilancosta. Alternaba periodos moi activos de escrita –só producía poesía nos bos momentos, cesando a súa actividade durante longas temporadas– coa axuda aos demais e o coidado dos seus. Talvez un dos episodios máis rechamantes da súa biografía sexa a pedida de man de Anxo Velón Taboada, un home que procedía dunha distinguida familia do Deza. Eran os anos 60 e Avelina xa tiña 40 anos. Mais dixo que non. As razóns só as sabe ela. A historia só recorda como esa muller de Vilancosta, afable e decidida, rexéitou un compromiso. E ese non fora o seu único pretendente. Todos eles, fosen da familia que fosen, levaron un non por resposta. Mais no caso de Velón, houbo un cambio. Avelina propuxo que a súa irmá Isabel, que vivía con eles na casa, casara con el. E así foi.

Manuel Castro López diría, en 1898, que Avelina Valladares tiña «ideas varoniles». «Jamás se ha permitido amorosas relaciones, ni, por más que respeta mucho el matrimonio, ha querido casarse». Sexa como sexa e fose como fose. Avelina dixo non. E a súa vida, ata que morre no 1902, continuou transcorrendo sen présa e sen pausa. Porque o único amor da súa vida, ademais da familia, foi Vilancosta.

Que escribiu Avelina?

Avelina escribiu, diso non cabe dúbida. Pero a súa producción escrita non tiña, para ela, aparente valor. Iso non o din os estudosos nin os biógrafos. Díxoo ela mesma. «Harapos [...] que nada valen y solo sirven para descansar en nuestra biblioteca de familia». Esa era a percepción que tiña Avelina do teu talento, da súa capacidade de creación. Tan só usaba a pluma por lecer, sen ningunha outra pretensión literaria que non fose a de rexistrar os seus recordos e a súa memoria. Manuel Castro López diría que esa falta de ambición, de desexo, dáballe áinda máis valor aos seus escritos.

O certo é que Avelina non produciu un gran volume de obras. Se atendemos ao reconto que Carlos Ferreirós inclúe n'O *Legado dos Valladares de Vilancosta*³, a autora da Ulla concentra toda a súa producción en numerosas cartas a familiares e amigos, tres ou catro escritos en prosa e medio cento de poesías –tanto en castelán como en galego–. A isto habería que engadir a súa incursión noutras artes, tal e como se mencionou con anterioridade: herdamos dela dúas composicións musicais e tamén dous debuxos. Mais os números, ás veces, non son sinónimo de recoñecemento. «Ha escrito poco; pero ya se comprende que el mérito del artista no está nunca en la cantidad de sus obras», diría Manuel Castro López nos anos finais da vida de Avelina.

En relación á súa producción más numerosa, é preciso facer mención á poesía. Un xénero literario que comezou a cultivar con 18 anos. É nesta mesma época na que se rexistran unha ducia de poesías de carácter amoroso, que tamén revelan o espírito romántico da autora e a súa incursión dentro do movemento cultural do momento. Máis alá do significado destas pezas literarias, o grosso da súa obra son as poesías de carácter social. É de obrigado cumprimento mencionar *Ós qu'emigran*. Un poema no que aborda a temática da emigración dende unha perspectiva novedosa, moi semellante á que empregou Rosalía de Castro. Nesa peza, Avelina aborda o drama migratorio dende a perspectiva da muller. Dende esa *viúva dos vivos* que queda na terra mentres que ve que o seu home e os seus fillos marchan ao estranxeiro.

³ Ferreirós Espinosa, Carlos. *O legado dos Valladares de Vilancosta*, Ed. de Armando Requeixo Cuba. Santiago de Compostela, 2018.

É unha peza que chama a atención pola súa rebeldía e pola súa crítica social. E pola capacidade de poñerse no lugar dos outros. A fin de contas, Avelina era unha Valladares. Tiña solvencia económica suficiente como para vivir afastada da emigración; como para non coñecer de cerca que significaba iso de *cruzar o charco*. Mais ela fixo un exercicio de empatía e de comprensión que reflicte perfectamente no seu poema. Onde a perspectiva feminina, nunha época onde a literatura seguía a ser unha cousa de homes, carecía de todo espazo.

A emigración non foi o único tema que abordou nas súas poesías. Tamén a orfandade e, sobre todo, a relixión. Dedicou moitas das súas pezas a loar a santos aos que ela lle profesaba unha fonda devoción, o que demostra o seu fervente catolicismo e, tamén, o arraigo familiar polas crenzas relixiosas. Mais o que aquí nos ocupa non é a súa poesía, un ámbito máis estudiado e analizado por outros autores. No que aquí nos centramos é na súa prosa. Uns escritos moi escasos que son especialmente reveladores.

De feito, a día de hoxe afírmase que Avelina Valladares foi unha das primeiras –tal vez a primeira– en escribir artigos de opinión na prensa escrita. É dicir: que sendo unha muller do XIX atreveuse a expresarse libremente. Unha faceta máis descoñecida, menos estudiada, más relegada a un segundo plano. Pero que mostra datos esclarecedores sobre a súa personalidade e valentía. A continuación, farase un percorrido por tres dos textos conservados, que tamén recolle o seu biógrafo Luna Sanmartín en *Ond'o sol facheaba ó amanecer*⁴. E tamén se insistirá na idea de recuperar o nome de Avelina. De enxalzalo como se merece. De recoñecerlle o mérito. De vencer a súa inxustificada modestia. Porque... Que hai máis importante para unha articulista que o seu propio nome?

Comunicación a la Sociedad de Amigos del País de Santiago

Este foi o seu primeiro escrito en prosa publicado na prensa. En realidade foi unha comunicación para participar na Exposición Agrícola e Industrial de Galicia. Así é que Avelina presentou mostras de ru-

⁴ Luna Sanmartín, Xosé. *Ond'o sol facheaba ó amanecer. Vida e obra da cantora da Ulla Avelina Valladares Núñez*. A Estrada, 2000.

bia galega e de tubérculos de Freixós. Con tal éxito que foi premiada coa «mención honorífica». Finalmente, o seu texto remitiuno a *La Exposición Compostelana*, onde saíu publicado o 4 de xullo de 1858.

Un escrito coma este demostra que Avelina Valladares era unha muller estudada e multidisciplinar, con coñecementos e interese pola botánica e pola agricultura. Unha formación que non está afastada do seu contexto social e familiar, que era a fidalguía. Mais neste texto, a autora da Ulla fai un pequeno ensaio de cultivo da rubia, onde a chega a considerar «útil» polas características da terra en Galicia. Facendo alusión ao minifundismo, Avelina revélase como gran coñecedora das circunstancias do seu tempo e das características económico-sociais do pobo. Así é que ela, nesta *Comunicación a la Sociedad de Amigos del País de Santiago*, ofrece alternativas de cultivo. «Con el cultivo de la Rubia se obtendría un excelente pasto para los ganados y un abundante forraje que pueda cortarse sin perjudicar en nada las raíces de esta planta».

Neste texto non só fai referencia á rubia galega, senón tamén aos tubérculos de Freixós. De feito, envía as súas raíces á exposición e asegura que naquela zona son coñecidas como «noces da terra» e teñen potencial alimenticio. No seu texto fai unha descripción da planta, indica en que zonas nace –a súa referencia espacial é a beira esquerda do Ulla– e tamén indica que sabe a abelá e o seu aspecto é semellante á cicuta. Ela mostra a súa preocupación social e o desexo de que melloren as condicións de vida. Pide que se analicen estes tubérculos para ver se teñen algunha parte velenosa. De non ser así, solicita que se fagan ensaios de cultivo para mellorar as súas potencialidades. Se finalmente son tóxicos, polo menos en certa medida, «sería conveniente y aún indispensable el publicarlo, para evitar el que los niños las comiesen, con perjuicio de la salud».

Exposición al Eminentísimo Cardenal Sr. García Cuesta, Arzobispo de Compostela

O seguinte texto en prosa data do 1878 e, en realidade, é unha carta que ela mesma dirixe ao arcebispo de Compostela. Cun ton formal, pide que os fieis da diocese compostelá poidan usar unto durante a Coresma e as vixilias do ano, posto que o aceite, como graxa que

si se permite usar, é un produto que non está ao alcance de todos. De feito, ela defende que as persoas se ven obrigadas a incumprir o xaxún ou ben a quedar sen forzas, porque a meirande parte delas só se poden permitir un caldo de berzas ou verduras cocidas.

De novo, vemos a faceta máis próxima de Avelina, facendo peticións de interese xeral. E malia que ela vivía na casona de Vilancosta, isto non semellaba ser un impedimento para coñecer as difíciles circunstancias que atravesaba o resto da poboación. Esa figura que constrúen os que a trattaron, de muller dedicada e entregada aos demás, con esa fonda preocupación social que tamén reflectía nas súas poesías, queda ratificada neste texto en prosa.

El Ochavo Milagroso

Talvez o texto máis interesante dende o punto de vista xornalístico, cunha estrutura máis clara que a achega á opinión. Neste artigo, publicado no 1885, Avelina fai uso da súa vertente máis crítica e pon en xaque as supersticións. Máis en concreto, a do ochavo milagroso que, segundo a súa propia definición, é un talismán formado por un anaco de ferro de forma circular cun burato no medio.

Este objeto, de ningún valor intrínseco, tocado a hurtadillas por el esplendor de algún santo, encierra el poder sobrenatural de preservar al que lo posee de las envidias mal de ojo y otras vulgaridades atrayendo sobre él, su familia y su hacienda, la prosperidad (Avelina Valladares, 1885).

Mais as súas palabras son moito más contundentes, deixando clara a súa oposición a este tipo de crenzas que perviven no imaginario colectivo. Chega a definir esta superstición como «paparruchas y estupendas relaciones de acontecimientos prodigiosos agota el bolsillo del pobre creyente al que seduce». Malia a súa opinión categórica, ela deixa claro que este tipo de supersticións van en contra das «leyes del cristianismo», mostrando, unha vez máis, a súa profunda convicción relixiosa.

Esta peza, ademais, ten certo carácter didáctico. Avelina acode ao recurso do exemplo para describir con más precisión a súa crítica supersticiosa. Emprega, tamén, as preguntas retóricas, o que lle dan un certo carácter literario ao texto. Ela explica que todo acontece porque alguén quiere afastar da súa casa e de si mesmo «brujerías e

influencias del demonio». Entón, un cura bendí a casa e logo entran en xogo eses ochavos milagrosos, que se esconden nos forros da roupa ou se colgan ao pescoco xunto a outros elementos considerados máxicos, como os dentes de allo ou as pedras de ara. E isto non só vai destinado aos adultos, tamén aos nenos. Sobre todo aqueles que son víctimas do «asombramento», outra das supersticións que describe Avelina no seu texto. «Según el vulgo», este tipo de maxia fai que as crianzas adelgacen, ás veces pola influencia dunha galiña choca. Tamén os animais da casa son víctimas «do fanatismo» e por iso adoitan colocar estes ochavos onda eles para salvagardalos.

Concluiría Avelina, con intelixencia e precisión:

El misterio y la reserva entran por mucho en el feliz éxito que se espera obtener de este caro objeto; razón por la cual se guarda en escrupuloso silencio y, solo la sencillez de una niña, la confianza que yo llegue a merecerla, me hizo comprender su extravagante historia (Avelina Valladares, 1885).

Por que é importante Avelina?

Avelina Valladares é unha muller enigmática. Por que, a pesar do seu talento, formación e valentía, prefiría quedar relegada a un segundo plano? Por que, malia ás súas ideas e as súas fortes conviccións, decidiu non ser fotografada, cando si se conservan retratos dos seus irmáns? Por que consideraba que os seus textos non eran merecedoras de loanzas, nin de exaltacións? Por que Avelina, sendo Avelina, optou por manterse na sombra?

Por moito que ela quixese quedar na escuridade, hai que sacala dese recuncho afastado ao que a obrigou a historia e a súa propia personalidade. Foi unha muller que rompeu coas normas sociais, capaz de rexeitar unha e outra vez aqueles pretendentes que viñan «a salvala» da solteiría. E, malia que naquela época era relativamente habitual quedaren solteiras moitas mulleres, vivindo na casa natal, de Avelina conservamos unha historia: a de rexeitar o compromiso con 40 anos; a de pensar que non hai home que poida salvala. Porque ela xa se salvaba a si mesma a través da escrita, da poesía, da entrega aos demás.

Por iso Avelina ha ser un exemplo, un referente. Unha muller que debemos rescatar das fauces do esquecemento. Unha figura sobre a que as administracións deben poñer o foco. Máis aínda este

ano, cando se cumplen 25 edicións do Premio de Poesía Avelina Valladares. Un galardón impulsado, xustamente, para recoñecer a súa figura, mais... Que se fixo neste cuarto de século por coñecela? Alguén sabe quen foi, máis alá das súas poesías, das súas cuitas de muller namorada? A súa figura é o que debemos reivindicar: alén do que sabemos, alén do que vemos.

O único que nos recorda a ela, amais dun concurso xa consolidado, son imaxes puntuais na Estrada: o mural da Casa das Letras, un monumento na rúa da Cultura e outra vía dedicada aos irmáns Valladares. Nada hai máis alá. Nada máis alá do nome de Avelina, sempre vinculada a Marcial, e dun rostro esvaecido, talvez, por decisión propia. É deber de quen ame a cultura, de quen sabe que é preciso enxalar os referentes, recuperar unha figura como a de Avelina, recoñecida na súa época pero que foi caendo no esquecemento.

E, tamén, como non podería ser doutra maneira, pola súa reinvindicación do galego. Por ser fidalga, mais atreverse a falar na *lingua dos pobres*. Por participar nese movemento literario, cultural, poderoso que foi o Rexurdimento. E que nos permitiu recuperar o noso sentimento como pobo a través da arma máis poderosa: a lingua. Porque poetas como Avelina, como Rosalía, recórdannos que o compromiso e o amor van máis alá da clase social. Van alén do xénero.

Álvarez Insua, no seu detallado retrato sobre Avelina, definiuna con precisión: «Fue la verdadera mujer del Evangelio: fuerte, casta, creyente, humana, caritativa, noble y tierna». E máis alá desta representación, foi unha muller con talento, con opinión, con valentía. Unha muller estradense, ilustre e sobranceira. Á que hoxe poñemos nome e sacamos da sombra. Co teu permiso, Avelina, hoxe tamén imaxinamos o teu rostro. Talvez engurrado, sabio, intelectual. Pero, sobre todo, un rostro vivo e imperecedoiro.

Bibliografía

- BÉRTOLO, J. M., FERRO, L. (2021). *Torres, pazos e casas fidalgas do Concello da Estrada*.
- BREA, M., NOGUEIRA PEREIRA, M. X. (2006). «As Memorias de familia de Marcial Valladares». *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, 9, 7–23.

- COSTA, X. (23 de agosto de 2019). «Avelina Valladares Núñez». *Nós Diario*. <https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/avelina-valladares-nunez-xoan-costa/20190823130550083351.html>
- FERREIRÓS ESPINOSA, C. (2018). *O Legado dos Valladares de Vilancosta*. Centro Ramón Piñeiro.
- LUNA SANMARTÍN, X. (2000). *Ond'o sol facheaba ó amanecer. Vida e obra da cantora do Ulla Avelina Valladares Núñez*. Sindicato Labrego Galego.
- Nós Televisión. (5 de decembro do 2020). *O Rexurdimento de Avelina Valladares* [Vídeo]. YouTube. <https://www.youtube.com/watch?v=d8ZCDGFfwVY>
- REI-SAMARTIM, I. (2018). «O arquivo de música da familia Valladares. A guitarra». *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, 21, 287–310.



A conciencia do terror: sobre a derradeira carta de Lago Búa

Emilio Grandío Seoane

emiliofrancisco.grandio@usc.es

Resumo. Preséntase, convenientemente contextualizada, unha carta inédita de Fernando Lago Búa dirixida á súa muller escrita poucos días antes do seu fusilamento. Lago Búa foi director do Lazareto de San Simón, na ría de Vigo, horroroso campo de concentración e exterminio de presos durante a guerra civil española.

Abstract. This article presents an unpublished letter written by Fernando Lago Búa to his wife a few days before his execution. Lago Búa was the administrator of San Simon lazaret house, in the Vigo estuary, a horrifying extermination and concentration camp for prisoners during the Spanish Civil War.

Lago Búa foi unha das persoas referenciais da brutal represión dos sublevados na Galicia tras xullo de 1936. Nomeadamente na provincia de Pontevedra, debido á súa condición de director do Lazareto de San Simón. Esa illa na que dende ela, dende tanta beleza da paisaxe e da contorna, costa poñerse no lugar dos perpetradores, do terror, do oscuro da condición humana, do mal... pero alí morou. De feito forma parte da condición humana. De todos nós.

Pouco a pouco, a sempre retardada recuperación dos feitos da Guerra Civil e da represión dun réxime que durou case cuarenta anos, deixa case anulados aqueles feitos cun silencio sancionador. Esquecidos, agachados... Calquera nova que se levante sobre o tema, ante a práctica inactividade das institucións sempre resoa no espazo público. Coma un trono érguese as voces agachadas xa preto dun século. Coa luz dese lóstrego déixase ver por intres a visión daquel horror.

O movemento a favor da recuperación da memoria daqueles feitos confórmase logo nunha situación que, de tan reiterada, de non poñerlle solución efectiva e duradeira, de non ser quen dende as ins-

titucións públicas de manter políticas estables, pode chegar a fartar. Sempre é a sociedad civil a que levanta estes feitos, a que fai asomar os restos do horror e da violencia sistemática que, nunca o esquezamos, caracteriza a ún réxime ditatorial, de principio a fin. E este durou catro décadas. Cómpre non sermos inxustos porque nestes últimos anos déronse pasos que non se presumían hai só uns meses, cando menos que non se produciran dun xeito tan doado: tanta era a presión, tan grande é a lousa de silencio e pasividade. O traslado dos restos do caudillo a Mingorrubio, o proceso paulatino de resignificación do Val dos Caídos, os procesos de devolución ó patrimonio público de certas propiedades da familia Franco, a exhumación de centenares de fosas nestes dous últimos anos... Si, pero había, e hai, tanto por facer...

E sobre todo temos que seguir a explicar aquel tempo, que, ó contrario do que nos quixo fazer ver a propaganda franquista, non se pinta só con dúas cores: vermello e azul. Mesmo a difusión da mensaxe dunha guerra civil entre irmáns foi apoiada maioritariamente no relato con que se cimentou a Transición nos seus primeiros anos, nesa democracia da que seguimos gozando. Porque se che tocase vivir naquel tempo non che quedaba outra que posicionarte, pero non precisaba directamente da túa implicación máis que en momentos puntuais: a imaxe, sempre a difusión da ortodoxia, a inexistencia do distinto, do dispar. Aquel foi un tempo no que pilotar no medio da escuridade. Na incertidume do medo e do terror, da impunidade das armas e de calquera tipo de autoridade. E nesa situación todo é posible. Do máis vil ó mais excuso. Nada está escrito. Esta carta transcrita de Lago Bua é un dos claros exemplos das contradiccións resultantes desta época de confusión entre perpetrador e vítima. Cada quén se coloca dende o lado no que lle toque vivir.

Pero a relevancia deste texto vén por esa dupla condición. E non temos porque desbotar ningunha delas. Datas e meses de clara confusión e de impunidade da forza. Sempre me sorprenderon as imaxes de inacción dos xudeos empurrados de xeito «manso» dende os vagóns dos trens que os levaban ós campos de exterminio, tras pasar días encerrados nas más inmundas condicións. Da paralización dos corpos antes do tiro de gracia ollando unha foxa cavada pouco antes

por un mesmo; a vida lévate. Non hai opción. Non había elección. Nais e nenos xunto a vellos con abrigos roídos e aterecidos de frío. Millóns de persoas. Nesta Galicia tamén había campos, malia non de exterminio estrictamente, si de clasificación e retención, como o de San Simón, con inmundas medidas de control, que expresaban mellor que nada que para algúns a vida de segundo que persoas nada valía. Eses ollos perdidos dos presos semellando escoitar as prédicas do padre Nieto en San Simón dino todo. Perdida toda esperanza só queda obedecer. Mesmo para saír cara ó piquete de fusilamento.

Naquel mundo cruel, sucio e escuro todo era posible. Porque entre os perpetradores tamén había bandos. Máis dun. Tantos coma as armas que tiveran ou das súas forzas en influencias diante do poder. Gañadores dun conflito pero non necesariamente protagonistas do futuro. Ese tamén habería que traballalo.

A carta que tedes diante expón de xeito ben particularizado e concreto a conformación dos tribunais encargados de dictaminar sobre a vida ou a morte dos seus concidadáns ata hai ben pouco tempo. Relevante é a data da carta. Aínda que ata o mes de abril de 1937 asistimos ó maior proceso de actividade represiva en Galicia, é ben certo tamén que había uns meses, coincidindo con decembro de 1936 aproximadamente, que observamos –e tamén acontece noutras zonas do Estado controladas dende o primeiro momento polos sublevados, e polo tanto na que se aplica de xeito inmediato esta política de «terror»– certa disposición dende o *Cuartel General* de Burgos a moderar o grao represivo. Esto percíbese, por exemplo, no cambio de *Delegados de Orden Público* en distintas zonas, tentando apuntalar o control de novos DOP más moderados na súa ansia de limpeza. Semella como que o «descontrol» planificado dos primeiros meses fose demasiado lonxe, e houbese que poñerlle freo, aproveitando un mes propicio para a boa vontade como decembro. De feito, en varias zonas haberá pequenas amnistías para sacar xente das cadeas aproveitando o tempo de Nadal. Pero no fondo, porque é un fenómeno global da zona controlada polos sublevados, representa recortar e quitar do poder ós primeiros grupos militares. Os protagonistas da sanguenta primeira ola represiva. E Lago Búa atopábase nesa ola. É ben certo que na maioría dos casos estes se consolidaron de tal xeito

que este pequeno parón na súa actividade durou só arredor dun par de meses. A finais de xaneiro ou febreiro, coa reactivación dos combates, especialmente na fronte norte –e o control das liñas de fuxida dos derrotados– incrementouse de novo a represión. E na maioría dos casos voltaron os vellos nomes xa desgraciadamente coñecidos.

Bo exemplo deste movemento foi o caso do *Delegado de Orden Público da Coruña*, Heredero, quen, nomeado nese cargo a finais do ano 1936, leva adiante mesmo o éxito da consecución dunha das caídas más grande de fuxidos na Coruña: a de decenas de agachados que tentaban fuxir en barco tras achegarse á costa herculina do Portiño. Mesmo froito dessa indagación cae días máis tarde o tamén agachado entre as rúas da Coruña, o deputado socialista Luis Rufilanchas, ben buscado pola *Dirección General de Seguridad*. Pero as denuncias feitas na primaveira de 1937 contra o mesmo DOP por parte da anterior cúpula militar herculina, protagonista da primeira fase represiva, vai botar fóra do cargo a Heredero, e mesmo denunciar con intensidade a outros mandos¹. E, a orientación máis radical, a protagonista dos primeiros meses represivos, consolidouse ó cabo do tempo en todas as zonas...

Os tribunais onde se decidían esas listas existiron. Poucas probas quedan delo. Entre outras cousas porque ninguén vai deixar por escrito unha acción que coñecemos de antemán que non era legal, mesmo naqueles tempos de violencia. O segredo era consubstancial á actividade destes grupos. A discreción tiña que ser absoluta: falabamos de vidas segadas. Pero aínda no tempo tan convulso e escuro no que Lago Búa escribe isto, resulta evidente que para ser quen de decidir ten que existir de xeito previo unha despersonalización do obxectivo a abordar: o cumplimento da «orde debida» non é un motivo a alegar segundo a descripción desta carta. O punto central é a «limpeza» de enemigos, a consideración de ter poder sobre todas as cousas nunha situación de conflito extremo e inestable. A sensación é de estar facendo unha defensa «preventiva» ante un suposto «inimigo» co olor da pólvora, a cor do sangue e berros no aire. Normalizándose o que nunca debeu ser normal.

1 Grandío Seoane, E.; (2017), «Sobre vítimas e verdugos: o caso da DOP da Coruña de novembro de 1936», en Ermida/Fernández/Garrido/Pereira (coords.), *Os nomes do terror, Sermos*, páxs. 99-113.

E esta maquinaria ponse en marcha de xeito acelerado. E chega a converterse en rutina. En cotiá. Institucionalízase. Como ben indica na súa magnífica obra Victor Klemperer *para ejecutar ciegamente una orden es preciso no reflexionar sobre ella: la reflexión significa en todo caso detenerse, inhibirse, y hasta podría conducir a criticar o, peor aún, a rechazar una orden*². Aquí só funcionan as redes da solidariedade clásica, as tradicionais, de vello, non as novas, más recentes e saídas do golpe de xullo do 36. A nova realidade é a dunha sociedade baixo sospeita. Pero cando indico *sociedade* quero dicir toda, mesmo os teus compañeiros de trincheira. A traizón é un deber cando esta en xogo a túa propia supervivencia. A delación, aínda pouco fundada, é un rito cotián, auspiciada por valores culturais que xa proceden mesmo da ditadura de Primo de Rivera. A desconfianza impera. É lei.

Unha lei brutal feita por homes baixo o paraugas da disposición legal da aplicación eufemística da «Ley de fugas». Quen decidía sobre a vida e a morte dependendo de si estaban xa condenados a morrer ou non? Poucas persoas: segundo este documento só tres. Habería algún debate entre eles ou era só obediencia? Polo que se indica tamén na mesma as influencias persoais pesaban moito máis que o delito en si. Un delito de «rojo» nunca descrito ata daquela no Código Penal, que colocaba as persoas segundo a vontade dun triunvirato nunha cuneta ou non. Arruinando vidas, familias enteiras. Marcando o destino de orfos, viúvas e parentes. Sensacións que posiblemente non debían ser nin tan sequera consideradas –máis que en contados casos– porque a lóxica da «limpeza» debía seguir a funcionar para os obxectivos previstos. A xestión despersonalizada da barbarie.

As acusacións que se indican na carta non amosan lugar a dúbidas. O documento é rotundo. Con nomes e apelidos. A implicación de personaxes xa referidos por outros traballos constata os traballos de investigación previos. O ton coincide con contados casos nos que temos este tipo de documentación. De feito, compleméntase coas indagacíóns realizadas sobre o paseo de Alberto Martínez Tis-

2 Klemperer, V.; (2001), *LTI. La lengua del Tercer Reich. Apuntes de un filólogo*, Editorial Minúscula, páx. 222.

car. Martínez Tiscar fora funcionario municipal e concelleiro monárquico «virado ó centrismo», pero o seu irmán, fundador da CEDA, foi quen de levar adiante unha primeira denuncia o 12 de xullo de 1939. Esas primeiras indagacións están na Causa 440/40 de Pontevedra, citada por Xosé Álvarez Castro, que será sobreseída posteriormente de xeito provisional. E a rede da contorna de Pontevedra que cita Lago Búa aparece ben documentada e tratada nesas páxinas³.

O que se nos achega sempre se nos aparece en pequenos documentos como esta carta, froito na maior parte dos casos de denuncias internas de poderes locais de semellante influencia. Estes representan situacións de extremo equilibrio que reflictan ás claras as tensións internas entre as distintas camarillas de «vencedores». Mais tamén amosan un certo grao de error froito da utilización sistemática das vontades persoais –aínda da mensaxe externa, tan firme, da cruel represión e castigo punitivo extremo–. Hai que ter en conta que para estas redes a súa condición de determinar a vida e a morte dun xeito tan persoal lles dotaba de moita confianza no seu poder. Case por enriba do ben e do mal. Pero eles si sabían que había un moito de discrecionalidade nestas accións, e sempre moito más enfocadas a poñer certa orde nun contexto de clara improvisación nas zonas controladas polos sublevados –e marcando a prioridade da fronte e de gañar a guerra– que *un reflexo dunha dirección real que funcionaba de xeito centralizado*⁴.

O que se denota desta documentación tan sinalada por relevante e exigua, é o pulso interior da represión. Sempre hai en todas elas algo así como un proceso de competitividade sobre quen ten a maior autoridade nos feitos represivos. Un pulso sobre quen é mais «golpista». Como se houbese que demostrar quen cre máis no novo réxime –aínda sen proxecto de futuro, por certo–, quen se manifesta más implicado, e polo tanto más «duro» e firme na aplicación destas medidas. Submisión de corpo e mente. Anulación da capacida-

3 Álvarez Castro, X.; (2017), «Morte, tortura e corrupción. Os cívicos de Pontevedra», en Ermida/Fernández/Garrido/Pereira (coords.), *Os nomes do terror*, Sermos, páxs. 43-62.

4 Grandío Seoane, E.; (2011), «A información. O piar do «Nuevo Estado». Creación e desenvolvemento dos servizos de vixilancia e investigación en Galiza», en *Vixiados. Represión, investigación e vixilancia na Galiza da Guerra Civil (1936-1939)*, Edicións Laioveneto, pág. 75.

